

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Departamento de Física Aplicada

Programa Historia das Ciencias e das Técnicas



**As mulleres nos estudos experimentais  
na Universidade de Santiago: 1910-1960**

Tese de doutoramento

Presentada por Xoana Pintos Barral

Dirección Dr. Ricardo Gurriarán Rodríguez

Santiago de Compostela

2015



## AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D. *Manuel R. Bermejo Patiño*

Profesor/a do Departamento de Química Inorgánica  
Como Titor

D. *Gerardo Prieto Estévez*

Profesor/a do Departamento de Física Aplicada  
Como Titor

D. *Ricardo Gurriarán Rodríguez*

Como Director da Tese de Doutoramento titulada  
«As mulleres nos estudos experimentais na Universidade de Santiago: 1910-1960»

Presentada por Dna. Xoana Pintos Barral

Alumna do Programa de Doutoramento Historia das Ciencias e das Técnicas

*Autorizan a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurre nas causas de abstención establecidas na lei 30/1992.*

Asdo. ....

Asdo. ....

Asdo. ....



ás mulleres



ás que nos precederon, por abrir camiño

ás que virán, porque acabarán coas desigualdades



## A GRADECEMENTOS

En primeiro lugar desexo expresar o meu agradecemento ao doutor Ricardo Gurriarán polo seu labor de dirección, involucrándose no proxecto e contaxiándome a súa ilusión e interese por este traballo, por inculcar en mi un sentido da responsabilidade e rigor académico fundamentais para desenvolver esta investigación e por guiarme de forma intelixente neste período de formación. Tamén ao meu titor, o profesor Manuel Bermejo, pola dedicación e apoio brindados, por escoitarme e aconsellarme e ao profesor Félix Sarmiento pola súa colaboración.

Ao persoal do Arquivo Histórico Universitario que resolveron amablemente diferentes dúbidas que xurdiron ao longo da investigación.

Aos meus compañeiros no programa de doutoramento en Historia das Ciencias e das Técnicas, Joaquim, José Carlos, Miguel, Isabel e Yolanda polos bos momentos xuntos.

Pero un traballo de investigación, como todo o que facemos nesta vida, débese tamén ao apoio ofrecido polos que nos estiman, que nos dan forzas para seguir adiante. Grazas aos meus pais e a todas as mulleres da miña «*familia*» coas que comparto, dende a nenez, experiencias e risas. Aos meus compañeiros e ás miñas amigas que dunha maneira ou outra me guiaron ata aquí.

Finalmente, e moi especialmente, a Carlos e Raquel polo seu abeiro, pola enorme paciencia amosada e por estar aí, porque sen o seu apoio nada tería sentido. Este traballo é, sobre todo, seu.

A todos, moitas grazas.



## ÍNDICE DE ABREVIATURAS, SIGLAS E ACRÓNIMOS

art.	Artigo
AHN	<i>Archivo Histórico Nacional</i>
AHUS	Arquivo Histórico da Universidade de Santiago
aux.	Auxiliar
BNE	Biblioteca Nacional Española
BOE	<i>Boletín Oficial del Estado</i>
bibl.	Biblioteca
CIDE	<i>Centro de Investigación y Documentación Educativa</i>
CLE	<i>Colección Legislativa Española</i>
Cap.	Capítulo
CSIC	<i>Consejo Superior de Investigaciones Científicas</i>
ed.	Editorial
EUA	Estados Unidos de América
exp.	Expediente
Fac.	Facultade
FET y de las JONS	<i>Falange Española Tradicionalista y de las Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista</i>
fig.	Figura
foll.	Folio
GC	Guerra Civil
GM	Gaceta de Madrid
hab.	Habitantes
hosp.	Hospital
íbid.	Íbidem
ILE	<i>Institución Libre de Enseñanza</i>
INE	<i>Instituto Nacional de Estadística</i>

INSS	Instituto Nacional de la Seguridad Social
JAE	<i>Junta para la Ampliación de Estudios</i>
leg.	Legaxo
Nac.	Nacional
nº	Número
p. Páxina	Páxina
PARES	<i>Portal de Archivos Españoles</i>
pp.	Páxinas
pts.	Pesetas
púb.	Pública
Reglto.	Regulamento
rev.	Revista
R.O.	Real Orde
S.	San
SEB	<i>Sociedad Española de Bioquímica</i>
SEBBM	<i>Sociedad Española de Bioquímica y Biología Molecular</i>
SEFQ	<i>Sociedad Española de Física y Química</i>
SEG	Seminario de Estudos Galegos
SEU	Sindicato Español Universitario
sig.	Signatura
Sr.	Señor
tít.	Título
Univ.	Universidade
V.E.	Vuestra Excelencia (Vuecencia)
vol.	volume
xral.	Xeral

## **INDICE XERAL**

<b>AGRADECIMENTOS.....</b>	<b>5</b>
<b>DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS .....</b>	<b>11</b>
<b>CAPÍTULO 1. SOBRE A EDUCACIÓN E O XÉNERO .....</b>	<b>17</b>
<b>1.1. AS MULLERES E AS CIENCIAS .....</b>	<b>17</b>
<b>1.2. A PERSPECTIVA DE XÉNERO E OS ESTUDOS DE XÉNERO .....</b>	<b>25</b>
<b>1.3. MULLERES E EDUCACIÓN EN ESPAÑA .....</b>	<b>35</b>
<b>CAPÍTULO 2. AS MULLERES NA UNIVERSIDADE.....</b>	<b>49</b>
<b>2.1. O ACCESO DAS MULLERES Á EDUCACIÓN SUPERIOR (NORMATIVA LEGAL E REALIDADE SOCIAL).....</b>	<b>49</b>
<b>2.2. AS FACULTADES EXPERIMENTAIS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO E AS MULLERES .....</b>	<b>74</b>
<b>2.3. OBXECTIVOS E MÉTODOS DO ESTUDO .....</b>	<b>79</b>
<b>CAPÍTULO 3. AS MULLERES NAS FACULTADES EXPERIMENTAIS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DENDE 1910.....</b>	<b>84</b>
<b>3.1. CUESTIÓNS PREVIAS Á OBTENCIÓN DE DATOS.....</b>	<b>84</b>
<b>3.2. AS FACULTADES EXPERIMENTAIS .....</b>	<b>86</b>
<b>3.3. ANÁLISE COMPARATIVA ENTRE AS TRES FACULTADES.....</b>	<b>104</b>
<b>3.4. COMPARANDO CON OUTRAS UNIVERSIDADES .....</b>	<b>143</b>
<b>4. CONCLUSIÓN.....</b>	<b>153</b>
<b>5. ITINERARIOS DE MULLERES MÁIS SIGNIFICATIVAS .....</b>	<b>159</b>
<b>ANEXO I MATRICULADAS EN MEDICINA.....</b>	<b>251</b>
<b>ANEXO II MATRICULADAS EN FARMACIA.....</b>	<b>275</b>
<b>ANEXO III MATRICULADAS EN CIENCIAS .....</b>	<b>513</b>
<b>BIBLIOGRAFIA.....</b>	<b>639</b>



## **DECLARACIÓN DE INTENCIÓNS**

As primeiras imaxes que nos veñen á cabeza cando pensamos na ciencia sempre están ligadas aos protagonistas científicos. Diríamos que non pensamos en ciencia como un ente abstracto senón que temos necesidade de poñerlle cara e nome aos avances e descubrimientos. Sentimos verdadeira curiosidade non só polo labor realizado polos científicos de renome, senón tamén polo conxunto de circunstancias que rodearon á súa vida e traxectoria. Os seus nomes e algúns outros datos permanecen ligados a leis, principios e teorías que constitúen contidos obrigados na aprendizaxe e ensinanza das ciencias. Podemos asumir que forman parte da nosa cultura xeral e da nosa formación científica, e que están presentes, xa que logo, na nosa forma de concibilo mundo.

Cando nos achegamos ao tema científico tamén nos aproximamos a quen o estudiou con anterioridade creando un efecto de empatía. A paixón compartida polo obxecto de estudo ponos en relación con persoas distantes no tempo, que se achegan facéndosenos necesarias. Mais, tendo só na man a historia oficial que a ciencia transmite, a posibilidade de compartir a nosa paixón está eivada pois queda case exclusivamente limitada a persoas de sexo masculino.

Cando comecei a miña formación en Historia da Ciencia dinme conta do pouco que sabía sobre o papel desempeñado polas científicas do pasado. Parecía que só podía mencionar a tres ou catro das máis coñecidas, por suposto Marie Curie, a súa filla Irène Joliot, Lise Meitner ou Bárbara McClintock. Os nomes e biografías das mulleres científicas non aparecen con demasiada frecuencia nos libros, non na medida da súa existencia e achegas. Como acontece en tódolos ámbitos, existe un grande descoñecemento sobre o papel desenvolvido polas mulleres na ciencia, xa que no proceso de formación científica transmítese unha potente imaxe de masculinidade, dominante cando non exclusiva.

A comprensión de como as diferenzas de xénero operan no ámbito científico actual esixe un exame da historia das mulleres no coñecemento científico e o seu papel nas orixes da ciencia moderna. Cando se analizan os descubrimientos científicos desde esta perspectiva compróbase que as mulleres participaron neles dende a antigüidade se ben o

seu papel foi ignorado ou incluso ocultado tralas figuras masculinas dos seus maridos, mestres ou mentores (Van den Eynde, 1994).

As diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres non implican disparidades nas capacidades ou aptitudes. Cada sociedade, e sempre foi así ao longo da historia e en todas as culturas, establece un marco, un conxunto de normas que deben seguir os individuos dependendo da súa pertenza a un ou outro sexo. O sexismo non se basea nas diferenzas físicas posibles senón na utilización que se fai desas diferenzas para manter as relacións de poder. No mundo occidental actual ninguén se atrevería a afirmar que as mulleres son intelectualmente inferiores, algo que incluso se chegou malevolamente a «demostrar científicamente» polo neuroanatomista médico francés Paul Broca (1824-1880), nin a cuestionar, en voz alta, o significativo peso das mulleres no desenvolvemento científico. Este «antifeminismo con base científica» (Fraga e González, 2013) móstrase na publicación de Nóvoa Santos *La Indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas, fisiológicas y psicológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica* (1908), na que pretende xustificar, con razóns biolóxicas, a inferioridade innata das mulleres con afirmacións como: «a cubicación do cráneo conduce á conclusión de que na muller, sexa calquera a raza á que pertenza, é de capacidade inferior ao do home» (Nóvoa, 1908: 37).

Aínda que o paso do tempo levou aparellado un importante incremento no número de mulleres estudantes universitarias, o certo é que a presenza feminina en ámbitos tradicionalmente masculinos segue sen acadar, en absoluto, niveis de igualdade nos sectores profesionais. Dentro da propia función docente e investigadora da universidade a porcentaxe de mulleres respecto a dos homes é aínda menor, e os niveis diminúen segundo nos achegamos a cargos de maior prestixio e responsabilidade. Se esta discriminación aínda existe no século XXI, nunha sociedade democrática, imaxinemos o que pasaría cando as mulleres accederon aos estudos superiores nos pasados séculos.

O rol asignado ás mulleres ata o século XX foi o da reprodución e coidado dos fillos e familia. O sexo feminino, considerado inferior, non tiña os mesmos dereitos que os varóns, e a sociedade non lle daba ningún valor á súa educación. Foi este feito o que marcou que a entrada da muller na universidade tivera lugar moi posteriormente á dos varóns. En principio e ata o pasado século algunas mulleres accederon aos estudos

superiores de forma «excepcional». Tratábase de mulleres aristócratas cuxo interese polos estudos non poñía en cuestión a condición dos sexos. Simplemente eran consideradas como excepcións dentro da élite.

A entrada das primeiras mulleres na universidade de maneira «normal» a finais do XIX, sen que se deran excepcións por liñaxe, senón a aceptación de «todas» garda relación coas loitas feministas pola igualdade de dereitos entre ambos sexos. A realización do programa de doutoramento en *Historia das Ciencias e das Técnicas* da USC supuxo un primeiro ilustrativo contacto co tema e a lectura da obra *Las Primeras Universitarias en España. 1872-1910*, pioneiro libro da catedrática da Universidade de Sevilla, Consuelo Flecha descubriume a historia destas precursoras estudiantes e o tema interesoume de tal maneira que xa non puiden afastarme del.

En 1872 matricúlase por vez primeira unha muller nunha universidade española. Sería na Facultade de Medicina da Universidade de Barcelona, e a alumna, M<sup>a</sup> Elena Maseras, tería que saltar unha serie de atrancos para conseguir realizar os estudos de bacharelato e os universitarios. Dende esa data, outras alumnas, noutras universidades, seguen o seu exemplo. Os requisitos de acceso eran difíciles (nada que ver cos dos seus compañeiros), sendo necesario superar diversos impedimentos en forma de permisos especiais que non tiñan outra fin que a de desanimar ás alumnas no intento. Con todo, o certo é que non existía norma algúnh que prohibise a unha muller matricularse na universidade e a resolución dalgunhas abriu paso ás demais. Tan increíble lles debía parecer aos lexisladores que unha muller non estivese só interesada no mundo doméstico, no coidado da familia e nas tarefas do fogar que se esqueceron de elaborar a norma, e estas estudiantes souberon aproveitar o baleiro de lexislación.

Foron poucas, moi poucas, iso si, as que realizaron estudos universitarios antes de 1910, ano no que se liberou o acceso das mulleres á universidade. Pero eu quería saber máis destas mulleres, en realidade o tema atrapoume de tal maneira que quería averiguar todo sobre elas e así iniciei a miña andaina neste traballo de investigación. Quería indagar sobre dous aspectos. O primeiro referíase á cronoloxía do feito do acceso das mulleres á Universidade. Unha vez caeu nas miñas mans un artigo das profesoras María do Carme García-Negro e Rita Radl Phillip cuxo título *Agora que as mulleres traballan: significado de agora* que ben podería parafrasear para este estudio como *Agora que as*

*mulleres estudan...* realmente a miña curiosidade era saber dende que ano podería atopar alumnas do ámbito das ciencias experimentais e biomédicas na Universidade de Santiago? Por que se decidiron a estudar e en que circunstancias o fixeron? En que estudos en concreto se matricularan e que as levou ou animou a facelo? O segundo aspecto consistía en poñer en sacalas á luz, poñerelles nomes e apelidos, amosar o seu traballo académico, e a súa actividade profesional, darles voz. Tiña a sensación de que elas representaran un rol máis activo do adxudicado publicamente.

E por que escollemos centrar o estudo nas ciencias experimentais?. En primeiro lugar este traballo encádrase nun programa de doutoramento sobre Historia das Ciencias e das Técnicas así que este debía ser o ámbito do traballo. Ademais a nosa propia formación na área científica conducíanos na busca e coñecemento da actividade das mulleres dentro das ciencias experimentais. Temos fondo interese en contribuír a reescribir a historia científica da Universidade de Santiago contando coas mulleres, visibilizando o seu papel, un papel que foi ocultado tanto por parte do propio mundo científico como por parte da historia contada oficialmente, que sentaba a idea da menor capacidade para a ciencia da metade feminina do planeta. Pero cales eran as «carencias» das mulleres para entender o funcionamiento dos fenómenos naturais? Acaso non nacían cun cerebro intelixente? Faltaríalles verdadeira curiosidade científica? Pois non. As súas capacidades para resolver problemas, para avanzar, para descubrir e facer ciencia eran as mesmas cas dos seus compañeiros e veremos que se prepararon para ter un futuro laboral como investigadoras e docentes.

Esta tese organízase en tres partes diferenciadas. Na primeira desenvolvín un marco teórico sobre a perspectiva de xénero, os estudos de xénero e os seus conceptos clave. Precisabamos do coñecemento do momento ou marco histórico con referencia á educación superior das mulleres en España para poder acadar o noso propósito e así o fixemos na segunda parte, con referencia á realidade europea, española e finalmente galega. As obras de Rosa Capel (1982) e de Geraldine Scanlon (1986) nas que abordaban a educación contemporánea das mulleres en España en relación á educación, ao traballo e ao debate feminista, servíronnos como punto de partida. E ao fin, na terceira parte, afondaremos na análise pormenorizada dos datos da presenza das mulleres nas facultades de Ciencias, Medicina e Farmacia, únicas facultades

experimentais no momento do acceso das mulleres aos estudos superiores na US e amosaremos os percorridos académicos e profesionais das más significadas.

O escollo máis importante que tivemos que salvar para poder facer a nosa investigación foi o da dispoñibilidade das fontes, fundamentalmente libros de rexistro de matrícula, así como os expedientes académicos e libros de actas das facultades. No desenvolvemento do traballo indicaremos que enfoque lle demos a estas cuestiós e como as resolvemos.

A consulta da bibliografía específica sobre a historia da Universidade de Santiago no século XX puxo de manifesto que só dúas teses trataran a fondo este tema, por un lado *La Universidad de Santiago de Compostela, 1898–1936* de Isaura Varela e por outro *A investigación científica en Galicia (1900-1940): institucións, redes formativas e carreiras académicas: a ruptura da Guerra Civil* de Ricardo Gurriarán. Non atopamos ningún traballo centrado no estudo do papel desenvolvido polas mulleres dentro desta institución, así que só cabía pensar que a nosa elección non só fora correcta senón que era de xustiza que alguén se fixera cargo desta tarefa.

A fin de alixeirar a lectura, as citas faranse segundo o estilo APA que utiliza o sistema Harvard de autor-data para as citas no texto; entre paréntese indicamos autor ou autores, ano de edición do traballo e páxina ou páxinas, de ser o caso.

Habería que xustificar o acoutamento da tese entre 1910 e 1960 en función da restritiva lexislación do uso documental e persoal, rexistrada na vixente *Ley del Patrimonio Histórico Español* de 1985 (*BOE* nº 155, de 29 de xuño de 1985).

Esta tese, como todo proxecto de investigación non está pechado, non xa nas súas hipóteses ou conclusiós, senón pola posibilidade da aparición de novos materiais, que non desbotamos. Iso permitiría ampliar a información sobre o obxecto desta investigación. Quédanos saber realmente se estas estudiantes obxecto da nosa investigación foron tratadas xustamente e con igualdade, que as levou a seguir ou abandonar, con que dificultades engadidas se atoparon, como enfocaron a súa carreira profesional e científica e outros interrogantes que abren un abano de aspectos certamente atractivo co que agardamos seguir investigando no futuro.



## **CAPÍTULO 1. SOBRE A EDUCACIÓN E O XÉNERO**

### ***1.1. AS MULLERES E AS CIENCIAS***

As mulleres, teñen unha historia? De ser así ¿cal foi o papel das mulleres na historia? ¿Realmente non participaron nos descubrimientos científicos? Hai pouco tempo que as mulleres iniciamos o achado dunha historia agochada durante séculos.

Parafraseando a Mary Nash, quixeramos iniciar este apartado dicindo que hai mulleres na ciencia e hai homes na ciencia, e sería de esperar que ningún estudo dun período determinado puidera terse escrito sen tratar das accións e das ideas tanto de homes como de mulleres. A presenza das mulleres na produción do coñecemento foi, áinda sendo escasa, máis numerosa do que imaxinamos (Yanes, 2012: 1).

O “lugar” subordinado que, historicamente, ocupan as mulleres na ciencia (e, en consecuencia, a súa invisibilidade incluso para os historiadores da ciencia más avezados) non foi unha coincidencia nin se produciu por falta de méritos pola súa parte; debeuse ao enmascaramento intencionado da súa presenza no ámbito da ciencia a finais do século XIX (Harding, 1996: 53).

A historia e a construcción da ciencia moderna fundamentouse nos piares da inxustiza, da infravaloración e do esquecemento dun grande número de mulleres científicas. Pero non, en realidade non foi de esquecemento senón de afastamento, de proscripción, de exilio. Esta historia incompleta debe ser revisada, debendo saír á luz as achegas nas diferentes disciplinas científicas, nun traballo de retorno denominado “visibilización”.

Poderíamos iniciar este apartado con este coñecido xogo:

1. Tomen papel e lapis.
2. Escriban tódolos nomes de mulleres científicas que recorden.
3. Agora, borren o de Marie Curie.

¿Cantos nomes quedan? Dous, un ou ningún. O noventa e nove por cento das persoas obtería este resultado. Pero ¿será que non existen mulleres nas ciencias? Non. Estamos seguros de que ás mulleres lles gusta investigar pero como diría Valeria Edelsztein

(2012: 18): «as damas na historia da ciencia son como as partículas: fundamentais, pero invisibles».

Entón a historia non debe ser como nola contaron.

De maneira non documental, é doadoo decatarse da especialización feminina na confección de produtos para a casa; dende produtos que axudaran a levedar as masas, ou de limpeza ou para o coidado de gando, sendo as cociñas laboratorios caseiros. Dicimos isto e xa sabemos que soa raro, que estes saberes tradicionais froito da experimentación e transmitidos de nais a fillas non parecen ciencia. Pensemos no descubrimento máis importante de tódolos tempos, o lume, ou máis ben en: como conservar o lume. Esta achega permitiu aos homínidos desprazarse a outros territorios, escorrentar as feras, cociñar alimentos, para iluminar e quentar as covas e decatarámonos que ben pudo ser da autoría dunha femia ou dun macho. Non do «home», como se transmite a cotío.

Sempre se sinala que os grandes achados da historia da Humanidade, da historia do *Homo sapiens sapiens* -a roda, o lume, a medicina, a olaría, a metalurxia, etc- son achados do home, e dito así, por extensión, todos entendemos que son autoría de varóns. Manuel R. Bermejo (2013: 16) indica a imposibilidade desta aserción: «Polo imperativo vital comunitario: o clan demandáballes o que era máis urxente para a persistencia da especie -mantenza e reprodución-».

As mulleres que parían, alimentaban e coidaban da saúde dos membros da tribo, podían: «Descubrir, inventar, producir coñecementos científicos e, o máis importante, gardar e transmitir todo canto coñecemento ía xerando o clan [J] Velaí como aparece na historia da humanidade a muller científica» (Bermejo, 2013: 17).

As nosas antepasadas deprenderon a traballar e enfornar barro; descubriron os esmaltes. Por ser encargadas da agricultura e a colleita e grazas á observación e á experimentación, descubriron propiedades medicinais nas plantas, facendo mesturas con herbas e raíces para tratar enfermidades cunha técnica que chegou ata a utilización dos antibióticos no século XIX. De sempre as mulleres foron menciñeiras, cirurxiáns e matronas.

Dende os primeiros anos da Humanidade un bo número de mulleres deron testemuña do seu labor científico. Podemos facer un percorrido, de maneira moi sucinta, na busca de figuras femininas que fixeran achegas científicas. Atoparémolas moitas veces encubertas tralaas figuras de maridos ou preceptores, as veces ignoradas, outras veces recoñecidas no seu momento e posteriormente esquecidas de xeito deliberado. Xa nos inicios da historia escrita da ciencia, que comeza en Exipto dous mil anos antes de Cristo, atopamos referencias a mulleres destacadas na medicina como Merit Ptah (c. 2700 a. C.) descrita como «médica xefe» ou a lendaria emperatriz chinesa Si Ling Chi que en 2640 a. C. «descubriu» a seda. A lenda conta que un casulo do verme caeu dende unha moreira dentro do seu té. Mentre miraba veu que aparecía un fío de seda. Entónces tirou ata facer un nobelo no seu dedo con aquela substancia. Despois de varios experimentos, conseguiu tecelo e facerlle un traxe ao emperador.

En-hedu-ana ou Enheduanna (2285-2250 a. C), princesa acadia, filla do rei Sargón I, é a primeira persoa, home ou muller que a historia recoñece como «autor», é dicir como artífice, como creadora dun texto. Como suma sacerdotisa estaba encargada de controlar e difundir as disciplinas de teoloxía, matemáticas e astronomía. A súa obra poética perdura gravada en escritura cuneiforme en táboas que forman parte da Colección Babilónica da Universidade de Yale.

A civilización grega que non permitía ás mulleres a participación na vida política activa tamén contou con figuras destacadas como Temistoclea, cujas hipóteses matemáticas foron modelo para Pitágoras, ou como a astrónoma Teano, discípula do anterior e continuadora da súa obra, ou mesmo como a hetaira Aspasia, mestra de Platón, amiga de Sócrates e amante de Pericles; ou Diotima, mestra tamén deste último. Destaquemos tamén a Aglaonike, da que falan nos seus escritos Plutarco e Apolonio de Rodas, cujas aptitudes permitíronlle predicir eclipses con gran precisión.

Todos coñecemos a figura de María a Hebrea, alquimista destacada -debemos pensar na alquimia como precursora da actual química- inventora de complexos aparatos de destilación e sublimación de materias químicas, do *tribikos* ou alambique de tres brazos e do famoso «baño María», que aínda seguimos a usar coa mesma fin co que foi ideado: quentar as substancias moi a modo e/ou mantelas a unha temperatura determinada.

A astrónoma e matemática Hypatia de Alexandria, muller moi destacada e moi de actualidade dende que a industria do cine decidira rescatar os avatares da súa vida e morte. Por referencias doutros autores xa que os seus escritos se perderon, sabemos que escribiu un comentario sobre a Aritmética de Diofanto, un tratado en oito libros sobre a xeometría das Cónicas de Apolunio, unha revisión da xeometría de Euclides, un canon de astronomía; realizou tamén un planisferio e deseñou un astrolabio plano para medir a posición dos astros, un aparato para a destilación da auga, un hidroscopio para medir a presenza e nivel da auga e considerase a inventora do aerómetro, instrumento de medición das propiedades físicas do aire.

No medievo, os conventos e abadías eran os lugares para unha vida dedicada ao estudo e cultura para as mulleres. A abadesa bieita alemá Hildegard von Bingen (1098-1179) muller admirada xa no seu tempo, foi a autora de, entre outros, dous tratados de medicina, o *Liber simplicis medicinae* (Libro de medicina sinxela), que describe a utilidade para o home dos animais, vexetais e minerais más comúns e *Liber compositae medicinae* (Libro de medicina complexa) tamén chamado *Causae et Curae* (Causas e remedios) onde aparecen as causas das enfermidades, os seus remedios e o funcionamento interno do corpo humano. No século XVI tiveron un notable desenvolvemento a anatomía e a cirurxía destacando as mulleres Louise Bourgeois e Olivia Sabuco de Nantes.

Aínda que a universidade estivo vedada ás mulleres ata hai pouco tempo, nalgúns países aceptaron alumnas xa dende a Idade Media. Italia sobresae polo número de mulleres notables en tódalas disciplinas. É nese país onde está rexistradas a primeira muller doutora, a veneciana Elena Cornaro Piscopia, que obtivo o seu grao o 25 de xuño de 1678 e a primeira catedrática da historia das universidades, a boloñesa Laura Bassi, cátedra concedida en 1776, tras máis de corenta anos de docencia. Houbo estudantes destacadas en diversos campos: María Agnesi, en matemáticas; Anna Morandi, catedrática de Anatomía; Lucia Galvani, que descubriu a electricidade animal en colaboración co seu marido; ou Trótula de Salerno autora duns tratados médicos usados como textos nas escolas de medicina ata o XVI.

A ciencia moderna vaise configurando en laboratorios e estudos particulares onde as mulleres participan como aprendizas por ser fillas ou esposas. Entre 1650 e 1710 un

catorce por cento dos astrónomos alemáns eran mulleres, destacando Maria Cunitz, que publicou un tratado sobre as Táboas Rudolfinas de Kepler, tamén Elisabeth Korpman, que recompilou nun catálogo 1888 estrelas, ou Maria Winckelmann descubridora dun cometa.

A naturalista holandesa Maria Sibylla Merian sentou as bases da entomoloxía europea e contribuiu tamén ao desenvolvemento da botánica ao percorrer Surinam –antiga colonia dos Países Baixos situada en América do Sul- xunto coa súa filla, para rexistrar a flora do país. A súa pupila Maria van Schurman, defensora da educación científica das mulleres foi a primeira estudiante da Universidade de Utrecht en 1636; Caroline Herschel -irmá de William Herschel- astrónoma, atopou evidencia da gravitación universal fóra do sistema solar; Mary Sommerville astrónoma, física, matemática, autora de numerosos ensaios científicos. Herschel e Sommerville foron as primeiras mulleres admitidas na *Royal Society* de Londres en 1835 (só a título honorífico, naturalmente).

Como resposta aos vellos métodos das universidades xorden durante os séculos XVI e XVII os salóns e círculos científicos, como institucións intelectuais dirixidas exclusivamente por mulleres. Constituíron un espazo para a participación científica feminina, unha participación, iso si, nunca lexitimada. Destacaremos as achegas de dúas mulleres inglesas: Margaret Cavendish, prolífica autora que reclamou que ela escribía «xa que toda acción heroica e emprego público lle son negados ao noso sexo nesta época» e lady Mary Montagu, que introduciu en Europa a inoculación contra a varíola.

A actividade científica ten unha magnitude social moi importante que se manifesta na formación de asociacións de científicos. As academias e as sociedades tiveron un papel moi significativo no estímulo da investigación e no desenvolvemento das ensinanzas científicas e técnicas. En canto á historia das asociacións científicas sinalemos que empezaron a facerse notar a partires do s. XVI en Italia onde apareceron varias academias: *Secretorum Natura* (Nápoles, 1560), *Accademia dei Lincei* (Roma, 1600) e a *Accademia del Cimento* (Florencia, 1657) fundada por dous discípulos de Galileo, nada menos que Torricelli e Viviani. Estas institucións foron antecesoras doutras con moita más sona, que marcaron o camiño a seguir no futuro: a *Royal Society* de Londres (1660) e a *Académie des Sciences* de París (1666). Pódese afirmar que todas as sociedades científicas opuxeron resistencia á entrada das mulleres. No caso francés

algunhas mulleres moi destacadas formaban parte dos círculos, salóns ou reunións científicas francesas sendo, en moitas ocasións, as organizadoras destas reunións. Mulleres cunha alta calidade científica que ademais ilustraban, traducían, editaban e comentaban textos propios ou de nomeados investigadores doutros países, como Émilie du Châtelet ou Marie Anne Paulze, pero ningunha delas foi acollida na Academia. Marie Anne Paulze, traballou a carón do seu marido Antoine Lavoisier. Tiña os coñecementos da química do momento e utilizaba o método científico, facía traducións de artigos de química, como boa debuxante que era enfantouse coa realización de moitas das ilustracións que acompañaban os traballos de Lavoisier e dos seus discípulos e tamén dos deseños de instrumentos científicos: Marie amosaba un nivel de detalle e precisión na indicación das montaxes que «poñen de manifesto o preciso coñecemento que tiña das características e do funcionamento destes instrumentos» (Bermejo et al., 2014: 160). Aínda así nunca entrou, ata o de agora, nos libros de historia da ciencia.

Emilie de Breteuil, marquesa de Châtelet (1706-1749) realizou estudos de matemáticas e física, fixo a primeira tradución completa francesa dos *Principia de Newton*, colaborando ao seu coñecemento e difusión; escribiu sobre os traballos de Leibniz. Tampouco esta muller foi considerada como ben merece

Existen numerosos exemplos de mulleres afectadas pola imposibilidade de acceder ao ensino universitario; mulleres que deben suplir esta carencia por unha educación non formal, realizada de forma autodidacta fóra da comunidade científica. Un caso salientable é o da francesa Sophie Germain (1776-1831) que iniciou os seus estudos na biblioteca da súa casa e conseguiu ampliarlos recibindo apuntes de profesores que outros collían para ela ou mesmo disfrazándose de home para asistir a algunha clase. As súas reflexións e propostas causaron fonda impresión en Lagrange e Gauss cós que se carteou profesionalmente utilizando o pseudónimo masculino de *Sr. Leblanc* como relata Margaret Alic (1991: 176-185). A matemática era o seu campo de estudio e o problema da lei matemática de vibracións de superficies elásticas o seu *capolavoro*.

A británica *Royal Society* demostrou, en máis dunha ocasión, que consideraba ás mulleres con intereses científicos como «afectionadas» ou «curiosas» que podían facer achegas ou mesmo participar en debates, pero non formar parte da súa masculina

institución.<sup>1</sup> Mary Sommerville, considerada a científica inglesa más destacada no século XIX, experimentou a contradición de ver como se situaba un busto seu na entrada principal da Sociedade mentres que ela seguía a non ser admitida como membro (Alic,1991: 212-220). En 1945 entrarían as dúas primeiras mulleres na *Royal Society*, Kathleen Lonsdale e Marjory Stephenson.

Sofia Kovalevskaia, a pesares de ser a primeira doutora do mundo en matemática e a primeira muller admitida na Academia Imperial de Ciencias de Rusia, e de ter realizado grandes achegas no campo das ecuacións diferenciais, non foi admitida na Academia Sueca de Ciencias en 1885, sendo xa profesora da Universidade de Estocolmo. Poderíamos seguir a presentar o caso de moitas outras mulleres científicas, pero abonda coas citadas para exemplificar o que pretendemos.

Debemos indicar que non coñecemos mulleres dedicadas a traballos de investigación experimental en España, durante o século XVIII e primeira metade do XIX. Nin sequera aparecen casos illados ou excepcionais, e podemos considerar este dato como referente da situación de retardo con respecto dos países veciños.

No século XX seguíase a dar esta situación. Podemos lembrar como a *Académie des Sciences* de París non admitiu á única persoa, que ademais era muller, que obtivo dous premios Nobel en dúas disciplinas científicas diferentes Maria Skłodowska (Marie Curie), nin tampouco a súa filla Irene Joliot-Curie, premio Nobel de Química en 1935. A primeira académica francesa sería Marguerite Perey no ano 1967.

Os salóns e laboratorios particulares acollían -aínda que con limitacións- a participación feminina en tarefas científicas. Co tempo, a ciencia institucionalízase pois resulta imprescindible para industria e para a guerra e carrexará un cambio dramático no papel das mulleres neste ámbito. Moitos autores actuais consideran que a oportunidade das mulleres de dedicarse a ciencia diminúe segundo avanza a profesionalización desta. Xa que logo a ecuación sería:

---

<sup>1</sup> A escritora e ilustradora británica, Beatrix Potter (1866-1943) pode servir como exemplo deste paradoxo. Os seus estudos sobre líquos nos que indicaba que eran organismos formados por unha relación de simbiose entre algas e fungos, resultaron ser non só pioneiros senón tamén acertados. Os escritos sobre o seu traballo foron lidos publicamente polo seu tío, sir Henry Enfield Roscoe, na *Linnean Society*, na que as mulleres non podían, nin sequera, expoñer os seus traballos.

*O aumento de profesionalización da ciencia é directamente proporcional á exclusión das mulleres nesta área*

Pouco a pouco a ciencia deixou de ser unha actividade individual, exercida as más das veces con recursos propios, para institucionalizarse nas universidades, na industria e nos centros de investigación. Así que a ciencia estaba a ser profesionalizada (un proceso gradual que tivo lugar durante dous séculos), e atanguía á industria e á universidade. As mulleres que desexaban continuar unha carreira científica tiñan dúas alternativas: podían intentar seguir cursos de instrución pública nas universidades que comezaban a admitilas, ou podían continuar participando dentro da esfera familiar, privada como «asistentes invisibles» dos seus maridos, pais ou irmás científicos. Nesta categoría de asistente invisible poderíamos citar, ente outras, a Ada Lovelace, cuxos traballos son considerados os precursores do ordenador. Este foi o modelo seguido polas mulleres científicas no século XIX.

Podemos destacar aquí que a presenza de mulleres galegas nas sociedades científicas, dende inicios do século XX ata 1936, foi salientable: Concepción Arenal, María Victoria Fernández Ortega e Trinidad Gutiérrez eran integrantes da Real Sociedade Española de Historia Natural, Emilia Álvarez Álvarez e Encarnación Fraga Padín do Seminario de Estudios Galegos, Celia Brañas Fernández e Juana Fernández Alonso estaba afiliadas á Asociación Española para o Progreso das Ciencias e, na Real Sociedade Española de Física e Química, o número de participantes galegas «superá o dez por cento de socias» (Gurriaran, 2012: 23).

As contribucións das mulleres á tecnoloxía e aos inventos son aínda máis difíciles de amosar. Primeiro, porque as patentes son un invento próximo no tempo (se ben isto acontece para ambos sexos); e segundo, porque lembremos que ata hai ben pouco as mulleres non podían ter propiedades, polo que os inventos das mulleres non podían ser patentados por elas e aparecerían co nome dos esposos, pais ou parentes varóns. Así, ata 1840 só foron publicadas 20 patentes de mulleres. Dende inventos de utilidade doméstica (o primeiro cueiro desbotable, rodetes para escorregar roupa, o primeiro suxeitador, etc.), fóra do fogar (o limpaparabrisas; o tippex, cristais non reflectores, etc.), ou de índole aparentemente menos femininos como a linguaxe Cobol (Grace M. Hooper), o kevlar (Stephanie Kwolek), etc.

A participación das mulleres no desenvolvemento científico-técnico dende mediados do século XIX ata mediados do século XX foi importante; especialmente nos estudos de bioloxía e biomedicina, ciencias agrarias, da química, da matemática e da astronomía. O número de mulleres científicas que conseguiron resultados espectaculares é notable, aínda que a súa porcentaxe en relación coas cifras totais, continúa a ser baixa en pleno século XXI e nos países que gaban de estar no cumio dos avances científicos mundiais.

Reconstruír a xenealoxía das mulleres científicas significa realizar un traballo de recuperación de espazos de liberdade feminina di Nuria Solana no seu *Mujer y Ciencia* (2002: 10). Nese proceso de recuperación debemos lembrar, unha vez máis, o colectivo das inxustizas flagrantes, as increíblemente «invisíbeis»: a astrónoma Caroline Herschel, a química Marie Anne Paulze, a física Lise Meitner, a matemática Mileva Maric, a cristalógrafo Rosalind Franklin, a bióloga Tuneko Okazaki, a radioastrónoma Jocelyn Bell Burnell...etc.

## ***1.2. A PERSPECTIVA DE XÉNERO E OS ESTUDOS DE XÉNERO***

É sabido que quen ten o poder é quen lle da nomes ás cousas (e ás persoas).

Celia Amorós

### ***1.2.1. Conceptos clave: androcentrismo, feminismo, xénero, perspectiva de xénero***

Para a realización deste traballo precisamos coñecer e comprender unha serie de termos e conceptos sobre igualdade, sobre feminismo e sobre os estudos de xénero. Aínda que a lectura como se pode comprobar na bibliografía abrangue multitud de escritos, para establecer un vocabulario inicial partimos da publicación *10 palabras clave sobre mujer* dirixida por Celia Amorós e da *Guía de formación para la participación social y política de las mujeres. Manual de la alumna* de Luz Martínez Ten e Rosa Escapa Garrachón e tamén do *Diccionario ideológico feminista* de Victoria Sau.

Xénero

As investigadoras feministas dos anos 70 (Gayle Rubin, Lerner, Barret, Mackinnon ou Lourdes Benería, entre outras) amosan que o concepto de sexo non é válido para explicar as diferenzas de actividades entre homes e mulleres nas distintas culturas ao longo da historia. Xurde así o concepto de xénero como categoría de análise que permite diferenciar e separar o biolóxico, atribuído ao sexo, do cultural, determinado polo xénero. As persoas nacen cun sexo determinado, masculino ou feminino, pero o xénero, varón ou muller, apréndese e manipúlase coa educación.

Gerda Lerner sinala que o xénero é «a definición cultural da conduta considerada apropiada aos sexos nunha sociedade e nun momento determinados». Por exemplo na nosa sociedade é concepto de xénero pensar que as mulleres son faladoras, agarimosas e organizadas e os homes son activos, fortes e emprendedores (Berbel, 2012: 2). Carole Pateman afirma que «a posición da muller non está ditada pola natureza, pola bioloxía ou polo sexo, senón que é unha cuestión que depende dun artificio político e social». Polo tanto o xénero é unha cuestión social -non caiamos no erro de confundir «xénero» e «muller»- que varía, entón, dunhas culturas a outras e duns tempos a outros, sendo daquela susceptibles de modificación, de reinterpretación e de reconstrucción.

Como indica Susana Gambá, o xénero é unha construcción social e histórica (muda segundo as sociedades e épocas); é unha relación de poder, asimétrica (xeralmente de dominación masculina); é transversal (atravesa toda a sociedade independentemente da idade, estado civil, educación, etnia, clase social); ; é tamén unha proposta de inclusión (porque os problemas derivados das relacíones de xénero só se solucionarán incluíndo cambios que afecten as mulleres e tamén aos varóns); finalmente é unha busca da equidade.

### Perspectiva de xénero

Trata de poñer en consideración e sinalar as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dados. Entre as fins da perspectiva de xénero está a participación na construcción dun novo enfoque da historia, e xa que logo, da historia da ciencia desde as mulleres e coas mulleres o que permitirá, sen dúbida, visibilizar o seu papel e recuperar a súa historia e as súas achegas

### Androcentrismo

Visión do mundo e das cousas, dende o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida de todo, ocultando e facendo invisible todo o demais, entre outras as achegas das mulleres a sociedade. Unha visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina sería «a universal», a principal, a referencia ou representación da humanidade, obviando a experiencia feminina.

### Patriarcado

Literalmente significa «goberno dos pais». O feminismo considera ao patriarcado como unha forma de organización social na que o home exerce o poder en todos os terreos e goza dunha posición dominante na familia. Remite á forma de poder na que os varóns dominan ás mulleres, teñen maior relevancia en todas as súas actividades e resultan ser o polo humano polo que se mide o prestixio. Susténtase en: tradicións, normas familiares, costumes sociais, ideas, prexuízos, símbolos e incluso leis que garanten a súa transmisión de xeración en xeración. Define os roles sexuais facendo que parezan naturais e universais.

### Sexismo

O sexism refírese a aquelas prácticas e actitudes que promoven o trato desemellante das persoas en razón do seu sexo biolóxico. As prácticas sexistas afectan principalmente ás mulleres dada a crenza da súa inferioridade respecto dos varóns o que implica comportamentos e actitudes estereotipados que conducen á subordinación dun sexo con respecto ao outro. Algunhas autoras establecen diferenzas entre machismo e sexism, xa que mentres o machismo é unha actitude inconsciente -cando a unha persoa con comportamentos machistas se lle explica a súa actitude pode optar por abandonalos- o sexism representa unha actitude consciente que propicia a dominación e subordinación dun sexo respecto ao outro.

### Feminismo

A RAG define feminismo como «Doutrina que defende a igualdade de dereitos entre o home e a muller».

Fixándonos nas publicacións de referencia anteriormente citadas diremos que o feminismo é unha corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos. Constitúe unha forma diferente de entendelo mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos. O Feminismo é unha teoría e tamén unha axenda, un conxunto de accións dirixido a cambiar a posición subordinada das mulleres, asegurando a súa igualdade e, por ende, á transformación do conxunto da sociedade amosando outro enfoque da realidade.

Non existe un único modelo de feminismo senón diversas correntes que coinciden en cuestionar as estruturas sociais vixentes e poñer en cuestión os valores e as prácticas do sistema patriarcal, e abren paso a conceptos como cidadanía, igualdade ou acceso igualitario. Simone de Beauvoir fala do feminismo como un modo de vivir individualmente e de loitar colectivamente. Actualmente o feminismo divídese en dúas correntes: feminismo da igualdade e feminismo da diferenza.

O feminismo da diferenza apostea polo sentido, o significado que se lle da ao feito de ser muller, polo recoñecemento dos valores que tradicionalmente se consideraron como femininos dándolle autoridade e poder social, á marxe das estruturas patriarcais.

O feminismo da igualdade aspira a unha sociedade na que se produza a integración das individualidades unha vez superados os estereotipos do sistema sexo-xénero. Defende que mulleres e homes teñen os mesmos dereitos e, xa que logo, poden participar en pé de igualdade en todas as estruturas sociais. A igualdade non pretende homoxeneizar senón recoñecer a diversidade de mulleres e homes.

O feminismo é un sistema de ideas que pretende transformar as relacións baseadas na asimetría e opresión sexual, mediante unha acción mobilizadora. A teoría feminista refírese ao estudo sistemático da condición das mulleres, o seu papel na sociedade e as vías para lograr a súa emancipación. Ademais de analizar e/ou diagnosticar sobre a poboación feminina, busca explicitamente os camiños para transformar esa situación (Susana Gamba, 2008).

### **1.2.2. Feminismo: antecedentes históricos**

Ao longo da historia podemos detectar figuras «singulares» que reclamaban melloras sociais e denunciaban inxustizas contra as mulleres. Na actualidade afóndase no estudo das *beguinias* medievais como pioneiras nesta loita, mulleres que encarnaron unha das experiencias más liberadoras para as mulleres en toda a historia. As *beguinias* formaban comunidades de mulleres que vivían xuntas, activas, solidarias e sen xerarquías, foron autoras de numerosos tratados e espallaron o seu labor polos Países Baixos, Alemaña, Francia e España.

A *querela das mulleres* é o nome co que se coñece ao confrontamento dialéctico que tivo lugar en Europa durante parte da Idade Media e toda a Idade Moderna sobre a interpretación e valoración da diferenza sexual. Neste debate filosófico, teolóxico, literario e científico tratábase de demostrar a «inferioridade natural» das mulleres e a «superioridade natural» dos homes, xustificando o lugar ocupado –así debía ser- por mulleres e homes na sociedade. O tema fundamental na *querela* era a valía, as capacidades e a natureza do corpo feminino.

Dende mediados do século XIII e ata o XV, son homes -cando menos iso é o que sabemos- os que interviñeron na *querela das mulleres*. A consideración como verdade da inferioridade das mulleres fixo que as máis fosen relegadas do espazo público e se lles negara voz e palabra. Algunhas mulleres que tiveron acceso á educación, ben por pertencer a familias nobres e/ou adiñeiradas e que puideron reflexionar sobre as desigualdades ás que estaban sometidas unicamente por ser mulleres e sobre as razóns que se aducían para xustificar a súa inferioridade, decidiron facer pública a súa opinión, iniciando así unha etapa na que as mulleres fan oír a súa voz. Algunhas autoras medievalistas consideran á veneciana Christine de Pizan (1364–1430) como a primeira escritora feminista:

Se fose o costume mandar ás nenas ás escolas e fixéralles logo deprender as ciencias, cal se fai cos nenos, elas deprenderían á perfección e entenderían as sutilezas de todas as artes e ciencias por igual que eles pois áinda que en tanto que mulleres teñen un corpo más delicado que os homes, más débil e menos hábil para facer algunas cousas, tanto más agudo e libre teñen o entendemento cando o aplican. (...)

Chegou o momento de que as severas leis dos homes deixen de impedirllas ás mulleres o estudo das ciencias e outras disciplinas. Paréceme que aquelas de nosoutras que podan valerse desta liberdade, cobizada durante tanto tempo, deben estudar para demostrarllas aos homes o equivocados que estaban ao privarnos deste honor e beneficio. E se algunha muller deprende tanto como para escribir os seus pensamentos, que o faga e que non desprece o honor senón máis ben que o exhiba, en vez de exhibir roupas finas, colares ou aneis. Estas xoias son nosas porque as usamos, pero o honor da educación é completamente noso. (Christine de Pizan, A cidade das damas, citado en: López de la Vieja, 2000: 104)

O inicio do feminismo como movemento organizado podemos situalo na Francia do século XVIII asociado á ideoloxía igualitaria da Ilustración, do Século das Luces no momento da aparición dos Cadernos de queixas, escritos por mulleres que queren cambiar aspectos da sociedade.<sup>2</sup> O filósofo, matemático e político francés Marie Jean Antoine Nicolás de Caritat, marqués de Condorcet (1743-1794) situouse a favor das mulleres durante o período revolucionario que trocou a historia de Francia e, polo seu efecto de arrastre, de tódalas monarquías absolutistas europeas. Condorcet probablemente actuou baixo a influencia da súa reivindicativa esposa, a filósofa e escritora Sophie de Grouchy. En 1787 fixo unha proposta a favor da participación política das mulleres e, no ano 1789, reclamou diante da Asemblea Nacional a igualdade de dereitos das mulleres para equiparalas cos homes. No seu libro *Essai sur l'admission des femmes au Droit de Cité* (1790) escribiu que «ou ben ningún membro da raza humana posúe verdadeiros dereitos, ou ben todos temos os mesmos; aquel que votou en contra dos dereitos doutro, calquera que sexa a súa relixión, a súa cor ou o seu sexo, está abxurando dese modo dos seus».

As reivindicacións de Condorcet foron desbotadas e iso alentou a Olimpia de Gouges a presentar ante a Asemblea a súa *Déclaration des droits de la femme et de la citoyenne* (1791) -Declaración dos dereitos da muller e da cidadá- na que demanda os mesmos dereitos para as mulleres que os outorgados aos homes na Declaración de dereitos do

---

<sup>2</sup> «o Século das Luces, non iluminou do mesmo xeito a tódolos sectores, e polo que respecta ás mulleres, poderíamos denominalo como o Século das Sombras» (Lires e Comesaña, 2001: 5)

home e do cidadán de 1789, no que afirmaba que a «muller nace libre e debe permanecer igual ao home en dereitos».<sup>3</sup>

As mulleres contribuíron activamente na Revolución Francesa, participando nas revoltas e motíns populares. Pedían melloras sociais para maridos e fillos (traballo, salario, pan). Tralo trunfo da revolución en 1789 puideron, moi pronto, decatarse as revolucionarias dunha evidente contradición: a idea universal de igualdade natural e política (*Liberté, Egalité e Fraternité*) de tódolos cidadáns preconizada pola Revolución, era negada á metade feminina da poboación. Ao decatarse que debían loitar independentemente dos varóns para lograr os seus obxectivos, as mulleres centraron as súas demandas no dereito ao sufraxio, pois, a partires deste, agardaban acadar outras conquistas. Esta toma de conciencia colectiva levounas a fundar diversas sociedades femininas revolucionarias (*Société des Républicaines Révolutionnaires, Club des Amazones nationales, Club des Dames de la Fraternité, Club des Amies de la Loi*, etc.). As súas reivindicacións políticas e sociais serán criticadas, as súas reclamacións rexeitadas e, finalmente, as cabezas das intelectuais más destacadas como Olimpia de Gouges, Camile Desmoulins ou Madamme Roland rodaron na guillotina.

En 1792 publícase *Vindicación dos dereitos da muller*, de Mary Wollstonecraft, libro que reivindica o dereito ao traballo, á educación e á emancipación económica e que establece as bases do feminismo moderno.

O movemento feminista, como tal, toma auxe na Europa do dezanove. Por un lado está o desenvolvemento da sociedade industrial co achegamento á vida de produción e ao traballo fóra de casa e por outra parte sitúase o avance científico que trae consigo a Ilustración, o que posibilitou, nas mulleres, o recoñecemento da súa situación discriminada. Comezaron as demandas polos dereitos civís, o acceso á cultura e á liberación no eido da vida sexual e da vida familiar. Esta etapa do movemento feminista coñecida como *sufraxismo*, reivindicaba o dereito ao voto das mulleres como paso inicial para acadar a igualdade legal cos homes.

---

3 Olympe de Gouges (1748-1793) é o pseudónimo de Marie Gouze, prolífica escritora e activista política francesa contra a represión xacobina e contra Robespierre e Marat. Acusada de ser unha realista reaccionaria foi guillotinada no ano 1793.

Foi nos Estados Unidos de Norteamérica e en Inglaterra onde o movemento sufraxista tivo máis forza. As estadounidenses participaron nas sociedades antiescravistas dos estados do norte, constituídos logo da Guerra de Secesión. Xa con anterioridade -no ano 1848- celebraran un congreso para reclamar os dereitos civís das mulleres. Rematada a guerra civil, os negros obtiveron o seu derecho ao voto pero non as mulleres que tiveron que agardar ata 1920 (emenda 19 da Constitución dos EUA). As sufraxistas británicas, moi belixerantes, estiveron ligadas á denuncia de explotación laboral e da solicitude de melloras no traballo. Polo seu labor de compromiso coas causas das mulleres, as súas activistas foron, perseguidas e engaioladas.

En etapas más recentes as demandas fixéronse cada vez más amplas pasando do derecho ao voto ata as propostas de profundos cambios na organización social.

Nos seus inicios o movemento feminista estivo representado por mulleres burguesas, na súa maioría, xa que eran as que tiñan maior acceso ao mundo intelectual, pero, ao longo do tempo, desprazouse a un ámbito que agrupaba a mulleres de todas as clases, razas e etnias, se ben os seus intereses e as súas demandas diferían, en razón da súa pertenza a unha ou outra clase social, raza e especificidades das formas de opresión da cultura ao que pertencían.

As feministas de fins do século XIX limitábanse ás reivindicacións de carácter político. Aínda que como sinala M<sup>a</sup> Jesús Matilla (2002: 89) «a principios do século XX (1906) a prensa feminina comeza difundir a necesidade de crear asociacións independentes como estratexia para que a muller se faga presente na sociedade», na península non houbo movemento feminista organizado como tal ata os anos trinta do século XX. Por suposto que existía polémica feminista -abonda con examinar os escritos de Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán «feministas precoces»<sup>4</sup>- que impulsaron o debate, «abriron o lume participando na Sociedade Abolicionista de Mulleres (1865), no Ateneo Artístico e Literario de Señoras (1869), na Escola de Institutrices (1869) e na Asociación para o ensino da muller (1869)» (Gurriarán, 2012: 1).<sup>5</sup> Pero tanto Arenal como Pardo Bazán eran loitadoras illadas, e a falta de organización sería a que impediría que o éxito -cando

---

<sup>4</sup> O termo «feminista precoz» foi creado por Carmen Bravo-Villasante para definir a Emilia Pardo Bazán.

<sup>5</sup> «A Asociación para la Enseñanza de la Mujer , fundada por Fernando de Castro en 1870, considérase o berce do feminismo español» (Matilla, ano: 83)

menos parcial- logrado na defensa deste ideario no estranxeiro, non se repetira na sociedade española. ¿Como se explica a ausencia deste movemento organizado? Cabrera Bosch (1988: 33) sinala que «hai que dicir que o feminismo en tódolos países nos que se desenvolveu era un feminismo de clase media, e xa que logo prosperou onde aquela existía. De todos é coñecido que en España a pequena burguesía era un grupo política e socialmente débil, e esta debilidade proxectouse no 'movemento feminista'». Geraldine Scanlon (1976: 222-23) explica o problema sinalando o talante conservador da política española ao longo de todo o século XIX, o peso da Igrexa Católica e o predominio da sociedade rural.

Se ben a Igrexa se opoñía ás reivindicacións que se rebelaban contra a lei divina que indicaba o papel das mulleres no mundo, tamén as esferas científicas sostiñan a mesma posición esgrimindo as teorías evolutivas de Darwin, a anatomía e a psicoloxía.<sup>6</sup> Incluso os máis ilustres pensadores fixeron sátira das ideas feministas.

Quixemos traer aquí dous exemplos ben coñecidos pero desafortunadamente reveladores do momento recollidos de senllas publicacións de Geraldine Scanlon e Lidia Falcón. O primeiro aparece da man de Ortega y Gasset na súa obra *El hombre y la gente* na que relata como nunha viaxe na que regresaba de Bos Aires coincidiu na cuberta do barco con dúas mozas norteamericanas ás que se decidiu abordar, cando unha lle pediu que se dirixira a elas como persoas, Ortega contestou: «Señora eu non coñezo a esa personaxe que vostede chama 'ser humano', eu só coñezo homes e mulleres. Como teño a sorte de que vostede non sexa un home, senón unha muller -por certo espléndida- compórtome en consecuencia» (cit. en Scanlon 1976:188).

O *Lyceum Club Femenino* era una asociación cultural feminista destinada a defender a igualdade e a plena incorporación das mulleres ao mundo da educación e laboral. Esta iniciativa suscitou unha reacción de ira nos ambientes conservadores da época que chegaron a reclamar na prensa o cárcere para as asociadas. Pois ben, o segundo exemplo débese ao misóxino Premio Nobel de Literatura, Jacinto Benavente quen, invitado a dar unha conferencia no Lyceum de Madrid, rexeitou a solicitude dicindo que a el non lle gustaba «*hablar a tontas y a locas*» (Falcón, 1969: 207).

---

<sup>6</sup> Scanlon ofrécenos numerosos exemplos deste proceder. Véyanse as páxinas 163-194.

Este período inicial na historia do movemento feminista remata coa Declaración dos Dereitos Humanos votada nas Nacións Unidas en 1948, complementada coa declaración de 1967 sobre a discriminación da muller.<sup>7</sup> Dende ese momento comeza unha fase caracterizada pola crítica á sociedade androcéntrica e as demandas de inclusión nos campos onde foran excluídas.

Un dos efectos das loitas feministas foi a consecución do acceso en igualdade das mulleres á educación formal, factor decisivo e irrenunciable para acadar igualdade de oportunidades entre ambos sexos, e xa que logo, a equidade social.

O texto aprobado en 1979 polas Nacións Unidas na Convención sobre a eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller, comeza así: «[...] a máxima participación da muller, en igualdade de condicións co home, en tódolos campos, é indispensable para o desenvolvemento pleno e completo dun país, o benestar do mundo e a causa da paz».

No mesmo texto recóllese que o concepto «xénero» representa os atributos asignados ás persoas a partires do seu sexo. O que entendemos por ser home ou ser muller ten más que ver ca aprendizaxe que con características biolóxicas. Distinguir as diferenzas sexuais -fixadas polos cromosomas das persoas- das interpretacións que cada sociedade fai das mesmas, permite ver que as características humanas consideradas femininas son adquiridas polas mulleres mediante un proceso de aprendizaxe complexo. Estas diferenzas acaban converténdose en desigualdades económicas, sociais e políticas entre mulleres e homes, unhas desigualdades inventadas, construídas, e polo tanto, modificables. A adopción do xénero como categoría de análise supuxo a innovación máis importante introducida nas ciencias sociais nas últimas décadas, e permite recoñecer a desigualdade agochada.

Entre as fins da perspectiva de xénero está a participación na construcción dun novo enfoque da historia, e xa que logo, da historia da ciencia desde as mulleres e coas mulleres o que permitirá, sen dúbida, visibilizar o seu papel e recuperar a súa xenealogía e as súas achegas.

---

<sup>7</sup> Lembremos que en 1949 publicase a obra de Simone de Beauvoir: *O segundo sexo*.

### **1.3. MULLERES E EDUCACIÓN EN ESPAÑA**

A educación é a condición previa máis importante para a emancipación, pois a ignorancia é tanto un medio para manter sometida á muller como para xustificar este sometemento

Geraldine Scanlon

Se ben está lonxe aínda de ser unha realidade en todo o mundo, ninguén se atrevería hoxe a cuestionar a igualdade intelectual das mulleres e o seu dereito á educación. Chegar a este punto requiriu moitos esforzos e moito tempo. Séculos atrás a situación era moi diferente.

No século XIX as mulleres representaban a maioría da poboación española. Eran educadas para o coidado do fogar, o coidado dos fillos e do esposo ou, de non haber, dos pais e irmáns. Esta parca educación era proporcionada ben en centros particulares (mesmo a domicilio) ou ben en ordes relixiosas, xa que o Estado só ofrecía ensinanza pública normalizada aos varóns. As mulleres nobres podían ter preceptores e aias que se ocupaban da súa educación, sempre dentro do que «razoablemente» debían saber: lectura e escritura, algo de música e canto, pode que pintura e sempre, sempre como mero pasatempo. As mulleres das clases baixas aprendían algúns saber funcional e práctico como: a costura; a elaboración do pan ou do queixo; o coidado dos animais da man dunha amiga, parente ou veciña.<sup>8</sup> Así foi ata a segunda metade do século XIX, pois a educación das nenas respondía á función que a sociedade lles tiña reservado: a crianza e coidado dos nenos e do fogar. A educación das nenas servía para formar non mulleres, senón nais e coidadoras.

Os gobernantes do dezanove -apoiados pola ciencia médica, a antropoloxía e a bioloxía- estaban seguros da inferioridade física e intelectual das mulleres. Consideraron que poderían darlle ás nenas certo grao de instrución, unha instrución mínima, non para a formación de estas, nin para formar cidadás con capacidade crítica –lembremos que non

---

<sup>8</sup> Sinalemos que os ilustrados do século XVIII -Sarmiento, Flórez, Feixoo- que consideraban a educación un factor de progreso, apoiaron as ensinanzas «útiles» abrindo escolas para nenas patrocinadas polas Sociedades Económicas de Amigos do País, nas que se lles ensinaba a fiar e tecer.

podían votar- senón con vistás aos seus fillos, os futuros cidadáns do país e para mellorar a eficacia nas tarefas domésticas. Así a incorporación das mulleres ao sistema educativo español foi tarde e mal, cun currículo pensado para coser e rezar.

A polémica sobre o papel da muller na sociedade seguiu en España o mesmo percorrido que noutrós países pero a súa andaina foi más lenta e, agás casos puntuais, pódese afirmar que en España o interese polo tema feminista xurdiu cara finais do século XIX co labor dos krausistas en educación, cos Congresos Pedagóxicos de 1882 e 1892, coa reforma da Escola Normal de Mestras e coa aparición dalgúndhas publicacións nas que se fala de feminismo «case sempre dende un punto de vista antifeminista» e tamén aparece «nalgúndhas publicacións periódicas, como a Revista Política e a Revista popular» (Scanlon, 1976: 4).

Ao pescudar sobre os posibles motivos do retraso do movemento feminista en España debemos observar como se iniciou este movemento no seu conxunto. Scanlon (*op.cit.*) apunta que o impulso para mellorar a situación das mulleres tivo dúas fontes principais: por unha banda a inspiración ideolóxica da Revolución Francesa e por outra os cambios económicas derivados da Revolución Industrial. Polo xeral aqueles países nos que agromou o feminismo ou eran protestantes, e estaban industrializados, ou tiñan unha grande tradición librepensadora. A sociedade tivo interese na emancipación das mulleres cando se fixeron necesarias como man de obra (moi notorio tras das dúas grandes guerras mundiais). En principio eran as mulleres de clase baixa as que iniciaron a súa actividade laboral e por tanto as primeiras en canto a un espertar respecto do seu papel na sociedade. Axiña as clases medias decatáronse da importancia da educación das mozas, pois ninguén estaba libre dun desastre financeiro e era importante que as fillas da familia tivesen medios para se gañar a vida; cómpre facer fincapé en que o obxectivo primordial na educación feminina seguía a ser o matrimonio.

A idea vixente no século XIX segue a ser que, para o bo funcionamento da sociedade, a muller non necesita extensos coñecementos e o único que precisa é coñecer os «labores do fogar», pois aí reside a súa función, sendo o seu traballo o coidado dos outros membros da familia –ascendentes, consortes e descendentes- ánda que podemos atopar certas diferenzas segundo o status social e económico ao que pertenzan. Podemos dicir que as mulleres de clase alta e media estaban todo o día na «casa». Como non hai auga,

nin electricidade, o traballo doméstico resulta realmente duro. Aquelas mulleres cuxa situación económica llelo permite contan coa axuda doutras mulleres de peor nivel económico para realizar as tarefas da casa. A situación destas mulleres de clase baixa ou media baixa era verdadeiramente dura pois ademais de atender ao seu propio fogar, traballaban fóra da casa durante dez ou doce horas como servizo doméstico ou no agro, cun xornal miserento.

A economía española era fundamentalmente agrícola polo que non existía interese en darlle educación ás mulleres, nin sequera a educación básica. As máis das mulleres que, na península, realizaban algúun tipo de traballo remunerado o facían no servizo doméstico ou no agro. Foron as empregadas nas fábricas –lugares onde se producían intercambios de ideas- as que primeiro tomaron conciencia da súa situación como traballadoras e como mulleres, en especial as catalás, por tratarse dunha zona máis industrializada. Os expertos non teñen a menor dúbida da enorme importancia da Igrexa como institución social así como da súa influencia nos asuntos políticos e educativos, intervindo como factor importante no retraso no desenvolvemento do feminismo español. A Igrexa actuou sinalándolle ás mulleres cal era a súa posición na sociedade; abondaba con invocar á relixión ou á vontade de Deus.

Na primeira metade do século XIX os gobernos liberais desatenden a formación das nenas e, xa que logo, non teñen ningunha consideración sobre a formación propia das mestras. O ensino está moi influído pola Igrexa que relega ás mulleres a un papel secundario de encargada de ensamblar a estrutura da familia, «raíña» do fogar, nai e esposa, unha «perfecta casada» como escribira séculos antes Frei Luis de León: «Porque cosa e tan poco ser como es otro esto que llamamos mujer, nunca ni emprende ni alcanza cosa de valor ni de ser, sino es porque la inclina á ello y la despierta y alienta alguna fuerza de increíble virtud que ó el cielo ha puesto en su alma ó algún dón de Dios singular » (Fray Luis de León, La perfecta casada, 1583: 50).

Entre os anos 1833 e 1939 houbo un total de 202 ministros encargados da carteira de instrucción, así que sae unha conta dun ministro cada seis meses. A inestabilidade política queda claramente reflectida na inestabilidade lexislativa en educación. Durante o século XIX aprobaronse 22 leis educativas a cada cal más diversa, ademais de nove

proxectos que non chegaron a callar: Proxecto Thiebault (1811), Universidade de Salamanca (1814), o das Cortes de Cádiz (1814), Someruelos (1838), Infante (1841), Alonso Martínez (1855), Ministerio (1869), Castell (1876) e o de bases Toreno (1876). Neste século só catro plans estiveron vixentes máis de cinco anos: os plans Calomarde, o de Pidal, o de Ruiz Zorrilla e o de Lasala.

O precedente do sistema educativo público en España o constitúe a política educativa de José I (Araque, 2009: 18) de decembro de 1809 baseado nos principios da Revolución Francesa e que creaba unha organización administrativa estatal e centralizada, a supresión do ensino relixioso, a creación de Liceos encargados de organizar o ensino secundario estatal e o recoñecemento da igualdade entre homes e mulleres en materia de educación, así como o deseño dun sistema centralizado de ensino universitario baixo a dirección da Universidade Central. Estes plans non se executaron debido á natureza efémera do reinado de José I.

O desenvolvemento e planificación da instrucción pública baseada nas Constitución de 1812 correspondeu a unha Xunta nomeada polo goberno que elaborou un informe atribuído a Manuel José Quintana, informe que serviu de base ao Ditame sobre o proxecto de decreto sobre o arranxo xeral do ensino público de marzo de 1814. O Informe Quintana describía 3 niveis de ensinanza: primeira, segunda e terceira, todos baixo o mando único da Dirección Xeral de Estudos. O ensino costeado polo Estado debía ser uniforme no plan de estudos, libros, métodos e lingua e sería pública e gratuíta. Nos pobos con máis habitantes debía haber unha escola por cada cincocentos veciños. No ensino primario aprenderíase a: ler con sentido, escribir con claridade e boa ortografía, regras elementais de aritmética, dogmas da relixión e máximas de boa crianza, e os principais dereitos e obrigas dun cidadán. A segunda ensinanza prepararía para os estudos universitarios e técnico-profesionais e para “plantar nos seus ánimos a semente de tódolos coñecementos útiles e agradábeis que constitúen a ilustración xeral dunha nación civilizada”. A terceira ensinanza era de carácter particular e sería impartida polas dez Universidades: Alcalá, Barcelona, Granada, Oviedo, Salamanca, Santiago, Sevilla, Valladolid, Valencia e Zaragoza. Todas as disposicións relativas aos tres niveis de ensino aludían ao sexo masculino. Pola contra a instrución das mulleres

segundo o citado Informe debía ser privada ou doméstica ou ben en establecementos específicos a cargo das Deputacións Provinciais.

O Informe Quintana ten unha opinión clara do tema da educación feminina:

A *Junta* entende que, ao contrario da instrucción dos homes, que convén sexa pública, a das mulleres debe ser privada e doméstica; que a súa ensinanza ten máis relación coa educación que coa instrucción propiamente dita; e que para determinar bases respecto dela era necesario recorrer ao exame e combinación de diferentes principios políticos e morais e descender despois á consideración de intereses e respecto privados e da familia.

Deste Informe xurdiu o Proxecto Educativo de 1814 que refire o título XII á educación feminina:

#### Título XII. Da educación das mulleres

Art. 115. Estableceranse escolas públicas, nas que se ensine ás nenas a ler e a escribir, e ás adultas os labores e habilidades propias do seu sexo.

Art. 116. O Goberno encargará ás Deputacións provinciais que propoñan o número destas escolas que deban establecerse na súa respectiva provincia, os paraxes nos que deban situarse, a súa dotación e amaño.

Así pois os termos de instrucción universal, uniforme, pública, gratuítia e libre encamiñábase só aos varóns.

Un dos primeiros intentos para proporcionar ás nenas algún tipo de educación «superior» foi a creación dos *Reales Estudios de Dibujo y Adorno* en 1819. A directora dos estudios era M<sup>a</sup> Francisca de Asís, irmá do rei Fernando VII. A aprendizaxe de técnicas de bordado, pintura, gravado, quincalla e confección levaba tras de si un motivo económico, o intento de que estas mozas contribuísen ao desenvolvemento da industria lixeira.

Tras o levantamento de Rafael del Riego (1 de xaneiro de 1820) prodúcese unha nova etapa constitucional en España que comeza en marzo 1920 e rematará en setembro de 1923. Durante este Trienio Liberal aplicaranse varias reformas lexislativas entre as que está unha nova lei xeral de educación o *Reglamento General de Instrucción Pública* aprobado nas Cortes o 29 de xuño de 1821. Esta norma supón a redacción en forma de

lei do Informe Quintana, pero trazando unha división entre escola pública e escola privada e inserindo a responsabilidade dos concellos de financiar as escolas primarias. Tamén dividía o ensino en tres etapas -primaria, media e superior-, fixaba en dez o número de universidades e imponía plans de estudio idénticos para todo o país. O aspecto da liberdade de creación de centros docentes por parte da Igrexa foi moi discutido pero parece que as contas do Estado non podían facerse cargo delas dado que dificultaban, e mesmo impedían, a posta en marcha deste plan sen contar coa iniciativa privada. No Regulamento de 1821 declarase a necesidade de establecer escolas públicas para ensinar ás nenas a ler, escribir e contar (Título X); o número de escolas é ínfimo, só 595 escolas de nenas en 1822 fronte ás 7.365 de nenos .

En marzo de 1822 redactouse o *Proyecto de Reglamento General de primera enseñanza, que se ha de observar en todas las escuelas de primeras letras de la Monarquía Española*, asinado por José Mariano Vallejo. Podemos observar lendo o artigo 78 do capítulo VII que o texto recolle o principio de igualdade na educación: «[...] nas escolas de nenas seguirase nun todo un mesmo plan, sistema e orde que na dos nenos».

Este regulamento quedou paralizado pola restauración absolutista de Fernando VII de 1823. Durante os dez anos que dura esta época a reacción absolutista chega coa derogación do Regulamento Xeral de Instrucción Pública de 1821 e a posterior promulgación do Plan literario de estudos e arranxo xeral das universidades do Reino (1824), do Plan e Regulamento de Escolas de Primeiras Letras do Reino (1825) e do Regulamento xeral das Escolas de Latinidade e Colexios de Humanidades (1826) conxunto de reformas coñecidas como Plan de Calomarde, por ser este o responsable da súa elaboración, pretendía unha educación primaria que formara bos e leais súbditos e piadosas e decorosas nenas.

Durante a rexencia de M<sup>a</sup> Cristina apróbase, no ano 1836, o Plan Xeral de Instrucción Pública chamado Plan do duque de Rivas, que non tivo vixencia algunha. O plan regulaba os tres graos de ensino tanto publico como privado, e deixaba atrás, o ideal da educación universal e gratuita. Respecto das mulleres o plan reflicte que

### Capítulo III. Das escolas de nenas.

Art. 21. Estableceranse escolas separadas para as nenas onde queira que os recursos o permitan, acomodando a ensinanza nestas escolas ás correspondentes elementais e superiores de nenos, pero coas modificacíons e na forma convinte ao sexo. O establecemento destas escolas, seu réxime e goberno, provisión de mestras, serán obxecto dun decreto especial.

Durante o reinado de Isabel II, a Lei de Instrucción primaria de 1838 dedicaba un breve título ás escolas de nenas, indicando que debían estar separadas das dos nenos alí onde os recursos o permitiran e que, as nenas, debían recibir a mesma formación que os nenos pero con certas diferenzas debidas á súa condición de mulleres. Entre estas diferenzas estaba a ensinanza dos «labores» cunha dedicación horaria que igualaba ou superaba o tempo dedicado á lectura ou escritura e que supuña unha redución no tempo dedicado a outras materias. Ademais ás mestras esixíaselles menor preparación e tamén se lles pagaba menos que aos seus colegas varóns, ata 2/3 menos.<sup>9</sup>

Inserimos aquí unha cita textual que cremos reflicte moi ben o espírito esencial da educación das nenas: «Un ano fai que visitando o excmo. Sr. Don José de Zaragoza as escolas desta corte, encontrou unha sen mesas; preguntou á profesora onde escribían as nenas, e contestou que en ningunha parte, pois era cousa que non a necesitaban por serelles más prexudicial que útil» (Revista *Álbum de Señoritas*, 1852, ano I, nº 3).

A Lei de Instrucción Pública de 9 de setembro de 1857, máis coñecida como Lei Moyano, representa o principal texto legal en materia educativa de todo o século XIX, implantando os principios de gratuidade relativa no ensino primario, centralización, uniformidade, secularización e liberdade de ensinanza limitada. A lei representou un grande avance na educación das mulleres porque reconeceu por vez primeira o derecho das mulleres a unha instrucción primaria. Segundo, porque ao proponer a creación de Escolas Normais femininas reconeceu tamén por vez primeira a necesidade dunha formación pedagóxica para as mestras. Alén diso as medidas non conseguiron poñer ao mesmo nivel a instrucción das nenas e dos nenos xa que as escolas de nenas podían ser

---

<sup>9</sup> Gil de Zárate no seu libro *De la instrucción pública en España* escribe este nada cloxioso comentario: «o saber das mestras cifrase en ser más ou menos primorosas nos labores propios do seu sexo, tarefa en verdade importantísima nelas; pero nas demais ramas da instrucción primaria adoitan ter unha ignorancia profunda, habendo moitas que non saben escribir, e nin ler sequera».

incompletas e non era obrigatorio a creación de Escolas Normais femininas (Scanlon, 1987: 195).

O texto resulta transparente respecto da misión das mulleres pois aparecen materias orientadas a preparar aos varóns cara o mundo laboral fronte a outras que preparam ás mulleres cara o mundo do fogar.

*Art. 5. Nas ensinanzas elemental e superior das nenas omitiranse os estudos de que tratan o parágrafo sexto do art. 2º (Breves nocións de Agricultura, Industria e Comercio) e os parágrafos primeiro (Principios de Xeometría, de Debuxo lineal e de Agrimensura) e terceiro do art. 4º (Nocións xerais de Física e de Historia natural acomodadas ás necesidades máis comúns da vida), substituíndose con:*

*Primeiro. Labores propios do sexo.*

*Segundo. Elementos de Debuxo aplicado aos mesmos labores.*

*Terceiro. Lixeiras nocións de Hixiene doméstica.*

Tampouco fai a lei referencia algunha á formación superior das mulleres, en resumo o Estado sanciona unha instrucción pública feminina inferior á masculina; non prepara ás mulleres para ningún traballo agás o do fogar ou o maxisterio, e dentro deste con acceso nulo aos postos teito. Como indica Geraldine Scanlon «na súa propia ensinanza a muller non ten nin voz nin voto» (1987: 195). Con todo a lei supuxo un aumento do número de escolas para nenas

A Lei de Instrucción Primaria de xuño de 1868 -Lei Orovio- de corte neocatólico, acabou con outra das virtudes da Lei Moyano pois suprimía as Escolas Normais encargándolle ás ordes relixiosas a formación das mestras e, ao mesmo tempo, aumentou o número dos colexios destas congregacións, pero non chegou a implantarse xamais.

A Revolución de 1868 trouxo un espírito de liberdade, debilitando tanto á monarquía como á Igrexa. A causa feminista beneficiouse desta revisión. Os intelectuais da Revolución setembrina formaban parte do pensamento krausista e valoraban o papel da muller na sociedade como arma para a mellora da mesma, contribuíndo coa causa feminista pola súa actitude favorable á educación feminina en tanto que beneficio para a sociedade. Con todo, os krausistas pertenceron a diferentes formacións políticas más só unha, o Partido Republicano, demostrou sen vacilar un interese real na causa das mulleres. A maior parte da iniciativa para reformar a educación feminina durante o

último terzo do s. XIX partiu dos krausistas. A primeira iniciativa deste grupo foron unha serie de conferencias dominicais cuxo propósito era convencer á xente de que as mulleres debían recibir unha educación máis extensa si se quería que cumpriran a súa misión na vida. Nestas primeiras reivindicacións apreciamos as voces de Concepción Arenal e de Emilia Pardo Bazán que «abriron o lume participando na Sociedade Abolicionista de Mulleres (1865), no Ateneo Artístico e Literario de Señoras (1869), na Escola de Institutrices (1869) e na Asociación para o ensino da muller (1869), todas elas, instancias que naceran baixo o influxo *krausista*» (Gurriarán, 2012:1)

Coa Restauración de 1875 a Igrexa recuperou parte do seu control sobre a educación. Orovio, ministro de Fomento, tratou de impoñer restricións aos profesores universitarios, que foron cesados ou dimitiron en sinal de protesta e agrupáronse na Institución Libre de Enseñanza (ILE, 1876). Os gobernos da Restauración demostraron pouco interese polos dereitos das mulleres, como podemos ver no Código Civil de 1889:

- Art. 57: O marido debe protexer á muller i esta debe obedecer ao marido
- Art. 59: O marido é o administrador da sociedade conxugal
- Art. 60: O marido é o representante da súa muller

As *Páginas para la educación popular* de Sofía Tartilán (1877) e *Mujer del Porvenir* (1869) e *Mujer de su casa* (1883) ámbalas dúas últimas de Concepción Arenal, son as publicacións que supoñen a máis clara acusación sobre a dramática situación educativa das mulleres. Estas escritoras sinalan como as mulleres incultas non teñen dons intelectuais que lle ofrecer aos seus fillos nin nada que lle ofrecer á sociedade. A educación tradicional, resalta Sofía Tartilán, conduce inevitablemente á perpetua dominación da muller polo home: o home aduce que a muller é incapaz de razoar, porque é «todo sentimento», e logo imponles unha educación que potencia as súas facultades sentimentais, pero non as súas facultades racionais.

O Congreso Nacional Pedagóxico de Madrid (1882) organizado polo Fomento de las Artes contou con 2182 delegados, 431 eran mulleres, celebrouse co propósito de adaptar o sistema educativo aos tempos modernos. Asistiu unha nutrida representación da ILE entre os que estaban o propio Giner de los Ríos, Cossío e Azcárate entre outros. Houbo posicións retrógradas e tradicionalistas que seguían defendendo o papel de esposa e nai

das mulleres, reclamando que non debía fomentarse as aspiracións que saíran «da súa propia esfera», como indicaba o señor Carderera.<sup>10</sup> Houbo tamén, posicións intermedias que falaban da «muller instruída» –a medio camiño entre a «muller sabia» e a «muller ignorante»- que poderá «deleitar e atraer ao seu marido por medio do imán do talento desenvolvido». A terceira posición foi defendida por Emilia Pardo Bazán. Esta ilustre novelista, en relación coa educación das mulleres das clases media e alta, expuña en 1890:

Por máis que áinda hai homes partidarios da absoluta ignorancia da muller, a maioría vai preferindo no terreo práctico unha muller que sen ambicionar a instrución fundamental e nutritiva, teña un baño, verniz ou aparencia que a faga 'presentable'. Se non queren á muller instruída, a queren algo educada, sobre todo no exterior e ornamental. O progreso non é unha palabra van, posto que hoxe un marido burgués ruborizaríase de que a súa esposa non soubese ler nin escribir. A historia, a retórica, a astronomía, as matemáticas, son coñecementos xa algo sospeitosos para os homes; a filosofía e as linguas clásicas serían unha prevaricación; en cambio transixen e ata gustan dos idiomas, a xeografía, a música e o debuxo, sempre que non pasen o límite de 'afeccións' e non se convertan en vocación seria e real. Pintar pratos, decorar tacitas, emborranchar 'efectos de lua', ben; frecuentar os museos, estudar a natureza, copiar o modelo vivo, malo, malo. Ler en francés o figurín e en inglés as novelas de Walter Scott... ¡psh!, ben; ler en latín a Horacio..., ¡horror, tres veces horror!. Este sistema educativo, onde predominan as medias tintas, e onde se evita como un sacrilegio o afondar e o consolidar, dá o resultado inevitable; limita á muller, a estreita e reduce, facéndoa máis pequena áinda que o tamaño natural, e manténdoa en perpetua infancia. Ten un carácter puramente externo; é, citando más, unha educación de tona; e se pode infundir pretensións e conatos de coñecementos, non acada a estimular debidamente a actividade cerebral. (Pardo Bazán, 1890: 124-125)

Pardo Bazán expuxo as ideas que ampliou no Congreso Pedagóxico de 1892: «a educación da muller non pode chamarse tal educación, senón doma, pois propón como fin a obediencia, a pasividade e a submisión» (Pardo Bazán, 1892: 92)

---

<sup>10</sup> Pedagogo aragonés que no Congreso Pedagóxico de 1882 foi vicepresidente primeiro e relator do discurso resumo de clausura.

No ano 1900 en España, sobre unha poboación, de 18,6 millóns de habitantes, o número de analfabetos totais era de case 12 millóns, un 65% da poboación. A educación en España iniciaba o século XX en retroceso.

Quixeramos inxerir só unhas cantas notas máis con respecto da educación feminina. Ao comezo do novo século XX os temas más discutidos no campo da educación xiraban sobre a educación superior, a profesional ou a coeducación. A dereita sociolóxica consideraba que a coeducación era inmoral, mentres que nos centros dependentes da ILE e as escolas anarquistas de Francisco Ferrer, consideraban a coeducación como a parte máis importante da Escola Moderna. A educación mixta foi gañando cada vez máis adeptos.

Tras a perda das últimas colonias («desastre» de 1898), chega un novo século que, no terreo educativo, traerá unha sucesión de cambios. A primeira destas novedades será o R. D. de 18 de abril de 1900 que supón a supresión do Ministerio de Fomento e a creación -no seu lugar- de dous novos Departamentos Ministeriais, que se denominarán, respectivamente, *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*, e *Ministerio de Agricultura, Industria, Comercio y Obras Públicas*. Este último volvería a denominarse Ministerio de Fomento a partires de 1905. Ao *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* encomendóuselle o ensino público e privado en tódalas súas clases e graos, o fomento das ciencias e das letras, Belas Artes, Arquivos, Bibliotecas e Museos, e a Dirección Xeral do *Instituto Geográfico y Estadístico*. Tiña catro seccións: Universidades e Institutos, Primeiro Ensino e Escolas Normais, Belas Artes, e Construcións Civís e Escolas Especiais. Antonio García Alix será quen ocupe este novo ministerio.

«As mestras foron as primeiras mulleres especializadas profesionalmente, desde mediados do século XIX (Escola Central de Mestras, 1858)» (Gurriarán, 2012: 2), unha profesión considerada feminina porque, a aquelas mulleres que «lamentablemente» tiñan a necesidade de traballar, lles permitía «sen renunciar ao ideal feminino, desenvolver a súa innata predisposición á maternidade e ao coidado dos nenos» (Matilla, 2002: 84). A primeira Escola Normal feminina galega abriuse en Pontevedra en 1860 (Porto, 2009: 336). Despois virían as de Coruña (1865) e Ourense (1877). Estas Normais foron reformadas en xullo do ano 1900 por García Alix e, en 1909, creouse a

Escola de Estudios Superiores de Maxisterio, que dotaría de profesorado ás Escolas Normais e de inspectores de primeiro ensino. As mulleres puideron dedicarse ademais a outras carreiras «femininas» a saber: a Escola de Bibliotecarias, a Escola de Enfermeiras e de Matronas e a Escola de Comercio (1915).

Outro centro que debeu a súa vida á ILE foi o Instituto-Escola, colexio de ensinanza secundaria en réxime de coeducación, fundado en 1918. Moi importante, tamén, e como continuación da anterior, foi a constitución da Residencia de Señoritas, situada na rúa Fortuny de Madrid, en 1915. A súa directora, María de Maeztu, tomou como referencia o modelo da Residencia de Estudiantes masculina -que xa levaba cinco anos funcionando- abrindo un establecemento pensado para apoiar ás mulleres interesadas en realizar estudos superiores e completar a súa instrución.

Durante as tres primeiras décadas do século XX existe un movemento alternativo e oposto entre liberais e conservadores. A influencia da ILE percíbese ao longo deste período por medio de diferentes ministros de educación e, en 1932, coa normativa republicana do primeiro bienio reformador. A oposición radical católica faille fronte sempre con rotundidade. Facer e desfacer.

Ademais da creación do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*, outras novedades salientables deste principio de século en materia educativa serían que:

1. Estado se fixese cargo da educación primaria, en 1901 e 1911
2. A ampliación legal do currículo de ensino primario en 1901
3. A obrigatoriedade legal da escolaridade ata os 12 anos en 1901 e os 14 anos en 1923
4. O nacemento da JAE en 1907 e a rede de laboratorios
5. A creación da *Residencia de Estudiantes* en 1910
6. A creación da *Residencia de Señoritas* en 1915
7. A posta en marcha do *Instituto-Escuela* en 1918

Aínda que xa no século anterior houbo experiencias innovadoras, podemos situar as diferentes reformas e innovacións educativas na España do primeiro terzo do XX, nun contexto aberto ás novedades que viñan do exterior. Existiron de feito diferentes correntes renovadoras no eido educativo como a Escola Nova o hixienismo, o

anarquismo, o socialismo, algúns grupos católicos como o de Andrés Manjón e as súas escolas da Ave-María e un movemento de renovación pedagóxica especificamente catalán, que contaría co apoio dos poderes públicos. O organismo máis destacado, polo seu interese na renovación educativa, será a *Institución Libre de Enseñanza*. A Institución, foi creada en Madrid en 1876 -baixo a dirección de Francisco Giner de los Ríos- por un grupo de profesores universitarios de pensamento liberal e humanista, separados da Universidad por defender a liberdade de cátedra. Buscaba a renovación cultural e pedagóxica e, como indicaba nos seus estatutos, unha ensinanza «allea a todo espírito e interese de comuñón relixiosa, escola filosófica ou partido político; proclamando tan só o principio da liberdade e inviolabilidade da ciencia, e da consecuente independencia da súa indagación e exposición respecto de calquera outra autoridade que a da propia conciencia do Profesor, único responsable das súas doutrinas» (Estatutos da ILE, 1877).<sup>11</sup> No seu ideario a ILE comprometeuse cunha escola neutra, tolerante, en coeducación e aberta á realidade exterior. Segundo refire Viñao (2004: 27-28), resulta difícil atopar unha innovación ou mellora educativa introducida con maior ou menor fortuna, no último cuarto do século XIX e o primeiro terzo do XX, detrás da que non estivera a ILE. Podemos atopar a súa pegada innovadora nos xardíns de infancia, as colonias escolares, as visitas e excursións escolares, a psicoloxía e pedagoxía científicas, a coeducación, o acceso da muller a tódolos niveis do ensino, os métodos intuitivos e activos, a importancia da educación física ou das materias artísticas, a substitución do libro de texto polos cadernos de notas, a relación constante entre profesores e alumnos. A ILE creou, en 1907, a *Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas* (JAE) acabando co illamento, coa intención de «abrir España á cultura europea» (Giménez Salinas, 2012: 62). Este organismo concedía bolsas de viaxes e estadías no estranjeiro, aos alumnos más brillantes, sen distinción de sexo. Ao seu carón creáronse unha serie de centros e laboratorios -Instituto Nacional de Ciencias Físico-Naturais, o laboratorio de Investigacións Físicas, o Museo de Ciencias Naturais ou o Xardín Botánico, entre outros- nos que alumnos e profesores traballaron na desenvolvemento e modernización da ciencia española.

---

<sup>11</sup> Recuperado de: <http://www.fundacioniner.org/boletin/boletin.htm>

A Institución traballaba «dende abaixo», dende a formación dos profesores como actores principais da reforma. O propio Francisco Giner decatárase da inconveniencia e inutilidade de intentar emprender unha reforma imposta «dende arriba», dende as leis, dende a política ministerial, pero sen contar co respaldo do profesorado, reticente aos cambios e propuxera actuar con cautela e astucia. Josep Pijoán, no seu libro *Mi don Francisco Giner*, recolle as seguintes palabras do pedagogo malagueño: «Leis, decretos, ¿para que? se, como vostedes din, non temos xente para aplicalos» (2002: 50-51).

Era «obra lenta pero segura» sen présas, aproveitando os buratos deixados polo poder: «Nin no Parlamento, nin no Goberno, senón no espírito do individuo, na vida de familia, na local, e de aquí gradualmente cara arriba, é onde pode labrarse unha reforma tan duradeira como todo cando vén do interior ao exterior» (Giner, 1916: 265).



## **CAPÍTULO 2. AS MULLERES NA UNIVERSIDADE**

---

### **2.1. O ACCESO DAS MULLERES Á EDUCACIÓN SUPERIOR (NORMATIVA LEGAL E REALIDADE SOCIAL)**

Como indica Alicia Itatí Palermo podemos distinguir dous períodos en relación co acceso das mulleres á educación universitaria: no primeiro unhas poucas accederon en forma "excepcional"; no segundo -un proceso sistemático- prodúcese o acceso de forma normal.

As primeiras mulleres que estudaron na universidade fixérono en Italia na Idade Media. Eran aristócratas que chegaron a obter o título de doutoras e incluso exerceron a docencia universitaria, xeralmente na carreira de dereito, seguramente por ser esta unha das primeiras carreiras existentes e porque de seguro se impartía en tódalas universidades.

No século XI, a médica italiana Trótula de Salerno, ocupou unha cátedra na Escola Médica Salernitana, onde ensinou a moitas mulleres nobres italianas, entre outras a un grupo nomeado como "as señoritas de Salerno". Varios textos importantes en medicina, sobre todo en obstetricia e xinecoloxía, foron atribuídos a Trótula.

Tamén en Italia, a coñecida Universidade de Bolonia permitía ás mulleres asistir a clase desde a súa fundación en 1088. Alí Alessandra Giliani foi axudante de anatomía no século XIV e Dorotea Bucca ocupou unha cátedra de medicina e filosofía moral no século XV. Nesta mesma Universidade estudaron e impartiron clases de dereito Bettina Gozzadini e Novella d'Andrea.

No Renacemento, Magdalena Canedi Noé e María Pellegrina Amoretti obtiveron doutoramento en Dereito nas Universidades de Bolonia e de Pavia respectivamente. Segundo aumentou a oferta académica, as mulleres foron interesándose por outras opcións. En 1732, Laura Bassi doutorouse en Filosofía, tamén na Universidade de Bolonia. Laura tiña unha educación privilexiada que recibira de Gaetano Tacconi, fisico e profesor da Universidade de Bolonia; Laura formouse en filosofía e metafísica. A idade de 20 anos, Laura Bassi obtivo posto de profesora de filosofía na Universidade de

Bolonia, a máis antiga de Europa, sendo a primeira muller en impartir clases<sup>12</sup> de maneira oficial nunha universidade europea. No mesmo século XVIII María delle Donne foi profesora de Obstetricia, María Gaetana Agnesi de Física e Anna Manzolini estudaba astronomía, todas na mesma universidade. A Universidade de Padua reservaba cinco vacantes a estudiantes do sexo feminino cando áinda non se regulamentara de maneira oficial o acceso das donas, de feito áinda non existía Italia como tal.

Un caso paradigmático é o de Dorotea Erxleben, quen obtivo o doutoramento en medicina en 1754 na Universidade de Halle (Alemaña), coa tese, escrita en latín: "*Exame das causas que afastan á muller do estudo*". Esta situación pode considerarse máis que unha excepción, un antecedente do proceso sistemático de acceso das mulleres á universidade que comezará un século despois por dous motivos: primeiro porque mostra un interese e compromiso pola educación universitaria das mulleres e en segundo lugar porque inicia a tendencia que se dará en case tódolos países do mundo de elección da medicina como carreira escollida por parte das primeiras universitarias.

Durante todo o século XVIII mantívose un importante debate sobre as posibilidades das mulleres para acceder aos estudos universitarios e ao exercicio das profesións consideradas masculinas, que difundiron autores como: Pollain de la Barre, Bernard La Boivier de Fontelle, Fenelon, Jean Le Rond d'Alambert, madame de Beaumer, Abbé de Mably en Francia; Mary Astell, A. Lady e Mary Wollstonecraft en Inglaterra; Benito Feijoo, Martín Sarmiento e Josefa Amar y Borbón en España. A mesma Dorotea Erxleben reclamaba o dereito das mulleres á educación e ao coñecemento afirmando que varóns e mulleres teñen capacidades semellantes e que "*a mente non ten sexo*"<sup>13</sup>. Pola contra, outros –os más- argumentaban contra as capacidades intelectuais das mulleres e defendían os roles que ambos sexos tiñan, e debían seguir tendo, na sociedade (Rousseau, Phroudhon).

---

<sup>12</sup> Bassi foi nomeada dous anos despois para unha cátedra de filosofía pero, con todo, poucas veces puido exercer a docencia pois aos seus coetáneos pareceralles indecente que unha muller ensinara nunha clase chea de varóns e só puido exercer como profesora universitaria a petición do Senado de Bolonia ou dar conferencias en eventos solemnes ou públicos, onde se invitara a mulleres.

<sup>13</sup> Frase escrita polo filósofo e relixioso francés François Poullain de La Barre (París, 1647-Xenebra, 1725) no seu polémico libro *De l'égalité des deux sexes, discours physique et moral où l'on voit l'importance de se défaire des préjugez*, editado en París en 1673.

Con este ambiente, a primeiros do século XIX, dúas mulleres estudaron e exerceron como médicas pero ocultando a súa apariencia baixo un disfraz de varón para sortear as barreiras que tiñan para acceder á universidade e ao exercicio profesional nun espazo considerado masculino. A primeira delas, Miranda Stuart Barry, graduada en 1812 en Edimburgo, exerceu toda a súa vida como médico militar baixo o nome de James Barry. Nos días anteriores a súa morte, Miranda redactou un escrito no que indicaba o seu desexo de ser soterrada sen exame post-morten, sen embargo a súa petición non foi tida en conta e a autopsia revelou que era unha muller e que, nalgún momento da súa vida, o “doutor” Barry estivera embarazada. A historia de Henriette Faver Caven<sup>14</sup> de Renau, nada en Suíza en 1791 é algo diferente. Casou cun militar, Jean Baptiste Renau, con quen tivo unha filla que morreu aos poucos días do nacemento. Logo da súa viuez, decidiu vivir do seu traballo. Vestida de home graduouse en medicina en París. Serviu como médico militar primeiro no exército napoleónico en Rusia e España, e posteriormente, en Guadalupe e Cuba. A súa identidade foi descuberta e tras uns anos na cadea, rematou os seus días como monxa nun convento. Ambas traballaron intensamente na súa profesión como homes, xa que como mulleres non puideron.

Elizabeth Garret Anderson (1836-1917) coñeceu á estadounidense Elizabeth Blackwell (a primeira muller en obter un doutoramento en Estados Unidos en 1849) e decidiu que, como aquela, ela tamén sería médica. As leis do seu país non llo permitirían, así que, estudou enfermería primeiro e posteriormente marcharía á París para obter o seu ansiado título. De volta no seu país, e xunto con Sophia Jex-Blake, Elizabeth Blackwell e outras mulleres, Garret Anderson fundou a primeira escola médica inglesa para instruír a mulleres, a *London School of Medicine for Women*, en 1874, da que posteriormente sería decana. Unha lei, aprobada en 1876 en parte grazas aos seus desvelos, permitiría ás mulleres británicas o exercicio da profesión médica<sup>15</sup>.

Watanabe (2009) no seu libro sobre Ginko Ogino indica que hai constancia de que esta muller houbo soportar as ofensas dos seus compañeiros varóns antes de converterse na primeira graduada nunha universidade de Xapón, en 1882. Exerceu como especialista

---

<sup>14</sup> Coñecida como Enrique

<sup>15</sup> Unha vez retirada, marchou vivir ao pobo de Aldeburgh, na costa este inglesa, onde en 1908, cando contaba con 74 anos de idade, converteuse no primeiro alcalde feminino de Inglaterra.

en xinecoloxía e obstetricia, impartía charlas a mulleres sobre hixiene, curación de feridas, e, foi unha loitadora contra a prostitución e os males que arrastraba.

A incorporación das mulleres nas universidades españolas foi máis lenta que noutros países de Europa. As universidades de París e Zúrich foron pioneiras en aceptar mulleres en tódolos estudos universitarios con igualdade de dereitos cos varóns, seguidas doutras universidades en Reino Unido, Bélgica, Dinamarca, Italia e Alemaña. O caso suízo resulta sorprendente xa que sendo pioneiro nesta causa foi, sen embargo, o último país europeo en recoñecer, no ano 1974, odereito ao voto para as súas cidadás.

Argumentos contra das capacidades intelectuais das mulleres e a defensa do seu rol “familiar” non só eran defendidos polas institucións eclesiásticas se non que tamén pensadores como Rousseau as apoianban, e para mostra a tremenda sentenza vertida na súa obra Emilio:

UNIVERSITATIS  
VERITATIS  
ET  
LIBERTATIS

dar pracer [aos homes], serllles útiles, facerse amar e honrar por eles, crialos de novos, coidalos de maiores, aconsellalos, consolalos, facerllles agradable e doce a vida, eses son os deberes das mulleres en tódolos tempos, e o que se lles ha ensinar dende a nenez

Con esta exposición queda patente que o fin desta educación non era formar mulleres como persoas se non desenvolver habilidades propias do rol de amas de casa e coidadoras do fogar, de esposa e nai, como dirían os pensadores do dezanove, propias da súa “natureza”<sup>16</sup>.

O proceso de acceso "sistemático" das mulleres á universidade, estivo enmarcado nun contexto de crecentes reclamos e de loitas feministas pola igualdade de dereitos de ambos sexos. Foi un proceso lento pero ininterrompido. Esta etapa comezou en Estados Unidos, na década de 1830 (en escolas médicas exclusivas para mulleres, que non necesariamente dependían da Universidade), continuou nas décadas seguintes en

---

<sup>16</sup> A expresión "labores propias do seu sexo" queda recollida e explicada no Decreto coñecido como Plan Calomarde, e refírese a: "facer punto, cortar e coser as roupas comúns de uso, bordar e facer encaixes ou outras que adoitan ensinarse ás nenas" (artº 198 *Real Decreto de 16 de febreiro de 1825, Plan y Reglamento de las escuelas de primeras letras*)

(Des)grazas ao réxime franquista esta liña de pensamento que só contemplaba ás mulleres como “amas de casa” e “anxos do fogar” mantívose na sociedade española ata ben entrado o período democrático.

Europa, comezando por París, Zürich e Inglaterra e case sempre coa carreira de Medicina. Este proceso seguiu en Italia, España, Bélgica, Dinamarca, Alemaña e Rusia, e chegou a América Latina a finais do XIX.

### ***2.1.1. As estudantes de Medicina nos Estados Unidos de América***

As mulleres, xa dende sempre na historia, estaban encargadas da procura dos coidados da familia. Tiñan os coñecementos -e os transmitían- das propiedades curativas das prantas, da elaboración de ungüentos, tisanas, de cómo coidar aos enfermos e, en especial, de todo o que atinxía ao proceso do parto e crianza dos nenos, e non só dentro do fogar. Houbo mulleres que practicaron a Medicina na antigüidade nas culturas Sumeria, Babilonia, Hebreia, Exipto, Grecia , Roma, na América precolombina, etc.<sup>17</sup>

En case tódolos países as primeiras universitarias foron médicas, tal vez porque, como xa dixemos, «o impulso á medicina parecía natural nas mulleres, tan natural como a ensinanza, pois as esposas e nais eran no século XIX, como o foran sempre, as supervisoras da saúde e as enfermeiras no fogar» (Gay, 1992: 170).

Como xa dixemos, o acceso sistemático das mulleres á universidade iniciouse nos Estados Unidos de América. En 1798 Judith Sergent Murray dixo: «*I expect to see our young women forming a new era in female history*»-espero ver ás nosas xoves inaugurar unha nova era na historia feminina- (Itati Palermo, 2005: 15).<sup>18</sup> As mulleres norteamericanas sacaron proveito da guerra civil ao encargarse de tarefas que ata ese momento só facían os varóns.

O movemento feminista en Estados Unidos naceu ligado aos movementos protestantes de reforma relixiosa que ían na busca da rexeneración moral da sociedade. A importante participación feminina no movemento antiescravista marcou a rápida concienciación das mulleres. A similitude entre escravos sen dereitos e mulleres era evidente. A relixión protestante promovía a lectura dos textos sagrados e isto levou emparellado que ao inicio do XIX non houbera praticamente analfabetas naquel país. Trala Guerra de

---

<sup>17</sup> Ver Rodríguez Cabezas A.et al.(2006). *Mujeres en la Medicina*, Grupo Editorial 33, Málaga. ISBN: 84-96257-28-2

<sup>18</sup> Judith Sergent Murray (1751-1820) dramaturga e ensaísta, foi unha das primeiras loitadoras pola igualdade de dereitos das mulleres nos Estados Unidos.

Secesión aprobase a emenda á Constitución que concedía o dereito ao voto aos escravos negros libertos pero negoulle este mesmo dereito ás mulleres. A reacción non tardou xa que axiña se constituíu a *National Woman Suffrage Association* primeira asociación feminista independente de partidos políticos e movementos relixiosos.

A educación universitaria das mulleres norteamericanas ten dúas características especiais. A primeira característica é a súa vinculación a círculos relixiosos protestantes. Os substratos que alimentaron o nacemento da educación feminina neste país foron os movementos de renovación relixiosa posteriores á Guerra e o espírito pioneiro. Os movemento de renovación relixiosa protestante coñécese co nome de *revivalismo* e tiña como base a filosofía dos dereitos naturais (igualdade, democracia, liberdade), a convicción relixiosa de que Deus creara iguais a tódolos homes (e xa que logo a ambos sexos) e a crenza no progreso mediante a educación. Esta doutrina callou nas sociedades misioneiras norteamericanas do dezanove, tendo tódolos integrantes das súas comunidades, independentemente do seu sexo, a obriga de ler e entender a Biblia, o que favoreceu a alfabetización das mulleres.

A Mount Holyoke débenlle as estadounidenses a orixe da educación das mulleres e a progresiva secularización nos estudos (Turpin, 2011: 33-35). Esta institución foi fundada pola química e educadora Mary Lyon en 1837 case un século antes que as mulleres tiveran dereito ao voto.<sup>19</sup> Coa apertura de Mount Holyoke, as mulleres terían a súa propia institución de educación superior, pois ningunha das outras 120 universidades que había nos Estados Unidos admitía mulleres. A súa idea era formar alumnas preparadas para partir cara ao oeste para difundir o evanxeo cristián pero levando a mellor formación posible, mulleres preparadas para levantarse co sol, dedicarse ao estudio, cultivar o talento propio, mantendo independencia e respecto cara si mesmas; valores todos que lles permitirían afrontar calquera revés da fortuna e sobrevivir en circunstancias difíciles. A propia Mary Lyon representa un exemplo claro de tenacidade, de muller feita a si mesma, de traballadora incansable.

---

<sup>19</sup> A primeira Escola Normal para mulleres creouse en Massachusetts no ano 1838 e en pouco tempo espalláronse por todo o territorio norteamericano.

A segunda característica é que as mulleres non estaban integradas no sistema educativo existente senón que a súa formación estaba segregada dos varóns, en “colleges” independentes pero nos que se impartía o mesmo currículo que nos masculinos. Estes centros dependían das universidades do Ivy League, que eran sete, polo que os americanos os chamaban as «*Seven Sisters*»: Barnard, Bryn Mawr, Mount Holyoke<sup>20</sup>, Radcliffe, Smith, Vassar, Wellesley. Oberling College (Ohio) foi a primeira institución universitaria que empezou a aceptar mulleres no ano 1837, pero cun programa diferente para ambos sexos. Máis adiante outras universidades privadas e estatais aceptaron mulleres en coeducación en Medicina (Utah, Iowa, Baltimore, Yale, Cornell). Estudaron nestes *colleges* mulleres de todo o mundo, como Elizabeth Blackwell, a primeira médica dos Estados Unidos (1849) e dous anos máis tarde a súa irmá Emily, que se convertería na primeira muller cirurxián norteamericana. As dúas irmás Blackwell naceran en Inglaterra, no seo dunha familia congregacionista que emigrou a América. Ambas irmás estudaron no *Geneva Medical College*, en Nova York, único centro que non as rexeitou pola súa condición feminina. Elizabeth fundaría o primeiro hospital do mundo dirixido só por médicas. Volvería a Inglaterra –onde morrería anos máis tarde– para traballar xunto a Elizabeth Garret. Foi unha grande loitadora dos dereitos das mulleres. McCabe (citada por Gay, 1992) publicou en 1893 un traballo no que se indicaba que, nesa época, había 36.329 estudiantes femininas en institucións de educación superior, das que 11.718 estudaban en coeducación.

En xullo de 1848, celebrouse en Nova York unha reunión, na capela metodista de Séneca Falls, para «*discutir a condición e os dereitos sociais, civís e relixiosos das mulleres*», recompilándose unha serie de queixas como o veto ao voto feminino, a prohibición de expresar publicamente as súas ideas, non poder presentarse ás eleccións, nin ocupar cargos públicos, a non participación na elaboración das leis, prohibición de ter propiedades, a prohibición de ter negocios propios, o acceso á educación superior e ao mundo profesional, etc.; que en realidade eran limitacións dos dereitos sociais, civís e relixiosos das mulleres nos Estados Unidos. Algunhas das asistentes fixeron seu o

---

<sup>20</sup> Mount Holyoke simboliza a vanguarda na educación das mulleres. Un modelo a seguir por outros colexios do seu país, onde despunta como modelo de excelencia académica

principio empregado durante a Revolución Americana de non pagar impostos<sup>21</sup> mentres as mulleres non puidesen votar (*no taxation without representation*). Ao final da Conferencia elaborouse a “*Declaración de Sentimentos*” (*The Declaration of Sentiments*) seguindo o modelo da Declaración de Independencia que proclamaba que tódolos homes e as mulleres foran creados iguais. Inserimos de seguido, un pequeño fragmento de dito manifesto:

(j) DECIDIMOS: Que todas as leis que impidan que a muller ocupe na sociedade a posición que a súa conciencia lle dite, ou que a sitúen nunha posición inferior á do home, son contrarias ao grande precepto da natureza e, xa que logo, non teñen nin forza nin autoridade.

Setenta anos despois a, en 1919, foi aprobada no Congreso americano a Decimo novena Emenda, a que deu ás mulleres o dereito a votar. O último estado en referendala reforma foi Mississippi, nunha data ben recente, o 22 de marzo de 1984.

As primeiras universitarias en Estados Unidos, como aconteceu tamén nos máis dos países, foron médicas pero cómpre preguntármonos o porqué desta elección. No proceso iniciado no século XIX agromaba unha forte reacción ao acceso das mulleres aos estudos superiores. A medida que ían sendo admitidas nas universidades, a discusión mudou a que tipo de estudos que encaixarían mellor coa natureza feminina e posteriormente a pregunta era se o título debía ou no permitir o exercicio profesional. O feito de que a porta de entrada das mulleres aos estudos universitarios foran as carreiras relacionadas coas ciencias da saúde, especialmente medicina, pode vincularse cunha serie de factores.



<sup>21</sup> *Votos para as mulleres*, cartel emblemático da igualdade do sufraxio da Liga da campaña de Virxinia (USA) ao longo da década de 1910 que reinventa o lema revolucionario da guerra estadounidense, «*non hai impostos sin representación*». Biblioteca de Virxinia

1º- A actitude activa das propias mulleres interesadas pola educación médica e o coñecemento do corpo.

2º- O aumento do número de estudiantes matriculadas, provocou que a reacción pública contra o acceso das mulleres á educación médica comezara a verse como «apropiada» pois non era máis cunha continuación natural do seu ancestral papel de «coidadoras» da familia. A idea de proporcionar un coñecemento sistemático ás mulleres no campo da saúde cobrou nova forza cando os médicos declararon a mediados dese século que grande parte da mortalidade infantil tiña como causa o descoñecemento feminino das más elementais normas de hixiene (Lemoine, 1986: 189-211).

3º- A apertura dos estudos de medicina para o sexo feminino e as viaxes das mulleres para cursar medicina naqueles países onde lles estaba permitido (primeiro Estados Unidos e logo Inglaterra, Suíza, Francia e Rusia) serviu como alicerce á hora da elección das carreiras ligadas coa saúde. Os estudos de medicina permitían ás mulleres «un espazo profesional que non representaba a ruptura brusca coa división sexual do traballo que se sentaba en características biolóxicas, polo que as decisións destas mozas estaban dentro dunha lóxica que non rachaba de todo coa orde establecida» (Flecha García, 1993). De todos modos as médicas viron restrinxido o seu espazo profesional ao «propio do seu sexo» traballando fundamentalmente -aínda que non todas- nas áreas relacionadas coa obstetricia e a pediatría.

Podemos concluír que o acceso regrado das mulleres aos estudos superiores principiou no século XIX, nos Estados Unidos, vinculada á círculos relixiosos protestantes e segregada respecto dos varóns. As primeiras universitarias norteamericanas, como logo tamén pasaría coas europeas, realizaron estudos de medicina, probablemente porque eran considerados como “naturais” e tamén porque supoñían a posibilidade do exercicio profesional.

### **2.1.2. O acceso das mulleres en Europa**

En termos xerais foi o acceso ás universidades a finais do s. XIX, o que demostrou ser a clave para a causa da muller, máis que o acceso ao voto

Gay (1992:71).

Como xa vimos indicando, o acceso das mulleres á universidade veu dado por unha loita contra leis e regulamentos, librada en reclamacións ante tribunais e institucións. Como xa dixemos tamén as mulleres deberon superar os atrancos en tres etapas:

- 1º- O permiso para estudar
- 2º- O permiso para a obtención do título
- 3º- O permiso para exercer libremente a profesión para a que se prepararan, xa que a primeira etapa non estaba vinculada á consecución das outras dúas.

Se nos fixamos na historia europea decatámonos de que viña de lonxe a presenza feminina nas universidades pero eran só unhas poucas as aspirantes, sempre de situación económica desenvolvida –normalmente aristócratas- e non houbo barreiras nin para a obtención do título nin para o ejercicio da profesión. As tornas cambiaron cando a demanda aumentou, cando non eran algunas individualidades as interesadas senón o colectivo feminino como xénero.

Foron as Universidades Zürich (1866) e París (1868) as primeiras en abrir as súas portas para estudar a carreira de Medicina.<sup>22</sup> Os estudos eran en coeducación, non segregados. Moitas europeas, especialmente do este do continente, decididas a realizar estudos superiores que lles estaban vetados nos seus países de orixe acudiron a estas universidades.<sup>23</sup> En Suíza a matrícula iniciouse sobre 1860, en Suecia -con carácter oficial- en 1870. A continuación, e en orde cronolóxica, en «Francia, Inglaterra, Rusia, España, Noruega, Dinamarca, Italia e Finlandia» (Flecha, 1996: 12)

---

<sup>22</sup> A norteamericana Mary Putnam Jacobi (1842–1906), foi a primeira muller matriculada para realizar estudos de Medicina en Francia, obtendo a súa graduación en 1871 na *Ecole de Médecine de Paris*.

<sup>23</sup> A Universidade de San Petersburgo que admitira mulleres dende 1859 prohibiu-lles o acceso no ano 1863.

En 1870 graduouse na Universidade de París a inglesa Elizabeth Garrett (1836-1917), realmente unha pioneira: a primeira muller inglesa en obter un título de licenciada en Medicina e Cirurxía, a primeira que oficialmente exerceu a súa profesión en Gran Bretaña, co-fundadora do primeiro hospital atendido por mulleres, «*a dispensary where poor women might receive medical advice free, or almost free, from a qualified woman*», trad.: “Un dispensario onde as mulleres pobres poden recibir asistencia médica gratuíta, ou case de balde, dunha muller cualificada”).<sup>24</sup> Garrett tamén foi a primeira decana dunha facultade de medicina británica, a primeira muller cun doutoramento en medicina en Francia, a primeira muller electa nun consello escolar en Gran Bretaña, a primeira alcaldesa electa no seu país e tamén a primeira maxistrado. En 1882, estudaban na Universidade de París 32 alumnas, das que 14 eran inglesas, rusas 12 e só 6 francesas e, no curso 1894-95 había 195 estranxeiras na Sorbonne das que 151 eran rusas (77%).

Un total de 120 mulleres rusas matriculáronse entre 1864 e 1874 na Universidade de Zürich, das que 85 estudaron Medicina (Tuve, 1984), sendo Nadezhda Suslova a primeira en graduarse (1867) nesta disciplina, nesta universidade. As alumnas rusas non eran ben vistas entre os seus compañeiros suízos porque estes tiñan que pasar exame de acceso mentres que os estudiantes estranxeiros só tiñan que presentar un certificado de boa conduta (Johanson, 1987). Asemade existía oposición por parte dos estudiantes varóns á presenza das mulleres e ademais estas elevaban o nivel académico. O profesorado, pola contra, estaba encantado co nivel de preparación e esforzo destas alumnas, ás que consideraban exemplares. Encontramos unha cita de Edmund Rose, profesor da Facultade de Medicina no discurso de agradecemento trala defensa do seu título por Suslova: «estámonos achegando de contado ao final da escravitude da muller, e pronto teremos a emancipación práctica das mulleres en tódolos países e polo tanto o dereito ao traballo». A primeira médica alemana Emilie Lehmus-Gräfenberg e a segunda Franziska Tiburtius, estudaron ambás dúas en Zürich, graduándose en 1875 e 1876 respectivamente.

Entre os anos 1872 e 1886 estivo permitida a matrícula das mulleres na Universidade de Moscú e tamén nas de Kazan e de Kiev. Rusia foi o primeiro país europeo en establecer

---

<sup>24</sup> Encontramos moita información na tese de Pilar Iglesias Aparicio (ver bibliografía)

cursos de medicina exclusivamente para mulleres en 1872, a fin de mellorar a saúde perinatal no país e tratar de parar a terrible taxa de mortaldade infantil (un 50% dos nenos morrían antes de cumplir dous anos). Os *Cursos de Medicina para Mulleres* de San Petersburgo cunha duración académica de catro anos rexistraban xa, a finais da década, unhas 700 inscritas. Os excelentes resultados acadados provocaron que o programa se igualase en duración ao dos varóns, pero seguían impartíndose en centos segregados. As primeiras graduadas tiñan restrinxida a súa práctica profesional ao tratamento de mulleres e nenos. Entre 1877 e 1878 un grupo de médicas –impúñase a necesidade- trataron aos feridos da guerra turca tanto no exército como na Cruz Vermella, desenvolvendo o mesmo traballo cos seus colegas varóns. Trala guerra o tsar recoñeceu publicamente o seu traballo nomeándoas *Zhenskii Varch* (médicas) en vez de *Uchenye Akusherki* (matronas) como eran coñecidas. Os dereitos das médicas foron ampliándose, e, a partires de 1883, foron recoñecidas nos rexistros oficiais coma médicos. O programa pechouse no ano 1887.

O tsar Nicolás II abriu en 1897 unha facultade segregada o Instituto Médico das Mulleres en San Petersburgo, con 1500 prazas. Trala Revolución de Outubro o centro impartiou estudos en coeducación.

E como era a situación nas Illas Británicas?. A editora feminista e sufraxista Emily Davies (1830-1921) iniciou unha campaña para a reforma da educación secundaria e universitaria das mulleres en Gran Bretaña, despois de negarlle a Universidade de Londres o acceso á súa amiga Elizabeth Garrett. Non se pode falar dos cambios producidos na situación das mulleres en Gran Bretaña, ao respecto da educación superior, sen nomear a dúas precursoras: a Florence Nightingale<sup>25</sup>, pionera da enfermería profesional moderna (Florencia, 1820-Londres, 1910) e a Elizabeth Blackwell (Bristol, 1821-Sussex, 1910), da que xa falamos en páxinas anteriores. As súas vidas teñen moitos puntos en común. Os desexos de independencia e a profunda fe relixiosa que ambas compartían, foron o motivo que as impulsou a buscar unha profesión coa que dedicar a súa vida a axudar aos demais. Cando en 1858, Elizabeth Blackwell, volve a Inglaterra, a súa amiga íntima, Florence Nightingale, propónlle a creación dunha escola de enfermeiras, pero ambas tiñan diferentes enfoques, polo que o

---

<sup>25</sup> Ver bibliografía: Monteiro, Lois A. (1984)

proxecto non chegou a materializarse. Elizabeth Blackwell soñaba cunha escola de enfermería e unha escola de Medicina para mulleres, entroncadas por un hospital. As aspirantes a médicas deberían primeiro formarse como enfermeiras. Florence, en cambio, quería que a escola se vinculara cun hospital de prestixio, xa existente, para non gañar a antipatía dos médicos cara ás novas reformas, e ademais a súa intención era a de formar enfermeiras e coidadoras, e non médicas. Florence Nightingale mostrou hostilidade cara ás loitas feministas pola igualdade de dereitos das mulleres, mentres que Blackwell mantiña vínculos -incluso familiares- co movemento feminista norteamericano.<sup>26</sup> A decisión destas mulleres faría que Florence Nightingale acadara a creación da primeira escola laica de enfermeiras (1860) e que Elizabeth Blackwell ocupara a cátedra de Xinecoloxía na *London School of Medicine for Women*, en 1874.

En 1869 a Universidade de Cambridge aprobou a apertura dun centro para mulleres, o *Emily Davies College* (posteriormente chamado Girton College) que foi o primeiro *college* británico para mulleres e que sempre fixo gala de loitar para que o nivel educativo recibido polas súas alumnas non fora inferior ao dos varóns.<sup>27</sup> Un periódico da época escribiu: «*The one thing men do not like is the man-woman, and they will never believe the College or University woman is not that type*»<sup>28</sup> (O único que os homes non lles gusta é a muller varonil, e eles nunca van crer que a muller do college ou universidade non sexa deste tipo).

En 1871 fundouse, tamén en Cambridge, o Newham College pero cun enfoque distinto porque encamiñaba a educación superior das mulleres cara a estudos más «femininos» (lingua inglesa, literatura e historia) o que supuxo rozamentos entre os dous colexios. O debate sobre a educación feminina en Inglaterra foi intenso. En 1869 John Stuart Mills publicou *The subjection of woman*, obra clave para o feminismo da época, que denunciaba que: «o que nosoutros chamamos agora a natureza da muller é eminentemente unha cousa artificial, é o resultado dunha represión forzada nalgunhas

---

<sup>26</sup> Unha das súas cuñadas, Lucy Stone Blackwell, primeira graduada universitaria de Massachusetts, era sufraxista e defensora dos dereitos das mulleres, e fundadora da *American Woman Suffrage Association*. Outra cuñada sería a primeira muller ordenada sacerdote nos Estados Unidos.

<sup>27</sup> As mulleres non puideron ser membros de plenodereito da Universidade de Cambridge, ata 1948 e, dende esa data, o Girton College foi oficialmente *college* universitario.

<sup>28</sup> *Quarterly Review* 1869

direccións». O pensador recoñeceu na súa autobiografía, publicada en 1873, a influencia que a mente da feminista Harriet Taylor coa que estaba casado, tivera sobre a súa (Martino y Bruzzese, 2000). A disputa arredor de se a mente ten ou non ten sexo durou anos e xerou numerosas publicacións tanto a prol como en contra, i esta segunda dirección era especialmente seguida polos membros dos *clubs* universitarios masculinos. Algunhas universidades se mostraron moi reticentes á presenza feminina, como a de Oxford.

As Universidades de Bélxica e Dinamarca abriron as súas aulas ás mulleres cara a 1875. Dende 1870, tamén podían matricularse, previo permiso especial (necesario ata 1907) nas Universidades finesas.

En Alemaña (caso único en Europa) a situación é radicalmente diferente. As primeiras mulleres en acceder aos estudos universitarios non foron médicas. As pioneiras, ámbalas dúas rusas e estudiantes na Universidade de Göttingen, en 1884, foron a matemática Sofia Kovalevskaya e a química Iuliia Lermontova, cujos títulos non lles permitían exercer legalmente a profesión. Kovalevskaya (1850-1891), primeira doutora graduada nunha universidade alemá, non foi admitida na Academia Sueca de Ciencias en 1885, sendo xa profesora da Universidade de Estocolmo, a pesares de ser a primeira doutora do mundo en matemática e ter realizado grandes achegas no campo das ecuacións diferenciais. Cando Sofia rematara os seus estudos de secundaria, desexaba continuar estudando matemáticas pero, para poder facelo, tiña que saír de Rusia xa que as universidades deste país non admitían mulleres. Como unha muller soa non estaba nada ben vista, casou por conveniencia con Vladimir Kovalevsky, un paleontólogo, en 1868, e marcharon ambos a estudar a Heidelberg primeiro e despois a Berlín. Esta talentosa matemática defendeu a súa tese en 1874, sendo a primeira matemática no mundo en obter un doutoramento. Tras conseguir varios premios, en 1889 foi nomeada profesora da Universidade de Estocolmo, a primeira muller en dar clases nunha universidade europea, deixando claro no seu discurso o esforzo realizado para acadar tal posto<sup>29</sup>: «É posible que así poda abrir as universidades para as mulleres, o que ata agora só podía ser como favor especial, un favor que pode ser negado en calquera momento, como ocorreu recentemente nas universidades alemás...».

---

<sup>29</sup> Recoméndase a lectura dalgúnha biografía da azarosa vida desta científica

Iuliia Lermontova (1847-1919), amiga de Kovalévskaya, acompañou a esta a Alemaña para realizar os seus estudos, traballando no laboratorio con Robert Bunsen en Heidelberg e con Hofmann en Berlín. Doutorouse *cum laude* en Química en Göttingen en 1874. De volta en Rusia traballou con Mendeléyev, Markovnikov e Butlerov. Foi designada en 1875 membro da Sociedade Química de Rusia. Iuliia traballou na química do petróleo, na separación dos seus compoñentes, na estrutura de diversos compostos orgánicos e no deseño de plantas de petróleo e gas.

En 1898 graduouse a primeira universitaria alemá, María von Liden, na Universidade de Tubinga (Tübingen), en Zooloxía. En 1899 incorporouse como asistente na Universidade de Bonn como bacterióloga e viróloga pero non foi habilitada oficialmente como tal ata 1910; aínda así foi a primeira docente universitaria no seu país: María foi admitida nos estudos superiores cun permiso especial. As primeiras universidades alemás que abriron as súas portas para a formación das mulleres con carácter oficial e estudos regulados foron Heidelberg e Friburgo, no ano 1901 (Bowen, 1985)

En Noruega admitiríanse ás mulleres nas universidades no ano 1884 e Finlandia en 1901, pero neste país o número de universitarias foi numeroso praticamente dende principios do século XX (Manninen, Setälä, 1990).

Como acabamos de relatar a maior parte das primeiras universitarias estudaron Medicina, pero o abano de carreiras foi aumentando cara fins do século XIX, se ben salientaremos que a de Dereito foi a que máis resistencia presentou á súa incorporación, pero non afondaremos neste tema por encontrarse fóra do noso ámbito de estudio das ciencias experimentais.

Xa indicamos que as estudiantes americanas foron as auténticas pioneiras no acceso aos estudos universitarios, por iso elaboramos un apartado minucioso explicando os seus avatares. Tratamos o caso das europeas pois nese entorno é onde nos situamos, e antes de centrar o tema en España, faremos un pequeno apunte sobre os países de América do Sur.

Cinco foron os países suramericanos que permitiron ás mulleres realizar estudos universitarios no século XIX (a partires de 1880), a saber: Brasil, México, Chile, Cuba e

Arxentina, e coa Medicina como campo de estudo. O papel activo nos conflitos de independencia propiciou a toma de conciencia sobre o seu rol tradicional e, en especial, sobre a importancia da súa educación.

No ano 1877 aparece o primeiro caso dunha moza examinada para obter o seu título de médica en México (se ben no sabemos se puido exercer), Zenaida Ucounkoff. Nese mesmo ano un decreto do goberno de Chile permitía, ano 1877, ás chilenas ingresar na universidade. En 1887 obtiveron o seu título en Medicina e Cirurxía a mexicana Matilde Montoya; Eloísa Díaz e Ernestina Pérez -ámbalas dúas en Chile-, e Rita Lobato Velho Lopez, en Brasil.

### ***2.1.3. As mulleres e a educación superior en España no século XIX***

A incorporación da muller á universidade dun modo regular en España prodúcese a finais do s. XIX, con séculos de retraso con respecto dos varóns, quen tiñan a exclusividade na formación superior. Como xa dixemos anteriormente, a realidade social e política só lles concedía ás mulleres un papel no marco familiar e doméstico. A consideración das vantaxes da educación feminina perseguía o propósito da aplicación dos coñecementos aprendidos polas mulleres para unha maior e mellor atención de marido, fillos e fogar.

A política educativa do dezanove en España imponía a obrigatoriedade da educación escolar das mulleres pero sempre, como indica Pilar Ballarín (2001), cun triplo enfoque: primeiro que a instrución das nenas non é asunto público senón privado; segundo, que a educación das nenas ten que ver coa formación moral máis que cos coñecementos; e, por último, será específica e diferenciada da dos varóns. O cambio de século XX entra como saíu o pasado, dominado pola mentalidade de que a muller só estaba capacitada para o convento ou o matrimonio o que conducía a que a súa formación intelectual estivera praticamente abandonada.

A incorporación das mulleres ao sistema educativo, segundo a Igrexa, era unha forma de moldear en principios e valores cristiáns ao elemento de unión da familia e do fogar. Deste xeito o acceso das mulleres ao sistema educativo non buscaba, de ningunha maneira, alterar a función social das mulleres; buscaba fundamentalmente alfabetizalas

e adestralas nalgunhas tarefas domésticas para o mellor funcionamento do fogar e da familia. A súa educación, en caso de habela, debía ir orientada á súa misión na vida. Os textos legais falan por si sós.

Empeza o século XIX co traballo lexislativo das Cortes de Cádiz. A súa Comisión de Instrucción Pública emite o 7 de marzo de 1814 un Ditame e Proxecto de Decreto sobre o arranxo xeral da Ensinanza Pública, que quedou niso, nun proxecto, pois un Golpe de Estado puxo fin á era liberal inaugurada coas Cortes gaditanas e o decreto de 4 de maio de 1814 declaraba «nulos e de ningún valor nin efecto» tanto a Constitución como todos os decretos promulgados polas Cortes.

Aínda que xa falamos no capítulo anterior quixeramos deixar aquí este pequeno fragmento do *Dictamen y Proyecto de Decreto sobre el arreglo general de la Enseñanza Pública, presentados a las Cortes de Cádiz por su Comisión de Instrucción Públicas*:

*Al concluir la Comisión el plan general de instrucción pública, no se ha olvidado de la educación de aquel sexo, que forma una parte preciosa de la sociedad; que puede contribuir en gran manera a la mejora de las costumbres, y que apoderado casi exclusivamente de la educación del hombre en su niñez, tiene un gran influjo en la formación de sus primeros hábitos y, lo sigue ejerciendo después en todas las edades de la vida humana. Pero la Comisión ha considerado al mismo tiempo que su plan se reducía a la parte literaria de la educación, y no a la moral, principal objeto de la que debe darse a las mujeres. Tampoco pudo desentenderse de que este plan solo abraza la educación pública, y que cabalmente la que debe darse a las mujeres ha de ser doméstica y privada en cuanto sea posible, pues que así lo exige el destino que tiene este sexo en la sociedad, la cual se interesa principalmente en que haya buenas madres de familia. Pero como además de la educación doméstica de las mujeres, que necesariamente se ha de mejorar con el progreso de la instrucción nacional y el fomento de la riqueza pública, convenga que el Estado costee algunos establecimientos en que aprendan las niñas a leer y escribir, y las labores propias de su sexo, la Comisión opina que se debe encomendar al celo de las Diputaciones provinciales el que propongan el número que deba haber de estos establecimientos, el paraje donde deban situarse, su dotación y forma (Cortes Españolas / Comisión de Instrucción Pública, 7 de marzo de 1814).*

Non só a institución eclesiástica apoiaaba esta liña de pensamento, senón tamén ilustres pensadores como Ortega y Gasset, quen sinala que: «É increíble que haxa mentes cegas

abondo para admitir que poida a muller influír na historia mediante o voto electoral e o grao de doutor universitario tanto como inflúe por esta a súa máxima potencia de ilusión».<sup>30</sup>

E áinda máis: «O home golpea co seu brazo na batalla, abafa polo planeta en arriscadas exploracións (*sic*), escribe libros, bate o vento con discursos, e ata cando non fai senón meditar, recolle os seus músculos sobre si mesmo nunha quietude tan activa que parece a contracción preparatoria do chimpó audaz». E insistindo na teima, engade que «a muller en tanto, non fai nada».

Con esta exposición queda patente que o fin desta educación non era formar mulleres como persoas se non desenvolver habilidades propias do rol de amas de casa e coidadoras do fogar, de esposa e nai ou -como dirían os pensadores do dezanove- propias da súa “natureza”.

Os novos ideais progresistas en educación, defendidos durante o Sexenio Revolucionario acadaron poucos logros concretos no concernente á instrución feminina, sendo quizais o único fito salientable a iniciativa liderada por Fernando de Castro cando foi nomeado reitor da Universidade Central (Madrid), a proposta do seu compañoiro Sanz del Río.<sup>31</sup> O novo reitor proxecta «estender a cultura» a todo o pobo creando as escolas gratuítas de nenos e adultos, clases nocturnas para obreiros e organiza as célebres *Conferencias Dominicales para la educación de la mujer* xermolo da *Asociación para la Enseñanza de la Mujer*. Cando Fernando de Castro inaugurou a serie de *Conferencias* en 1869 indicou que o tema escollido era «unha das cuestiós capitais que o progreso da civilización trouxera a debate nas sociedades modernas» (Castro, 1869: 3). As charlas foron impartidas por destacadas figuras do mundo da cultura, da política e da intelectualidade, moitos dos que anos máis adiante formaron o núcleo inicial da *Institución Libre de Enseñanza*. O obxectivo sería comunicar que as mulleres teñen os mesmos dereitos cos homes á súa instrución e que esa instrución serviría para acadar a súa misión na vida, unha esposa que compartira as preocupacións

---

<sup>30</sup> Ortega y Gasset, “Estudios sobre el amor”

<sup>31</sup> Fernando de Castro (Sahagún, León 1814-Madrid 1874) catedrático e reitor da Universidade Central, académico da Historia e senador.

do seu marido e unha nai capaz de insuflar ideas progresistas nos seus fillos (esposa e nai cun veo cultural).

A revolución de 1868 trouxo certa mellora no tocante á educación secundaria e superior das mulleres, que seguía atopando férreos detractores como Severo Catalina<sup>32</sup>, que consideraba inadecuada a educación superior das mulleres como vemos neste texto:

¿Por qué as mulleres non habían acudir ás Universidades e recibir graos e exercer profesións científicas e industriais? A muller pode estudar, pode saber: que estude e saiba; ábranse Universidades para as mulleres; confírayscale graos; que exerzan profesións científicas e industriais. ¡Non te rías lector! O asunto é serio. Non te asustes lectora; trátase dunha utopía. As que pedides sabedoría para o voso sexo, reparade no que pedides: figurarvos un matrimonio no que o marido resolve problemas de Matemáticas, e a muller estuda as categorías de Aristóteles; ou máis ben, figurarvos os fillos dese matrimonio. Deixade que o home organizado física e intelectualmente para o traballo, cumpra na terra a súa misión. Dadas as condicións da actual sociedade, non é preciso que a muller sexa sabia; abonda que sexa discreta, (Catalina, 1861: 261-263).

O aumento do número de solicitudes de matrícula durante a Restauración trouxo consigo unha serie de atrancos legais ao acceso das mulleres ao ensino secundario e superior. Estas trabas antes non existían, porque simplemente non eran necesarias xa que as mulleres non pensaran na posibilidade de estudar.

A Real Orden de 16 de marzo de 1882 resulta contraditoria ao autorizar ás mulleres que estaban cursando estudos en Institutos nese momento, a continuar os estudos universitarios si o desexan, pero prohíbe a entrada doutras mulleres nas Facultades no futuro. No mesmo ano a Orden, de 19 de outubro prohíbe a matrícula de mulleres na Segunda Ensinanza pero permite, ás que xa teñan o título de bacharelato, a matricula na Universidade.

Con todo, tras estas normas, algunas mulleres cursaron as súas carreiras universitarias, presentando solicitudes puntuais á superioridade e co respaldo de parte do profesorado.

---

<sup>32</sup> Severo Catalina del Amo (Cuenca 1832-Madrid 1871) catedrático da Universidade Central, foi Director de *Instrucción Pública* (1866), *Ministro de Marina* (1868) e Ministro de Fomento e académico da lingua, ademais de redactor na prensa e autor de numerosos libros.

Sobre a lexislación e as súas mudanzas de fins de século xa falamos no capítulo anterior. Lembremos que a Real Orde de 11 de xuño de 1888 fixou para a solicitude de matrícula oficial a obrigatoriedade de consulta con órganos superiores que “resolverán segundo o caso e as circunstancias da interesada”. Na realidade tratábase da solicitude dun permiso especial que estivo vixente ata a aprobación da Lei Moyano

Existe un interesante estudo de Consuelo Flecha (1998: 235-259) sobre “*Mujeres que han hecho estudios en las Universidades e Institutos oficiales de España en los últimos años (1872 a 1881)*” que permite coñecer que o número de matriculadas nos institutos españois era de 167 das que 9 eran galegas (4 do Instituto de Lugo; 2 da Coruña e 1 dos de Ourense, Pontevedra e Santiago). O número de alumnas foi *in crescendo* se ben moitas non completaron os seus estudos.

Sobre o Desastre de Cuba e a creación do *Ministerio de Instrucción Pública* en 1900 falamos tamén con anterioridade. Pouco a pouco vaise conseguindo a escolarización das nenas ata os doce anos áinda que as mestras tiñan unha preparación moi deficiente (parella ao seu exiguo salario) que non axudaba en nada á formación das alumnas.

A Segunda República tomou posición claramente a favor da mellora educativa das mulleres pero a súa efémera vida non permitirá realmente o desenvolvemento das súas iniciativas.

Trala contenda civil o réxime franquista encárgase dun cambio total de actitude, unha volta á «muller e a pata quebrada», maternidade e fogar creando a *Sección Femenina de F.E.T y de las J.O.N.S* (*BOE* de 29 de decembro de 1939) a formación das mulleres neste ideario reserva para as mulleres o papel de filla, esposa e nai. O «sitio» da muller non é outro que o fogar.

Como indica Adolfo Maillo (1944: 179-181) impõe unha volta «á sa tradición» reprobando á «intelectual pedantesca que intenta en van igualar ao varón nos dominios da Ciencia». Por suposto «cada cousa no seu sitio». Neste labor de imponer ás mulleres pautas tradicionais de comportamento, colaborou a Igrexa (Scanlon, 1976: 26).

#### **2.1.4. A universidade española a fins do século XIX**

A configuración da Universidade e do seu profesorado a fins do século XIX é o resultado da centralización e uniformación levadas a cabo polo Estado. Leis sucesivas minguarán pouco a pouco o que quedaba da autonomía que tiñan antano os claustros universitarios. Co Plan Pidal de 1845 primeiro e coa Lei Moyano de 1857, despois, deuse cume a un proceso centralizador e uniformizador do ensino universitario, sendo o Estado o responsable total dos contidos dos plans de estudos, do financiamento dos centros e da situación académica dos profesores.



**Figura 1. Distritos universitarios españoles 1857**

A finais do século XIX a Universidade española estruturábase en cinco Facultades (Filosofía e Letras, Ciencias -coas seccións de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais-, Dereito, Medicina e Farmacia), suprimíndose a de Teoloxía no ano 1868. A verdadeira novidade fora a implantación da Facultade de Ciencias en 1857, porta aberta á difusión científica.

Foi o Plan Pidal de 1845 o que estableceu en 10 o número de Universidades: Barcelona, Central, Granada, Oviedo, Salamanca, Santiago, Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza. Tan só a Universidade Central impartía formación para o doutoramento.

Só a Facultade de Dereito estaba presente oficialmente en tódalas Universidades, e a de Farmacia só existía en catro centros (Madrid, Barcelona, Granada e Santiago). A

Facultade de Filosofía e Letras non existía máis que baixo a forma de ensinanzas preparatorias ás xurídicas en catro Universidades (Oviedo, Santiago, Valencia e Valladolid). Non había Facultades de Medicina nas Universidades de Oviedo e de Salamanca, e a Facultade de Ciencias a miúdo quedaba reducida a unha soa sección sobre as tres existentes (como nas Universidades de Sevilla, Granada e Valencia), ou dúas (Universidades de Barcelona e Zaragoza), ou ben non ofrecía máis que ensino preparatorio ás de Medicina e Farmacia (Universidades de Santiago e Valladolid).

A Universidade Central<sup>33</sup>, situada en Madrid era de recente creación trala supresión e transferencia en 1836 da Universidade de Alcalá de Henares<sup>34</sup>-fundada en 1499- (tamén a de Cervera foi trasladada a Barcelona). A universidade Central ocupaba un lugar salientable no conxunto universitario, tanto polo número das súas ensinanzas, como pola remuneración e prestixio dos seus profesores. Só se podían cursos estudios de doutoramento e de todas as Facultades completas, na Universidade Central, polo que todos os estudiantes ou, cando menos todo o profesorado, tiña a obriga de pasar por alí.

Xunto coas Facultades, o espazo universitario completábase con Escolas Superiores profesionais (Notariado, Diplomacia, Enxeñeiros Industriais, Comercio, Náutica, Veterinaria) as Escolas Normais, e as Escolas Especiais (Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, Minas, Montes, Agrónomos, e Axudantes de Obras Públicas)

A fins de século había uns 8000 estudiantes universitarios oficiais, e algo máis de estudiantes *libres*, ou sexa uns aproximadamente 17.000 estudiantes. Por facultades a palma levábaa Dereito que reunía a máis do 40% dos matriculados (7400). Por Universidades por suposto que a que máis alumnos tiña era Madrid con 4800 estudiantes e a que menos Oviedo con 400.

Da universidade española saían case 2000 licenciados e uns 200 doutores no ano 1900. Por estudos o reparto era como amosamos no cadro seguinte

---

<sup>33</sup> A Universidade Central pasou a chamarse Universidade Complutense en 1970

<sup>34</sup> A Universidade de Alcalá de Henares reabriuse en 1977

**Táboa 1. Titulados nas universidades españolas**

Facultade	Nº	Porcentaxe
Dereito	985	49,
Medicina	545	27,
Farmacia	268	13,
Filosofía e	145	7,2
Ciencias	49	2,5

As desigualdades por universidades e facultades podían observarse en función do número de cátedras correspondentes. A Universidade Central tiña a primeiros de século XX máis do 58% dos catedráticos. As cátedras madrileñas eran as más cotizadas, pois supuñan unha prima anual de 1000 pesetas, un 10% máis de soldo, así que todos os profesores tiñan en mente esta Universidade como cume da súa vida profesional, e as pequenas universidades de provincia, menos dotadas en persoal e medios, considerábanse como meras universidades de paso, e como etapas cara universidades más prestixiosas. Isto sempre era así agás que por razóns familiares ou de saúde decidiran quedar.

¿Que acontecía coas mulleres nesta universidade finisecular?

Dúas Reais Ordes de 1910 do Ministerio de Instrucción Pública, que dirixía o conde de Romanones, unha de 8 de marzo e outra de 2 de setembro, permitían por vez primeira a matriculación en tódolos establecementos docentes das mulleres españolas, terminando cos longos e irritantes trámites que debían de sufrir aquelas mulleres que, pese a todo, decidiran cursar unha carreira universitaria, e remataba, dende o punto de vista formal, a histórica exclusión das mulleres dos espazos oficiais do saber e do recoñecemento intelectual e profesional. Esta orde derogaba outra Real Orde, do 11 de xuño de 1888, que admitía a entrada de mulleres na universidade como estudiantes privados, pero que requiría a autorización do Consello de Ministros para a súa inscrición como alumnas oficiais.

Nin a natureza, nin a Lei, nin o estado da cultura en España, consinte unha contradición semellante e unha xustiza tan evidente. Merece a muller todo apoio no seu desenvolvemento intelectual, e todo esforzo alentador na súa loita pola vida (Orde de 2 de setembro de 1910).

Detrás de todo isto había un movemento de mulleres ilustradas, cultas, loitadoras, reivindicativas; a experiencia de miles de mestras que creaban e levaban saberes básicos ás nenas dos pobos e cidades españolas, e moitas traballadoras que incorporaban ao movemento obreiro as súas reivindicacións como mulleres. E non o esquezamos, un renovador pensamento, o feminista, que daba sentido e sostiña a súa acción individual e colectiva (Cándida Martínez López, 2010: 2).

A Real Orde de 2 de setembro establece que «**se concedan, sen necesidade de consultar á Superioridade, as inscricións de matrícula en ensinanza oficial ou non oficial solicitadas polas mulleres**». A nova norma autoriza “por igual” o acceso de homes e mulleres tras recoñecer que as «consultas se non implican limitación de dereito, polo menos producen dificultades e retrasos na tramitación, cando o sentido xeral da lexislación de Instrucción Pública é non facer distinción por razón de sexo». Ata 1910, segundo as investigacións de Consuelo Flecha, unicamente 77 mulleres se matricularán na universidade e delas só 36 se licenciarán. A mesma orde permitiu que as licenciadas puideran presentarse a oposicións para ser profesoras de instituto e universidade, dándolle así unha saída profesional. A partires de 1873 a Universidade de Barcelona primeiro, seguida das de Valencia, a de Valladolid e a Central de Madrid despois, comenzaron a coñecer a presenza de alumnas entre os seus estudiantes.

Sinalemos que existía un absoluto silencio normativo en canto á posibilidade das mulleres de acceder a estudos superiores. Lexisladores da época non pensaran neste tema, non o concibían, nunca pasara pola súa cabeza tal cousa e esta falta de imaxinación dos gobernantes creou un oco legal que algunhas souberon aproveitar.

A primeira nova do interese da muller polos estudos superiores é do 2 de setembro de 1871, cando M<sup>a</sup> Elena Masseras consigue un permiso especial do rei Amadeo de Saboia para realizar estudos de segunda ensinanza e poder continuar na Universidade de Barcelona despois. En 1877 tres novas alumnas matriculábanse nesta Universidade catalá: Martina Castells Ballespí, Isabel Andrés Hernández e María Ana Ramona Vives.

En Valladolid, Elia Pérez Alonso matriculábase en Medicina. M<sup>a</sup> Dolores Aleu Riera é a primeira muller que realiza o exame de grao para obter unha licenciatura, en Medicina, o 20 de abril de 1882, seguida no mesmo ano por Martina Castells Ballespí e M<sup>a</sup> Elena Masseras Ribera, todas pola Universidade de Barcelona. En 1886 obtén a Licenciatura en dita Universidade catalá, Dolores Llorent Casanovas, o 26 de xuño, e dous días despois a quinta muller licenciada en Medicina, M<sup>a</sup> Luisa Domingo García natural de Palencia, obténa na Universidade de Valladolid.

En Madrid non sabían nada destas mulleres así que cando M<sup>a</sup> Elena Masseras solicitou o permiso para facer o doutoramento a sorpresa foi grande, e puxéronlle tantos atrancos que finalmente non conseguiu rematar o seu doutoramento. No ano 1896 se incorporaron seis alumnas ás Universidades españolas, matriculándose en Madrid, en Santiago de Compostela, en Zaragoza i en Barcelona.

Manuela Barreira Pico que se matriculou na Facultade de Farmacia de Santiago de Compostela, foi a primeira estudiante da Universidade galega, rematando a carreira no ano 1900.

Flecha García afirma que a conciencia que tiveron estas mulleres sobre os seus dereitos amósase non só nos temas das súas tese senón nos atrancos para estudar que tiveron que superar. Ata 1910 o permiso que debían obter da *Dirección General de Instrucción Pública* podía demorarse incluso anos, pois a Administración alegaba que este trámite requiría o estudio particular de cada caso.

Foi no ano 1875 cando por vez primeira un profesor solicitou a presenza dunha alumna en clase, a revista *El Siglo Médico* contábaoo así:

*Al abrirse la matrícula del presente curso académico, se inscribió... Hará próximamente un mes y medio, pasando lista el Sr. Carbó, catedrático de la primera de las expresadas asignaturas, nombró a la discípula en cuestión...que la señorita de que se trata se halla inscrita como alumna y que tenía por lo mismo la obligación de asistir a clase si quería optar a los exámenes ordinarios. Sabedora, sin duda, dicha señorita<sup>35</sup> de la indicación hecha por el Sr. Carbó, decidióse a asistir a la cátedra y el día 14 al entrar el profesor de*

---

<sup>35</sup> Debe falar de Elena Masseras

*Terapéutica en el local designado para las explicaciones de dicha asignatura, llevaba a su lado a la bella matriculada. La sorpresa que se apoderó de los escolares allí reunidos al ver a su condiscípula, a la que saludaron con una salva de aplausos, ya pueden figurarse nuestros lectores. Desde dicho día 14 la indicada señorita, a la que acompaña su hermano, también alumno de Medicina, continúa concurriendo a la cátedra, tomando asiento al lado del Sr. Carbó Excusamos manifestar que este incidente ha aumentado la asistencia a la cátedra indicada (El Siglo Médico nº 1165, 23 de abril de 1876, pp. 271-72)*

Non podemos pensar que, axiña o acceso ao bacharelato superior e á Universidade se convertera nunha rutina. En 1882 e durante un período de case un ano, o director xeral de Instrucción Pública ordenou que non se admitira a matrícula de segunda ensinanza ás mulleres, pero si a da Universidade ás que xa estiveran en posesión do grao de bacharel. Cando o 25 de setembro de 1883 se autorizou de novo a matrícula de segunda ensinanza, engadiuse a advertencia de que «sen dereito a cursar despois os de Facultade».

Foi no ano 1888 cando, trala solicitude de matrícula por parte de tres mulleres, permitíuselles de novo matricularse na Universidade, en principio só para exames e posteriormente, a instancia da alumna da Universidade Central, Matilde Padrós<sup>36</sup> na ensinanza oficial. A presenza de mulleres na Universidade española durante o século XIX é, xa que logo, case anecdótica.

## **2.2. AS FACULTADES EXPERIMENTAIS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO E AS MULLERES**

### **2.2.1. *Mulleres e educación en Galicia no século XIX***

Durante as décadas centrais do século XIX, Galicia convertérase na comunidade de menor renda *per cápita* de España. Alonso Álvarez (2010: 15-65) define á economía galega como preindustrial e tradicional: a actividade económica principal era a agricultura, as técnicas de producción eran antigas, a orientación comercial escasa, a

<sup>36</sup> Matilde Padrós y Rubio (1873-1937) obtivo o seu título de licenciada pola Universidade Central, no ano 1890. Coa tese titulada “*El testamento de Jacob*” obtivo o seu doutoramento, no ano 1893. En 1911, marchou co seu marido a Londres. Foi profesora de español no King’s College e traballou como redactora da Enciclopedia Británica.

industria inexistente e a presión fiscal moi alta, tan alta que as consecuencias foron tráxicas.

Só residían nas cidades un 7% da poboación total e, nestas, residían rendistas, funcionarios e clero. O proceso de abandono do campo polas cidades e vilas foi moito máis tardío que noutros lugares de España, non porque non marchara xente senón porque esta partía a terras más afastadas, en especial a América.

De tal modo que na segunda metade deste século produciríase unha emigración de case 400.000 persoas, ou dito doutro modo, Galicia perdeu praticamente un 25% da súa poboación en menos de 40 anos.

Respecto das mulleres o acontecemento máis destacado será o da súa escolarización. En Galicia o proceso de incorporación das mulleres á educación foi máis lento que noutras partes da xeografía española dado o atraso económico, a ideoloxía fortemente conservadora a ruralización do mundo galego e as alta taxas de analfabetismo.

Para exemplificar a situación das mulleres na sociedade, sinalemos que, en 1849, as nenas tan só representaban o 23 por cento de todos os matriculados nas escolas españolas e en 1860 a cifra de mulleres analfabetas era do 90,4 por cento (Cabrera Pérez, 2005).

Estudaremos un pouco máis polo miúdo o asunto da alfabetización en Galicia para amosar cal era, en realidade, o nivel educativo das mulleres a primeiros do século XX. Nas táboas 4, 5 e 6 agrupamos os datos atopados nos estudos de Narciso de Gabriel (2006) sobre os censos realizados polo goberno español sobre o nivel educativo da poboación.

**Táboa 2. Taxa de alfabetización total da poboación<sup>37</sup>**

	<b>1860</b>	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>
<b>Galicia</b>	17,07	(*)25,68	31,48	40,31	50,75
<b>España</b>	19,97	(**)33,44	38,59	46,31	55,63

**Táboa 3. Taxa de alfabetización media dos homes**

	<b>1860</b>	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>
<b>Galicia</b>	32,97	40,41	44,18	51,60	59,96
<b>España</b>	31,09	42,15	45,91	52,96	61,40

**Táboa 4. Taxa de alfabetización media das mulleres**

	<b>1860</b>	<b>1900</b>	<b>1910</b>	<b>1920</b>	<b>1930</b>
<b>Galicia</b>	3,86	(***)13,65	21,30	31,31	42,94
<b>España</b>	9,05	25,14	31,67	40,51	50,12

Observamos que era analfabeta o 86,35% da poboación feminina de Galicia fronte ao 74,86% da media española, no ano 1900.

En 1860 estaba alfabetizado o 32,97% da poboación masculina galega, fronte ao 31,09% rexistrado no conxunto do Estado. Esta superioridade hase perder no seguinte reconto censual e só se recuperará a partir de 1940” (De Gabriel, 2006). É dicir que ata 1940 estaremos por baixo das taxas do Estado. Así que Galicia no que a poboación masculina se refire ocupa un bo lugar en canto a alfabetización en 1900, só superado por

<sup>37</sup> Datos de Narciso de Gabriel (2006: 57-59). Ver bibliografía

País Vasco e Cataluña. Parece que as «escolas de ferrados» teñen moito que ver con estes datos.

As escolas de ferrado chamábanse así porque inicialmente a paga que recibía a persoa que aprendía aos nenos -chamada escolante- era un ferrado de cereal por cada alumno. Nestas escolas os rapaces aprendían a ler, escribir e contar. Impartíanse de tal xeito que permitían compaxinar o tempo da escola e o tempo do traballo. Os escolantes, as máis das veces só fixeran estudos primarios, e carecían de formación pedagóxica. Compaxinaban o ensino co traballo da terra e outros oficios. Grazas as escolas de ferrado e malia todas as súas carencias, boa parte da poboación rural galega puido ter unha mínima instrución básica.

Pero, cando observamos os índices da poboación feminina, dámónos conta da diferenza real entre sexos, xa que só catro de cada cen mulleres sabían ler en 1860. No conxunto do Estado as taxas de alfabetización das mulleres son moi baixas, pero en Galicia aínda o son más, moito más, mesmo diríamos que daban mágoa.

A distribución por provincias reflicte que a taxa de alfabetización das mulleres de Lugo era a metade da rexistrada na Coruña e Pontevedra. Tamén dentro dunha provincia existían claras diferenzas pois «das 16589 coruñesas que sabían ler en 1860, 9844 pertencían aos municipios de A Coruña, Ferrol e Santiago» (De Gabriel, 2006) o que supón case o 60% do total da provincia.

Comparando estudos de diversos autores atopamos un importante baile de cifras en canto aos datos de alfabetización. Para o caso do analfabetismo masculino varían, por exemplo para o ano 1900, do 66,56%<sup>38</sup> (De Gabriel, 2006) ao 47% (Barrera Peña e López Peña, 1986) no que se refire a España; e do 74,32%<sup>39</sup> na primeira ao 47% na segunda no que se refire a Galicia. Respecto das mulleres e referíndonos ao mesmo ano as variacións son moito menores, en cambio, pois van do 86,35<sup>40</sup> ao 84%. Así que cremos que podemos quedarnos coa referencia de que ao redor do **85% das mulleres galegas eran analfabetas a principios do século XX.**

---

<sup>38</sup> táboa 1, ver \*

<sup>39</sup> táboa 1, ver \*\*

<sup>40</sup> táboa 3, ver \*\*\*

## **2.2.2. As Facultades experimentais na Universidade de Santiago**

Dende o punto de vista administrativo a Universidade depende -como xa vimos- do *Ministerio de Instrucción Pública*. Trátase dun sistema centralizado composto por dez distritos encabezados polo Central (Madrid). Santiago non pasaba dos 500 alumnos. O peso da matrícula universitaria proviña basicamente das facultades de Dereito e Medicina. Por outra parte mentres que Farmacia praticamente iniciaba a súa andaina, Teoloxía languidecía.

A Facultade de Ciencias aparece por primeira vez na Lei de Instrucción Pública de 1857, que establece a creación dunha «Facultade de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais», saída da antiga Facultade de Filosofía. A Facultade dividiuse en tres Seccións: Ciencias Físico Matemáticas, Ciencias Químicas e Ciencias Naturais e ademais, incorporou os estudos do Museo de Ciencias Naturais, do Gabinete de Historia Natural e o Xardín Botánico. Os estudos de cada Sección duraban catro anos, e só se podía acceder a eles previa posesión do título de «bacharel en ciencias», que outorgaba a mesma Facultade tras tres anos de estudos comúns.

No ano 1880 decretouse a exclusividade da Facultade de Ciencias da Universidade Central para impartir os estudos de tódalas súas Seccións, con dous grupos de materias comúns para as tres seccións e outros dous grupos específicos para cada sección. As Seccións pasan a chamarse: "Ciencias Físico Matemáticas", "Ciencias Físico Químicas" e "Ciencias Naturais". Dez anos despois implántase o exame de ingreso para cada bacharel que queira ser admitido na Facultade e se reorganizan os estudos. No ano 1900 faise unha fonda reforma do Plan de Estudos, conformándose en catro Seccións, cada unha responsable dunha licenciatura de catro anos: Ciencias Exactas, Ciencias Físicas, Ciencias Químicas e Ciencias Naturais.

Ese plan de estudos mantívose durante máis de vinte anos, sendo reformado profundamente en 1922 e 1928, ano no que se autoriza a implantación dos estudos de "Químico diplomado", e en 1935 a sección de Ciencias Químicas recibe un novo plan de estudios no que as materias estarían distribuídas en cinco anos, en lugar de catro.

Trala Guerra Civil, en 1944, reorganízase os estudos sendo o período de licenciatura de cinco anos e o doutoramento de dous, permitindo ademais o establecemento doutra Facultade de Ciencias completa en Barcelona. As catro Seccións cambian os seus nomes polos de Matemáticas, Físicas, Químicas e Naturais. En 1953 refórmanse por completo os plans de estudio da Facultade de Ciencias, quedando establecida unha licenciatura de cinco cursos dos que o primeiro será común ás catro seccións e con carácter selectivo.

## ***2.3. OBXECTIVOS E MÉTODOS DO ESTUDO***

### ***2.3.1. Obxecto e cronoloxía***

O obxectivo xeral desta tese é analizar a presenza das mulleres no marco temporal escollido (ata 1960). Examinaremos o acceso das mulleres aos estudos experimentais na Universidade de Santiago e a súa presenza nas Facultades desta ata 1960. O obxectivo do noso traballo non foi abordado anteriormente por ningún outro investigador.

Son obxectivos específicos os catro que de seguido enumeramos:

1º- Identificar ás alumnas (quen)

2º- Descubrir os estudos que realizaron (que e cando)

3º- Analizar os datos obtidos

4ºComparar os datos con outros obtidos noutros ámbitos xeográficos e/ou temporais.

Escollemos este tema porque é a nosa pretensión encher o oco que se produce na Historia da Ciencia pola invisibilidade das mulleres, en especial a Historia da Educación Superior das mulleres. Abordamos o tema dende o “xénero”, concepto que indica o influxo social e cultural polo que se atribúen diferentes roles a varóns e mulleres. Este novo enfoque nace por oposición a un enfoque androcéntrico que durante anos ignorou e/ou silenciou a presenza das mulleres.

As preguntas xerais ás que se pretende responder con este traballo son as seguintes:

1. ¿Cando se produciu o acceso das mulleres aos estudos experimentais na Universidade de Santiago?
2. ¿Cómo se produciu ese acceso, en que centros e en que proporción?
- 3.¿Quen foron estas mulleres?
4. ¿lograron os seus obxectivos?
5. ¿Como evolucionou a presenza feminina no período de tempo estudiado?
6. ¿Cales son as características deste proceso evolutivo?
7. Podemos establecer comparanzas con outras universidades?

Dado o ámbito espacial elixido correspondente ás facultades científico experimentais de Santiago temos que significar que a Facultade de Ciencias (Sección de Ciencias Químicas) non funcionou como tal ata o ano 1922, o que quere dicir que as alumnas galegas tiñan que cursar esta carreira noutra Universidade.

O eido temporal comprende ata o ano 1960 pois a lexislación establece segredo no acceso de datos dos últimos 50 anos. A investigación segue a secuencia histórica.

### **2.3.2. *Fontes e método***

As fontes de información que componen a evidencia empírica sobre a que se asentan as análises, argumentacións e conclusións desta tese son: fontes documentais, lexislación específica e fontes bibliográficas secundarias.

As fontes primarias proveñen de: libros de rexistro de matrícula das Facultades de Ciencias, Farmacia e Medicina; dos expedientes académicos das alumnas; dos libros de actas do Arquivo Histórico Universitario (AHUS). Trátase de libros manuscritos con cobertura cronolóxica de 1910 a 1960, excepto na Facultade de Ciencias onde non atopamos libros de matrícula do curso 1930-1931 (ignoramos totalmente a causa desta falta).

Os datos rexistrados son :

- ~ Convocatoria (oficial ou non oficial)
- ~ Ano de matrícula
- ~ número de matrícula
- ~ apelidos e nome da alumna
- ~ procedencia (pobo e provincia)
- ~ cualificacións
- ~ outras incidencias, se as houbese: de se-lo caso sinalamos que a papeleta foi devolta e tamén algunha outra circunstancia indicada no libro como a gratuidade da matrícula ou descontos na mesma. Tamén indicamos, entre paréntese, o número total de alumnos (ambos sexos) nesa convocatoria.

As fontes secundarias consisten en bibliografía especializada sobre feminismo, historia das mulleres e historia da ciencia en referencia á intersección entre estas tres áreas ciencia-xénero-educación.

Pretendemos por suposto que a nosa investigación sexa orixinal pero non poderíamos entrar en materia sen coñecer os estudos anteriores. Establecemos un primeiro contacto co tema ao través do estupendo estudio de Consuelo Flecha *Las primeras universitarias en España* como xa indicamos na introdución ao traballo. O tema deste libro resultounos moi atractivo e espertou a nosa curiosidade. Unha fervenza de preguntas chegaron onda nós: acontecería en Galicia o mesmo que no resto de Europa? Como sería o acceso das mulleres ás facultades experimentais? quen sería a primeira matriculada en Química ou en Medicina? Por que escollería esta carreira ou esoutra? Atoparía dificultades para realizar os seus estudos? Cal era a súa extracción social? En que ano aconteceu este feito? Trátase dun caso illado ou serían varias ou incluso moitas? Que estudos serían os preferidos polas mulleres? Por que? Como afectarían os acontecementos sociais aos cambios? Definitivamente o traballo de Flecha resultounos tan suxestivo que decidimos sería o terreo do noso traballo de doutoramento pois quen podería dedicar anos de estudio a algo que non esperte o seu interese investigador?

Existen traballos anteriores sobre a Historia da Universidade de Santiago e sobre a historia das mulleres e a ciencia, nese sentido a nosa investigación non parece nova,

pero dende logo resulta novo un estudo no que concorran ambos aspectos e áinda máis novedoso por afrontalos dende a perspectiva de xénero.

Isabel Torres, profesora da Facultade de Biblioteconomía e Documentación da Universidade de Granada, publicou *postmortem* unha investigación sobre a análise das teses de doutoramento, con especial atención aos estudos das mulleres (Torres Ramírez e Torres Salinas, 2007), con información recadada, fundamentalmente, da base de datos Teseo, repertorio automatizado, con cobertura cronolóxica a partires de 1976, no que se recollen tódalas teses aprobadas nas universidades públicas e privadas do Estado Español. Entre as teses de doutoramento sobre estudos das mulleres en España existen 19 realizadas en Galicia (catorce na Universidade de Santiago e cinco na da Coruña) e ningunha se refire á educación superior das galegas.

Aínda non existe ningún estudo que faga visible ás primeiras universitarias galegas así que cumpría que alguén abordara a tarefa.

### **2.3.3. Sobre o método de cálculo empregado nesta investigación**

Para a nosa investigación, unha vez seleccionado o obxectivo da mesma, procedemos á recolección ou reconto da información, dos datos que serían posteriormente ordenados, revisados e interpretados para a elaboración das comparacións e conclusóns necesarias. Obtivemos os datos, como xa explicamos anteriormente, de fontes primarias.

Realizamos unha investigación non experimental, é dicir, observamos e recollemos os datos tal como estaban, sen construír ningunha situación experimental. As nosas variables xa aconteceron e non poden ser manipuladas.

Non traballamos con mostras ou subconxuntos, senón que o noso colectivo –ou universo- comprende a totalidade da poboación a estudar: o colectivo das universitarias de ciencias na Universidade de Santiago no período comprendido polo noso estudio. Así pois, aplicamos estatísticas descriptivas para o conxunto, obtendo medidas de resumo, e recollendo a información en táboas e gráficos. O tipo de frecuencia usado neste traballo foi a *porcentaxe*.

Unha proporción informa do tamaño que ten unha parte en relación á totalidade. A suma do total chámase N , e polo tanto, cada categoría analizada será menor que N. Por exemplo a proporción de mulleres que realizaron estudos de Mediciña ( $P_M$ ) nun determinado ano será igual ao de mulleres matriculadas ( $N_M$ ) dividido polo número total de estudiantes (N). Unha porcentaxe é unha proporción multiplicada por 100

$$P_M = N_M / N * 100$$

A presentación dos datos en porcentaxes resulta más clara, permitindo que axiña nos decatemos da do valor real do representado, quizais pola asiduidade con que se utiliza este método estatístico.



## **CAPÍTULO 3. AS MULLERES NAS FACULTADES EXPERIMENTAIS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DENDE 1910**

### ***3.1. CUESTIÓNS PREVIAS Á OBTENCIÓN DE DATOS***

#### ***3.1.1. Sobre a elección do período estudiado***

**As mulleres non puideron acceder ao Ensino Superior en igualdade de condicións ata o 8 de marzo de 1910**, ou sexa, sen precisar de ningún «permiso» nin autorización especial polo feito de ser mulleres. Este recoñecemento do dereito educativo á matrícula oficial xustifica a data inicial do período seleccionado para o noso estudio.

O noso estudio, inicia a súa andaina en 1910 e vai ata 1960, en plena Ditadura do xeneral Franco. Parecíanos lóxico prolongar a noso estudio ata o ano 1975, fin da época franquista, sen embargo só puidemos acceder aos datos dos libros anteriores a 1960, correspondentes aos anos que van dende a posguerra ata o período do fin da autarquía, inicio da tecnocracia, pero as restricións legais o impiden, como reflicte a Lei do *Patrimonio Histórico Español*, no seu artigo 57, c):

ESTUDOS SOBRE A MULHER NA USC

Os documentos que conteñan datos persoais de carácter policial, procesual, clínico ou de calquera outra índole que poidan afectar á seguridade das persoas, á súa honra, á intimidade da súa vida privada e familiar e á súa propia imaxe, non poderán ser publicamente consultados sen que medie consentimento expreso dos afectados ou ata que transcorrese un prazo de vinte e cinco anos dende a súa morte, se a súa data é coñecida ou, noutro caso, de **cincuenta anos a partir da data dos documentos**. (*BOE* de 29 de xuño de 1985)

Esta circunstancia supón un impedimento ao exercicio do dereito ao libre acceso aos arquivos e rexistros administrativos como sinal de transparencia. Cremos necesaria unha ampliación nos prazos de acceso aos documentos que permita o estudo de etapas máis recentes da nosa historia. Queda para cando a consulta o permita, un estudo especial sobre o franquismo, mulleres e ciencias experimentais na USC.

### ***3.1.2. Fontes primarias utilizadas***

As fontes utilizadas para obter a información foron os libros de rexistro de matrícula do Arquivo Histórico Universitario da USC (AHUS). Iniciamos a busca destes libros das Facultades de Ciencias, Farmacia e Medicina e analizamos os documentos que inserimos na bibliografía no apartado de fontes. Trátase de libros manuscritos con cobertura cronolóxica que vai dende 1910 a 1960.

### ***3.1.3. Dificultades no traballo no AHUS***

1. A primeira das dificultades atopadas ten que ver co carácter manuscrito destes documentos posto que as veces resulta complicado entender a letra e precisamos mesmo consultar cos técnicos do arquivo.
2. As veces hai variacións nos datos (apelidos, cidade) segundo convocatoria ou ano consultado.
3. Faltan datos, en especial os referidos á lugar de orixe.
4. Non resultou doado coñecer, nalgúns casos, o sexo dos alumnos polo seu nome, pois, aínda que non é frecuente hai nomes propios válidos para os dous xéneros. Por exemplo Trinidad, Cruz, Auxilio, Natividad, Remedios, Sacramento, Sagrario, Rosario e Patrocinio son nomes que agora levan as mulleres pero que antes podían levar os varóns (como acontece, aínda hoxe en día, nalgúns países americanos). Por exemplo atopamos que Patrocinio M<sup>a</sup> Córdoba Carbajal que estudou Farmacia era varón, como tamén o era Jovita Labarta, licenciado nesa mesma facultade.
5. Localizar algúns libros foi dificultoso.
6. Algúns libros non apareceron, en concreto os libros de matrícula do curso 1930-1931.

Examinamos: 14 legaxos e 104 libros pertencentes á Facultade de Medicina, 40 libros da Facultade de Ciencias e 32 legaxos e 217 libros da Facultade de Farmacia. Tamén estudamos unha serie de libros de actas de grao e oficios e un gran número de expedientes persoais (ver bibliografía, apartado de fontes).

### **3.1.4. Outros arquivos**

Tamén revisamos documentos noutros arquivos, en concreto consultamos expedientes persoais no *Archivo Histórico Nacional AHN* e, no *Centro Documental de la Memoria Histórica*, consultamos cartas e o expediente dunha causa xudicial. Todos estes documentos aparecen enumerados na bibliografía.

Entramos no AHN a través do *Portal de Archivos Españoles* (PARES), proxecto do *Ministerio de Educación, Cultura y Deporte* e nos fondos universitarios consultamos os expedientes dalgúns alumnas.

## **3.2. AS FACULTADES EXPERIMENTAIS**

### **3.2.1. A Facultade de Medicina**

Na súa fundación por Lope de Marzoa en 1495, a Universidade de Santiago (US) limitábase a unha escola para pobres coñecida como Estudio de Gramática, que ocupaba algunas dependencias do mosteiro de San Paio de Antealtares. Esta escola consegue a consideración de Estudo Vello ou de Gramática, en 1504. Con Fonseca créanse os Colexios que impartirían Teoloxía, Gramática e Artes e, posteriormente, tamén habería estudos de Leis e de Medicina. A Facultade de Medicina de Santiago créase en 1648 (*Gallaecia Fulget*, 1995: 330). Como nas restantes Facultades de Medicina de España, as cátedras existentes son as de Prima e Vésperas, e súmaselles a de Método en 1673 (García Guerra, 1998: 130-147). A renovación dos estudos de Medicina en 1751 supón a creación das Cátedras de Anatomía e Cirurxía e de Física (Martínez Rodríguez, 1982: 93).

A inestabilidade política da primeira metade do século XIX reflíctese nos diferentes plans de estudio dos diferentes Gobernos. O século entra nos estudios universitarios de Medicina da man do Plan Urquijo de 1799, que intentaba trasladar a docencia das facultades aos hospitais. A universidade compostelá presenza, tras 150 anos, a desaparición dos estudos de Medicina e a instauración da “Facultade Reunida Médico-Cirúrxica”. En 1800 non se impartiron clases de Medicina na Universidade, se ben esta situación só se prolongou durante un ano pois a Real Cédula de 28 de setembro de 1801, anulaba os efectos da anterior disposición (García Guerra, 2001).

En 1807 o Plan Caballero de 1807 fai que de novo se eliminen os estudos de Medicina da US, xa que o novo plan requiría una *Cátedra Clínica* que Santiago non podía, e non estaba en condiciones de ofrecer. A Guerra de Independencia iniciase cando esta normativa está en uso. A universidade péchase en 1810 polo conflito bélico. En 1811 rehabilitanse os estudos de Medicina (González Gutián, 2008: 28).

O Plan de ensinanza de Cirurxiáns Romancistas da US de 1840, creaba un programa de tres anos de formación, que comenzaría a aplicarse durante ese curso escolar e cuxa misión era formar facultativos de segunda orde que exerceirían o seu traballo no rural e que recibirían o nome de «cirurxiáns romancistas». O carácter da formación era moi práctico e tivo unha acollida tan boa que nos tres anos que estivo implantado chegou superar en número de matriculados á propia Facultade de Medicina (García Guerra, 2001)

Unha nova reforma iniciase co Plan Mata de 1843, o Plan Pidal de 1845 e a Lei Moyano de 1857. A Universidade pouco a pouco vai dando entrada ás novas correntes europeas. Os debates sobre o evolucionismo, a aparición da anatomía microscópica, os estudos de fisiopatoloxía, a patoloxía celular, e as primeiras viaxes de estudio ao estranxeiro representan un importante cambio de mentalidade na segunda metade do século XIX (Barreiro, 1998) .

O Plan Mata só recoñece ás facultades de Madrid e Barcelona para os estudos de Medicina, Cirurxía e Farmacia. Crea cinco Colexios que se denominan de Práctica da Arte de Curar, en Sevilla, Valencia, Zaragoza, Valladolid e Santiago. Os egresados destas cinco universidades poderían practicar cirurxía menor e partos, co título de Práctico na arte de cura” (Sisto, 2004).

O Plan Pidal de 1845 escolle un sistema de ensino baseado na práctica e a utilización do método experimental. Supuxo o regreso a Santiago dos estudos de Medicina. O Plan Moyano de 1857, que non introducía cambios relevantes nas Facultades de Medicina, perfilaba o mapa universitario español formado por dez universidades: unha Universidade Central e nove de distrito (art. 127). A Universidade Central estaría en Madrid e as de distrito en: Barcelona, Granada, Oviedo, Salamanca, Santiago, Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza (art. 128). Só seis facultades terían potestade de conferir o grao de licenciado en Medicina: Barcelona, Granada, Santiago, Sevilla,

Valencia e Valladolid (art. 134). (Lei de *Instrucción Pública* de 9 de setembro de 1857).

O Plan de 1857, no seu artigo 38 indica que:

os estudos da facultade de Medicina son: Lingua e literatura grega; Física experimental; Química; Mineraloxía; Botánica; Zooloxía; Xeología; Aplicación da Física, Química e Historia natural da Medicina; Anatomía; Fisioloxía; Hixiene; Patoloxía; Terapéutica; Materia médica; Obstetricia; Operacións cirúrxicas; Clínica; Medicina legal-Toxicoloxía; Historia critico-literaria da Medicina.

As facultades de Medicina, Dereito, Farmacia, Ciencias e Filosofía e Letras, xunto coas Escolas Normal e de Veterinaria, conforman a totalidade dos centros universitarios de Santiago no ano 1900. Dende esta data e ata 1960, a Universidade pasaría polo Plan Silió de 1919, que recoñecía a autonomía universitaria, pola reforma que supuxo o Plan Callejo (Real Decreto-Lei de Reforma Universitaria de 19 maio 1928) e pola Lei de Ordenación Universitaria de 1943. A República non tivo tempo de aprobar o Proxecto de Lei de Reforma Universitaria presentado en marzo de 1933. A seguinte modificación na lexislación educativa non sería ata a Lei de Villar de 1970.

Que materias comprendían os estudos médicos a principios do século XX?. O Plan de estudos vixente era o de 1886. Como xa dixemos, os alumnos iniciaban os estudos cun curso preparatorio común a Ciencias e Medicina, que constaba de Física xeral, Química xeral, Mineraloxía e Botánica e Zooloxía xeral. Ademais debían facer un curso de lingua francesa e un curso de lingua alemá.

Estes estudos non sufriron modificacións ata 1928, e, ademais da obrigatoriedade do estudo de dous cursos de linguas, comprendía os seguintes anos e materias:

O ano de 1928 supuxo sobre cambio: primeiro pola implantación do Plan Callejo, que amplía a licenciatura de Medicina a sete anos e segundo porque a Facultade de Medicina que compartira durante anos o espazo físico do Colexio de Fonseca coa Facultade de Farmacia, mudaríase ata a súa sede actual na Rúa de San Francisco. De 1929 a 1960 a formación médica de grao non experimenta importantes modificacións.

E cantos mozos estaban matriculados na Facultade de Medicina nos principios do século XX?

Cos datos sobre alumnado clasificado por facultades extraído do anuario de 1912, referidos ao curso de 1909 a 1910, podemos observar que o alumnado universitario total de España ascendía a 15203 estudiantes, dos que 1053 estaban matriculados na US, o que corresponde case cun 7% do total.

Dentro da propia universidade, as facultades con maior peso por número de alumnos concordan coas facultades maiores, Medicina, Farmacia e Dereito, por esa orde, correspondendo á Medicina o 36% do alumnado. O curso de Ciencias, que comprendía as materias de Física, Química, Mineraloxía e Botánica, e Zooloxía era selectivo doutras carreiras.


#### Táboa 5

#### Resumo matrícula na Universidade de Santiago 1909-1910

	Filosofía e Letras	Ciencias	Dereito	Medicina	Farmacia	Total
Oficial	30	82	132	309	145	698
Non oficial	33	47	57	71	147	355
total	63	129	189	380	292	1053

Elaboración propia con datos do Anuario Estatístico de 1912. INE

**Figura 2. Alumnado US por facultades 1909-1910**



Entre 1910 e 1960 un total de 199 mulleres matriculáronse na Facultade de Medicina de Santiago, o que representa o 6.0% das matriculadas en carreiras experimentais.

Destas alumnas: 24 eran estranxeiras, 117 eran galegas, 52 de outras comunidades españolas e de 6 descoñecemos a súa orixe. Consideramos estranxeiras as nacidas noutras países, independentemente da orixe dos proxenitores que poderían ser galegos emigrantes ou descendentes de galegos.

O total abrangue aos alumnos trasladados doutras universidades que viñeran estudar a US pero non o caso inverso, e dicir, aqueles que marcharon a outras universidades a completar estudos.

**Táboa 6****Orixé das alumnas da Facultade de Medicina. 1910-1960**

Comunidade	Medicina	%
Andalucía	3	1.5
Asturias	13	6.5
Canarias	2	1.0
Cantabria	2	1.0
Castela-A Mancha	2	1.0
Castela e León	8	4.0
Cataluña	4	2.0
Descoñecida	6	3.0
Estranxeiras	24	12.0
Galicia	117	58.8
Comunidade de Madrid	7	3.5
Comunidade Foral de Navarra	1	0.5
País Vasco	9	4.5
Rexión de Murcia	1	0.5
<b>Total</b>	<b>199</b>	-

Das vinte e catro alumnas foráneas cómpre destacar o significativo número de estudiantes portorriqueñas que supoñen máis da metade.

**Táboa 7****Alumnas da Facultade de Medicina de orixe estranxeira. 1910-1960**

País	matriculadas
Alemaña	1
Colombia	1
Cuba	2
EUA	1
Gran Bretaña	1
México	1
Porto Rico	14
Portugal	2
Venezuela	1
<b>Total</b>	<b>24</b>

As primeiras que pisaron as aulas da Facultade de Medicina foron as irmás Fernández de la Vega, naturais de Vegadeo; Olimpia Valencia López, natural de Baltar, en Ourense; M<sup>a</sup> Luisa Fernández Cascallar, de Pontevedra; María Piñeiro Estrella, de Santiago e María Freire Garabal, natural de Montevideo, no Uruguai e de familia compostelá.

### ***3.2.2. A Facultade de Farmacia***

Dende o século XV ao XIX, no que foi suprimido, o Real Tribunal do Protomedicato era o corpo técnico encargado da función docente dos profesionais da farmacia (así como tamén de médicos e cirurxiáns).

Os inicios da Farmacia como ensinanza dependente dun centro superior en España, deveñen da creación, en 1755, do Real Xardín Botánico de Madrid, baixo o reinado de Carlos III. O Protomedicato dividiríase en tres Audiencias (Medicina, Cirurxía e Farmacia). En 1800 creouse a Xunta Superior Gobernativa de Farmacia, rexida polo boticario maior, que independizaba á farmacia da Medicina.

Por R.O. de 18 de xaneiro de 1804 apróbanse as ordenanzas para o réxime de goberno da Facultade de Farmacia. Os establecementos para o ensino desta especialidade denominábanse Colexios de Farmacia. O de Santiago baixo o nome de Colexio de San Carlos existiu como tal entre 1815 e 1823. A docencia estaba repartida en catro cursos, nos que se impartían, ademais de Historia Natural, Química e Física, novas materias como Materia Farmacéutica e Farmacia Experimental. Dende 1823 non se impartiron ditos estudos ata 1857, cando -grazas á Lei de Instrucción Pública- abriu as súas portas a Facultade de Farmacia, situada no Colexio de Fonseca. A Facultade contaba cunha biblioteca, xardín de plantas medicinais, herbario e laboratorio de química.


Iniciouse o século XX con catro facultades de Farmacia, situadas en Madrid, Barcelona, Granada e Santiago. O número total de alumnos nas universidades españolas en 1910 era de 16016, dos que 1351 realizaban estudos de Farmacia. En Santiago había, nese mesmo ano, un número de 1053 alumnos e 292 deles estarían matriculados en Farmacia (145 oficiais e 147 por libre). Expresando os datos anteriores de forma porcentual temos que en 1910

1. -o 8,4 % dos universitarios españois cursaban estudos de Farmacia
2. -o 21,6% dos estudiantes de Farmacia pertencían á Universidade de Santiago
3. -o 27,7% da matrícula da US correspondía a Farmacia


Entre 1910 e 1960 un total de 2052 mulleres realizaron estudos na Facultade de Farmacia como reflectimos nas táboas do apéndice, ordenada alfabeticamente ou de maneira cronolóxica.

As cinco primeiras matriculadas na Facultade de Farmacia (despois de 1910) foron as irmás Marina e Manuela Caldeiro Calvo, Sara Fernández Casas e María López Cotarelo -as catro matriculadas por vez primeira no ano 1914- e María García Berdiales, que cursaría estudos a partires de 1917. Tanto María López Cotarelo como Sara Fernández Casas apuntaríanse en matrícula oficial.

**Figura 3. Matriculados Farmacia España 1910**



**Figura 4. Matriculados en Farmacia na US en 1910**



**Táboa 8**

**Alumnas da Facultade de Farmacia de orixe estranxeira 1910-1960**

País	Nº alumnas	%
Arxentina	9	16.4
Chile	2	3.6
China	1	1.8
Cuba	28	50.9
El Salvador	1	1.8
Estados Unidos	2	3.6
Fernando Poo	1	1.8
Francia	3	5.4
Marrocos	1	1.8
México	5	9.1
Perú	1	1.8
Porto Rico	1	1.8

Descoñecemos os datos sobre a orixe de 81 alumnas. Das restantes, 55 eran estranxeiras, tal como vemos na táboa anterior.

Resulta salientable o elevado número de alumnas cubanas que viñeron a estudar na US nas décadas dos anos corenta e cincuenta e cuxos apelidos nos indican familiares galegos.

Un total de 1912 eran españolas (o 47.7% do total) , destacando por número as pertencentes ás Comunidades de Castela e León (15.8%), Asturias (7.3%) e País Vasco (5.3%), que supoñen, entre as tres, más dunha cuarta parte do total das alumnas. Máis adiante, na análise pormenorizada, explicaremos estes datos



**Táboa 9****Alumnas da Facultade de Farmacia orixinarias doutras comunidades españolas  
1910-1960**

Comunidade	Nº alumnas	%*
A Rioxa	20	1.0
Andalucía	61	3.0
Asturias	149	7.3
Aragón	30	1.5
Canarias	18	0.8
Cantabria	26	1.3
Castilla-La Mancha	44	2.1
Castela e León	327	15.9
Cataluña	30	1.5
Ceuta	1	0.1
Comunidade Valencíá	32	1.6
Extremadura	47	2.3
Comunidade de Madrid	49	2.4
Comunidade Foral de Navarra	20	1.0
Illas Baleares	5	0.2
País Vasco	109	5.3
Rexión de Murcia	9	0.4

\* Sobre o total das matriculadas, incluídas descoñecidas, estranxeiras e galegas

Eran galegas 938 (o 47% do total), repartidas por provincias da seguinte maneira

<b>Táboa 10</b>		
<b>Alumnas galegas da Facultade de Farmacia 1910-1960</b>		
Provincia	Nº alumnas	%
A Coruña	404	43.0%
Lugo	194	20.7%
Ourense	144	15.4%
Pontevedra	196	20.9%
<b>Total</b>	<b>938</b>	

### **3.2.3. A Facultade de Ciencias**

Durante o primeiro terzo do século XIX non existiron ensinanzas independentes de matemáticas, física, química e ciencias naturais, senón que formaban parte ao sumo das ensinanzas complementarias das Facultades de Artes e Medicina (López, 1995: 298). A situación comezou cambiar a partires da morte de Fernando VII. Tras algúns cambios, xa relatados en capítulos anteriores, na estrutura xeral do ensino en España, a situación das ciencias na universidade española mellorará notablemente co Plan Pidal de 1845 e, sobre todo coa Lei Moyano de 1857, que establecía a aparición das facultades de ciencias. Por esta lei créase a Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago, con Antonio Casares como decano e con sede no Colexio de Fonseca.

Mediante o *Decreto de Libre Enseñanza* de 1869 se autorizaba a Deputacións Provincias e Concellos a manter ou colaborar co sostemento dos centros de ensino.<sup>41</sup> O Concello de Santiago dotou un crédito para que puideran completarse na Universidade as ensinanzas correspondentes á Facultade de Ciencias, sección Física, ata o grao de

<sup>41</sup> Decreto do ministro de Fomento José Echegaray de 28 de setembro de 1869 ditando regras para a validez dos estudos de materias e de graos de bacharel probados nos establecementos libres de ensinanza sostidos polas Deputacións e Concellos. (*GM*, 2 de outubro de 1869, nº 293).

doutor. En 1875 o Ministerio de Fomento suprimiu as competencias das Deputacións e Concellos no ensino. A Facultade de Ciencias da US acurouse a un único curso, preparatorio de Medicina, con tres únicas materias: Ampliación de Física, Química Xeral e Historia Natural.

En 1922 a US acadará cinco carreiras completas pois tanto Filosofía e Letras como Ciencias pasan a constituírse como Facultades maiores, aprobando o Congreso dos Deputados un orzamento que así o permitía. Era Ministro de Fomento o galego Rodríguez de Viguri. Dende ese ano a universidade compostelá restablece a Facultade de Ciencias coa sección completa de Química, con catro cursos para acadar a licenciatura.

O *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* publica o 20 de decembro de 1922 un real decreto polo que se modifica o plan de estudos das facultades de Ciencias por considerar necesaria una reorganización que supoña una ampliación nos estudos da Química, que estaban incluídos nesta facultade. No texto indícase que «*a investigación científica non só significa o deleite de arrancar á Natureza os seus recónditos segredos, senón que, sobre todo en Química, debe ir acompañada da consecución de tanxibles realidades que transcendan ao progreso e benestar da Humanidade*».

No artigo 5º determinase que, unha vez rematado o período de Licenciatura, os alumnos acreitarán ante a Facultade posuír o coñecemento do idioma francés e do idioma inglés ou alemán; deberán, así mesmo, xustificar ter cursado con aproveitamento dous anos de Debuxo lineal ou industrial nalgunha escola de Arquitectura, Industrial, Artes e Oficios, etc.

O plan de 1922 será modificado por decreto de Alcalá Zamora, durante a II República, o 15 de setembro de 1931 (*GM* do 17 de setembro de 1931). A carreira mantense en catro anos e as modificacións son poucas.

O *Ministerio de Instrucción Pública* aprobará unha nova modificación do plan de estudos da sección de Químicas que pasará a ter una duración de cinco anos, Decreto do 8 de agosto de 1935. Finalizada a Guerra Civil o novo réxime aprobou axiña a Orde do

6 de xuño de 1939 que concedía beneficios aos estudiantes que combateran no bando vencedor

*Preocupación urgente y primordial de este Ministerio viene siendo el facilitar la rápida y eficaz reincorporación a la vida escolar de los jóvenes combatientes que, con su magnífico y ejemplar heroísmo, permitieron la realización de las gestas de epopeya de nuestra Victoria y el triunfo definitivo contra la barbarie bolchevique, salvando nuestra cultura cristiana auténtica y los ideales que integran el Glorioso Movimiento Nacional. Concedidas las máximas facilidades en este sentido por la Orden de 4 del pasado a los ex-combatientes estudiantes de Bachillerato, procede ahora establecer un plan rápido, eficaz y metódico, que permita conceder, también, beneficios análogos a los ex-combatientes Estudiantes Universitarios que interrumpieron el curso de sus carreras y sacrificaron los mejores años de su juventud por la Causa Sagrada de Dios y de España (Orde do 6 de xuño de 1939)*

Para darlle credibilidade, o texto indicaba a esixencia de celebrar uns «cursillos de repaso preparatorio», e unha «tanda de exames que se verificarán inmediatamente despois destes cursillos de repaso». Estes «exames patrióticos» estaban concibidos para o bando vencedor, pois

*Condición inexcusable para la adquisición de los alumnos de cualquiera de los derechos o ventajas que se proyectan ha de ser la de demostrar que cumplieron con sus deberes de españoles bajo las banderas de la Patria o en la forma que a cada uno le fue dable hacerlo, ya que si muchos sirvieron en los frentes nacionales, no pocos fueron los que sufrieron cautiverio o persecución en holocausto de su fe en Dios y en España. (BOE, 26 de xuño de 1939, p. 3474).*

Así que durante o curso 1939-40, ademais do curso normal, impartíronse cursos especiais chamados *Primeiro curso intensivo* e *Segundo curso intensivo* e, tras deles celebráronse «exames más benévolos, específicos e 'adaptados' a súa circunstancia» (*ibid.*), que permitía aos alumnos salvar o curso interrompido. O prazo abrangía do 15 de setembro de 1939 ata o 31 de xaneiro de 1940 e era válido para tódolos que «estiveron matriculados, ou puideran estalo legalmente, nos Centros respectivos para o curso 1935-36, 1936-37, 1937-38 e 1938-39, sempre que prestaran servizos militares no Exército ou nas Milicias, agás que, por non estar obligados a isto ou por causas alleas á súa vontade, non os puideran prestar, a xuízo dos Reitores, ou ben que se tratase de

alumnos femininos» (*ibid.*). Moitas mulleres de familias adictas ou afectas ao réxime beneficiaranse destas convocatorias especiais, licenciándose algunhas en dous anos.

A simultaneidade do novo plan de 1944 co plan antigo durante os anos académicos de 1944-46, obriga á realización de convocatorias de exames separadas (catro convocatorias) ata acadar a completa extinción do plan antigo

Entre 1910 e 1960 un total de 1052 alumnas cursaran estudos na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago. As sete primeiras alumnas da Facultade de Ciencias foron: M<sup>a</sup> Luisa Becarés e M<sup>a</sup> Ascensión Vidal Piazuelo, ámbalas dúas matriculadas por vez primeira no ano 1915 e M<sup>a</sup> del Carmen Alcántara Montalvo, María Fernández Alvín, María Hernández Alcón, M<sup>a</sup> Julia Martínez Alonso e M<sup>a</sup> Eugenia Pereira Rodríguez.

Descoñecemos a procedencia de 41 alumnas. Vemos que das restantes 34 eran estranxeiras, sendo o reparto por países o seguinte:

**Táboa 11**

**Alumnas da Facultade de Ciencias de orixe estranxeira 1910-1960**

País	nº alumnas	%
Arxentina	7	20.6
Brasil	1	2.9
Cuba	17	50.0
Francia	1	2.9
Gran Bretaña	1	2.9
Marrocos	1	2.9
México	2	5.9
Porto Rico	2	5.9
Portugal	2	5.9
<b>TOTAL</b>	<b>34</b>	-

Ao igual que o observado na Facultade de Farmacia, destaca o elevado número de alumnas de orixe cubano matriculadas principalmente no período de 1940 a 1955 pertencentes a familias galegas como Amparo Arango Fernández ou Teresa Barja Casanova, ao igual que sucede coas arxentinas (Amelia Mejuto Iglesias, Ángela Mouzo Fontán). Ademais as datas concordan co cumio da emigración galega a eses países.

**Táboa 12.**

**Alumnas da Facultade de Ciencias doutras comunidades españolas. 1910-1960**

Comunidade	Nº alumnas	%*
A Rioxá	3	0.3
Andalucía	16	1.5
Asturias	19	1.8
Aragón	5	0.5
Canarias	3	0.3
Cantabria	9	0.9
Castilla-La Mancha	11	1.0
Castela e León	74	7.0
Cataluña	12	1.1
Comunidade Valencíá	4	0.4
Extremadura	6	0.6
Comunidade de Madrid	20	1.9
Comunidade Foral de Navarra	4	0.4
Illas Baleares	1	0.1
País Vasco	45	4.3
Rexión de Murcia	2	0.2
<b>Total</b>	<b>234</b>	<b>22.3</b>

\*Sobre o total das matriculadas, incluídas descoñecidas, estranxeiras e galegas

Case unha cuarta parte das matriculadas achegábanse dende diversas comunidades españolas, destacando por número as de Castela e León (7%) e País Vasco (4.3%). Sorprende a presenza das andaluzas pois a Universidade de Sevilla contaba con Facultade de Ciencias, e cunha Sección de Química dende 1910 e a de Granada dende 1913. Verificando as inscricións destas alumnas vemos que teñen orixe en localidades vinculadas a instalacións do exército como San Fernando, Rota, Úbeda ou Huelva. Probablemente algunas delas foran fillas de militares desprazados.

**Táboa 13**

**Alumnas galegas da Facultade de Ciencias 1910-1960**

Provincia	Nº alumnas	%
A Coruña	355	47.8
Lugo	102	13.7
Ourense	106	14.3
Pontevedra	180	24.2
<b>total</b>	<b>743</b>	<b>100</b>

Das 743 alumnas naturais de Galicia (o 70.6% do total), o reparto por provincias amosa a notoria diferenza da Coruña coas outras tres, pois representa case a metade das matriculadas:

### **3.3. ANÁLISE COMPARATIVA ENTRE AS TRES FACULTADES**

#### **3.3.1. Segundo a orixe**

Fixemos catro grupos segundo a orixe das alumnas matriculadas: as estranxeiras, as españolas -sen contar ás galegas-, as procedentes de Galicia e un grupo con aquellas das que non coñecemos a súa orixe.

**Táboa 14**

**Alumnas segundo a orixe**

<b>Facultade</b>	<b>Etranxeiras</b>	<b>Españolas</b>	<b>Galegas</b>	<b>Descoñecidas</b>	<b>Total</b>
Medicina	24	52	117	6	199
Farmacia	55	978	938	81	2052
Ciencias	34	234	743	41	1052
<b>total</b>	<b>113</b>	<b>1264</b>	<b>1798</b>	<b>128</b>	<b>3303</b>
% total	3.4	38.3	54.4	3.9	

En 1920 había Facultades de Ciencias en Madrid, Barcelona, Canarias, Granada, Murcia, Oviedo, Salamanca, Santiago, Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza. De Farmacia en Madrid, Barcelona, Granada e Santiago; de Medicina en Madrid, Barcelona, Granada, Salamanca, Santiago, Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza. Faremos agora a análise pormenorizada dos catro grupos trazados.

### **3.3.1.1. Descoñecidas**

O grupo de «descoñecidas» está formado por un total de 128 estudiantes, das que ignoramos lugar de nacemento. Representa o 3.9% do total das alumnas matriculadas nas facultades experimentais entre os anos 1910 e 1960.

### **3.3.1.2. Etranxeiras**

Representan o 3.4% do total das alumnas matriculadas nas facultades experimentais no período estudo.

**Táboa 15**

**Estudos realizados segundo a orixe**

<b>Facultade</b>	<b>Etranxeiras</b>	<b>EspaÑolas</b>	<b>Galegas</b>	<b>% Total</b>
Medicina	21.2	4.1	6.5	6.0
Farmacia	48.7	77.4	52.2	62.1
Ciencias	30.1	18.5	41.3	31.9
<b>total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Por facultades supoñen o 12% das alumnas de Medicina, o 2.7% de Farmacia e o 3.2% de Ciencias.

Seguramente as 16 estudiantes arxentinas serán fillas de familias emigrantes, así como as chegadas dende outros países suramericanos pois, a teor dos seus apelidos, parece indubidable a súa ascendencia galego. En realidade, tendo en conta os apelidos, parece que a única alumna estranxeira sen vinculación familiar con Galicia sería a estudiante alemá de Medicina, Ida Ruth Selbmann Kümmer.<sup>42</sup>

---

<sup>42</sup> Ver a súa historia en Itinerarios.


**Táboa 16****Alumnas estranxeiras nas Facultades experimentais da US (1910-1960)**

	<b>Medicina</b>	<b>Farmacia</b>	<b>Ciencias</b>	<b>Total</b>
Alemaña	1	-	-	1
Arxentina	-	9	7	16
Brasil	-	-	1	1
Chile	-	2	-	2
China	-	1	-	1
Colombia	1	-	-	1
Cuba	2	28	17	47
EUA	1	2	-	3
Fernando Poo	-	1	-	1
Francia	-	3	1	4
Gran Bretaña	1	-	1	2
Marrocos	-	1	1	2
México	1	5	2	8
O Salvador	-	1	-	1
Perú	-	1	-	1
Porto Rico	14	1	2	17
Portugal	2	-	2	4
Venezuela	1	-	-	1
<b>Total</b>				<b>113</b>

As alumnas que procedían das antigas colonias de Cuba e Porto Rico son máis da metade do alumnado estranxeiro.<sup>43</sup> As portorriqueñas non puideron realizar estudos de Medicina no seu país ata os anos cincuenta, pero había mulleres tituladas que estudaban en Estados Unidos ou en Europa. En Cuba as mulleres podían realizar estudos de Farmacia dende finais do século XIX e de Medicina dende principios do século XX.<sup>44</sup>

Na Arxentina os estudos de Farmacia separáronse en 1950 da Facultade de Ciencias Médicas.

**Figura 5. Alumnas segundo orixe 1910-1960**



### 3.3.1.3. Procedentes doutras comunidades españolas

Son o 38.3% do total. Estas alumnas doutras comunidades veñen a Santiago sobre todo a estudar Farmacia (77.4%), en menor número farán Ciencias (18.5%) e a elección de Medicina será moito menor (4.1%).

<sup>43</sup> Fernando Poo –na actualidade illa de Bioko- foi colonia española ata 1968. Forma parte do territorio de Guinea Ecuatorial.

<sup>44</sup> As dúas primeiras médicas tituladas no país foron Fidelia Mestre y Hevia e Luisa Martina Pardo Suárez, ambas en 1904.

As diferenzas por facultades resultan moi notables, pois as alumnas deste grupo supoñen o 26.1% do total das médicas, o 47.7% das farmacéuticas e o 22.2% das de ciencias.

Recordemos de novo que iniciado o século XX había en España só catro Facultades de Farmacia, as das Universidades de Madrid, Barcelona, Granada e Santiago. Así que a Facultade de Farmacia era a máis achegada xeograficamente

á Comunidades de Castela e León e a franxa cantábrica. Ás alumnas de outras comunidades convíñalles, por distancia, acudir a outros distritos universitarios. Sen embargo, un número moi elevado de mulleres vascas escollerón Santiago como centro de estudos áinda cando a distancia a Madrid e Barcelona é menor, estas cidades están mellor comunicadas e o custe da matrícula era o mesmo para tódalas universidades españolas. Entón, por que acontecía isto? Podería ser porque


1. Resultara más económica a vida en Santiago: aloxamento e mantenza.
2. Fose máis doado atopar lugar de residencia, porque a oferta de aloxamentos fose maior. Lembremos que daquela non existía residencia pública algunha de señoritas. As residencias serían privadas: relixiosas ou laicas.
3. A cidade semellase más axeitada para que viviran señoritas, unha cidade de mediano tamaño, más segura e tranquila. Digamos que esta vila tería «mellor control» pois era a cidade máis pequena de España que contaba con Universidade.
4. A presenza de familiares ou achegados na cidade que lles facilitase aloxamento e apoio. Estas relacións sociais podían comportar unha serie de contactos que, á súa vez permitisen establecer conexións persoais que significarían oportunidades á hora de obter unha bolsa, de melloría nas perspectivas laborais, de vantaxes académicas, etc. En resumo, a importancia de «a quen coñeces» en forma de redes sociais ou redes de clientelismo.
5. A número de asturianas, cántabras e vascas veríase incrementado polas comunicacións terrestres xa que a existencia da liña de ferrocarril que enlazaba Ferrol con Bilbao pasando polas provincias de Cantabria, Asturias e Lugo, posibilitaría un desprazamento máis cómodo e rápido. O mesmo podemos dicir da

liña de tren que conectaba Medina del Campo-Zamora con Galicia, que motivaría a considerable asistencia de alumnas castelán-leonesas.

**Táboa 17. Alumnas das comunidades españolas**

Comunidade	Medicina	Farmacia	Ciencias	Total	%
A Rioxa	-	20	3	23	0.7
Andalucía	3	61	16	80	2.6
Asturias	13	149	19	181	5.9
Aragón	-	30	5	35	1.1
Canarias	2	18	3	23	0.8
Cantabria	2	26	9	37	1.2
Castilla-La Mancha	2	44	11	57	1.9
Castela e León	8	327	74	409	13.4
Cataluña	4	30	12	46	1.5
Ceuta	-	1	-	1	-
Comunidade Valenciana	-	32	4	36	1.2
Extremadura	-	47	6	53	1.7
Galicia	117	938	743	1798	58.7
Comunidad de Madrid	7	49	20	76	2.5
Comunidade Foral de Navarra	1	20	4	25	0.8
Illas Baleares	-	5	1	6	0.2
País Vasco	9	109	45	163	5.3
Rexión de Murcia	1	9	2	12	0.4
<b>TOTAL</b>				<b>3062</b>	<b>105</b>

**Figura 6. Total alumnas doutras comunidades**




A presenza, en certo modo numerosa, de estudiantes de Cataluña, Andalucía ou Madrid, coincide en boa parte cos anos posteriores á Guerra Civil.

Comparando as tres facultades observamos que:

- As principais comunidades por número de alumnas son: Castela e León (32.4%), Asturias (14.3%), País Vasco (12.9%), Andalucía (6.3%) e Madrid (6%). Xuntas son praticamente  $\frac{3}{4}$  partes das estudiantes que proveñen doutras comunidades.
- As alumnas castelán-leonesas son case a terceira parte das estudiantes doutras comunidades
- O único territorio sen representación é a cidade de Melilla.

**Figura 7. Estudantes por comunidades**




Para darnos conta da relevancia destas comunidades, fixémonos, por exemplo en que na Facultade de Farmacia houbo, neste período, máis estudantes asturianas que ourensás.

Se comparamos os resultados por facultades veremos que


- Santiago era a segunda universidade asturiana, pois desta comunidade procedían o 25% das estudantes españolas de Medicina, o 15% das de Farmacia e o 8% das de Ciencias.
- Do País Vasco o 17% das médicas, o 11% das farmacéuticas e o 19% das de Ciencias

- De Castela e León eran o 15% das estudantes de Medicina, o 33% das de Farmacia e o 32% das de Ciencias.

**Figura 8. Matriculadas por comunidades**




**Figura 9. Alumnas de Medicina doutras Comunidades**




A Rioxa	Andalucía	Asturias
Aragón	Canarias	Cantabria
Castilla-La Mancha	Castela e León	Cataluña
Ceuta	Comunitat Valenciana	Extremadura
Comunidad de Madrid	Comunidad Foral de Navarra	Illes Balears
País Vasco	Rexión de Murcia	

**Figura 10. Alumnas de Farmacia doutras Comunidades**



A Rioxa	Andalucía	Asturias
Aragón	Canarias	Cantabria
Castilla-La Mancha	Castela e León	Cataluña
Ceuta	Comunitat Valenciana	Extremadura
Comunidad de Madrid	Comunidad Foral de Navarra	Illes Balears
País Vasco	Rexión de Murcia	

**Figura 11. Alumnas de Ciencias doutras Comunidades**



### 3.3.1.4. *Galegas*

As 1798 alumnas galegas representan o 54.4% do total das matriculadas nas facultades de ciencias experimentais na US entre os anos 1910 e 1960. Existen certas variacións porcentuais entre as diferentes provincias. Como podemos ver na táboa seguinte, A Coruña aporta o maior número de alumnas á Universidade compostelá.

**Táboa 18. Alumnas galegas por facultade e provincia**

Provincia	Medicina	Farmacia	Ciencias	Total	%
Coruña	36	404	355	795	44.2
Lugo	21	194	102	317	17.6
Ourense	33	144	106	283	15.7
Pontevedra	27	196	180	403	22.5
Total	117	938	743	1798	

Acudimos ao Instituto Galego de Estatística para coñecer os datos sobre a poboación galega en 1910, que inserimos na táboa seguinte.


**Táboa 19. Poboación galega 1910**

Poboación	1910	%
Galicia	2.231.753	100
A Coruña	726.697	33
Lugo	512.467	23
Ourense	446.342	20
Pontevedra	546.247	24

Fonte: INE. Censos de poboación. Elaboración propia a partires dos datos do INE

Comparando as dúas táboas observamos que as cifras das matrícululas non se asemellan moito aos datos do censo de poboación por provincias, e dicir, as provincias non estaban representadas como cabía agardar segundo o número de habitantes.

**Figura 12. Alumnas galegas matriculadas por facultades e provincias 1910-1960**



**Táboa 20. Alumnas galegas segundo a orixe por concellos**

Concello	nº alumnas	% sobre o total galego
Santiago de Compostela	281	15,6
A Coruña	116	6,4
Vigo	83	4,6
Ourense	71	3,9
Pontevedra	59	3,3
Lugo	57	3,2
Ferrol	53	2,9
Vilagarcía de Arousa	34	1,9
Cambados	20	1,1
Chantada	19	1,0
Noia	17	0,9
Monforte	16	0,9
O Carballiño	16	0,9
Lalín	15	0,8
Negreira	15	0,8
Ortigueira	15	0,8
A Fonsagrada	12	0,7
Ordes	12	0,7
	911	50,4

Imos facer de seguido unha análise dos resultados obtidos no noso estudo e que aparecen na táboa anterior.

Un número de dezaoito, dos 314 concellos cos que conta Galicia, aportan o 50% da cifra total das universitarias na Comunidade entre os anos 1910 e 1960. Os sete primeiros postos concordan coas 7 cidades galegas: Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Ourense, Pontevedra, Lugo e Ferrol. Entre as sete suman 720 alumnas, o 39.90% do total das galegas. Indiquemos que a inicios do século XX a poboación galega era de algo máis de dous millóns de habitantes e o 90% da mesma era rural.<sup>45</sup> Tendo en conta este dato, e vendo a táboa anterior, queda claro a procedencia fundamentalmente urbana do alumnado.

Como era de agardar, a presenza das compostelás resulta moi superior: existía un instituto, non había que contar desprazamento algúun e a alumna seguía a residir no domicilio habitual. Os custes eran pois só os debidos á matrícula. O conxunto das alumnas con orixe nas cidades de Compostela e A Coruña xustifica a desviación observada na táboa de distribución por provincias.

Cos datos do anuario de 1910 do INE, os dez concellos máis poboados eran, por orde decrecente: A Coruña (49290 hab.), Vigo (41500 hab.), Lugo (35889 hab.), A Estrada (27698 hab.), Ferrol (26270 hab.), Pontevedra (25072 hab.), Santiago (24660 hab.), Ortigueira (20193 hab.), A Fonsagrada (19219 hab.), Lalín (18315 hab.).<sup>46</sup> Vigo tivo un crecemento tan importante que, en 1930, xa era a segunda cidade de Galicia. Tras estas dez vilas irían Chantada (16.709 hab.) e Ourense (16 285 hab.).

A significativa presenza de mulleres procedentes de Chantada, A Fonsagrada, A Estrada, Lalín, Ortigueira ou Noia garda correlación cos padróns municipais pero non serven para explicar o número, por exemplo, de ourensás, cuxa poboación chegaba aos 20.000 habitantes en 1930. Esta cifra tampouco a podemos vincular coa proximidade xeográfica á capital galega. Unha mellor comunicación por ferrocarril coa capital galega sexa a explicación máis plausible aos datos observados, pero os avances ferroviarios produciríanse a finais dos anos cincuenta (a liña Ourense-Santiago inagrououse en 1958)

<sup>45</sup> Datos da Xunta de Galicia, Espazo Abalar, 2015.

[http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1396951823/contido/123\\_a\\_poboacion\\_galega.html](http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1396951823/contido/123_a_poboacion_galega.html)

<sup>46</sup> Nestas datos o concello de Santiago non conta cos habitantes de Enfesta (4703 hab.) e Conxo (8298 hab.) que eran concellos independentes. O censo de Vigo non incluía o concello de Lavadores (21070 hab.) que foi independente da cidade olívica ata o ano 1941.

e, xa que logo, non serven para o momento analizado. Non temos datos pormenorizados sobre a presenza de varóns, que probablemente tamén fose maior ca que cabería agardar en relación ao censo ourensán.

Fixémonos agora noutro aspecto: as alumnas universitarias debían realizar, de maneira previa, estudos de bacharelato. O primeiro Instituto de Segunda Ensinanza en Galicia foi o de Lugo (1842). No mesmo ano creouse tamén o instituto de Tui, que só permaneceu como tal durante cinco anos. En 1845 se creáronse os de Santiago, Ourense e Pontevedra. En 1848, dotaríase tamén un instituto en Monforte, de vida breve. O de Coruña crearíase en 1862.

Galicia contaba pois, a principios do século XX, con cinco institutos de ensinanza secundaria situados, un en cada capital provincial e un máis en Santiago. Este número manterase así ata que en 1927 créanse os de Ferrol e Vigo e, en 1928 (pero só válidos para bacharelato elemental), os de Noia e Ribadeo. No ano 1933 crearíanse os «colexios subvencionados» de Vilalba, Tui e A Estrada que, como sinala Margarita Figueiras Nodar (2009) «podían impartir o mesmo plan de estudios que os institutos nacionais de segunda ensinanza», pero que non podían examinar e os «alumnos debían realizar os seus exames no instituto nacional ao que estiveran incorporados» (p. 105). Vemos pois que as primeiras universitarias proviñan das principais cidades e, tamén, de vilas más pequenas pero que contaban con institutos de segunda ensinanza.

Debemos ademais observar que moitas mozas facían os seus estudios de secundaria en centros pertencentes a congregacións relixiosas. Esta opción era escollida polas familias porque así evitaban que as nenas abandonasen os seus fogares por desprazarse as vilas que tiñan institutos públicos, coa conseguinte carga familiar e porque estes centros eran considerados por moitas familias como más axeitados para recibir unha educación «decente», acorde cunha moral conservadora. Estes centros educativos de relixiosas formaban, sobre todo, nenas de familias da burguesía media. En Galicia estaban: as Trinitarias de Noia, as Agustinas Recoletas de Vilagarcía, o Sagrado Corazón de Placeres (Pontevedra), as Carmelitas da Guarda, etc.

As alumnas procedentes de Vilagarcía non contaban con centro de ensino secundario público na súa vila pero estaban próximas xeograficamente, había boas comunicacións

por carreira e tren e existían centros privados relixiosos de educación secundaria. O conxunto destas tres circunstancias serían determinantes para explicar o seu elevado número.

A vila de Negreira non responde a ningunha das consideracións anteriores pois non tiña instituto de segunda ensinanza, nin se podía considerar unha cidade. Comparando os seus 6000 habitantes, no ano 1900, cos case 24000 que tiña A Estrada, non se entende que a súa posición na táboa anterior sexa superior á estradense. Tampouco a súa proximidade xeográfica pode explicar estes datos pois, por poñer un exemplo, o concello da Baña, veciño seu e moi semellante en poboación, ocupa o lugar 57 da táboa mentres co concello nicrariense ocupa a posición número 15. Ademais a vila non posúe tecido industrial *per se*, pero está conectada coa minería de volframio da veciña vila de Santa Comba e ademais contaba cunha burguesía profesional fortemente implantada.

### ***3.3.2. Segundo a extracción social***

Resulta sen dúbida, de grande importancia, abordar a orixe destas mulleres, descubrir cal era o seu estrato social. Nos expedientes académicos estudados aparecen as partidas de nacemento das alumnas, sendo este o único documento no que poderemos obter datos sobre a súa orixe. Nestas partidas consta nome dos pais, as veces incluso dos avós, o lugar de nacemento destes e o seu enderezo e, algunas veces, a súa profesión, pero só algunas veces, poucas. Só conseguimos coñecer a profesión dos pais de 66 das nosas alumnas.

O resumo dos datos obtidos é como sigue:

Profesiós liberais: 26 (farmacéuticos, avogados, médicos, veterinarios e periodistas)

Empregados do Estado/Funcionarios 11: profesionais da educación (3 eran mestres e 5 profesores de ensino medio e universitario) e doutros empregos da administración (un empregado de telégrafos, un secretario xudicial e un bedel da universidade)

Comerciantes e artesáns: 8

Militares: 6

Empregados: 4. Este grupo comprende aos traballadores por conta allea que desenvolven a súa ocupación no sector privado. Só sabemos que un deles era empregado de banca.

Propietarios: 6. Termo empregado normalmente no sentido de vivir das rendas

Industriais: 3

Labregos: 2

Sabemos que estes datos non son extrapolables á totalidade do alumnado feminino, pero quizais sirvan como orientación, indicándonos que as familias destas alumnas eran de clase media, ou media alta, e os seus pais, en moitos casos, foran tamén universitarios. Así que proviñan de ambientes intelectuais, e posiblemente nas súas casas tivesen acceso a libros e seguramente o seu círculo social fora desta mesma posición. Destaquemos que pertencentes ás clases baixas estarían tan só as fillas de labregos, a filla do bedel e probablemente algunha outra cuxo proxenitor fora artesán. Advertimos que tanto o pai das irmás Ferrín Moreiras como o das Lema Pintos, ambos profesores, solicitan bolsa por «pobreza» para as súas fillas.

Constataríamos así que a clase social sería moi importante á hora de acceder aos estudos superiores, como era de supoñer e non só por poder económico senón tamén por motivación. Estes razóns que levaron as mozas as aulas foron tanto o interese polo coñecemento como a busca dunha formación que lles permitise realizar un traballo remunerado. Para desenvolver unha ocupación pagada, abondaba con facer estudos medios ou unha formación profesional que supoñía menos esforzo. As profesións de contable, modista, enfermeira ou mestra, eran ocupadas por mulleres. Pero aquelas que optaron polos estudios superiores buscaban unha expectativa mellor: traballar nun despacho de farmacia, nalgún laboratorio de análises clínicas, a inserción no mundo docente, en especial na ensinanza secundaria, e a partires dos anos trinta do século pasado, como axudantes e auxiliares nas Facultades de Ciencias e Farmacia. E tamén produciría un salto no seu *status* social polos contactos e relacións establecidas cos compañeiros e os seus achegados. Sabemos que algunas delas casarían con estudiantes universitarios da propia ou de outra carreira, aínda que, en moitos casos esto separounas do exercicio profesional para dedicarse a coidar da familia.

En numerosos casos observamos que hai varios membros da familia –tanto homes como mulleres- realizando estudos en Santiago: as irmás Berta e Rita Fernández Queimadelos, as tres irmás Clavero Mestre, Ascensión, Dolores e Coro, os Díaz Riva (Elisa, Manuel, M<sup>a</sup> Victoria e Nicolás) ou os cinco membros da familia Ríos Suárez (José, Enrique, Ramón, Dolores e María). Este asunto debe ser estimado pois o feito de manter a máis dun fillo na universidade tamén reflicte que a familia ten unha situación económica desafogada e, ao mesmo tempo, ten interese familiar pola formación académica dos seus descendentes de ambos sexos.

<b>Táboa 21. Familias con varios matriculados na US</b>	
nº alumnos na US	nº familias
2	49
3	16
4	13
5	4

Porén, existe un bo número de alumnas que cursan os estudos con matrícula gratuíta:

- ~ Por pertencer a familias numerosas de 2<sup>a</sup> categoría. A lexislación consideraba familia numerosa á «composta polo cabeza de familia, o cónxuge e catro ou máis fillos lexítimos ou lexitimados, solteiros, menores de dezaoito anos ou maiores incapacitados para o traballo» (Lei do 13 de decembro de 1943, art. Iº). Para a obtención de descontos e beneficios, as familias numerosas clasificábanse en tres categorías: primeira, de catro a sete fillos; segunda, máis de sete fillos, e categoría de honra ás familias que tiveran doce fillos ou máis.<sup>47</sup> M<sup>a</sup> Luisa Areses Trapote Isaura Cepeda Vidal, Antonia Barrera Ramallo, Aurelia Costas Canoura, M<sup>a</sup> Luisa Fraga Iribarne ou Teresa e Luisa García-Rodeja Fernández gozaron de gratuidade na matrícula por familia numerosa de segunda categoría.

---

<sup>47</sup> Lei sobre *Protección a las familias numerosas*. BOE nº 350, de 16 de decembro de 1943, pp.11972 a 11975.

- ~ Porque seus pais traballaban para a administración como docentes (M<sup>a</sup> Concepción Moar) ou militares (Pilar López Somoza).
- ~ Por ser «orfas de guerra». Unha das formas coas que o franquismo pagou os «méritos patrióticos» dos «herois de guerra» e falecidos na GC foron as exencións de matrícula aos seus familiares. Este é o caso de Rosario Gil Álvarez, M<sup>a</sup> Esther Couceiro Constenla, Rosalía González Albardonedo, Manuela Espinosa Roji, M<sup>a</sup> Carmen González Martínez, M<sup>a</sup> Rosa e M<sup>a</sup> Luisa Alonso Blanco, Carolina Martínez Verduras, Gregoria Arias Palomar, Pilar González Hidalgo, Antonia Calvo Blanco, M<sup>a</sup> Dolores García Contell, Encarnación Garrido Aspiroz, Benedicta Pérez Pérez, M<sup>a</sup> Jesús Revuelta Arias, Josefa Aida Hurlé Álvarez e M<sup>a</sup> Jesús Revuelta Arias.

Nalgúns casos vemos un desconto no importe da matrícula como o 15% para Consuelo Castelao Bernárdez; o 25% para Emilia Alvarez Alvarez; ou pagaban a metade da matrícula por familia numerosa de 1<sup>a</sup> categoría (M<sup>a</sup> del Pilar Vázquez Navarro). Tamén aparecen rexistros con descontosdobres (D.D.).

### ***3.3.3. Rendimento académico***

Non podemos facer valoracións globais sobre o rendemento ou eficacia destas mulleres nos seus estudos pois carecemos das cualificacións da totalidade. Sen embargo faremos unha serie de consideracións sobre este tema, sempre, claro está, referíndonos a aquellas das que coñecemos os seus expedientes.

De tódalas alumnas, parece que as estudiantes de Medicina eran as que estaban más decididas a sacar adiante os seus estudos, as más concienciadas, ou as que más desexaban aprender. As médicas non só aprobaban, senón que destacaban entre os estudiantes polas súas cualificacións. As primeiras matriculadas viviron na prensa diaria a terríbel e monumental Primeira Guerra Mundial, unha contenda que supuxo a perda de oito millóns de vidas e uns seis millóns de discapacitados. Sen dúbida o desexo de axudar tempos tan convulsos foi un alicerce importante. Nalgúns casos habería que sumar a lista de motivacións as influencias familiares: o pai das Fernández de la Vega, o de Ruth Selbmann Kümmer e o de M<sup>a</sup> del Consuelo López López eran médicos, así

como os dous irmáns de Francisca Leonor Sampedro Costas. Alén diso estaría a alta valoración social da clase médica, e o prestixio desta profesión asociado á alta remuneración da súa práctica profesional. Algúns casos salientables serían Olimpia Valencia, as irmás Fernández de la Vega, Isabel Álvarez Aguilar, Aurora Abellás e, especialmente, a brillante Alicia Fernández Calvete, que obtivo matrícula de honra en tódalas materias.

Tamén nas outras facultades aparecían expedientes notables: M<sup>a</sup> Eugenia Pereira Rodríguez, Emma Álvarez Besada, M<sup>a</sup> del Patrocinio Armesto Alonso, Carmen García Amo, Concepción Carnero Valenzuela, Dolores Lorenzo Salgado, Natividad Mejuto Larrauri, Elvira Fernández Rey, Elisa Díaz Riva, e Rosario Méndez Miaja destacan entre as de Ciencias. En Farmacia Enma Valcarce Pestaña, M<sup>a</sup> Carmen Zalvidegoitia Derteano, Raquel Osorio Peláez, M<sup>a</sup> Pilar Charro Salgado, Modesta Costas González e Ramona Vaamonde Fernández aparecen con expedientes moi salientables. Pero digamos que na Facultade de Ciencias e na de Farmacia era cotiá que as alumnas suspenderan materias, e houbo algunhas que abandonaron os estudos, cousa moi rara entre as galenas. Sabemos que os profesores non lles melloraban as notas pola súa condición feminina, antes ben, lles poñían atrancos, como nos comentou nunha entrevista Mercedes, a filla de Concepción Senín Quintela.

Para saber cantas alumnas remataron os seus estudos acudimos aos datos do INE pero infelizmente non existen datos disagregados por sexos sobre estudos rematados no período total considerado. Os únicos datos con continuidade son os referidos a títulos expedidos por facultade e sexo (táboa 31), con continuidade dende o curso 1929-30 e sen dato algúun dende 1933 ata 1940.

**Táboa 22****Títulos expedidos a mulleres**

<b>curso</b>	<b>Medicina</b>	<b>Farmacia</b>	<b>Ciencias</b>
1929-30	-	7	2
1930-31	-	10	1
1931-32	1	16	3
1932-33	2	18	-
1940-41	2	21	3
1941-42	2	22	8
1942-43	-	27	5
1943-44	3	39	27
1944-45	2	38	11
1945-46	3	51	10
1946-47	1	45	6
1947-48	1	43	11
1948-49	1	33	20
1949-50	1	40	12
1950-51	-	27	12
1951-52	-	36	15
1952-53	3	26	12
1953-54	2	24	14
1954-55	-	28	7
1955-56	2	48	15
1956-57	3	25	14
1957-58	3	34	9
1958-59	1	32	12
1959-60	3	22	4

Algunhas alumnas decidiron cursar unha segunda carreira (táboa 32):

**Táboa 23****Alumnas con sobre titulación**

apelidos	nome	natural de	provincia	facultade	curso
Pereira Rodríguez	M <sup>a</sup> Eugenia	Carballiño	Ourense	Ciencias Farmacia	1917-23
Armesto Alonso	Patrocinio	Alcañices	Zamora	Ciencias Farmacia	1923-27 1949-53
Campillo Gómez	Teresa	A Coruña	A Coruña	Ciencias Farmacia	1924-29
Fraga Padín	M <sup>a</sup> de la Encarnación	Cambados	Pontevedra	Ciencias Farmacia	1925-29
Ruibal Amor	M <sup>a</sup> de la Gloria	Barro	Pontevedra	Ciencias Farmacia	1926-35
Zapata Zapata	M <sup>a</sup> del Carmen	A Coruña	A Coruña	Ciencias Farmacia	1928-35
Panisse Ferrer	M <sup>a</sup> del Portal	A Coruña	A Coruña	Ciencias Farmacia	1931-36 1952-57
Taboada Alemparte	M <sup>a</sup> Luisa	Pazos	Ourense	Ciencias Farmacia	1931-42
Valcarce Quiroga	M <sup>a</sup> de los Dolores	Samos	Lugo	Ciencias Farmacia	1932-36
Sobrino Lorenzo	M <sup>a</sup> Purificación	Santiago	A Coruña	Ciencias Farmacia	1932-36 1939-40
Valcarce Quiroga	M <sup>a</sup> de los Dolores	Samos	Lugo	Ciencias Farmacia	1932-36 1939-41
Abal Mieites	M <sup>a</sup> del Carmen	A Pobra do	A Coruña	Ciencias Farmacia	1933-36 1939-40
Rodríguez-Moldes Ramos	M <sup>a</sup> de la Asunción	Castropol	Asturias	Ciencias Farmacia	1934-43
Soto Noya	Josefa	Santiago	A Coruña	Ciencias Farmacia	1934-44
Beltrán Pastor	Consuelo	Redondela	Pontevedra	Ciencias Farmacia	1939-51
Casal Paz	Avelina	Porto do Son	A Coruña	Ciencias Farmacia	1939-43

Yebra-Pimentel	Aurelia	Agolada	Pontevedra	Ciencias	1939-43
Vidal				Farmacia	1946-49
Fuentes Portals	Josefa	Outes	A Coruña	Ciencias	1939-44
				Farmacia	
Panisse Ferrer	M <sup>a</sup> del Carmen	A Coruña	A Coruña	Ciencias	1939-49
				Farmacia	
González Peón	M <sup>a</sup> del Carmen	Santiago	A Coruña	Ciencias	1941-47
				Farmacia	
Sanmartín Cornes	M <sup>a</sup> Carmen	Quines	Ourense	Ciencias	1941-46
				Farmacia	1950-53
Carballido	Obdulia	Santiago	A Coruña	Ciencias	1942-47
Ramallo				Farmacia	1951-55
Carballido	M <sup>a</sup> Pilar	Santiago	A Coruña	Ciencias	1943-48
Ramallo				Farmacia	
Freire Rial	María	Negreira	A Coruña	Ciencias	1943-48
				Farmacia	
Rodríguez García	M <sup>a</sup> Carmen	Ceuta	Cádiz	Ciencias	1944-49
				Farmacia	
Barbosa Quicler	M <sup>a</sup> Teresa	Vigo	Pontevedra	Ciencias	1945-50
				Farmacia	
Fabeiro García	M <sup>a</sup> Dolores	Negreira	A Coruña	Ciencias	1946-52
				Farmacia	
López Rodríguez	Isabel	A Habana	Cuba	Ciencias	1947-54
				Farmacia	
Tocino Mourelo	Pilar	A Coruña	A Coruña	Ciencias	1949-60
				Farmacia	
Cuesta Zarzosa	Manuela de la	Palencia	Palencia	Ciencias	1950-57
				Farmacia	
Zalbidegoitia	M <sup>a</sup> del Carmen	Bilbao	Biscaia	Ciencias	1950-56
Derteano				Farmacia	
Martínez Carreira	Pilar Luz	Santiago	A Coruña	Ciencias	1951-59
				Farmacia	

En tódolos casos atopados a dobre titulación era en Ciencias e Farmacia, carreiras que se complementaban, contaban con materias homologábeis e melloraban as posibilidades laborais. M<sup>a</sup> del Carmen Abal Mieites, Consuelo Beltrán Pastor, Avelina Casal Paz e

Josefa Fuentes Portals, realizaron os exames dos cursos abreviados para obter a segunda titulación.

Algunhas sacarían o título de mestras, pois aumentaban as súas posibilidades de lograr un emprego como docentes, como Antonia Ferrín Moreiras, Dolores Lorenzo Salgado ou M<sup>a</sup> Concepción Senín Quintela (de feito esta última traballou, nun principio, como mestra)<sup>48</sup> ou eran xa mestras cando decidiron realizar estudos científicos, como a médica Francisca Surós Forns ou a química María Domínguez Astudillo.

Durante a Guerra Civil, non poucas sacaron o título de enfermeiras como Ramona Vaamonde Fernández, Lourdes Cigarrán Rodríguez-Arango ou Josefa Ron Noya, traballando no Laboratorio de Farmacia Militar de Santiago. Estas xoves voluntarias estaban estudiando farmacia ou algunhas acababan de licenciarse e non percibiron salario algúun durante os tres anos que prestaron colaboración, nin, rematada a guerra, llo recompensaron en modo algúun. Outras prestaron servizos en diversos hospitais como M<sup>a</sup> Luisa Fernández Cascallar que cooperou co Hospital Militar de Vilagarcía no ano 1937 ou Jimena Fernández de la Vega, quen fixo o propio no Hospital Militar de San Caetano, ou Dolores Palmeiro Valcarce. Todas tiñan parentes ou coñecidos falecidos ou na fronte de batalla aínda que non todas colaboraron por ser simpatizantes dos sublevados, ben ao contrario, podía resultar unha maneira de borrar calquera sospeita sobre a súa filiación.

### ***3.3.4. Segundo os estudios cursados***

Procedemos agora á análise das alumnas tendo en conta a súa matriculación por curso académico e facultade.

---

<sup>48</sup> Ver biografía no apéndice “Itinerarios”

**Táboa 24****Comparativa alumnas matriculadas das tres facultades por curso**

<b>ANO</b>	<b>MEDICINA</b>	<b>CIENCIAS</b>	<b>FARMACIA</b>	<b>Total ciencias experimentais</b>
1912-13	2	0	0	2
1913-14	3	0	0	3
1914-15	4	0	6	10
1915-16	2	2	5	9
1916-17	2	2	2	6
1917-18	2	4	1	7
1918-19	2	3	6	11
1919-20	1	5	7	13
1920-21	2	4	6	12
1921-22	4	13	6	23
1922-23	6	12	15	33
1923-24	8	18	15	41
1924-25	8	13	31	52
1925-26	7	15	35	57
1926-27	4	23	43	70
1927-28	5	37	54	96
1928-29	10	15	84	109
1929-30	9	11	73	93
1930-31	14	21	93	128
1931-32	24	22	84	130
1932-33	16	22	82	120
1933-34	17	32	89	138

1934-35	20	43	85	148
1935-36	19	48	22	89
1936-38	-	-	-	-
1938-39	11			11
1939-40	54	219	551	824
1940-41	23	113	285	421
1941-42	21	127	301	449
1942-43	26	147	309	482
1943-44	22	144	295	461
1944-45	20	144	196	459
1945-46	16	152	286	454
1946-47	13	153	303	469
1947-48	15	158	364	537
1948-49	19	147	378	544
1949-50	21	151	417	589
1950-51	21	141	461	623
1951-52	21	132	454	607
1952-53	15	220	432	667
1953-54	17	227	422	666
1954-55	21	165	401	587
1955-56	29	183	266	478
1956-57	33	203	484	720
1957-58	31	204	478	713
1958-59	14	169	506	689
1959-60	26	161	476	663


Observamos que:

1. O número de alumnas foi aumentando entre 1912 e 1935, ao principio timidamente, pero sempre progresando.
2. A Guerra civil supuxo a inactividade académica.
3. Durante o curso 1922-23 prodúcese un salto no número de alumnas coincidindo coa incorporación da Sección de Ciencias Químicas. Nos cinco anos seguintes o alumnado feminino desta facultade multiplicaríase por tres. O novo e activo profesorado desta facultade resultou moi alentador para o estudantado polos seus métodos prácticos e participativos e pola súa accesibilidade.
4. Detrás do descenso producido no curso 1929-30 apreciamos o Real Decreto de Reforma Universitaria de 1928.
5. O aumento tan notable de alumnas no curso 1939-40 é parello ao dos varóns e vai ligado á celebración dos «cursos abreviados» e aparece nos tres centros de estudio. Na Facultade de Medicina a matrícula feminina medrou nun 284% no curso 1939-40 respecto do curso 1935-36, en Ciencias multiplicouse por catro no mesmo período, pero onde máis manifesto resultan as cifras é na Facultade de Farmacia que multiplicou por vinte e cinco o número de inscritas. A cantidade total de inscritas (824) resulta tan concluínte que nin a finais dos anos cincuenta acadarase unha cifra tal. O ano seguinte á convocatoria dos cursos abreviados a matrícula desinchorouse volvendo «á normalidade», rexistrándose a metade de inscritas. As estudiantes de Medicina foron as primeiras que decidiron cursar estudos universitarios. En todo o período estudiado o número de matriculadas foi moi baixo, producíndose flutuacións moi pequenas nestes cincuenta anos. Se exceptuamos o curso 1929-30, probablemente pola implantación da reforma universitaria de 1928, observamos que dende as primeiras matriculadas houbo un cativo pero continuo aumento ata a GC acadando a cifra más alta deste período no curso 1931-32. A partires dos anos corenta prodúcese unha caída constante. O bombardeo ideolóxico franquista persuadía ás mulleres sobre as súas aptitudes para esta profesión. os anos 1945-48 e un moi lixeiro impulso a finais dos anos cincuenta.


6. Agás o período comprendido entre 1936 e 1940, o número de mulleres irá en aumento nas Facultades de Ciencias e de Farmacia, sendo esta última a de maior número de alumnas. En Farmacia observamos un descenso no curso 1944-45 posterior á Lei de *Ordenación de la Universidad* de xullo de 1943. O Plan de 1953 aumentaba a seis os cursos para acadar a licenciatura farmacéutica «sendo o primeiro selectivo e debendo cursarse este na Facultade de Ciencias» (De Pharmaceutica scientia: 169) e podemos observar como afectou este feito a ámbalas dúas facultades acrecentando a matrícula en Ciencias e diminuíndo en Farmacia.
7. Advertimos que a matrícula aumentou, en especial, na década dos anos cincuenta, correspondendo ao curso académico de 1956-57 o maior dato rexistrado do cómputo total de matriculadas (720).

Vemos nas gráficas seguintes como foi a variación por facultade e curso académico.


**Figura 13. Mulleres matriculadas. Facultade de Medicina 1912-1960**



**Figura 14. Mulleres matriculadas. Facultade de Ciencias 1912-1960**




**Figura 15. Mulleres matriculadas. Facultade de Farmacia 1912-1960**



Superpoñendo os datos das tres facultades obtemos a gráfica seguinte

**Figura 16. Mulleres matriculadas nas Facultades de ciencias experimentais 1912-1960**



Neste diagrama apréciase moi ben como as liñas de puntos marcan diferentes etapas, que marcaremos como

1. 1912-1920: período inicial cunha matriculación moi baixa
2. 1921-1936: curva ascendente en canto á matriculación en tódalas facultades, se ben en Farmacia é moito máis notábel
3. 1936-39: quebra da Guerra Civil
4. 1939-41: cumbe producido pola convocatoria dos cursos abreviados e a celebración dos exames patrióticos
5. 1942-1960: dende o curso 1942 as traxectos son moi diferentes dunhas facultades a outras. Medicina mantense en niveis moi baixos, non chegando nunca a remontar. Na Facultade de Ciencias produciuse un aumento notorio de

estudantes, acadando cotas máximas nos anos cincuenta. A Facultade de Farmacia foi a que rexistrhou sempre a maior cifra de alumnas e tamén o maior índice de crecemento. A pequena quebra producida entre 1953-55, consideramos que é debida á entrada en vigor da Lei de Ordenación do Ensino Medio de 1953, que aumentaba nun ano a ensinanza media obrigatoria para acceder á universidade.

Agora xa coñecemos os datos comparativos entre mulleres, pero precisabamos saber a súa proporción respecto dos varóns. Acudimos ao Fondo Documental do INE, para ver que datos obtiñamos sobre a US, revisando os Anuarios dos cursos correspondentes<sup>49</sup>.



---

<sup>49</sup> Os valores dados para o curso 1929-30 son os mesmos que no curso anterior. Unha vez corroborado este dato, estimamos que se trata dunha errata do INE.

**Táboa 25.****Datos da Universidade de Santiago extraídos dos Anuarios Estatísticos do INE**

curs o	Alumnad o total		Matr ícula	oficial			Non oficial			totais			
				V	M	T	V	M	T	V	M	T	% M
1914 -15	3710	Medicina	1541	303	0	303	57	2	59	360	2	362	0.6
		Ciencias	479	81	0	81	62	2	64	143	2	145	1.4
		Farmacia	780	171	2	173	92	2	94	263	4	267	1.5
1915 -16	3744	Medicina	1579	309	0	309	61	2	63	370	2	372	0.5
		Ciencias	488	93	0	93	69	0	69	162	0	162	0
		Farmacia	813	169	1	170	108	4	112	277	5	282	1.8
1916 -17	3702	Medicina	1490	306	0	306	81	2	83	387	2	389	0.5
		Ciencias	647	115	0	115	92	0	92	207	0	207	0
		Farmacia	692	155	1	156	110	2	112	265	3	268	1.1
1917 -18	3703	Medicina	1594	333	0	333	47	2	49	380	2	382	0.5
		Ciencias	580	117	2	119	76	1	77	193	3	196	1.5
		Farmacia	622	162	1	163	58	0	58	220	1	221	0.4
1918 -19	3672	Medicina	1583	330	0	330	41	2	43	371	2	373	0.5
		Ciencias	659	147	1	148	102	3	105	249	4	253	1.6
		Farmacia	563	122	3	125	102	3	18	137	6	143	4.2

1919 -20	3842	Medicina	1624	350	0	350	48	0	48	398	0	398	0
		Ciencias	555	131	1	132	62	1	63	193	2	195	1.0
		Farmacia	602	136	4	140	96	3	99	232	7	239	2.9
1920 -21	3564	Medicina	1547	332	1	333	43	1	44	375	2	377	0.5
		Ciencias	590	128	1	129	61	3	64	189	4	193	2.0
		Farmacia	497	100	2	102	87	2	89	197	4	201	2.0
1921 -22	1465	Medicina	362	311	3	314	47	1	48	358	4	362	1.1
		Ciencias	220	145	6	151	64	5	69	209	11	220	5.0
		Farmacia	429	95	3	98	83	3	86	178	6	184	3.3
1922 -23	4154	Medicina	1606	309	5	314	83	1	84	392	6	398	1.5
		Ciencias	786	443	33	476	107	5	112	550	38	588	6.5
		Farmacia	551	127	7	134	73	7	80	200	14	214	6.5
1923 -24	4247	Medicina	1582	287	6	293	75	1	76	362	7	369	1.9
		Ciencias	898	140	8	148	142	9	151	282	17	299	5.7
		Farmacia	661	139	8	147	112	7	119	251	15	266	5.6
1924 -25	4485	Medicina	1704	326	7	333	112	1	113	438	8	446	1.8
		Ciencias	809	183	10	193	113	3	116	296	13	309	4.2
		Farmacia	839	209	18	227	76	9	85	285	27	312	8.6

1925 -26	5052	Medicina	1955	349	5	354	127	1	128	476	6	482	1.2
		Ciencias	1031	199	12	211	125	6	131	324	18	342	5.3
		Farmacia	828	184	23	207	88	9	97	272	32	304	10.5
1926 -27	6222	Medicina	1973			385			124	507	2	509	0.4
		Ciencias	1589			257			246	463	40	503	7.9
		Farmacia	817			233			87	277	43	320	13.4
1927 -28	6664	Medicina				1877			593			2470	
		Ciencias				132			108			1220	
		Farmacia				674			311			985	
1928 -29	3333	Medicina							888		4	892	0.4
		Ciencias							76		15	91	16.5
		Farmacia							391		82	473	17.3
1929 -30	1903	Medicina							800		9	809	1.1
		Ciencias							52		11	63	17.5
		Farmacia							374		89	463	19.2
1930 -31	1955	Medicina							888		14	902	1.6
		Ciencias							52		21	73	28.8
		Farmacia							369		89	458	19.4

1931 -32	2103	Medicina		675	12	687	160	10	170	835	22	857	2.6
		Ciencias		36	16	52	39	5	44	75	21	96	21.9
		Farmacia		209	68	277	113	16	129	342	84	426	19.7
1932 -33	2046	Medicina		680	12	692	170	3	173	850	15	865	1.7
		Ciencias		59	17	76	55	6	61	114	23	137	16.8
		Farmacia		207	59	266	96	23	119	373	82	455	18.0
1933 -40		Sen datos											
1940 -41		Medicina		518	15	533	360	4	364	878	19	897	2.1
		Ciencias		163	80	243	175	38	213	338	118	456	25.9
		Farmacia		393	156	549	75	12	197	468	278	746	32.3
1941 -42		Medicina		439	15	454	440	4	444	879	19	898	2.1
		Ciencias		172	90	262	163	45	208	335	135	470	28.7
		Farmacia		227	184	411	239	13	369	466	314	780	40.3
1942 -43	3350	Medicina		415	19	434	474	4	478	889	23	912	2.5
		Ciencias		182	119	301	192	29	221	374	148	522	28.3
		Farmacia		183	201	384	279	12	403	462	325	787	41.3
1943 -44	2881	Medicina		460	12	472	345	6	351	805	18	823	2.2
		Ciencias		211	114	325	101	38	139	456	282	738	38.2

		Farmaci a		209	188	397	247	94	341	312	152	464	32.8
1944 -45	2796	Medicin a		442	12	454	357	4	361	799	16	815	2.0
		Ciencia s		186	115	301	75	17	92	261	132	393	33.6
		Farmaci a		202	178	380	210	11 7	327	412	295	707	41.8
1945 -46	2764	Medicin a		429	11	440	300	4	304	729	15	744	2.0
		Ciencia s		207	115	322	70	44	114	277	229	506	45.3
		Farmaci a		207	188	395	182	98	280	389	386	775	49.8
1946 -47	2764	Medicin a		505	10	515	289	3	292	794	13	807	1.6
		Ciencia s		207	115	322	70	44	114	277	159	436	36.5
		Farmaci a		189	223	412	226	81	307	415	304	719	42.3
1947 -48	3166	Medicin a								763	15	778	36.6
		Ciencia s								279	161	440	45.5
		Farmaci a								436	364	800	1.9
1948 -49	3272	Medicin a								888	17	905	1.9
		Ciencia s								215	140	355	39.4
		Farmaci a								403	367	770	47.7
1949 -50	3331	Medicin a								862	16	878	1.8
		Ciencia s								223	150	373	40.2

		Farmaci a							315	427	742	57.6
1950 -51	3147	Medicin a							894	21	915	2.3
		Ciencia s							172	145	317	45.7
		Farmaci a							263	473 <sup>50</sup>	736	64.3
1951 -52	3165	Medicin a							886	17	903	1.9
		Ciencia s							160	165	325	50.8 <sup>51</sup>
		Farmaci a							364	428	792	54.0
1952 -53	3392	Medicin a							730	14	744	1.9
		Ciencia s							366	202	568	35.6
		Farmaci a							496	436	932	46.8
1953 -54	3687	Medicin a							652	16	668	2.4
		Ciencia s							549	373	922	40.5 <sup>52</sup>
		Farmaci a							351	414	765	54.1
1954 -55	3279	Medicin a							680	20	700	2.8
		Ciencia s							432	191	623	30.7
		Farmaci a							293	366	659	55.5
1955	3146	Medicin							688	22	710	3.1

<sup>50</sup> É a única facultade de Farmacia española con maioría feminina.

<sup>51</sup> Maior índice de toda España en Ciencias.

<sup>52</sup> Maior índice de toda España en Ciencias.

-56		a										
		Ciencia s							410	184	594	31.0
		Farmaci a							254	355	609	58.3
1957 -58	3187	Medicin a							895	29	924	3.1
		Ciencia s							293	181	474	38.2
		Farmaci a							303	361	664	54.4
1958 -59	3715	Medicin a							128 0	104	138 4	7.5
		Ciencia s							353	157	510	30.1
		Farmaci a							290	387	677	57.2
1959 -60	3250	Medicin a							143 2	138	157 0	8.8
		Ciencia s							412	160	572	28.0
		Farmaci a							322	381	703	54.2

Observacións:

-Nos cursos que van dende 1914 a 1926, de 1931 a 33, de 1940 a 47 temos datos do número de varóns e mulleres, separados alumnos que cursan por ensino libre e oficial.

-Existe unha forte caída na inscrición masculina pero non na feminina no curso 1921-22 que interpretamos como debida á Guerra de África.

-Nos espazos comprendidos entre os anos 1928 e 1931 e os anos 1947 e 1960, non existen datos disagregados por sexos. Non existe ningún dato do período entre 1933 e 1940.

-Medicina era, das tres, a facultade que contaba con maior matriculación, polo que non só había poucas estudiantes mulleres nas aulas desta Facultade, senón que ademais a súa proporción con respecto aos seus compañeiros de aula era exigua. No ano 1931, as mulleres representaban un 2.6% dos estudiantes deste centro, cifra que conseguiu superar a partires de 1955, acadando a cantidade máis alta no curso 1959-60, un **8.8% da matrícula total**.

Na Facultade de Ciencias era das tres a que contaba con menos alumnos, pero a representación feminina era máis alta que en Medicina. Xa no curso 1930-31 comportaba o 28.8% da matrícula desta Facultade, más dunha cuarta parte do total, chegando a rexistrar, no curso 1951-52, más da metade da matrícula (50.8%).

Farmacia, sen ser a facultade máis habitada, foi a que fixo un crecemento máis acentuado na proporción varóns/mulleres nas súas aulas. Antes da GC a porcentaxe de alumnas era de algo máis do 19% pero xa na posguerra comezou o seu ascenso, chegando ao 57.6% no curso 1949-50.

### **3.4. COMPARANDO CON OUTRAS UNIVERSIDADES**

Nos outros distritos universitarios poderíamos observar as mesmas peculiaridades respecto da matrícula feminina?. Matriculábanse na mesma proporción e nos mesmos centros? Existía algunha especificidade ou característica que as sinalara?

Acudimos de novo ao INE para conseguir datos e elaboramos a seguinte táboa cos mesmos. O alumnado matriculado comprende oficiais e libres. Para o curso 1927-28 non dispoñemos de datos disagregados por sexo.

**Táboa 26. Comparativa alumnado español / alumnado US**

	Alumnado en toda España			Alumnado na US			% alumnas matriculadas	
	V	M	total	V	M	total	en toda España	en Santiago
1914-15			23508	1042	16	1058	1.9	1.5
1915-16	21029	438	21467	1098	13	1111	2.0	1.2
1916-17	32064	619	32683	1167	9	1176	1.9	0.8
1917-18	22898	688	23586	1294	10	1304	2.9	0.8
1918-19	22951	709	23660	1138	14	1152	3.0	1.2
1919-20	22693	710	23403	1176	11	1187	3.0	0.9
1920-21	22588	920	23508	1005	14	1019	4.1	1.4
1921-22	21983	1097	23080	1061	36	1097	4.7	3.3
1922-23	24496	1194	25690	1545	74	1619	4.6	4.6
1923-24	26291	1509	27800	1255	51	1306	5.5	3.9
1924-25	27724	1926	29650	1414	68	1482	6.5	4.6
1925-26	29412	2149	31561	1520	70	1590	6.8	4.4
1926-27	36434	3285	39719	1987	125	2112	8.3	5.9
1927-28	-	-	45463		-	2702		
1928-29	39336	1893	41229	1928	127	2055	4.6	6.2
1929-30	31813	1744	33557	1772	131	1903	5.2	6.9
1930-31	33471	2246	35717	1804	151	1955	6.3	7.7
1931-32	31607	2026	33633	1940	163	2103	6.0	7.7
1932-33	29858	2047	31905	1887	159	2046	6.4	7.8
1933-34	28664	2124	30788					
1934-35	31510	2980	34490					
1935-36	26661	2588	29249	1989	194	2183	8.8	8.9
	29660	2353	32013					

1939-40	46713	7623	54336	3462	949	4411	14.0	21.5
1940-41	29297	4466	33763	2531	520	3051	13.2	17.0 <sup>53</sup>
1941-42	29953	4716	34669	2370	557	2927	13.6	19.0 <sup>54</sup>
1942-43 <sup>55</sup>	32693	4979	37672	2774	576	3350	13.0	17.2
1943-44	36260	5504	41764	2350	531	2881	13.0	18.4
1944-45	33920	5480	39400	2266	530	2796	14.0	19.0
1945-46	35277	5149	40426	2204	560	2764	12.9	20.3
1946-47	37025	5572	42597	2363	569	2932	13.1	19.4
1947-48	40452	6474	46926	2508	658	3166	13.8	20.8
1948-49	43114	6866	49980	2593	679	3272	13.7	20.8
1949-50	42989	7314	50303	2535	796	3331	14.5	23.9
1950-51	43966	7667	51633	2303	844	3147	14.8	26.8
1951-52	45479	7955	53434	2353	812	3165	14.9	25.7
1952-53	49603	8540	58143	2488	904	3392	14.7	26.7 <sup>56</sup>
1953-54	49973	9607	59580	2638	1049	3687	16.1	28.5
1954-55	49135	9531	58666	2472	807	3279	14.2	24.6
1955-56	46978	10052	57030	2328	818	3146	17.6	26.0
1956-57	50856	11359	62215	2381	806	3187	18.9	25.3
1957-58	52105	12176	64281	2381	806	3187	18.9	25.3
1958-59	50355	12630	62985	2278	813	3091	20.1	26.3
1959-60			63787	2324	926	3250	- <sup>57</sup>	28.5

Nos primeiros anos do século, apreciamos que a porcentaxe de alumnas matriculadas en Santiago respecto ás matriculadas no resto de España non chega á media estatal, como agardabamos nunha cidade cunha poboación conservadora e con grande peso do clero e

<sup>53</sup> Só superada por Madrid: 19.81%.

<sup>54</sup> A máis cifra máis alta de España e tamén para os anos que van dende 1945 a 1950.

<sup>55</sup> Anuario 1944-45.

<sup>56</sup> A Universidade da Laguna ten a estatística máis alta co 27.9% de mulleres coincidindo coa inauguración da nova sede central universitaria.

<sup>57</sup> Non hai datos disregados por sexo

das familias. Foi nas grandes cidades, en especial Madrid e Barcelona, onde se produciu, a incorporación das primeiras estudiantes á Universidade, así que cumpría agardar que fosen estas cidades, máis abertas e cosmopolitas, as que rexistrasen maior porcentaxe de mulleres. Sen embargo, dende finais da década dos anos vinte, os datos estatísticos amosan un xiro notábel, superando a universidade galega á media universitaria española desde 1928 e mesmo colocándose á cabeza a partires de 1939. Neste curso de 1939-40 había en Barcelona un 15.66% mulleres sobre o total da matrícula, en Madrid un 18.81% e, en Zaragoza un 17.66%.

A Universidade de Santiago de Compostela rexistra a matrícula feminina mais alta de España, ademais de no xa mencionado curso 1939-40, nos anos académicos de 1941-42, e en todo o período comprendido entre 1945 e 1960. O franquismo primeiro favoreceu ás mulleres por «méritos de guerra» e ademais atraeu a moitas de fóra a facer os cursos.

Cotexamos os datos de Santiago cós dos outros distritos para os cursos académicos 1942-43 e 1957-58 por ter as series completas, escollendo aqueles distritos dos que había información no Fondo Histórico do INE e que contaban con Facultade de Farmacia (Táboa 36)

**Táboa 27. Matriculadas por facultade e universidade**

		1942-43			1957-58		
Distrito		V	M	% M	V	M	% M
<b>Santiago</b>	Ciencias	1174	475	28.8	293	181	38.2
	Farmacia	1258	976	43.7	303	361	54.4
	Medicina	3750	66	1.7	895	29	3.1
Barcelona	Ciencias	3390	583	14.7	1370	331	19.5
	Farmacia	1187	731	38.1	798	627	44.0
	Medicina	4559	48	1.0	1935	117	5.7
Granada	Ciencias	495	168	25.3	172	53	23.6
	Farmacia	1325	455	25.6	690	560	44.8
	Medicina	2188	26	1.2	1403	66	4.5
Madrid	Ciencias	6189	1084	14.9	3634	722	16.6
	Farmacia	2446	1918	43.9	1370	2037	59.8
	Medicina	11932	284	2.3	4219	401	8.7

Non existen diferenzas significativas ao respecto da matriculación inicial das mulleres nas Facultades de Medicina, cuxas cifras non chegan ao 2.5% a principios dos corenta e, áinda que non pasan por termo medio do 7.5% a finais dos cincuenta, o certo é que a Universidade de Madrid multiplica por catro e a de Barcelona por cinco o número de mulleres. O distrito de Santiago amosa, para o curso 1957-58, a porcentaxe mais baixa das catro.

Entre as matriculadas en Farmacia son as Facultades de Granada e Barcelona as que presentan as cifras mais baixas nos dous cursos examinados, encontrándose a Universidade de Santiago, en calquera caso, por enriba da media para estas ensinanzas.

Onde observamos as diferenças mais significativas cos outros distritos é na Facultade de Ciencias xa que ten a maior porcentaxe de matriculadas en ambos anos, dobrando case a media dos catro distritos, é a que mais incremento de matrícula reflicte nos quince anos que van dun curso a outro, e isto sendo unha Facultade pequena dunha universidade mais ben pequena. Comparándoa co xigante madrileño, Compostela contaba con 474 alumnos de Ciencias en 1957, mentres que Madrid tiña 4356 matriculados, agora que en Santiago as alumnas representaban o 38.8% da matrícula total e na Universidade Central só o 16.6%.

Se comparamos a suma dos datos das tres universidades indicadas vemos respecto da Facultade de Ciencias o incremento de matrícula feminina foi dun 10% en Santiago fronte ao 4.6%, na Facultade de Farmacia do 11% fronte ao 14% e en Medicina do 1.4% fronte ao 5%, correspondéndolle a Farmacia o maior incremento porcentual.

Inserimos dúas gráficas, unha para cada curso na que pode verse claramente este caso. ¿Por que acontecía isto? ¿Que facía distinta a Santiago? Se a carreira estaba ou non considerada como idónea para as mulleres, esta valoración daríase en tódalas Universidades. Xa dixemos que a sociedade compostelá e galega, en xeral, era conservadora, así que este factor tampouco podía marcar a disparidade, e tampouco

**Táboa 28. Matriculadas por facultade e universidade**

		1942-43	1957-58
Universidade	Facultade	% mulleres	% mulleres
	Ciencias	28.8	38.2
Santiago	Farmacia	43.7	54.4
	Medicina	1.7	3.1
	Ciencias	15.4	19.0
Suma de			
Barcelona+Granada+Madrid	Farmacia	39.6	53.1
	Medicina	1.9	6.8

parece probable que fose mais doado colocarse ou que tiveran algunha vantaxe á hora de atopar emprego, nin como docentes en calquera nivel de ensino, nin en algúñ laboratorio. Así que a diferenza fundamental estaba na propia facultade, que contaba con parte do profesorado que «viñan de formarse na rede formativa da JAE» (Gurriarán, 2006: 350) e que serían «dos elementos más dinamizadores da US» (*ídem*). Este profesorado (en especial Martín Sauras, Calvet Prats e Parga Pondal) organizará actividades formativas -con presenza de alumnado feminino- que incluíán excursións didácticas nas que se visitaban industrias e tamén centros docentes de secundaria e ensino superior. Este tipo de actividades «posibilitaba un marco de relacións diferentes, que favorecía o coñecemento mutuo fóra das clases» (*ibidem*, 358) creando un ambiente «favorable para a aprendizaxe, algo nunca visto nas aulas compostelás» (*ídem*). Esta facultade concedería bolsas de investigación, sendo a alumna M<sup>a</sup> Eugenia Pereira Rodríguez o primeiro estudiante da Facultade de Ciencias en obter unha.

As primeiras profesoras da US pertenceron tamén a esta Facultade, sendo a primeira Dolores Lorenzo Salgado, nomeada o 15 de setembro de 1930 «para as materias de técnica a proposta del Sr. Zurimendi»<sup>58</sup>. De seguido, segundo consta no libro de Actas da Facultade de Ciencias «a proposta do Sr. Calvet noméase Axudante de Química Orgánica a Dna. María de la Concepción Carnero Valenzuela».<sup>59</sup> En 1934, serán designadas como «axudantes de clases prácticas» outras tres mulleres: «acórdase, a proposta do catedrático de Física, nomear axudantes de clases prácticas das materias de Física Teórica e Experimental e Complementos de Física ás licenciadas D<sup>a</sup> Antonia Ferrín Moreiras, D<sup>a</sup> Elisa Díaz Riva e D<sup>a</sup> Sara Soto Noya». <sup>60</sup> Ademais de aparecer estas mulleres como axudantes na docencia, aparecen recollidas na acta as axudas destinadas á realización de traballos de investigación. Así, en 1933 «acórdase que as tres becas que o padroado adxudica á Facultade de Ciencias para realizar traballos de investigación se adxudiquen a D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de la Natividad Mejuto Larrauri [j] que traballarán dirixidos por D. Fernando Calvet».<sup>61</sup> Natividad Mejuto repetirá en 1934 cunha bolsa para traballos de investigación en Química teórica, a proposta igualmente do profesor Fernando Calvet.

<sup>58</sup> AHUS Libro A-109 de Actas da Facultad de Ciencias 1904-1935, pág. 291


<sup>59</sup> Libro de Actas da Facultade de Ciencias. 1904-1935. AHUS. Fondo Universitario. Serie general. A 109.

<sup>60</sup> *Idem*:acta da sesión do día 10 de outubro de 1933. (p. 353) e acta de 6 de novembro de 1934 (p. 374)

<sup>61</sup> *Idem*: acta do 30 de setembro de 1933 (p. 351-352)


Estas mulleres formarán parte dos equipos de investigación da facultade en colaboración cos profesores máis significativos: Dolores Lorenzo Salgado xunto con Isidro Parga Pondal, no laboratorio de Química analítica, Natividad Mejuto Larrauri e Concepción Carnero colaboran con Fernando Calvet no laboratorio de Química orgánica e Elisa Días Riva no laboratorio de Bioloxía xunto a Luis Iglesias ou no de Física con Mariano Zurimendi. Ademais integraranse nas sociedades científicas do momento e publicarán traballos, sempre a carón dos seus profesores, na revista *Anales* e no Boletín da US.<sup>62</sup>

**Figura 17. Porcentaxe matriculadas na Facultade de Ciencias por Universidades (1942-43)**



<sup>62</sup> Inserimos información más pormenorizada sobre estas mulleres no capítulo *Itinerarios*.

**Figura 18. Porcentaxe matriculadas na Facultade de Ciencias  
por Universidades (1957-58)**





#### **4. CONCLUSIÓNS**

A Lei Moyano de 1857 estableceu a obrigatoriedade da educación infantil entre os seis e os nove anos, pero esta lei non era «igualadora» entre sexos xa que a formación das nenas estaría -exclusivamente- enfocada a perpetuar o seu papel de coidadora: nai, esposa, criada, enfermeira e aglutinadora da familia. Non se facían leis educativas tendo en conta ás mulleres -que nin tiñan dereito de voto- senón que consideraban os gobernantes que unha melloría na formación feminina faría avanzar a sociedade, porque as mulleres transmitirían o aprendido aos seus fillos.

Respecto da educación, o pasado século XX é considerado o século das mulleres, polos pasos verdadeiramente decisivos dados para varrer as desigualdades habidas entre homes e mulleres. Nada máis iniciarse este século créase o *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*. De seguido, prodúcese a reforma dos estudos das Escolas Normais que melloraría a preparación das mestras. Ademais, a idade escolar estendíase ata os 12 anos e, ao mesmo tempo, un pequeno grupo de nenas comezaría estudos de secundaria. Pero o acontecemento máis importante foi a promulgación da R.O. de 8 de marzo de 1910 que recoñecía, por fin, o dereito das mulleres a cursar estudos libremente nos centros oficiais de ensino. Detrás desta corrente aperturista había un movemento de mulleres ilustradas, cultas, loitadoras e reivindicativas, apoiadas nun renovador pensamento, o feminista, que centrou as súas reivindicacións no dereito á educación e que batallou contra os numerosos atrancos legais, contra a hostilidade por parte da sociedade e contra a dificultade para o exercicio dos coñecementos adquiridos na universidade. Tamén ILE, dende a súa creación, apoiaba e reivindicaba a causa da educación feminina.

A todo isto hai que sumar a R.O. de 2 de setembro de 1910 que supoñería a apertura para o exercicio de profesións relacionadas con Ministerio de Instrucción de Pública para as mulleres e lles abría a posibilidade de presentarse a oposicións e concursos.

Dende o punto de vista da historia da universidade de Santiago, as mulleres representan o tema menos estudiado do conxunto da súa poboación. Non existe ningunha tese de doutoramento en referencia á educación superior das mulleres galegas, así que un vasto campo está aberto. Esta tese de doutoramento aplicou a perspectiva de xénero para o

obxectivo do noso traballo: analizar a presenza das mulleres nos estudos experimentais na Universidade de Santiago ata 1960. Se ben ao longo de todo o traballo fomos extraendo unha serie de resultados, faremos agora algunas consideracións a modo de conclusións finais.

O acceso sistemático das mulleres á universidade iniciouse nos Estados Unidos de América, vinculada a círculos relixiosos protestantes e, como ningunha das universidades existentes naquel momento as admitía nas súas aulas, as pioneiras americanas fundaron os seus propios centros educativos, segregados dos varóns. O primeiro destes centros Mount Holyoke data do ano 1837. As reivindicacións sobre a educación superior das mulleres espalláronse por Europa durante o século XIX. Dende a primeira universidade en admitilas -Zurich- e sorteando variadas dificultades, tódolos países foron incorporando alumnas aos seus centros. Nas universidades españolas este proceso foi posterior e más lento que noutros países europeos.

A primeira estudiante universitaria en Compostela, Manuela Barreiro, matricúlase na Facultade de Farmacia no ano 1896. Nese momento un 85% das mulleres galegas eran analfabetas.

Como en tódolos países, os estudos das mulleres iniciáronse na carreira de Medicina, aprendizaxe achegada ao papel de coidadora, como as enfermeiras, pero con outra consideración e prestixio, funcionando como ascensor social. O acceso das primeiras alumnas tivo lugar na segunda década do século XX, xusto despois da terríbel Primeira Guerra Mundial, unha forte motivación para iniciar estudos sanitarios. Alén diso as influencias familiares tamén estaban presentes nalgúns casos, reproducíndose o estatus médicos fillos de médicos. A porcentaxe de mulleres respecto do de varóns nesta carreira foi inicialmente moi baixa e continuou así en todos os cincuenta anos analizados. Esta facultade contaba proporcionalmente con maior número de alumnas estranxeiras, fundamentalmente procedentes de antigas colonias españolas. As primeiras que pisaron as aulas da Facultade de Medicina foron as irmás Fernández de la Vega (1913), naturais de Vegadeo; Olimpia Valencia López (1919), natural de Baltar, en Ourense; M<sup>a</sup> Luisa Fernández Cascallar (1920), de Pontevedra; María Piñeiro Estrella (1921), de Santiago e María Freire Garabal (1921), natural de Montevideo, no Uruguai e de familia compostelá.

A esta vanguarda sumáronse de seguida estudantes de Farmacia, sendo as cinco primeiras matriculadas as irmás Marina e Manuela Caldeiro Calvo, Sara Fernández Casas e María López Cotarelo (as catro no ano 1914) e María García Berdiales (1917). A Facultade de Farmacia recibiu, nos cincuenta anos que van de 1910 a 1960, a 2052 mulleres. Respecto da Facultade de Ciencias houbo que agardar á súa creación en 1922, pero xa dende o primeiro curso houbo alumnas nas aulas desa facultade, sendo no total do período 1052 as estudantes que cursarán esta carreira.

En principio o número de mulleres que se achegaban á Universidade para formarse en ciencias experimentais foi moi baixo e medrou lentamente polas resistencias, o machismo e os prexuízos sociais, en especial cara aos estudos de Medicina. O número de matriculadas disparouse a partires dos anos vinte, e especialmente, durante a II República, pasando de 12 alumnas en 1920 a 148 alumnas matriculadas entre as tres carreiras experimentais en 1935. Se falamos da poboación universitaria total, as mozas aumentaron dun 1.4 a un 8.9 por cento neses quince anos. Con todo a presenza das mulleres seguía a ser minoritaria entre o alumnado e case inexistente no profesorado universitario. As primeiras docentes serían auxiliares de clases prácticas, nun principio sen remunerar: en 1933 Concepción Carnero e Natividad Mejuto, na materia de Química orgánica; en 1934, Antonia Ferrín en Física teórica, Elisa Díaz en Física experimental e Sara Soto en Complementos de Física.

Durante a Guerra Civil as facultades pecháronse. Un grupo de estudantes e licenciadas en Farmacia colaboraron de xeito desinteresado no Laboratorio de Farmacia Militar. Esta participación non foi gratificada nin tida en conta nunca.

A convocatoria dos cursos abreviados (1939-41) -coa subseguinte celebración de exames patrióticos- produciu un patente aumento no número de matriculadas, rexistrándose cifras tan elevadas que no se volverían repetir durante o período analizado. Nas dúas primeiras décadas do franquismo, as que comprende o noso estudio, a matrícula feminina en Medicina mantense en niveis moi baixos, non chegando nunca a levantarse. Na Facultade de Ciencias produciuse un aumento notorio de estudantes, acadando cotas máximas nos anos cincuenta. A Facultade de Farmacia foi a que rexistrou sempre a maior cifra de alumnas e tamén o maior índice de crecemento, sendo así que, en menos de cincuenta anos, a representación feminina nestes estudos pasou de

ser unha excepción, como Manuela Barreiro Pico, a representar a mayoría do alumnado. As mulleres elixiron estudos onde existían saídas profesionais e, ademais, non estaban mal vistas: despacho de medicamentos ou a docencia no ensino medio.

Obtivemos estes resultados coa análise dos libros de rexistro de matrícula do Arquivo da Universidade de Santiago, tarefa que se alongou durante tres anos. Como, nalgúns casos os datos atopados nestes libros resultaron insuficientes, e para completar a información lograda, revisamos tamén outra documentación, cartas, expedientes, do propio AHUS e outros arquivos (AHN, *Centro Documental de la Memoria Histórica, Portal de Archivos Españoles*), examinando máis de catrocentos documentos manuscritos. Aínda así, faltan datos, pois non conseguimos localizar os libros correspondentes ao curso 1930-1931.

As estudantes da Universidade de Santiago eran maioritariamente de orixe galega en Medicina e, sobre todo en Ciencias, onde representan más do 70% das alumnas matriculadas. A Facultade de Farmacia desborda o ámbito galego pois entre o seu alumnado feminino o colectivo máis numeroso corresponde ao das Comunidades autónomas españolas da franxa cantábrica e de Castela-León. As alumnas procedían principalmente de áreas urbanas, especialmente de Santiago de Compostela, nunha Galicia –a do primeiro terzo do século XX- eminentemente rural. A representación de alumnas segundo as vilas e cidades de orixe garda relación coa enclave de centros de ensino medio, en especial de institutos públicos de secundaria.

Aínda que non obtivemos datos de tódalas alumnas, partindo dos expedientes examinados, advertimos que o perfil familiar das estudiantes era de clase media/ media alta. En especial observamos a presenza de fillas de pais de profesións liberais, profesionais da educación infantil, media e superior, comerciantes, militares, industriais e, así mesmo, unha baixa representación de sectores de rendas más baixas. Descubrimos que primeiro realizaban matrícula por libre e, co tempo, se inscribían por oficial, xa que era preciso asistir ás clases prácticas. O éxito académico foi elevado entre as matriculadas nas primeiras décadas, en especial entre as alumnas da Facultade de Medicina.

Nos primeiros anos do século, apreciamos que a porcentaxe de alumnas matriculadas en Santiago respecto ás matriculadas no resto de España non chega á media estatal, como

agardabamos nunha cidade cunha poboación conservadora e con grande peso do clero, sendo as grandes capitais ( Madrid e Barcelona) as que contaban con maior porcentaxe de mulleres. Dende o curso académico 1928-29 os datos estatísticos amosan que a universidade galega supera á media universitaria española en poboación feminina, colocándose á cabeza, a partires de 1939. Neste curso de 1939-40 había en Barcelona un 15.66% mulleres sobre o total da matrícula, en Madrid un 18.81% e, en Zaragoza un 17.66% e en Santiago un 21.5%.

Nas dúas primeiras décadas do franquismo as estatísticas do distrito de Santiago para os estudos de Medicina amosan valores que están no rango do observados para as outras universidades, áinda que nos datos do curso 1957-58 é a que presenta a porcentaxe mais baixa das catro. As matriculadas en Farmacia, para o mesmo período, sitúanse no rango máis alto, xunto coa Universidade Central e, en calquera caso, por enriba da media estatal para estas ensinanzas. Onde observamos as diferenzas mais significativas respecto dos distritos de Granada, Madrid e Barcelona, é na Facultade de Ciencias cuxo número de alumnas dobra case a media dos catro distritos, sendo a que reflicte maior incremento de matrícula entre 1942-1958. Teñamos en conta que á de Ciencias é unha facultade pequena dunha universidade mais ben pequena. Comparándoa co xigante madrileño, Compostela contaba con 474 alumnos de Ciencias en 1957, mentres que Madrid tiña 4356 matriculados, agora que en Santiago as alumnas representaban o 38.8% da matrícula total e na Universidade Central só o 16.6%.

Debido ao seu elevado número, non uidemos saber se todas estas mulleres acadaron os seus obxectivos profesionais pero uidemos seguir algúns percorridos vitais que aparecen no apartado de *Itinerarios de mulleres más significativas*. Entre as médicas vemos que exerceron como especialistas en fisioloxía, rehabilitación, pediatría, xinecoloxía, análises clínicos, medicina familiar e medicina de empresa e, sobre todo, en odontoloxía (Irene Álvarez, Coro Clavero, Ruth Selmann, Josefina Arases, Marina Gulín). Algunhas exerceron como docentes en Facultades de Medicina (Elisa Fernández de la Vega, Fernanda Monasterio, Amparo Pérez) pero ningunha na Universidade de Santiago. As licenciadas en Farmacia orientaron fundamentalmente a práctica profesional aos establecementos de farmacia privados ou á farmacia hospitalaria (Pilar Charro). Tamén aparecen inspectoras farmacéuticas (Dolores Lombardero, Josefa Ron);

proprietarias do seu propio laboratorio de produtos farmacéuticos (M<sup>a</sup> Eugenia Pereira) ou docentes universitaria (Concepción Rof, Ramona Vaamonde). Nas estudantes de Ciencias a saída maioritaria sería a docencia no ensino medio (Patrocinio Armesto, Isaura Usero, Teresa Bouzo, Elisa Díaz); docente nas Escolas Normais (Celia Brañas, Antonia Ferrín); docentes universitarias (Ángeles Alvariño, Antonia Gunther), ou vinculadas á investigación no CSIC (María Domínguez, Carmen García, M<sup>a</sup> Antonia Gunther, Aida Méndez ou Amparo Pérez). Estas mulleres publicaron os primeiros artigos en revistas científicas, ampliaron estudos no estranxeiro, participaron en sociedades científicas onde antes só había varóns. Ángeles Alvariño, M<sup>a</sup> Antonia Gunther ou Fernanda Monasterio acadaron a excelencia científica. Tamén houbo sombras, pois encontramos licenciadas que nunca lograron traballar naquelo para o que estaban preparadas pois dedicáronse ao coidado da familia por necesidade ou obrigación (María Freire) ou de modo voluntario.

Algunhas foron expedientadas e nunca se reincorporarían ao seu posto laboral; outras marcharon ao exilio onde moi poucas puideron exercer o seu oficio: Elisa Díaz Riva, Coro Clavero Maestre, Marina Peña Bouzas e Antonina Fernández García, a primeira licenciada en Ciencias, as dúas segundas en Medicina e a derradeira en Farmacia. Parece interesante, nun futuro, prolongar a nosa análise ata 1975, afrontando un estudio especial sobre o franquismo, mulleres e ciencias experimentais na USC.

Agardamos finalmente ter acadado, como obxectivo último desta investigación, o coñecemento e recoñecemento do papel das mulleres dentro da vida académica da universidade santiaguesa e a súa visibilización, propoñendo que no futuro sexa tida en conta en estudos de calquera natureza sobre a USC. Pasado un século dende o acceso das mulleres á nosa Universidade, quixeramos facer unha consideración final sinalando que aínda hoxe existentes diferenzas no número de mulleres en certos estudos superiores e na xerarquía desta institución académica. Como afirma o Foro Económico Mundial: «incluso á luz dun esforzo da conciencia internacional sobre os asuntos de xénero, é realmente perturbador o feito de que ningún país lograse aínda eliminar as desigualdades de xénero»<sup>63</sup>.


---

<sup>63</sup> Foro Económico Mundial, *Women's empowerment: measuring the global gender gap*. Xenebra, 2005.

## **5. ITINERARIOS DE MULLERES MÁIS SIGNIFICATIVAS**

Quixería rematar este traballo cunhas pequenas notas biográficas arredor dalgúnsas alumnas, mulleres que deben ser rescatadas, como diría Luis Cernuda de «alá lonxe, onde habite o olvido». Escollemos aquelas que foron realmente as primeiras en matricularse nas súas respectivas carreiras; tamén ás que destacaron no exercicio da súa profesión ou mesmo a aquelas cuños avatares vitais ben merecen ser coñecidos. Presentámolas aquí por orde alfabética.

O seu seguimento resultou moitas veces moi complexo pola escaseza e dispersión das fontes onde acudir para documentarnos. Mergullámonos no seu expediente persoal no AHUS. Tamén acudimos aos expedientes da Universidade Central no *Archivo Histórico Nacional*, á prensa diaria, publicacións científicas, rexistros dos Colexios profesionais, arquivos da Residencia de Señoritas da ILE, a museos farmacéuticos e mesmo a entrevistas persoais cos seus descendentes.

- 
1. **ROSARIO ALONSO NART**
  2. **EMILIA ÁLVAREZ ÁLVAREZ**
  3. **EMMA ÁLVAREZ BESADA**
  4. **ÁUREA M<sup>a</sup> VICTORIA ÁLVAREZ VARELA**
  5. **IRENE LUCÍA ÁLVAREZ VERAS**
  6. **ÁNGELES ALVARIÑO GONZÁLEZ**
  7. **AMPARO ARANGO FERNÁNDEZ**
  8. **JOSEFINA ARESES PÉREZ**
  9. **MARÍA DEL PATROCINIO ARMESTO ALONSO**
  10. **MANUELA BARREIRO PICO,**
  11. **LUISA BÉCARES MÁS**
  12. **MARÍA MANUELA BLANCO LÓPEZ**
  13. **ADELA BOO GALLEGOS**
  14. **M<sup>a</sup> TERESA BOUZO SANTIAGO**
  15. **BRAÑAS FERNÁNDEZ-MIRANDA, CELIA CLARA**
  16. **TARSY CARBALLAS FERNÁNDEZ**
  17. **MARÍA DE LA CONCEPCIÓN CARNERO VALENZUEL**
  18. **CONSUELO CASTELAO BERNÁRDEZ**
  19. **CHARRO SALGADO, M<sup>a</sup> PILAR**
  20. **MARÍA CORO CLAVERO MAESTRE**
  21. **ELISA DÍAZ RIVA**
  22. **MARÍA DOMÍNGUEZ ASTUDILLO**
  23. **ELVIRA DURÁN RODRÍGUEZ**

24. M<sup>a</sup> LUISA FERNÁNDEZ  
CASCALLAR
25. ELISA E JIMENA FERNÁNDEZ DE  
LA VEGA LOMBÁN
26. RITA FERNÁNDEZ  
QUEIMADELOS
27. FERNÁNDEZ REY, ELVIRA
28. M<sup>a</sup> TERESA FERNÁNDEZ  
RODRÍGUEZ
29. LUISA FERREIRA FRONTIÑA
30. ANTONIA FERRÍN MOREIRAS
31. ENCARNACIÓN FRAGA PADÍN
32. MARÍA FREIRE GARABAL
33. CARMEN GARCÍA AMO
34. AÚREA GONZÁLEZ GONZÁLEZ
35. GUNTHER NONELL, M<sup>a</sup>  
ANTONIA
36. GUADALUPEZ GUTIÉRREZ-  
MOYANO LÓPEZ
37. EVELINA HERVELLA NIETO
38. MARÍA LUISA IGLESIAS LOSADA
39. PILAR LAGO NÚÑEZ
40. M<sup>a</sup> DE LOS DOLORES, M<sup>a</sup> LUISA  
E M<sup>a</sup> TERESA LEMA PINTOS
41. DOLORES LOMBARDERO  
MARTÍNEZ
42. M<sup>a</sup> DEL CONSUELO LÓPEZ  
LÓPEZ
43. M<sup>a</sup> BENITA LÓPEZ MARTÍNEZ
44. BALBINA LÓPEZ SOMOZA
45. M<sup>a</sup> DEL PILAR LÓPEZ SOMOZA
46. DOLORES LORENZO SALGADO
47. NATIVIDAD MEJUTO LARRAURI
48. M<sup>a</sup> ROSARIO AIDA MÉNDEZ  
MIAJA
49. M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN MOAR  
VÁZQUEZ
50. FERNANDA MONASTERIO  
COBELO
51. CONCEPCIÓN OTERO CARREIRA
52. DOLORES PALMEIRO VALCÁRCE
53. M<sup>a</sup> DEL PORTAL PANISSE  
FERRER
54. M<sup>a</sup> DE LA PAZ PARADA PUMAR
55. M<sup>a</sup> INMACULADA PAZ ANDRADE
56. MARINA PEÑA BOUZAS
57. EUGENIA PEREIRA RODRÍGUEZ
58. PEREZ CARNICERO, AMPARO
59. CELSA PÉREZ MOREIRAS
60. GUMERSINDA MARGARITA  
PETEIRO VÁZQUEZ
61. MARÍA PIÑEIRO ESTRELLA
62. M<sup>a</sup> BASILISA PIÑEIRO PIÑEIRO
63. POZA JUNCAL, LUZ
64. EMILIA RODRÍGUEZ FREIRE
65. DOLORES RÍOS SUÁREZ
66. ELOÍSA RIVADULLA ÁLVAREZ
67. M<sup>a</sup> DE LA CONCEPCIÓN ROF  
CARBALLO
68. JOSEFA RON NOYA
69. M<sup>a</sup> GLORIA RUIBAL AMOR

70. ROSALÍA RUIBAL AMOR
71. FRANCISCA LEONOR SAMPEDRO  
COSTAS
72. RUTH SELBMANN KUMMER
73. CONCEPCIÓN SENÍN QUINTELA
74. SARA SOTO NOYA
75. FRANCISCA SURÓS FORNS
76. CLEMENCIA TORRES CAPLANNE
77. ISAURA USERO SOUTO
78. RAMONA VAAMONDE  
FERNÁNDEZ
79. OLIMPIA VALENCIA LÓPEZ
80. ASCENSIÓN VIDAL PIAZUELO
81. M<sup>a</sup> DE LOS DOLORES VIELVA  
OTOREL
82. M<sup>a</sup> DEL CARMEN ZAPATA Y  
ZAPATA



## **Rosario Alonso Nart<sup>64</sup>**

Esta asturiana natural de Xixón, era neta dun farmacéutico.

Estudou Farmacia na universidade compostelá entre 1929 e 1932.

No arquivo formado polos fondos dos Servizos Documentais da Presidencia do Goberno español e do Tribunal Especial para a Represión da Masonería e o Comunismo de época franquista, chamado Centro Documental da Memoria Histórica existe un documento de instrución da causa número 115 (1937) seguida contra Rosario Alonso Nart e Julián Gómez Sanz por denegación de auxilio.<sup>65</sup>

Dous irmáns de Rosario, pertencentes á Garda Civil, foron tristemente famosos Na Revolución de outubro asturiana, de 1934 faleceron nun ataque de milicianos socialistas, os axentes da Garda Civil de Sama, incluído o seu capitán José Nart. Despois houbo unha cruenta operación represiva contra os revolucionarios -os días 20 e 21 do mesmo mes- coñecida como a *matanza de Carbayín*, dirixida persoalmente por Rafael Alonso Nart, irmán do falecido capitán.

Outro membro da familia, a súa irmá Carolina, licenciouuse no ano 1926 en Medicina e Cirurxía, sendo a segunda muller asturiana en obter este título. Especializouse en pediatría.

Outra irmá, María, era mestra en exercicio cando decidiu estudar a carreira de Medicina. No *BOE* nº 60 de 11 de marzo de 1966, aparece María Alonso Nart, de Xixón como Médica fisióloga.

## **Emilia Álvarez Álvarez<sup>66</sup>**

Naceu na parroquia de Trado, no concello de Pontedeva (Ourense) o 10 de marzo de 1910. Era filla de José Álvarez Puga, médico de profesión e de Isolina Álvarez Pérez, natural de Cortegada, Ourense, sen ocupación.

Fixo os estudos de bacharelato nos Intitutos de Ourense e Santiago. Estudou Farmacia na Universidade de Santiago entre os anos 1928 e 1933, con moi bo expediente.

---

<sup>64</sup> Expediente persoal en PARES, UNIVERSIDADES, 5232, Exp.18.

<sup>65</sup> Centro Documental de la Memoria Histórica, PS-GIJON\_TPJA, C. 36, Exp.161.

<sup>66</sup> AHUS, leg. 31, exp. 16.

En 1933, casa en Cortegada de Miño (Ourense) co escritor, etnógrafo e xurista Fermín Bouza Brey, a quen coñecera en Santiago, nunha voda dobre (foto) na que casa tamén a súa irmá Remedios Álvarez con Abelardo Moralejo Lasso, que chegara no ano 1927 á universidade santiaguesa como catedrático de lingua e literatura latina.



**Figura 19. Voda Emilia Álvarez-Fermín Bouza e Remedios Álvarez-Abelardo Moralejo**

Fermín Bouza é destinado como xuíz na Estrada, onde nacerán as súas fillas Emilia Guillermmina (1936)<sup>67</sup> e María Luísa (1940). En 1942 Bouza vai destinado ao xulgado de Primeira Instancia de Santiago, onde nacerán María Isabel (1942) e Fermín (1946).

Emilia Álvarez posuía unha farmacia na Rúa do Vilar nº 54 de Santiago de Compostela. Foi membro desde 1931 da SEFQ onde entrou presentada por Ricardo Montequei e Álvarez Zurimendi e socia do Seminario de Estudios Galegos.

### **Emma Álvarez Besada (1906, -)<sup>68</sup>**

Natural de Tui (Pontevedra), naceu o 22 abril de 1906. Era filla dun farmacéutico.

Estudou Medicina na Universidade de Santiago entre 1924 e 1930. As súas cualificacións son notables. Aparece como unha das primeiras médicas do período republicano na prensa de 1931.<sup>69</sup>

<sup>67</sup> Morreu en 1979 na cidade de Zaragoza, no tráxico incendio do hotel Corona de Aragón.

<sup>68</sup> AHUS: expediente persoal, leg. 33, exp.16.

<sup>69</sup> Citado en Rafael Torres (2012), ver bibliografía

O 28 de xullo de 1936, Emma Álvarez Besada e María Domínguez Astudillo, atoparon o corpo fusilado de Pedro Poveda, no cemiterio do Este de Madrid (actual Almudena). Ámbalas dúas mulleres estudaran en Santiago e ambas pertencían a Institución Teresiana, da que Poveda foi o fundador. Enma deu conferencias sobre a *Residencia Universitaria Femenina* (hoxe Colegio Mayor Padre Poveda)

### **Áurea M<sup>a</sup> Victoria Álvarez Varela (1915-2008)<sup>70</sup>**

Naceu o 13 de xullo de 1915 en Monterroso (Lugo). Seu pai era José Álvarez Cabana, natural tamén de Monterroso e avogado de profesión. A nai chamábase Sofía Varela Cabana e era de Palas de Rei.

Áurea cursou estudos de Ciencias entre 1931 e 1936.

Na Universidade santiaguesa coñecería ao mozo de Camariñas, Javier Teixeira Brunet, estudiante de Medicina co que casaría, en 1941 (foto voda). Durante algúns anos permaneceron en Galicia. Posteriormente trasladáronse a Pamplona onde Teixeira sería un dos impulsores da Facultade de Medicina da Universidade de Navarra, figurando como o primeiro director de estudos deste centro, e xefe do Servizo de Neurofisioloxía clínica na Clínica Universitaria de Navarra.



**Figura 19. Foto voda**

Rafael Lema Mouzo (2014) nunha biografía sobre o doutor Teixeira indica que Áurea Álvarez foi profesora e deu clases en Vilalba (Lugo).

Tivo 7 fillos: Aurea, Gerardo, Javier, José Manuel, Rafael, Lourdes e M<sup>a</sup> Jesús. Morreu no ano 2008.

---

<sup>70</sup> AHUS , expediente persoal: leg. 48, exp. 4.

## Irene Lucía Álvarez Veras (1898,-)<sup>71</sup>

Naceu o 13 de decembro de 1898, en Ourense. Seus pais eran José Álvarez Vázquez, natural e veciño de Ourense, empregado, e Irene Veras Francisco, natural do Carballiño.

No ano 1917, cando tiña 12 anos, ingresa no Instituto Provincial de Ourense onde realiza cinco cursos, dous por libre e tres por oficial e acada o título de Bacharel no ano 1922.

En 1923 iniciou os seus estudos de Medicina na US, trasladándose á Universidade Central en 1926, para especializarse en Odontoloxía. Para cursar estudos na *Escuela de Odontología de Madrid*, había que facer previamente o curso selectivo máis dous anos da carreira de Medicina e logo seguir os dous anos dos que constaba esta especialidade.

A prensa do momento eloxiaba a esta prezada muller:

*Conocida en Orense como Irenita Álvarez, entrevista a esta odontóloga. Sus estudios predilectos eran las Ciencias, concretamente las Ciencias Naturales y al terminar bachillerato hizo Universidad por esa rama. Hizo los estudios por libre haciendo el curso de preparatorio de Ciencias en una sola convocatoria. Después se matriculó en oficial en la Facultad de Medicina en Santiago pasando luego a Madrid a cursar Odontología. Tenía buena relación con sus compañeros con los que hablaba y charlaba del tema. Pero además de tener la especialidad de Odontología tenía el Título de Maestra Nacional. Ahora ansía trabajar como odontóloga» (La Zarpa, 17 de marzo de 1929) (Cid, 2004).*

Atopamos una referencia a esta alumna na constitución do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da XI Rexión, o 17 de xuño de 1930. Na acta de constitución recollida por Pedro Gutián na tese de doutoramento *Historia de los Colegios Oficiales de Odontólogos y Estomatólogos de Galicia*, aparece mencionada esta odontóloga como vogal da xunta directiva



Figura 20. Irene Álvarez

<sup>71</sup> AHUS, expediente persoal: leg. 48, exp. 25.

## Junta Fundacional del Colegio Pontevedra-Ourense



**Figura 21. Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da XI Rexión, 1930.**

Aparece o seu nomeamento como especialista odontóloga nos Servizos Sanitarios da Provincia de Ourense en 1963 (*BOE* nº 66).<sup>72</sup>

### Ángeles Alvariño González (1916-2005)<sup>73</sup>

Naceu o 3 de outubro de 1916 en Serantes, Ferrol. Era filla de Antonio Alvariño Grimaldos, médico de profesión e de María del Carmen González Díaz-Saavedra.

Realizou os estudos de bacharelato no Instituto de Santiago de Compostela, obtendo o grao de bacharel en 1933.

Matricúlase no curso seguinte na Universidade Central, vivindo na Residencia de Señoritas entre 1934-36, pero a Guerra Civil obrígaa a abandonar os estudos. Casa cun mariño, o capitán Eugenio Leira Manso e retorna a Galicia. Entre 1939 e 1940 estuda na US, rematando a carreira en 1941.

<sup>72</sup> Ver: <http://www.boe.es/boe/dias/1963/03/18/pdfs/A04506-04506.pdf> e <http://www.colegiopontevedraourense.com/historia-del-colegio/>

<sup>73</sup> AHUS expediente persoal: leg. 49, exp. 18.

O seu marido é destinado a Ferrol, onde Ángeles, que era nai dunha nena, dá clases de Bioloxía, Zooloxía, Botánica e Xeoloxía en diversos centros.



**Figura 22. Angeles Alvariño. Foto do Consello da Cultura Galega**

De volta a Madrid, ingresa no Instituto Español de Oceanografía para traballar no campo que xa sería a súa vida, a bioloxía mariña. Entre 1950 e 1957 é destinada como bióloga mariña no laboratorio oceanográfico de Vigo do IEO.

En 1953 desprázase ao *Marine Biological Laboratory* de Plymouth, Inglaterra, traballando como bolseira con Frederick Russell. Foi a primeira científica a bordo dun barco de investigación británico. Outra bolsa, esta vez unha Fulbright, levaría a Ángeles a Estados Unidos, en 1956, para investigar no prestixiosos *Woods Hole Oceanographic Institution* de Massachusetts, con Mary Sears. Tamén traballou no *Scripps Institution of Oceanography* (1958-1969) de La Jolla, California. En 1970 é nomeada bióloga investigadora no *Southwest Fisheries Science Center* (NOAA). Estivo na Antártida con bolsas de investigación entre 1979 e 1982.

As súas investigacións más destacadas xiran ao redor dos estudos sobre os quetognatos do Atlántico, sobre sifonóforos das áreas dos canais de Panamá e de Suez, sobre a bioloxía mariña antártica. Tamén fixo estudos sobre a expedición de Malaspina de 1789-1794. Describiu 22 especies mariñas novas, entre quetognatos, sifonóforos e augamares, dos océanos Pacífico e Atlántico.

Dúas especies mariñas do plancto réndenlle homenaxe levando o seu apelido, o quetognato *Aidanosagitta alvarinoae* (Pathansali, 1974) e a augamar *Lizzia alvarinoae* (Segura, 1980).

Deixou publicadas máis dun centenar de estudos científicos<sup>74</sup>: artigos orixinais, libros, capítulos de enciclopedias e textos divulgativos en publicacións periódicas. Revistas como *Pacific Science*, *Bulletin Scripps Institution* e *Calcofi Atlas*, así como no Boletín do *Instituto Español de Oceanografía*, albergaron os seus artigos.




Figura 23. *Lizzia alvarinoae*

Alvariño exerceu a docencia na Universidade Nacional Autónoma de México (1976); na Universidade Estatal de San Diego (1979-82); na Universidade de San Diego (1982-85). En 1987 é nomeada científica emérita e, a partires de 1993, retirarse pero segue publicando os resultados das súas investigacións e traballando, especialmente na Historia da Ciencia, de feito, cando faleceu o 29 de maio de 2005, estaba traballando nun manuscrito sobre as aves e animais mariños atopados na expedición Malaspina.

---

<sup>74</sup> Recomendamos ver súa bibliografía completa no traballo de Pérez-Rubín, J. e E. Wulff (2011). En bibliografía.

Alvariño é a nosa científica máis destacada e más citada internacionalmente.<sup>75</sup> Recibiu numerosos nomeamentos académicos e diferentes galardóns, en varios países.

O arquivo municipal da Coruña mercou en 2008 a biblioteca científica desta investigadora, formada por un milleiro de libros, ademais de mapas, debuxos, gravados e a súa correspondencia con científicos de todo o mundo.

### **Amparo Arango Fernández (1907-)<sup>76</sup>**

Naceu na Habana, o 2 de abril de 1907. Amparo é filla de José Arango Linares, natural de Castañedo (Navia de Suarna), xastre de profesión, e de Celestina Fernández Ramos, tamén natural de Castañedo, dedicada aos «labores do seu sexo».

É neta por liña paterna de Francisco Arango e de Generosa Linares, naturais de Castañedo e veciños de Lugo e, por parte materna, de José Fernández e de María Ramos, naturais de Castañedo e Miralles respectivamente.

Efectúa o exame de ingreso no Instituto de Lugo o 8 de xuño do ano 1920, cursando o bacharelato en dito centro. Logo estuda na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago dende o ano 1926 ata o ano 1931, cun expediente de notas variables entre aprobados e notables. Licencióuse en Ciencias Químicas e en Farmacia ao examinarse das materias precisas para acadar tamén título da segunda licenciatura.

Ingresou no Seminario de Estudos Galegos en 1929, traballando con Isidro Parga Pondal, director da Sección de Xeoquímica, asinando xunto a el o seu traballo de ingreso na institución: “*Contribución al estudio de los minerales de wolframio de Galicia: III: Análisis de las wolframitas de Juno, Monte Neme, Casayo, A Veiga y Vilacoba*”.

---

<sup>75</sup>Ver:<http://www.notablebiographies.com/supp/Supplement-A-Bu-and-Obituaries/Alvari-o-Angeles.html#ixzz3bGToXCEc> e o artigo do Consello da Cultura Galega de Fraga Vázquez (en bibliografía).

<sup>76</sup>AHUS expediente persoal: leg. 66, exp.32.

### **Josefina Areses Pérez (1920-2006)**

Natural de Pontevedra, membro dunha familia acomodada formada por outros cinco irmáns: Rafael, Luis, Marita, Ramón e Ángeles. Seu pai era o enxeñeiro de montes tudense Rafael Areses Vidal, coñecido por promover a repoboación forestal en Galicia, membro do Padroado da Misión Biolóxica en Galicia (xunto a José Rivero de Aguilar, Gallástegui, López Suárez e Rof Codina). Despois da GC sería Presidente de Sección do Consello Superior de Montes do Seminario de Estudos Galegos.

Josefina cursou estudos de Medicina en Santiago entre os anos 1942 e 1947. Logo trasladou o seu expediente a Madrid onde cursaría estudos de Odontoloxía. Casou con Francisco Alférez Callejón, tamén odontólogo. Tiveron dous fillos Marisol e Francisco.

Exerceu de odontóloga en Madrid. Morreu o 25 de decembro do ano 2006



### **María del Patrocinio Armesto Alonso<sup>77</sup>**

Natural de Alcañices, Zamora. Filla de Odilio Armesto natural de Viso (Ourense) e de Elvira Alonso, natural de Ourense.

**Figura 24. Patrocinio Armesto**

Realizou estudos de Bacharelato no Instituto de Pontevedra. Foi alumna da Facultade de Farmacia da US no curso 1923-24, logo trasladou o seu expediente á Universidade de Oviedo (cursos 1924-25 e 1925-26) retornando de novo a Santiago onde se licenciaría en 1927. Os temas do seu exame de grao foron *Isomería e polimería inorgánica e orgánica e Hidratos de carbono*.

*La señorita María del Patrocinio Armesto Alonso que terminó en la Universidad Compostelana los estudios de la Carrera de Ciencias Químicas*

<sup>77</sup> M<sup>a</sup> Patrocinio Armesto Alonso, legaxo 80, expediente nº 4, AHUS e Archivo Histórico Nacional, Universidades, 5274, Exp.13.

*con brillantísimas calificaciones [...]. Y el triunfo es tanto mayor, porque supone un noble esfuerzo el llevado a cabo por la Señorita Armesto Alonso, en esta edad en que la mayoría de las mujeres sueñan únicamente con estas fiestas sociales, o dedican las horas a un 'flirteo' discreto.* (“Orensanas que triunfan”, *La Región*, 22 de xuño de 1927).

O Instituto Nacional de Física y Química (INFQ), máis coñecido como Rockefeller acollía, nos anos trinta, as liñas de investigación más salientables no campo das ciencias experimentais en España.<sup>78</sup> Nos cinco anos que van dos seus inicios ao comezo da Guerra Civil española, contará ata 36 mulleres, nas seis seccións que tiña. Na Sección de Electroquímica que dirixía por Julio de Guzmán, estaban seis: Patrocinio



Figura 25. Instituto Rockefeller

Armesto e Carmen García Amo entre elas (Magallón, 2007: 48).

Tamén se comezou traballar en métodos electrolíticos de análise, publicándose un total de 27 traballos na revista *Anales da SEFQ*. Na memoria da JAE correspondente ao ano 1931-32 sinálase a colaboración nestes traballos das señoritas Armesto, González, García Amo, Orozco e Zuasti<sup>79</sup>. Na Sección en 1933-34 consta Patrocinio Armesto como colaboradora.

Exercería como profesora de Ciencias Naturais en diversos institutos: Instituto Cisneros de Madrid, Pontevedra, Soria, Tui e Ourense (1949-1975), onde remataría a súa carreira docente como catedrática.(Cid, 2004)

<sup>78</sup> En 1923 Castillejo, secretario da JAE, conseguiu un acordo coa Fundación Rockefeller, que donou 420.000 dólares para financiar un novo edificio detrás da Residencia de Estudiantes.

<sup>79</sup> Memorias de la JAE, 1931-32, Madrid, 1933, p. 175.

## **Manuela Barreiro Pico, a pioneira<sup>80</sup>**

Manuela naceu en Viveiro, provincia de Lugo, en 1878. No seu expediente non consta partida de nacemento polo que descoñecemos os seus antecedentes familiares, aínda que Flecha García (1996) sinala que seu pai era mestre. Obtivo o grao de Bacharel no Instituto de Lugo coa cualificación de sobresaínte.

Trasladouse a vivir a Santiago, Rúa da Caldeirería 11, mentres realizaba os seus estudos de Farmacia, sendo a primeira muller matriculada (1896) e tamén a primeira muller que obtivo un grao de licenciada (19 de xuño de 1900) na Universidade de Santiago. Para obter o grao os alumnos debían ter aprobadas todas as materias. Despois debían pasar un exame que consistía nunha proba escrita sobre dous temas elixidos polo tribunal dun temario publicado tres meses antes.

Unha vez rematados os seus estudos as universitarias non tiñan garantías de poder traballar nas profesións para as que estaban preparadas<sup>81</sup> pois a oposición cara a estas mulleres que se entrometían en terreos de varóns, manifestábanse en forma de atrancos, como a obligatoriedade de solicitar “permiso” primeiro para matricularse e logo para exercer. Por este motivo Manuela dirixiu un escrito ao Ministro de *Instrucción Pública y Bellas Artes* no que indica que os estudos realizados deben «*habilitarle para el ejercicio de una profesión que siempre creyó propia a su sexo y en la que pretende hallar ocupación útil para sí y para la sociedad*» (Flecha, 1996: 196). Manuela Barreiro conseguiu este permiso e abriu farmacia primeiro en Ribadeo e, anos máis tarde, outra máis en Viveiro ( Flecha, 1996: 205).

---

<sup>80</sup> Manuela Barreiro Pico, AHUS: leg. 110, exp. 3.

<sup>81</sup> A legislación española non concedía autonomía persoal ou laboral ás mulleres, senón que máis ben, a discriminaba claramente como podemos ver nos códigos vixentes naquel momento: Civil (1889), Penal (1870) e de Comercio (1885).

## Luisa Bécares Más<sup>82</sup>

Naceu na localidade alicantina de Castell de Castells. Estudou na Facultade de Ciencias de Santiago no curso 1915-16. Aparece citada en 1911 no Boletín da Real Sociedad Española de Historia Natural, cuxa nota dicía:

*El Sr. Ribera propuso además, para socios agregados, á las señoritas Luisa Becares Más, Josefa Pérez Solsona, Leonor Serrano Pablo, Julia Troncoso Sagrero, Leonor Diez Torres, Josefa Uriz y Pi, Angela Trinxé y Velasco, Pilar Barberán y Tros de Harduyá, Adelaida Diez y Diez y Pilar Barrera y Urueta.*

Tamén aparece citada na páxina 30 do xornal *La Vanguardia* do domingo 27 de outubro de 1929. Texto íntegro da cita:

*'Viaje de perfeccionamiento' Se ha publicado una R. O. autorizando a doña Luisa Becares Mas, para realizar un viaje de perfeccionamiento a Zaragoza, Barcelona y Sevilla, con un grupo de once maestras.*

E o 7 de marzo de 1930, en *Gaceta de Madrid*, nº 66 aparece citada como receptora de dúas subvencións, unha coma inspectora de *Escuela de Distrito de la Inclusa* (15000 pesetas) e outra como inspectora profesional de ensinanza primaria de Madrid. Tamén foi bolsa da JAE en Francia e Bélxica, como pedagoga, centrando o seu estudo no «ensino profesional feminino».

Na Memoria correspondente aos cursos 1931 e 1932 aparece a seguinte nota: «*Doña Luisa Bécares y Mas, inspectora de Primera enseñanza.—Reales órdenes de 12-III-30, 7-VIII-31 y 18-IV-32. C.—Francia y Bélgica .—Pedagogía.—Comenzó a hacer uso de la pensión en 24 de septiembre de 1932*».

No número 1050 da revista *Escuela Española* de 9 de decembro de 1960 aparece unha nota referida á xubilación de Luisa Bécares (imaxen adxunta)

---

<sup>82</sup> Luisa Becarés Más, AHUS: Expediente persoal, leg. 120, exp.8.

### **María Manuela Blanco López<sup>83</sup>**

Filla de Modesto Blanco García, natural de San Pedro de Xallas no concello de Negreira, propietario, e de Bernardina López del Río. María Manuela naceu o 23 de outubro de 1908 en Santiago de Compostela, onde residía a súa familia no número 20 da Rúa da Fonte de Santo Antonio.

Esta alumna estudou Ciencias entre 1925 e 1929 e posteriormente cursou as materias que lle faltaban para obter tamén a licenciatura en Farmacia, séndolle expedido este título en xaneiro de 1935.

### **Adela Boo Gallego<sup>84</sup>**

Naceu en Piñor (Barbadás) en 1904. Era filla de propietarios. No ano 1926 matricúlase nos estudos de Farmacia facendo cursos por libre e outros por oficial. No ano 1934 acada a titulación (Cid Galante, 2004).

Abriu un despacho de farmacia en Ourense, na rúa Posío, o 9 de decembro de 1939, segundo aparece na nova publicada no xornal ourensá *La Región*.

### **M<sup>a</sup> Teresa Bouzo Santiago<sup>85</sup>**

A alumna, cuxo nome completo era M<sup>a</sup> Teresa Mercedes, naceu o 23 de setembro de 1914 en Ourense, no 19 da Rúa do Progreso. Filla de Manuel Bouzo Fernández, médico, natural de Santiago de Compostela, e de Maximina Santiago Santalla, natural de Coles (Ourense).

Estudou bacharelato no Instituto de Ourense. Iniciou os seus estudos na Universidade santiaguesa en 1930, onde estudaría ata 1932. Nese ano solicita lle sexa remitida certificación académica persoal para poder continuar estudos en Madrid.

---

<sup>83</sup> AHUS expediente persoal: leg. 138, exp. 14.

<sup>84</sup> Adela Boo Gallego, AHUS: leg 146, exp. 7.

<sup>85</sup> Teresa Bouzo Santiago, AHUS: leg. 152, exp. 19.

María Teresa foi catedrática de Física e Química no Instituto Provincial de Ourense a mediados do anos trinta e comezos do corenta. Foi nomeada en 1958 directora do Instituto de Ensinanza Media de Ávila. María Bouzo desempeñou diversas cátedras en diferentes centros docentes españoles: foi catedrática e Directora Técnica do Instituto Lope de Vega; catedrática de Física e Química do Instituto Eijo y Garay e do Instituto Cervantes, todos en Madrid. Tamén exercearía a docencia en Marrocos (Cid, 2005: 348).

Hai un artigouseu “*La clase de Física y Química en la Enseñanza Media*” publicado na revista *Enseñanza Media*, no ano 1962<sup>86</sup>.

### Brañas Fernández-Miranda, Celia Clara<sup>87</sup>

Celia Brañas Fernández, era filla do farmacéutico, xornalista e excitor coruñés Gonzalo Brañas Sánchez-Boado<sup>88</sup> (1840-1903), e de Consuelo Fernández Miranda.

Foi bolsa da JAE no ano 1922 facendo unha estadía de dous meses para realizar prácticas de Histoloxía no Instituto de Ciencias Naturais de Madrid (Gurriarán, 2006:



Figura 26. Celia Brañas (detalle)

149). Celia sería profesora de Metodoloxía de Física e Química e de Historia Natural na Escola Normal da Coruña, pasando a ser a súa directora no ano 1934. A súa irmá Esperanza foi secretaria do mesmo centro. As dúas foron activas colaboradoras da Cruz Vermella.

No seu expediente do Arquivo Histórico Nacional aparece como alumna da Facultade de Ciencias da Universidade Central en Madrid (1915-17).<sup>89</sup>

No ano 1920 colabora no curso de Bioloxía mariña organizado polo *Instituto de Estudios*

<sup>86</sup> Ver: <http://hdl.handle.net/11162/73682>

<sup>87</sup> Celia Brañas Fernández ;iranda; AHUS: leg. 155, exp. 2.

<sup>88</sup> Irmanastro de Alfredo Brañas

<sup>89</sup> AHN ES. 28079/2. 3. 1. 21. 3. 1//UNIVERSIDADES, 5352, Exp. 9.

*Gallegos* e a JAE. Este curso celebrado na Coruña, tivo unha duración de dous meses, e contaba con material do propio Instituto, da Escola Normal e do *Museo Nacional de Ciencias Naturales*.



**Figura 27. Recepión a Castelao na Real Academia Galega.**

**Celia Brañas fila de atrás, sexta pola esquerda. A Coruña, 25 de xullo de 1934.**

O seu irmá Gonzalo doutor en Ciencias, foi catedrático de Física e Química do Instituto de Segunda Ensinanza de Oviedo, auxiliar da Facultade de Ciencias de Oviedo e catedrático do Instituto da Coruña. Académico da Real Academia de Ciencias, membro fundador da RSEFQ e coñecido inventor.

### **María Tarsy Carballas Fernández**

Naceu en Taboada, Lugo o 2 de xuño de 1934. Realizou estudos na Facultade de Farmacia, licenciándose en 1958. Foi profesora adxunta Interina de Bioquímica (1959-1960) e profesora axudante de Termodinámica e Mecánica estatística (1962-1964) na USC. Ao mesmo tempo, cursou estudos de Ciencias Químicas, recibindo o Premio extraordinario de licenciatura(1963). Ao ano seguinte presentou a súa tese de

doutoramento en Farmacia. Cunha bolsa da Fundación Juan March trasladaríase logo á Universidade de Nancy, Francia, onde acadou o Certificat d'Études Supérieures CES (1967). En 1969 foi profesora Encargada de Cátedra de Edafoloxía na USC.



**Figura 28. Tarsy Carballas**

Segundo ela mesma indica, a pesares dos seus inicios na universidade santiaguesa, deseguida comezou traballar no CSIC -«onde a discriminación era moito menor» (Pontevedra, 20 de febreiro de 2008)- investigando en edafoloxía, formando parte do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (IIAG), na área de Bioquímica do solo. Nesta institución exerceu como Axudante científica (1965-1968), colaboradora científica (1969-1971), investigadora (1971-1988) e profesora de Investigación (dende 1988).

Esta científica é pioneira no estudo da xénese, clasificación e cartografía dos solos de zona templado-húmida de España, no aproveitamento de materiais orgánicos residuais como fertilizantes e, sobre todo, é considerada experta na protección do solo contra a erosión despois dun incendio e a recuperación do mesmo. Ocupou o posto de directora do IIAG (1994-2004).

Foi pensionada na École Nationale Supérieure d'Agronomie et des Industries Alimentaires (ENSAIA), en Nancy (1977 e 1978), no Centre de Pédologie Biologique do CNRS, na École Nationale Supérieure Agronomique de Rennes (1980), no departamento de Bioquímica da Universidade de Manchester (1989, 1990 e 1991), no Research Institute of Crop Production, de Praga (1992).

Entre as probas do recoñecemento profesional acadado polo seu quefacer investigador están: Premio Fray Bernardino de Sahagún, para traballos científicos (1972), Diploma do Ministerio de Asuntos Exteriores de Francia (1977), Premio Galicia de Investigación (Modalidad Ciencias) 1982, Premio María Wonenburger (2012) e Premio á Excelencia Química (2012) por un estudio sobre a prevención de incendios forestais.

Ocupou os cargos de: investigadora asociada ao CNRS francés (1970-1971), *First Vice-Chairman* da Comisión sobre bioquímica do solo da International Society of Soil Science (ISSS) (1986-1990), e a dirección do Grupo de Bioquímica do Solo (grupo de excelencia) do IIAG (1980-2004).

Ten máis de 200 publicacións científicas, doce libros editados e, ademais, aparece como tradutora de numerosos de textos especializados. Tarsy foi a primeira muller en ingresar na Real Academia Galega de Farmacia (2003) e a primeira en formar parte da Junta de Gobierno da International Union of Soil Sciences IUSS, (1980-84). É Socia de Honra da *Sociedad Española de la Ciencia del Suelo*, doutora «ad Honorem» do CSIC, dende xuño de 2004 e presidenta do Consello Asesor de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, dende xullo de 2006.

### **María de la Concepción Carnero Valenzuela<sup>90</sup>**

Naceu en Santiago, o 6 de decembro de 1909. Era filla de Eduardo Carnero Calvo, capitán de infantería e de María del Carmen de Valenzuela Ulloa, dedicada ao goberno da súa casa, segundo consta no seu expediente. Fixo estudos de bacharelato no Instituto de Santiago con cualificación de sobresaínte.

Iniciou os estudos superiores na Facultade de Química no ano 1927. Rematou a carreira en 1931, verificando os exercicios de grao en novembro de 1932 coa puntuación de sobresaínte. No expediente aparecen os dous exercicios realizados pola alumna para superar o exame de grao: un primeiro exercicio é de Química orgánica, co tema *Compostos heterocíclicos*; o segundo é de Química inorgánica, tema *Terras escasas*.

---

<sup>90</sup> M<sup>a</sup> de la Concepción Carnero Valenzuela, AHUS: leg. 205 exp. 5.



**Figura 29. Concepción Carnero**

Segundo consta no libro de Actas da Facultade de Ciencias<sup>91</sup>, en 1933 será nomeada axudante de Química Orgánica: «*Se acuerda conceder, con cargo al ingreso de prácticas, la gratificación de 1500 pts., por este curso, a Dª. Mª de la Concepción Carnero Valenzuela, ayudante propuesta para Complementos de Química.*». Permanecerá como docente un curso máis<sup>92</sup>.

Traballou xunto a Fernando Calvet no estudo de dioxinas. Dous traballos aparecen no Boletín da Universidade de Santiago: “*Las dioxinas I-3. II. : propiedades y derivados de la benzo-I-3-dioxina*”, en 1932 e “*La obtención de la (alfa-beta)-Nafto-I-3-Dioxina, y su estudio comparado con el eter metilénico cíclico del Peri-Dioxi-Naftaleno: las Dioxinas-I -3, V*”, en 1935.

Estes dous traballos citados son tamén publicados en Anales de la Sociedad Española de Física y Química e no citados no *Chemical Abstracts*.

Concepción Carnero e Natividad Mejuto serían as primeiras docentes de Ciencias, mais non as únicas, pois durante o período republicano un total de cinco mulleres terían ese posto, como podemos ver na táboa adxunta

<sup>91</sup> Libro de Actas da Facultade de Ciencias. 1904-1935, AHUS: Fondo Universitario. Serie xeral. A 109. Acta da sesión do 10 de outubro de 1933 (p. 353) e acta do 3 de outubro de 1934 (p. 369).

<sup>92</sup> Ídem: acta do día 13 de xuño de 1935.

**Táboa 29****Axudantes de clases prácticas e bolseras na Facultade de Ciencias entre 1900-1936**

Ano	Alumna	Departamento	Profesor que propón
1933	Concepción Carnero Valenzuela	Q. orgánica	F. Calvet
1933	Natividad Mejuto Larrauri	Q. orgánica (bolsa de investigación)	F. Calvet
1934	Natividad Mejuto Larrauri	Q. teórica (bolsa de investigación)	F. Calvet
1934	Concepción Carnero Valenzuela	Complementos de Química	Non consta
1934	Antonia Ferrín Moreiras	Física teórica	Catedrático de Física
1934	Elisa Díaz Riva	Física experimental	"
1934	Sara Soto Noya	Complementos de Física	"
1935	Antonia Ferrín Moreiras	Matemáticas especiales	"
1935	Antonia Ferrín Moreiras	Física teórica	"
1935	Elisa Díaz Riva	Física experimental	"
1935	Sara Soto Noya	Complementos de Física	"
1935	Concepción Carnero Valenzuela	Complementos de Química	-

A súa vida profesional vai a estar ligada a súa traxectoria relixiosa xa que entra como docente no Colexio de Nuestra Señora de los Remedios de Santiago, impartindo as materias de Química, Física, Ciencias Naturais e Matemáticas. Pronto toma a decisión de formar parte da *Compañía de las Hijas de la Caridad*, a quen dedicará o resto da súa vida persoal e profesional, sempre traballando na docencia creando e colaborando nas

revistas internas do colexio e participando activamente na posta ao día nos seus centros da Lei Xeral de Educación de 1970.

O resto dos membros da familia Carnero Valenzuela tamén estudaron na Universidade de Santiago, en concreto os seu irmáns José, que estudaría Farmacia; Luis, que estudaría Medicina e Gerardo que faría Dereito e Farmacia, así como a súa irmá María que cursaría Filosofía e Letras<sup>93</sup>.

Morreu no ano 2001 en Madrid.

### **Consuelo Castelao Bernárdez<sup>94</sup>**

Naceu na cidade de Ourense en 1904 e era filla dun artesán. No ano 1926 comeza os estudos na Facultade de Ciencias en Santiago de Compostela e alí permanece catro anos. Solicita traslado a Madrid, estando aloxada na Residencia de Señoritas dende 1931 ata 1935.

A súa irmá, Justa, aparece como encargada interina gratuíta do Instituto de Ourense (Cid, 2004:347). No ano 1933, Inocencio Castelao Bernárdez -seu irmán- será nomeado presidente do Requete de Ourense e, nun rápido ascenso, ao ano seguinte será xefe da FE das JONS nesta cidade. Antonio Castelao Bernárdez, é citado no xornal *La Región* do 11 de agosto de 1959 como solicitante de pasaporte para a emigración. Julio Castelao Bernández daba clases de Mecánica e Carpintaría nunha escola para nenos (*BOE* nº 171 do 20 xuño de 1954).

Na publicación periódica *Escuela Española* nº 2002 de 22 de marzo de 1972, aparece unha nota que fala de Consuelo Castelao Bernárdez, licenciada en Ciencias Químicas, que reingresa como mestra no Colexio Nacional da parroquia de San Pío X de Barcelona capital.

---

<sup>93</sup> Expedentes persoais no AHUS, ver: Carnero Valenzuela, Gerardo, leg. 205, exp. 1 1931-1941; Carnero Valenzuela, José, leg. 205, exp. 2, 1922-1929; Carnero Valenzuela, Luis, leg. 205, exp. 3, 1930-1939; Carnero Valenzuela, María, leg. 205, exp. 4, 1930-1946.

<sup>94</sup> AHUS leg. 224, exp. 2.

### **Charro Salgado, M<sup>a</sup> Pilar**

Naceu en Vigo, Pontevedra. Era filla de Aniceto Charro Arias (1903-1979), natural de Ourense, catedrático da Facultade de Farmacia da USC, de 1930 a 1944 catedrático de Técnica física e Análise química e de 1944 ata 1973 catedrático de Análise química aplicada e de Bromatoloxía-Toxicoloxía. Súa nai era Pilar Salgado Urtiaga.

Pilar Charro estudou na Facultade de Farmacia de Santiago, con matrícula gratuíta, contando cun extraordinario expediente. Presentou no ano 1974 o seu traballo de doutoramento titulado: “*Contribución a la historia de la farmacia en Galicia: formulaciones dispensadas en Orense a finales del siglo XVI*” dirixido polo seu pai.

Traballou como xefa de Sección do Servizo de Farmacia na Residencia Sanitaria Nosa Señora do Cristal de Ourense.

Súa irmá, Ana María, foi catedrática de ensinanza secundaria para a materia de Lingua e Literatura Francesa en Algorta (Bilbao). Seu irmán, Aniceto, licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela (1962) destacado Endocrinólogo, xa xubilado, foi xefe de Servizo e Director da Unidade de Xestión Clínica de Endocrinoloxía, Metabolismo e Nutrición do Hospital Universitario San Carlos e catedrático da Facultade de Medicina da UCM. Este investigador sanitario tamén foi Coordinador Responsable da Estratexia NAOS do Ministerio de Sanidade.

Pilar Charro Salgado, casou co médico Luis Delgado Bartolomé. En 1959 naceu o seu primeiro fillo, en 1963 a súa filla M<sup>a</sup> Begoña, tamén farmacéutica e docente universitaria. Pilar Charro foi delegada da Consellería de Sanidade na provincia de Ourense entre os anos 1987 e 1990 no goberno de González Laxe.

### **María Coro Clavero Maestre<sup>95</sup>**

María Coro, naceu en San Sebastián. Estudou o bacharelato en Tarragona. Ao igual cas súas irmás Ascensión e Dolores estudou Medicina primeiro na Universidade de Zaragoza (cursos 1925-27), logo en Santiago (1927-28), en Madrid (1928) e de novo Santiago (1930-1932).

---

<sup>95</sup> M<sup>a</sup> del Coro Clavero Maestre, AHUS: leg. 255, exp. 25.

Obtivo a titulación de Odontoloxía pola Universidade Central, con cualificación de sobresaínte e matrícula de honra.

A súa azarosa vida cremos que ben daría para unha novela. Viviu intensamente a Guerra Civil en Madrid, como militante da FUE. Casou en 1933 con Andrés Berdejo Echart, diplomático.

Despois da GC tivo que marchar ao exilio francés, cando tiña 39 anos de idade. Nese país e nesas circunstancias separouse do seu marido, tamén médico. Desde Francia pasou á República Dominicana tal e como aparece reflectido na lista de pasaxeiros do Flandre, barco que a levaría dende Saint Nazaire a Santo Domingo (7 de novembro de 1939) e de alí a México, chegando a Veracruz o 13 de xaneiro de 1940. A viaxe era por conta das sociedades Hispánicas Confederadas.

Coro aparece en diversos documentos que dan conta da difícil situación económica pola que pasaba, tendo que pedir axuda para instalarse profesionalmente en México e poder manter aos seus dous fillos pequenos Luís Julián e Nora Berdejo Clavero<sup>96</sup>.

A súa irmá Dolores, que iniciou estudos de Medicina na US en 1929, casou con Juan Blázquez Arroyo (1914-1974), activo comunista catalán. Estiveron exiliados en Francia dende 1939. No *Arxiu Nacional de Catalunya* existe documentación sobre as actividades do “General Bázquez” que se uniu á Resistencia (1943), recibindo en 1946 a Lexión de Honor.<sup>97</sup> No momento da liberación de Francia polas tropas aliadas era o mando superior dos guerrilleiros españoles naquel país. El morreu no exilio, ela retornou a España en 1976.



Figura 30. Buque Flandre

<sup>96</sup> Ver en bibliografía Domínguez Prat (1992). No listado de pasaxeiros do Flandre aparece Coro Clavero con 27 anos e os seus fillos Luis (2) e Nora (4) Berdejo Clavero.

<sup>97</sup> Ver: [http://xac.gencat.cat/ca/llista\\_arxius\\_comarcals/val\\_d\\_aran/quadre\\_de\\_fons/](http://xac.gencat.cat/ca/llista_arxius_comarcals/val_d_aran/quadre_de_fons/)

## **Elisa Díaz Riva<sup>98</sup>**

Elisa Susana Agustina Díaz Riva naceu o 22 de agosto de 1914 en Santiago, era filla de Nicolás Díaz López, profesor de instituto e de Sabina Riva Moscoso, natural de Ferrol e veciños de Santiago. Estuda o bacharelato por oficial no Instituto de Santiago conseguindo premio extraordinario. Alí xa coincide cunha das súas grandes amigas na facultade, Natividad Mejuto. En 1930 matricúlase na Facultade de Ciencias (Química) realizando os estudos ata 1934, ano no que obtén o título de licenciada.

Unha vez rematada a carreira, segundo a súa testemuña persoal, foi Axudante de Laboratorio de Bioloxía xunto ao profesor Luís Iglesias (1935) e tamén no Laboratorio de Física (1935 e 1936), baixo a dirección de Mariano Zurimendi.

Posteriormente gaña a praza de Profesora de Física y Química no Instituto de Segunda Enseñanza Pi y Margall de Barcelona, pero como non podía impartir docencia en catalán pasa ao Instituto de Badalona, onde continuou desempeñando a docencia pero dando as mesmas clases en español.

Todos os seus irmáns estudaron na universidade compostelá. Os varóns, Manuel e Nicolás, cursaron Medicina e María Victoria estudaría Filosofía e Letras<sup>99</sup>. Esta irmá, inspectora de Primeira ensinanza en Oviedo, sería unha das pensionistas da JAE en 1932, viaxando a Francia, Bélgica e Suíza.<sup>100</sup>

Casa co pontevedrés Laureano Poza Juncal, químico como ela o 6 de marzo de 1937 no Rexistro Civil do Distrito de Buenavista-Madrid. Laureano, militou en Acción Republicana de Pontevedra en 1933 e en Izquierda Republicana en Madrid e pertencía a unha destacada familia republicana. Poza traballou como catedrático interino de Física e Química no Instituto Nacional de Segunda Ensinanza de Vigo, en 1935, e foi profesor na Escuela de Guerra número 1, en Barcelona. Laureano Poza é depurado en 1936 do seu posto docente en Vigo, e xunto con Elisa e a súa irmá, Mª Victoria aparecen como exiliados no Arxiu Pierre Roquette de Marsella. Comprobado que a República non

---

<sup>98</sup> AHUS leg. 314, exp. 18.

<sup>99</sup> Manuel, AHUS: leg. 314, exp. 19; Nicolás, AHUS: leg. 314, exp. 21; Mª Victoria, AHUS: leg. 314, exp. 20.

<sup>100</sup> É recomendable a lectura do libro de García Baena e Cazorla-Granados (en bibliografía).

volvería, M<sup>a</sup> Victoria volta a España en abril de 1939. Laureano e Elisa marchan

exiliados, no buque *Ipanema*, a México onde pasaría xa o resto da súa vida.



Figura 31. Elisa Díaz Riva ditando unha conferencia en México

México entre 1959 e 1968. Elisa, pola súa parte, completaría a súa preparación estudiando na Universidade Feminina a carreira de Técnica en Laboratorios Clínicos.

Traballou como profesora de Química xeral, Química inorgánica e orgánica en escolas secundarias de México. Simultaneamente, dedícase á Filosofía esotérica, formando parte dunha asociación na que desempeñará cargos importantes.

Elisa tivo tres fillos: Joaquín (nado o 23 de abril de 1941) e dúas nenas xemelgas Elisa Victoria e Pilar (1945).

## **María Domínguez Astudillo<sup>101</sup>**

Naceu en Zamora en 1895. Obtivo o título de mestra en 1916 con Premio Extraordinario.

Estudou entre 1930 e 1931 na Universidade de Santiago. Posteriormente traslada o expediente á Universidade Central onde obterá premio extraordinario de licenciatura en Química no ano 1941. Acadou o doutoramento en Ciencias Químicas en 1942, coa tese “*Influencia del yeso en la flotación de los sulfuros de plomo y zinc. Eliminación de dicha influencia*”.

Realizou estudos en Inglaterra, Francia, Países

Baixos, Bélgica e Suíza. Publicou numerosos artigos en: *Anales de Física y Química*, *Archivos de Farmacología y Toxicología*, *Real Sociedad Española de Física y Química*, *Revista Eidos*, e no Instituto Antonio de G. Rocasolano de Química Física del CSIC, onde foi investigadora. Citaremos algún como: “*Iniciación sobre isotopía y radioquímica*” (1949); “*Ánálisis espectroquímico de los elementos que impurifican a los sulfuros de plata*” (1950); “*Desnaturation by heat and cold of ovumucin and ovomucoid*” (1956); “*Complejos de cobalto como radiosensibilizantes y antitumorales*” (1980).

Foi destacada asociada da Institución Teresiana, agrupación de profesionais leigos da Igrexa Católica, fundada en 1911 por Pedro Póveda.<sup>102</sup> María faleceu en Madrid en 1985.



**Figura 32. María Domínguez Astudillo**

## **Elvira Durán Rodríguez<sup>103</sup>**

Naceu o 18 de novembro de 1909 na cidade da Coruña, rúa Juana de Vega, nº 18. Seu pai era Manuel Durán García, avogado e súa nai era Elvira Rodríguez Fernández,

<sup>101</sup> AHUS: leg. 328, exp. 7.

<sup>102</sup> Ver: <http://www.institucionteresiana.org/es/mujeres-destacadas/maria-astudillo>

<sup>103</sup> AHUS: leg. 338, exp. 6.

ámbolos dous naturais da Coruña. Realizou o bacharelato no Instituto da Coruña, rematando os seus estudos de secundaria en febreiro de 1928.

Matricúlase na universidade compostelá no curso 1930-31 na Facultade de Ciencias, continunado ata 1935, ano en que trasladará o expediente a Madrid. Realiza o depósito da solicitude do título de licenciada en Ciencias, sección Química, en setembro de 1939.

En 1933 ingresa como socia da SEFQ presentada por Natividad Mejuto e Carmen Zapata.

Elvira, casou co tamén químico Pedro Couceiro Corral (1905-1982). Terían que exilarse tras ser depurado da docencia o seu cónxuge, marchando ao Uruguai, país onde nacerían os seus fillos e morrería o seu marido.



#### Mª Luisa Fernández Cascallar<sup>104</sup>

Naceu en Pontevedra o 5 de maio de 1902. Era filla de Benito Fernández Peón, natural da mesma vila, de oficio empregado de banca. Súa nai, tamén pontevedresa, chamábase María Cascallar Iglesias. Mª Luisa fixo o bacharelato na vila do Lérez entre 1916 e 1920.

Estudou Medicina dende 1920 ata 1925, obtendo moi boas cualificacións. Traslada o expediente a Madrid no ano 1926. Nesta cidade permaneceu un curso académico durante o cal viviu na Residencia de Señoritas.

Verifica o exercicio de grao o 9 de xuño de 1926, en Santiago, obtendo cualificación de sobresaínte. Todo o seu expediente académico é excelente. Aparece como xefa de persoal do Hospital Militar de Vilagarcía no ano 1937. Este hospital instalaríase no

Figura 33.

Mª Luisa Fernández Cascallar

---

<sup>104</sup> AHUS: leg. 382, exp. 24.

Instituto Laboral, contaba con 132 camas, repartidas en sete salas e estaba dirixido por Eugenio Montero Quiroga.

Casou co médico Miguel Lafuente Casares que tiña consulta en Vilagarcía de Arousa.

### **Elisa e Jimena Fernández de la Vega Lombán<sup>105</sup>**

As xemelgas de la Vega, Elisa Fernanda María del Carmen e Jimena María Francisca Emilia, naceron en A Veiga de Ribadeo (actual Vegadeo), o 30 de maio de 1895, sendo maior Jimena pois naceu quince minutos antes que Elisa. Eran fillas de Wenceslao Fernández de la Vega Pasarín e de Dolores Lombán Cotarelo. O pai, natural de Castroverde (Lugo), era un médico liberal especializado en hidroloxía<sup>106</sup> que nos veráns exerceía de director no balneario de Guitiriz: «Que pertencia á *Institución Libre de Enseñanza...*» (Gurriarán, 2003: 185). Toda a familia estaba vinculada á provincia de Lugo. Seus avós paternos eran de Castroverde e a Fonsagrada, o seu tío Higinio era notario de Friol e, ainda na actualidade, vive nesta provincia unha parte importante da familia. As irmás Fernández de la Vega realizaron estudos de bacharelato no Instituto de Lugo, obtendo o título o 23 de xuño de 1913, ambas coa cualificación de sobresaínte. Comezarían os seus estudos de Medicina en Santiago, no curso 1913-14, finalizando en 1919, coa obtención dun premio extraordinario, por parte de Jimena, pois só se concedía un e ambas eran merecedoras. No curso 1918-1919 tamén aparecen nos libros de matrícula da Facultade de Farmacia, cursando a materia de Análise Química «para os efectos do doutoramento en Medicina», segundo consta no seu expediente. Resaltaremos, unha vez máis, que non se trata das primeiras alumnas da Universidade Compostelá, nin tampouco as primeiras licenciadas, pois este mérito corresponde a Manuela Barreiro, moitos anos antes, aínda que si serían as primeiras licenciadas en Medicina.

---

<sup>105</sup> Elisa Fernández de la Vega Lombán, AHUS: leg. 422 exp. 6; Jimena Fernández de la Vega Lombán, AHUS: leg. 422 exp. 7.

<sup>106</sup> Atópanse dúas entradas na Biblioteca da USC de Wenceslao F. de la Vega, “Establecimiento balneario de Guitiriz: Apuntes para una monografía de las aguas sulfurado-floururado-sódicas, frías” publicado en 1908 e unha comunicación a un Congreso Internacional de Hidroloxía de 1913 “A propósito del eficaz tratamiento de las más frecuentes enfermedades del aparato digestivo por las aguas sulfurosas sódicas de Guitiriz”.

Serían discípulas de Nóvoa Santos, con quen se iniciarían na investigación nos Laboratorios e na Clínica de Patoloxía Xeral (catro anos). Baixo a súa dirección publicarían dous traballos experimentais, sendo alumnas: “*Sobre la presencia de granulaciones grasiencias en la sangre*”, e “*Somero estudio fisio-patológico del cerebelo*”. A fazaña destas dúas mulleres culminando os estudos de Medicina, obtería unha recompensa oficial: a concesión da Gran Cruz de Alfonso XII, por méritos académicos.

Unha vez remataron a carreira, trasladáronse a Madrid co obxecto de facer a tese de doutoramento. Elisa presenta en 1921 a tese: “*Asma anafiláctico alimenticio y consideraciones acerca de la patogenia del asma en general*<sup>107</sup>”, dirixida polo catedrático de Terapéutica, Teófilo Hernando. No laboratorio dese docente realiza outros traballos de investigación. Especializouse en Pediatría, co catedrático Enrique Suñer (enfermidades da infancia); acudindo ao laboratorio desta cátedra, onde tamén fai traballos de investigación. Solicita unha bolsa para ampliar estudos da súa especialidade en Berlín (Finkelstein e Gerny) sobre Fisioloxía da Nutrición e do aparello dixestivo do neno que lle foi concedida por un ano de duración.




**Figura 34. Elisa Fernández de la Vega.  
Fotografía da Real Academia de Medicina.**

<sup>107</sup> Tese inédita presentada na Universidade Central (Madrid), Facultade de Medicina, 1921. Clasific. 616.248 (043. 2). Universidade Complutense de Madrid.

Especialización na investigación nos laboratorios da Facultade de Medicina de Madrid, tese e tres traballos, avalan o seu quefacer na aproveitada estadía madrileña, xunto á

concesión dunha bolsa para ampliar estudos no estranxeiro. Elisa non faría uso da bolsa, ao casar axiña co catedrático de Anatomía, Gumersindo Sánchez Guisande, discípulo de Rodríguez Cadarso, de quen fora alumna en Santiago. Continúa en Madrid cun traballo moi intenso no Hospital del Niño Jesús, ás ordes de Santiago Cavengt, imparte conferencias, escribe artigos e prepara un manual para as enfermeiras, que non vería a luz.



**Figura 35. Cruzamento de *Drosophila*.**  
Debuxo de Jimena Fernández de la Vega (1933).  
Fotografía da Real Academia de Medicina

Medicina e ela traballaría nas clases prácticas de Embrioloxía. Seguiría impartindo numerosas conferencias científicas en diversas universidades de España.

En 1932 asinou oposicións as cátedras vacantes de Medicina legal das Universidades de Salamanca e de Santiago pero non puido acudir por motivos de saúde.

Elisa morre en Zaragoza, en 1933, por mor dunha pneumonía, cando só tiña 38 anos, deixando aos seus fillos, Luciano, Wenceslao e Elisa, ao coidado da súa irmá. O seu viúvo, Sánchez Guisande, membro de *Izquierda Republicana*, chegou exiliado a Buenos Aires en outubro de 1936, «salvando a súa vida pero ao “prezo de deixar aos seus fillos en Galicia” aos que tardou doce anos en volver ver segundo relata seu fillo Wenceslao Sánchez Fernández de la Vega» (Farías e Gartner, 2006: 65-92).

Jimena, pola súa parte, presentaría en 1922 a súa tese: “*Estudio de la vagotonía infantil por medio del examen hematológico*”.<sup>108</sup> Concedéronlle tamén unha bolsa dun ano, con prorroga doutro máis, para ir a Alemaña, Suíza e Austria, en 1925, para levar a cabo estudos de Xenética experimental: “*Metodología de la investigación hereditaria*”. Primeiramente estivo en Berlín, Traballando en biometría con Friedrich Kraus e Theodor Brugsch, medio ano. Logo en Hamburgo outros seis meses (*Hamburgische Universität Anatomisches Institut*) aprendendo de Hermann Poll técnicas de traballo en genética con *Drosophila melanogaster*. Despois estaría en Munich, no Instituto de Hixiene, co profesor Lenz. En 1926 traballou con Julius Bauer na *Allgemeine Poliklinik* ata fins de xaneiro de 1927. Tralas súas estadías como bolseira, en febreiro de 1927 Jimena presentou á JAE dous traballos de memorias: “*Estado actual de la Biología y Patología Gemelar en su relación con los problemas hereditarios*” (Hamburgo, 1926) e “*Drosophila y Mendelismus*” (Hamburgo, 1927).



**Figura 36. Jimena Fernández de la Vega**

---

<sup>108</sup> Universidad Central (Madrid). Facultad de Medicina. Tesis inéditas. Bibliografía: pp. 51-55. 616.833.191 (043. 2).

En 1930 traduciu a obra de Julius Bauer “*Herencia y constitución*”, libro que serviría para introducir aos médicos españoles nos coñecementos da xenética mendeliana. Jimena consigue que acudan a Madrid a dar conferencias tanto Julius Bauer como Hermann Poll. Este indícalle ao fisiólogo Augusto Pi i Suñer que sería moi interesante que se creara un laboratorio de xenética humana (Alvarez Pelaez, 2007: 177). Este laboratorio, a Sección de Xenética e Constitución da Facultade de Medicina de Madrid, iniciará a súa andaina en 1933, dotado con 25.000 pesetas anuais e baixo a dirección de Jimena Fernández de la Vega.

En 1934 obtería unha nova bolsa da JAE, para continuar os seus estudos xenéticos, durante sete meses, co profesor Fischer: «*Trasmisión hereditaria de las formas de las distinciones formales de los glóbulos rojos humanos, en los gemelos*», no *Kaiser Wilhem-Institut für Anthropologie, menschl. Erblere und Eugenik*, de Berlín. A finais dos anos 20 defenderá a súa tese: “*Equilibrio ácido-básico, su estudio especial en relación con la narcosis*”, que acadará o premio Rodríguez Abaytúa, en 1930.

Jimena, desde a súa chegada a Madrid, colaborara con Marañón e se adestrara no laboratorio de parasitoxía do doutor Pittaluga -dous anos, realizando estudos sobre as propiedades dos linfocitos-, e, unha vez que o seu mestre Nóvoa Santos vén a Madrid, en 1928, traballa ao seu carón, en xenética, abrindo liñas de investigación novedosas para aquel entón (Gurriarán, 2003:187). Desde 1932, dirixe o Seminario de Xénética, creado por Nóvoa, adscrito á cátedra de Patoloxía. Realizou unha parte, no tocante á herdanza biolóxica do home, da súa soada *Patología* (1916). Tamén sería unha asidua participante nas Xornadas Médicas Galegas. En 1935 publica “*La herencia fisiopatología en la especie humana*” e con este motivo Gregorio Marañón, autor do limiar, dí dela:

*Es gallega, y con esto quiere decirse que es aguda, inteligente y poco dada a llevarse de arrebatos imaginativos. Cualidades todas excepcionales para el cultivo de la ciencia. Fina discípula de Pittaluga, de quien recibió la exactitud y la perspicacia que son marchamo de su escuela; y del inolvidable Novoa Santos. Pasó luego años largos en Berlín, Hamburgo, Múnich, Viena y en*

*Génova, al lado de J. Bauer y N. Pende<sup>109</sup>, de los que aprendió la técnica especial y la información de ambas propagandas de la actual Constitucionología; y además la apetencia por todo lo que no estaba en la Escuela, sino fuera de ella, incluso en contra de ella. Con ese bagaje ha vuelto a España y de ella esperamos una colaboración importante en la obra en que todos andamos empeñados.*

En 1936, ao comezar a guerra, Jimena marchou de Madrid cara a Sotillo de la Adrada, na provincia de Ávila, onde permaneceu ata outubro. Logo presentouse ás autoridades en Burgos, ao que ía ser o principal responsable da depuración do profesorado, o catedrático de Pediatría Enrique Suñer. Despois foi a Vilagarcía, un tempo, ata que se asentou en Santiago, en febreiro de 1937. O resto da Guerra Civil estivo en Compostela, prestando servizos no Hospital Militar de San Caetano. Nesta cidade fixose cargo dos seus sobriños, pois, como xa indicamos, o seu cuñado marchara cara ao exilio arxentino, logo de estar agachado un tempo en Galicia.

En 1945, seguindo a tradición familiar, Jimena oposita ao corpo de Baños, obtendo a praza do Balneario de Guitiriz, para estar preto de súa nai, Dolores Lombán, de idade avanzada. Morta esta, dirixiría diversos balnearios: Montemayor (Salamanca), Cestona (Guipúzcoa) e Lanjarón (Granada), onde se xubilaría. Estes traballos estivais que complementarían os estipendios da profesión médica, no caso de Jimena, parecen ser un labor secundario, pois continuou a investigación xenética ligado á cátedra de Patoloxía da Facultade de Medicina de Madrid, onde seguiu dirixindo o Seminario de Xenética humana, mais sen unha continuidade na investigación activa. Nesta etapa publica 1946 *Hidrología y materia médica* e en 1963 *Teoría de la herencia y herencia molecular*. Morreu en Santiago en 1984 á idade de 89 anos. Deixou publicados máis de trinta traballos científicos.

---

<sup>109</sup> Tamén estivo en Xénova -no Instituto Clínico Universitario- co reputado endocrinólogo Nicola Pende, que facía estudos biotipolóxicos.

## Rita Fernández Queimadelos, a arquitecta<sup>110</sup>



**Figura 35.** Rita Fernández Queimadelos. Fotografía COAM.

Rita Eugenia Benedicta naceu o 12 de marzo do ano 1911 en A Cañiza (Pontevedra). Pola súa condición de filla de Domingo Fernández, comerciante, natural de Conxo, neta dun agrimensor de Ourense e dun empregado de Tui, podemos situala como membro dunha familia de clase media.

Estuda dous cursos de Ciencias Químicas, na Universidade de Santiago (1928-1930).<sup>111</sup> Trasládase á Residencia de Señoritas de Madrid (Vázquez Ramil, 2014: 317) e, posteriormente, ingresa na Escola de Arquitectura en 1932. Coa Guerra Civil de por medio termina en setembro de 1941, sendo a segunda muller española en obter dito título, tras



**Figura 36.** Rita Fernández Queimadelos coa súa promoción en 1935

<sup>110</sup> Rita Fernández Queimadelos: AHUS: leg. 410, exp. 7.

<sup>111</sup> A súa irmá, Berta, aparece no rexistro de matrículas da Facultade de Química de 1931.

Matilde Ucelay, con quen coincide na Facultade.

Entre 1941 e 1946 traballou como arquitecta na *Dirección General de Regiones Devastadas*, en Madrid, organismo creado co propósito da reconstrucción das poboacións que durante a Guerra sufriran unha destrución do volume de habitabilidade superior ao 75%.

Casou co catedrático de Química inorgánica Vicente Iranzo Rubio, e tras nacer o seu cuarto fillo, en 1946, interrompeu a súa actividade profesional.

En 1954, trasladouse a Murcia onde foi Arquitecta Escolar Provincial, Arquitecta Municipal de Mula e Arquitecta dunha inmobiliaria privada, CRISA.



**Figura 37. Reconstrucción do edificio do Padroado de Protección á Muller en San Fernando de Henares (1944). FUCOAM: Legado García de la Rasilla©. Fundación Arquitectura COAM**

Residiu en Barcelona onde se xubilou en 1974 e onde morreu en setembro de 2008, aos 96 anos.<sup>112</sup>

<sup>112</sup> Ver Información da web “La mujer construye” (<http://www.lamujerconstruye.org>).

### **Fernández Rey, Elvira<sup>113</sup>**

Naceu o 10 de marzo de 1907, en Vigo, tendo o enderezo familiar na rúa Joaquín Yañez nº16. Seu pai chamábase Luis Fernández Nevares, era industrial, e natural de Ponteareas (Pontevedra). Súa nai era Elvira Rey Oubiña, natural de Santiago de Compostela. Avós paternos José Fernández e Rufina Nevares, ámbolos dous de Ponteareas e avós maternos Jesús Rey e Rosa Oubiña, ámbolos dous de Santiago (A Coruña).

Elvira estudou o bacharelato no Instituto de Pontevedra (1922-26) con moi boas cualificacións. Estudou na Universidade de Santiago na Facultade de Ciencias entre 1928-1932 cun moi bo expediente, pois nos catro anos da carreira concedéronlle sete matrículas, catro sobresaíntes e dous notábeis.

Elvira Fernández era amiga inseparable de Elisa Díaz Riva, de quen xa falamos anteriormente. Foi socia de la SEFQ (7-12-1931) presentada por Martín Sauras e Álvarez Zurimendi

### **M<sup>a</sup> Teresa Fernández Rodríguez<sup>114</sup>**

M<sup>a</sup> Teresa Josefa Blanca Fernández Rodríguez nace o 15 de setembro de 1913 en Chantada, Lugo. Era filla de Jesús Fernández Taboada, natural de Santa Uxía de Asma, en Chantada, e de Marcelina Celia Rodríguez, natural de Pontevedra.

Estuda o bacharelato no Instituto de Lugo, sendo expedido o título de bacharel, sección ciencias, o día 27 de setembro de 1928. Realiza os estudos de Farmacia na Universidade de Santiago cun expediente normal ata o último curso no que destaca polas cualificacións, especialmente en Análise química onde consigue un sobresaínte con honor. Realiza o depósito para o título de licenciada o 1 de agosto de 1932.

Con data do 18 de xullo de 1932 solicita realizar o exame de grao de licenciatura en Farmacia, non constando que se tivera presentado aos exames nin cualificación algúns. Foi profesora axudante de prácticas en 1933 de Análises química, a proposta do profesor Aniceto Charro Arias.

---

<sup>113</sup> AHUS: leg. 412 exp.4.

<sup>114</sup> AHUS, leg. 412 exp.4

Publicará en colaboración co profesor Charro na revista universitaria *Anales*, tres artigos: “Análise dos mostos galegos”, “Composición química de produtos alimenticios galegos” e “Análise das augas minero-medicinais de Galicia” (Gurriarán, 2004, páxs. 105 e 106).

### **Antonia Ferrín Moreiras**

Naceu no Carballiño (Ourense) o 13 de maio de 1914. Aos seis anos trasladouse a vivir a Santiago xunto coa súa familia. Antonio Ferrín, seu pai, aparece no expediente de Antonia como «profesor privado con catro fillas»: Celsa, María, Antonia e Pastora, que vivían baixo a súa potestade<sup>115</sup>. Parece que a familia trasladouse a Santiago para que as nenas puideran realizar estudos superiores. Nesta cidade, durante un tempo, o pai compaxinaría as clases na Facultade de Farmacia cun traballo en Facenda, xa que os seus ingresos eran moi baixos, tanto é así que no expediente de Antonia aparece un documento no que consta que o pai obtén «un producto medio de 2.500 pesetas, únicos recursos con que conta para cubrir as necesidades da familia». Por este motivo as irmás Ferrín terían matrícula gratuíta e, co seu esforzo, obterían bolsas de estudio que resultarían un certo acougo para as finanzas familiares.

Antes da Guerra Civil realizou estudos de Ciencias Químicas, acadando o grao de licenciada en maio de 1935, obtivo o título de mestra e tamén estudaría dous anos de Matemáticas. Unha vez



**Figura 38. Antonia Ferrín Moreiras**

<sup>115</sup> Celsa Ferrín, licenciada en Letras e profesora da Fundación Blanco, colaborou nas Misiones Pedagógicas no equipo de Cee-Lires

licenciada e nomeada profesora axudante de clases prácticas<sup>116</sup> das materias de Física teórica e experimental e Matemáticas especiais na Facultade de Ciencias, posto que compaxinaría co de axudante interina da sección de Ciencias do Instituto de Santiago ata o ano 1936. Ao mesmo tempo, realizaba a carreira de Farmacia e os dous únicos cursos de Ciencias Exactas que se impartían na Universidade de Santiago. En outubro de 1937, como consecuencia dunha denuncia anónima, é sancionada pola súa postura política e apartada da docencia na Universidade xunto con outros 45 profesores. En 1940 consegue unha revisión da súa causa. Esta ten como resultado a anulación da sanción e a súa rehabilitación. Con todo, non recuperou a praza do Instituto, xa que o seu posto asignáranlle a outro profesor, en propiedade, aínda que foi encargada de clases en diversas ocasións ata o ano 1961. O que si retoma e a docencia na Facultade de Ciencias, como profesora axudante de Enrique Vidal Abascal, e logo como profesora adxunta. O profesor Abascal presentaralle ao seu grande mentor, o profesor Ramón María Aller, que a introducirá no mundo da astronomía.

Dende 1937 incorpórase como profesora de Matemáticas no Colexio para nenas orfas Nosa Señora dos Remedios, no que permanecerá ata 1948. Continuou como alumna libre os seus estudos de Ciencias Exactas na Universidade Central, obtendo o título en 1950. Ese mesmo ano o CSIC concedeulle tamén unha bolsa para realizar tarefas de investigación no Observatorio Astronómico, bolsa que en 1952 se converteu nun posto de axudante de investigación.<sup>117</sup>

Ao ano seguinte gaña, por oposición, unha praza de catedrática numeraria de Matemáticas na Escola Normal de Maxisterio de Santander, que ocupará durante dous anos. Tras este período, regresa a Santiago onde se incorpora por concurso de traslado na Escola Normal, sita por aquel entón no Colexio de San Xerome (hoxe edificio ocupado polo Reitorado da USC).

Entre 1954 e 1956 realiza os cursos de doutoramento en Madrid, centrándose na Astronomía. Será Aller Ulloa, director do Observatorio e catedrático da US, quen, a pesares de contar con máis de oitenta anos, lle dirixira a tese de doutoramento "*Observaciones de pasos por dos verticales*" (Santiago, 1963), que será a primeira en

---

<sup>116</sup> Libro de Actas da Facultade de Ciencias: acta de 6 de novembro de 1934 (p. 374)

<sup>117</sup> Este contrato durou ata 1963

Astronomía e a primeira que se defendía na Sección de Matemáticas da USC. Tamén sería profesora axudante de clases prácticas na primeira promoción da Facultade de Matemáticas (1957) da universidade compostelá.

Antonia participou no primeiro Congreso de Matemáticas en España (Santiago, 1963) e nese mesmo ano obtén a cátedra de Matemáticas na Escola de Maxisterio Santa María de Madrid, trasladándose a vivir a esta cidade. Sería tamén profesora de Matemáticas durante dous anos na Facultade de Medicina e profesora adxunta da Cátedra de Astronomía da Facultade de Matemáticas da Universidade Complutense durante vinte anos. Xubilouse en 1984 e volveu a Santiago.



**Figura 39. Congreso de Matemáticas. Santiago de Compostela, 1963.**

**Antonia, primeira pola dereita na fila inferior.**

As súas principais achegas á astronomía, fíxooas na súa etapa no Observatorio de Santiago, e consisten en estudos sobre ocultacións estelares, medidas de estrelas dobles e determinación de pasos por dúas verticais.

A USC rendíulle homenaxe dedicándolle unha aula da Facultade de Matemáticas.

Faleceu o 6 de agosto do ano 2009

## **Encarnación Fraga Padín (1908-2000)<sup>118</sup>**

M<sup>a</sup> de la Encarnación Francisca Ramona Fraga Padín naceu o 11 de febreiro de 1908 en Cambados. Era filla de Rosario Padín Santamaría e de Francisco Fraga Padín, ambos naturais de Cambados, el, veciño de Vilagarcía de Arousa, de oficio empregado.

Encarnación estudou bacharelato nos institutos de Pontevedra, Coruña e finalmente en Santiago, rematando en 1925. Realizou estudos na Facultade de Ciencias de Santiago entre os anos 1925 e 1930. Examinouse de grao en Ciencias, Sección de Química, o 31 de outubro de 1931. No seu expediente acredita ter aprobado na Escola de Artes de Santiago dous cursos de debuxo, así como tamén o idioma alemán (estes estudos eran preceptivos para os estudiantes de ciencias).

Traballou a carón de Parga Pondal. Foi membro da Sociedad Española de Física y Química (SEFQ) dende abril de 1931, sendo presentada polos profesores Fernando Calvet e Ernesto Seijo. No boletín *Anales* desta sociedade publicaría, en 1934, xunto a Isidro Parga Pondal: “*Quimismo de la pegmatita litinifera de Goyás (Lalin)*”, estudio realizado no Laboratorio de Xeoquímica do Instituto de Estudios Regionales da Universidade de Santiago, que foi creado co curso 1931-2 grazas ao liderado do reitor Alejandro Cadarso e posto en funcionamento polos socios do SEG que exercían a docencia na Universidade.

Por indicación de seu pai, e para garantir certa melloría na situación económica familiar, cursa Farmacia, obtendo este título universitario en xuño do ano 1935. Ínstalouse como boticaria en Cambados, axudando aos seus irmáns (María, Rosario, Lorenzo e Francisco).

No ano de 1968 comeza o seu labor docente como profesora de Física e Química e Matemáticas no Instituto de Cambados, formando parte do primeiro claustro deste centro. Encarnación Fraga Padín foi socia protectora do SEG.

---

<sup>118</sup> M<sup>a</sup> de la Encarnación Fraga Padín, AHUS: leg. 447 exp. 5.

## **María Freire Garabal<sup>119</sup>**

Naceu o 31 de agosto de 1900 en Montevideo. Seu pai, José Freire Freire, era natural de Conxo -por entoncés concello independente de Santiago de Compostela- e tiña como oficio o de comerciante. A nai chamábase Balvanera Garabal e era natural de Santiago. Cursou o bacharelato no Instituto de Santiago, con moi boas cualificacións, entre os anos 1914 e 1920.

Iniciou os seus estudos universitarios de Medicina en 1920 e rematounos en 1936. Despois da guerra, dedicouse a coidar dos seus irmáns, pois era a maior da familia e nunca exerceu a Medicina, a pesares do seu magnífico expediente.

Seu irmán José, nacido en 1907, combateu na Guerra no bando franquista no Rexemento de Artillería Lixeira nº 16. Exento de exame de ingreso, estudou Medicina en Santiago. Aparece sen calificar en moitas materias, demorando os seus estudos en Santiago entre os anos 1939 a 1950, ano en que se remiten certificacións académicas á Universidade de Salamanca.

## **Carmen García Amo<sup>120</sup>**

Carmen Magdalena García Amo, naceu en Torrecilla de la Orden, Valladolid, o 11 de xuño de 1905. Seu pai, Pedro García Gavilán, natural de Nava del Rey (Valladolid) e fillo de labrego, era médico titular. Súa nai chamábase Rosa Amo Martín-Herrera, non sabemos de onde era pero si que seu pai era farmacéutico. Carmen realizou no Instituto de Santander os seus estudos de bacharelato.

Os dous primeiros cursos da carreira -1923 a 1925- fíxoo na Universidade de Oviedo. Logo trasladouse a Santiago, onde se licenciou en Química obtendo o grao, con cualificación de sobresaínte, o 29 de setembro de 1927. Os temas que defendeu foron Estudo da isomería e Compostos osixeados e oxihidroxenados do nitróxeno. Durante o curso 1929-30 segue o curso práctico de Química-Física, Electroquímica e Electroanálise, baixo a dirección de Enrique Moles. Entre 1931 e 1936 traballa na Sección de Electroquímica do Instituto Nacional de Física e Química, dirixida por J.

<sup>119</sup> María Freire Garabal, AHUS: leg. 454, exp. 4.

<sup>120</sup> Carmen García Amo: AHUS: leg. 473, exp. 12.

Guzmán, na busca de metais baratos que puideran substituír ao platino como material electródico en electroanálise. Alí coincidiría con Patrocinio Armesto.

Aparece como socia da SEFQ desde 1929, presentada polos profesores Moles e Mourelo (Magallón, 1996: 57). Dende 1928 exerceu como docente nos Institutos de Calatayud, Madrid –Instituto Escuela e Instituto Cervantes- e Lorca (1933-1935). Viviu na Residencia de Señoritas en 1935.

Completou tamén as materias precisas para acadar a licenciatura en Farmacia. Tras a GC foi depurada da docencia, á que puido reincorporarse en 1942, ocupando praza no Instituto de Xirona.<sup>121</sup> Foi Inspectora Farmacéutica Municipal, traballo que compaxinou co seu labor como investigadora. Con tantas vicisitudes, non conseguiu ler a súa tese de doutoramento no departamento de Bioquímica da Facultade Complutense de Madrid ata 1949, sendo o seu director Ángel Santos Ruiz.

Colaboradora científica do CSIC en 1957, foi posteriormente profesora de investigación deste organismo, onde era a responsable da Sección de Radioactividade. Ademais foi unha muller feminista que prestaba especial dedicación ás novas investigadoras que entraban a traballar con ela (Miras e De Pablo, 2004: 214). Traballaba sobre bioquímica do zinc

Carmen formaou parte, dende o momento inicial, da *Sociedad Española de Bioquímica* (SEB) - hoxe convertida na *Sociedad Española de Bioquímica y Biología Molecular (SEBBM)*. Aparece xa primeira e histórica fotografía da reunión que supuxo a toma de contacto e de conciencia para a formación desta sociedade, tomada na escalinata do Palacio da Magdalena con Severo Ochoa, Alberto Sols e Santiago Grisolía, no verán de 1961.

Entre os 83 socios, Carmen García del Amo foi unha das catorce investigadoras iniciais, xunto a María Cascales, María Domínguez Astudillo ou Gertrudis de la Fuente, entre outras e, posteriormente formaría parte da Xunta Directiva de dita sociedade.

---

<sup>121</sup> Expediente depuración, Archivo General de la Administración, leg. 18472. Archivo Histórico Nacional: UNIVERSIDADES, 5585, exp. 32.

Foi académica correspondente da Real Academia Nacional de Farmacia e secretaria, durante moito tempo, do Instituto de Bioquímica.

Faleceu en Madrid en 1995.

### **Aúrea González González<sup>122</sup>**

Naceu o 6 de abril de 1916 no lugar de Caldas que por aquel entón pertencia ao concello de Canedo e que dende 1943 forma parte do concello de Ourense. Era filla de Amador González Borrajo, de Rouzós, no concello de Amoeiro e de Flora González López, natural del barrio de Flores, en Bos Aires e domiciliada en Ponte Maior (Ourense).

Aúrea realiza estudos na Facultade de Ciencias da US entre os anos 1931 E 1933. Con data de xaneiro de 1934 traslada o seu expediente á Facultade de Ciencias da Universidade de Salamanca.

Aparece unha ficha<sup>123</sup> súa no Centro Documental da Memoria Histórica, relacionado coa represión política.

### **Gunther Nonell, M<sup>a</sup> Antonia**

María Antonia Günther Nonell naceu o 12 de abril de 1936 en Vila Nova de Gaia, Portugal. Realiza os estudos de básicos en Porto (1941-43) e Barcelona (1943-45).

Trasládase a Santiago de Compostela para cursar estudos na Facultade de Ciencias. O profesor Ignacio Ribas Marqués dirixiu a súa memoria de licenciatura: “*Aplicación del método de distribución en contracorriente a la separación de los alcaloides del Adenocarpus decorticans Boiss*”, en 1959, no departamento de Química orgánica. Seu título de licenciatura na sección de Química foi expedido con data de 1960.

Traballou como investigadora do Instituto de Química “Alonso Barba” (1960-64) e profesora axudante de clases prácticas do departamento de Química orgánica da UCM.

---

<sup>122</sup> AHUS: leg. 566, exp. 25.

<sup>123</sup> Queda pendente o estudo desta ficha, con sinatura:DNSD SECRETARIA, FICHERO, 28, G0239194.

Realiza a tese de doutoramento en Madrid (1965) no departamento de Química orgánica da Facultade de Ciencias da Universidade Complutense, dirixida por Manuel Lora Tamayo e Luis Soto Cámara.



**Figura 40. Mª Antonia Gunther**

Entre os anos 1964 ea 1967 traballará no Instituto Gregorio Marañón do CSIC.

Mª Antonia foi merecente dunha serie de bolsas entre outras a da Real Academia de Ciencias (1960-61), a da Fundación Juan March (1967-68) e a *National Institutes of Health* (1969-70). Fixo unha estadía postdoutoral en Nova York con Severo Ochoa, dende 1967 a 1970.

Dende 1971 é investigadora científica do CSIC, ocupando dende 1988 a 1994 a xefatura da unidade de Enzimoloxía e Patoloxía molecular no *Instituto de Investigaciones Biomédicas “Alberto Sols”*. O seu traballo xira ao redor da encimoloxía e o metabolismo nucleotídico.

No seu curriculum figura a publicación de 111 traballos científicos en revistas de difusión internacional e a dirección de 11 teses de doutoramento. Foi secretaria da Sociedad Española de Bioquímica (SEB) entre 1990 e 1994. Dende o ano 2006 ata o 2012 traballa como doutora vinculada *Ad Honorem* do CSIC. Está xubilada dende xuño de 2013

### **Guadalupe Gutiérrez-Moyano López**

Naceu na Coruña, sendo filla de Aurelio Gutiérrez Moyano, médico, e de Guadalupe López Lombana. Os seus irmás chábanse Aurelio (1924), Mª Jesús e Luis Gutiérrez-Moyano López. Estudou na Facultade de Farmacia de Santiago entre 1930 e 1934.

Hai diversos artigos asinados por esta alumna que aparecen publicados na revista Galicia Clínica. Uns aparecen asinados só por Guadalupe: “El pelitre” e “Terapéutica moderna”, ambos publicados no ano 1936. Outros asinados conxuntamente coa súa irmá

María: “Ascaridosis infantil” (1932), “Fiebre ondulante” (1932), “El Sinauril en la tuberculosis pulmonar” (1936) e “Propiedades, reacciones y valoración de la vitamina” (1936).

*Galicia Clínica* é -pois segue a ser editada, agora en soporte dixital- unha publicación científica da Sociedade Galega de Medicina Interna. Iniciou a súa andaina en 1929 fundada por seu pai, Aurelio Gutiérrez Moyano. A cualidade dos seus artigos e a reputación dos seus colaboradores (Hernando, Marañón, Pedro-Pons, Bañuelos, Rof-Carballo) que a converteron na máis lonxeva da prensa médica galega.

Parece que tiña relación con Arturo Rodríguez Suárez, escritor, que foi preso do campo de concentración de Albatera. Hai una ficha de Arturo Rodriguez Suárez no arquivo do *Centro Documental de la Memoria Histórica* coa sinatura DNSD-secretaria, fichero, 57, R0123295.

Seus irmás, seguindo a tradición familiar, eran médicos. Luis era cardiólogo e residía na Coruña. Aurelio emigrou a México, sendo un dos pioneiros da reumatoloxía nese país e membro da Sociedades de Reumatología de Latinoamerica. Faleceu o 20 de xullo de 2014.

#### **Evelina Hervella Nieto<sup>124</sup>**

Naceu no Barco de Valdeorras o 21 de setembro de 1908. Seus pais, Francisca Nieto Bustu e Antonio Hervella Ferreira, puxeronlle os nomes de Evelina Lucila Crisóstoma.

No AHUS non aparecen datos dos pais pero no Arquivo Histórico Nacional, aparece o expediente académico de Antonio Hervella Ferreira, alumno da Facultade de Dereito da Universidade Central, licenciado en Civil e Canónico.<sup>125</sup> Consérvanse tamén neste arquivo os expedientes dos seus fillos Antonio e Evelina, ambos estudiantes de Ciencias na Universidade Central.<sup>126</sup>

---

<sup>124</sup> AHUS leg. 624, exp. 14.

<sup>125</sup> Hervella Ferreira, Antonio, sinatura: UNIVERSIDADES, 4252, exp. 21.

<sup>126</sup> Antonio Hervella Nieto, ES.28079. AHN/2.3.1.20.3.1//UNIVERSIDADES, 5716, exp. 2; Evelina Hervella Nieto ES. 28079. AHN/2.3.1.20.3.1//UNIVERSIDADES, 5716, Exp. 3.

Evelina estudou entre 1917 e 1927 ono Instituto de Ourense. Superado o bacharelato marchou a Madrid para facer o curso selectivo de Ciencias (1927-28). Permanecería dous cursos máis na Universidade Central (1928-30) e posteriormente trasladaría o expediente a Oviedo, onde cursou un ano máis (1931-32). Un novo traslado de expediente levaría a esta estudiante a Santiago, no decorrer dos anos 1933 a 1936.



**Figura 41. Evelina Hervella e Francisco Fernández del Riego na praia de Coruxo**

Casou co ilustre académico laurentino Francisco Fernández del Riego, relacionándose, xa que logo, con mundo intelectual galego da época (Cunqueiro, Otero Pedrayo, Ferro Couselo, Seoane, Laxeiro, Iglesias Alvariño, Dieste,.) .

Semella que Evelina Hervella nunca exerceu como farmacéutica. Morreu en Vigo no 2007

## **María Luisa Iglesias Losada<sup>127</sup>**

Esta alumna, de nome completo Luisa Carmen Evangelina, era natural de Monforte de Lemos (Lugo) onde naceu o 5 de setembro de 1904. Seu pai, Waldo Iglesias Marzo, natural de Baracoa, termo municipal de Santa. Eulalia de Roma, provincia de Santiago de Cuba aparece como «propietario» de ocupación. A súa nai, Emilia Losada Prieto, era natural de Monforte. Estudou o bacharelato no Instituto de Lugo.

En 1923 iniciou os seus estudos de Medicina con máis que saliente expediente académico. Verificou o exercicio de grao o 23 de outubro de 1930, con cualificación de sobresaínte



## **Pilar Lago Núñez<sup>128</sup>**

Naceu o 11 de novembro de 1915 na rúa García Barbón nº 59 de Vigo. Era filla de José Lago Loureiro, natural da aldea de Saiar no concello de Caldas de Reis e de Agustina Núñez Frieiro, nacida en Moraña.

Iniciou os seus estudos de Medicina na US no curso 1931-32. Continuou nos cursos seguintes, pero non puido obter o título ata 1940. Especializouse en Pediatría e foi médica de empresa.

Foi fundadora da Sección Feminina de Falanxe e Rexedora Nacional de Divulgación e Asistencia Social.

Casou con José M<sup>a</sup> García-Cernuda Calleja, falanxista significado que ocupou diferentes cargos durante a ditadura franquista. Tivo 4 fillos (Pilar, José M<sup>a</sup>, Teresa e Ricardo), dous deles coñecidos xornalistas. Morreu en Cáceres en xuño de 1997

---

<sup>127</sup> María Luisa Iglesias Losada, AHUS: leg. 632, exp. 13.

<sup>128</sup> AHUS: leg. 658, exp. 13.

## M<sup>a</sup> de los Dolores Lema Pintos<sup>129</sup>

Naceu o 19 de setembro de 1911 nas compostelá rúa das Casas Reais. Seus pais, ambos naturais e veciños de Santiago, eran o farmacéutico José Lema Transmonte e Rosa Pintos Míguez.

Cursou Farmacia entre 1929 e 1934, facendo o depósito do título en maio de 1936. Seu pai, ademais de boticario, era profesor auxiliar numerario na Facultade de Farmacia. Entre a documentación do AHUS, figura un documento no que o pai declara que polo seu cargo na Facultade «percibo saldo anual de catro mil pesetas, sen que por ningún outro concepto disfrute de gratificación ou haber algúun». Con esa declaración, e cunha instancia na que consta que na súa casa da rúa Travesa conviven os seus catro fillos - Dolores, José M<sup>a</sup>, M<sup>a</sup> Luisa e M<sup>a</sup> Teresa- solicita matrícula gratuita «por pobre» para Dolores.

M<sup>a</sup> Luisa, irmá menor da anterior, naceu o 3 de xaneiro de 1916. Realizou os dous primeiros anos na Facultade de Ciencias, Sección Química, entre 1933 e 1936.<sup>130</sup> Trala Guerra solicita as pertinentes validacións para seguir na universidade compostelá pero estudiando agora na Facultade de Farmacia (1938-40), obtendo o grao de licenciada en agosto de 1940. É unha das que fai a carreira en dous anos.

Ao igual que no caso da súa irmá, aparece no arquivo instancias de solicitude de gratuidade de matrícula por filla de funcionario do *Ministerio de Instrucción Pública*.

M<sup>a</sup> Teresa, a mediana das irmás Lema Pintos, naceu o 17 de abril de 1918. Segundo a tradición familiar realizou estudos de Farmacia, entre 1942 e 1947, acadando o grao de licenciada o 20 de febreiro de 1948.<sup>131</sup>

As irmás Lema posúen unha farmacia nunha céntrica rúa santiaguesa.

Tiñan un irmán médico, José María Lema Pintos (Santiago, 1913- México, 2005): «Activo membro do Partido Comunista e da FUE. Na Guerra Civil foi capitán médico. Ao finalizar a guerra estivo internado nos campos de concentración de Arlés-sur-Tech e en Le Barcarés» (Lorda, 2010: 268). Exilado en México dende xullo de 1939, onde exerceu como pediatra.

---

<sup>129</sup> AHUS: leg. 683, exp. 6.

<sup>130</sup> AHUS: leg. 683, exp. 7.

<sup>131</sup> AHUS: leg. 683, exp. 8.

## Dolores Lombardero Martínez<sup>132</sup>

Dolores era natural de Trabada, na provincia de Lugo, onde naceu o 12 de novembro de 1912. Seu pai era labrego. Estudou Farmacia en Santiago entre 1928 e 1932, obtendo o seu título de licenciada o 25 de outubro de 1932.

Lolita Lombardero, mercou a súa farmacia en Mondoñedo no ano 1933. Como era menor de idade tivo que presentar un permiso paterno para tomar posesión da mesma



Parte de la colección del "botamen".



Entrada de la Farmacia Lombardero, en calle Progreso, 13



Lola Lombardero en su juventud

Figura 42. Xornal "Mondoñedo" nº 94, decembro de 2009

Foi Inspectoría Farmacéutica Municipal, por oposición, ata a súa xubilación, encargándose fundamentalmente das análises de tó dolos viños e licores fabricados na localidade (control de alcohol metílico), análises de augas, e comestibles elaborados (pan, doces, etc.). Tamén foi Analista da Seguridade Social. Foi asociada e presidenta de Acción Católica. Tivo seis fillos.<sup>133</sup> Faleceu o 30 de maio de 2009.

<sup>132</sup> AHUS: leg. 699, exp. 11.

<sup>133</sup> (ver: [http://www.amigosciudadmondonedo.org/files/94\\_Diciembre\\_2009.pdf](http://www.amigosciudadmondonedo.org/files/94_Diciembre_2009.pdf)).

### **M<sup>a</sup> del Consuelo López López<sup>134</sup>**

Naceu o 10 de setembro de 1913 en Cerdido (A Coruña), sendo seus pais Jerónimo López Mariño, natural da parroquia de Noal no concello de Porto do Son, de profesión médico titular e Consuelo López García, natural de Cerdido.

Fixo os estudos de bacharelato no Instituto de Ferrol.

Estudou na Universidade de Santiago a carreira de Medicina entre 1930 e 1934. En xaneiro de 1935 trasladou o seu expediente á Universidade de Madrid.

### **M<sup>a</sup> Benita López Martínez<sup>135</sup>**

M<sup>a</sup> Benita Romana naceu en Santiago de Compostela o 18 de outubro de 1902. Seu pai, Nemesio López Caro, natural de Renedo de Valdepeña (Riaño, León) era farmacéutico. Súa nai chamábase María Martínez Ferreiro. A familia residía en Santiago no Cantón de San Bieito, nº 5. Cursou o bacharelato no Instituto de Santiago con moi boas cualificacións.

Na Universidade santiaguesa estudou Farmacia entre 1919 e 1923, ano no que solicitou traslado de expediente á Facultade de Farmacia da Universidade de Barcelona.

Un irmán, Elías, estudou durante dous anos na mesma Facultade.<sup>136</sup>

Polos datos recadados, pensamos que a farmacia familiar era a que se atopaba na rúa das Casas Reais nº 10 e que a rebotica desta farmacia era punto de reunión de membros e simpatizantes da Falanxe en Compostela. Esta alumna tiña un expediente moi bo.

### **Balbina López Somoza<sup>137</sup>**

Balbina naceu o 30 de marzo de 1910 en San Miguel de Eiré (Lugo). Era filla de Jesús López Sorodio, de San Xián de Eiré, parroquia de Pantón (Lugo), de oficio labrego e de

---

<sup>134</sup> AHUS Leg. 724, exp. 2.

<sup>135</sup> AHUS Leg. 726, exp. 10.

<sup>136</sup> AHUS: leg. 726, exp. 2.

<sup>137</sup> AHUS: leg. 740, exp. 1.

Raimunda Somoza Rodríguez. Na partida de nacemento consta que os seus catro avós eran labregos. Como xa analizamos no capítulo terceiro, esta circunstancia non era habitual entre estas primeiras estudantes.

Entre 1928 e 1934 cursou estudos de Farmacia na Universidade de Santiago.

### **M<sup>a</sup> del Pilar López Somoza<sup>138</sup>**

M<sup>a</sup> del Pilar Marcelina López Somoza naceu en Santiago de Compostela o 17 de xullo de 1902. Seu pai, León López Barrios, natural de Cerezo de Abajo (Segovia), era capitán de infantería e estaba casado con Teresa Somoza Eiriz, natural de San Xoán de Laxe, no concello de Chantada (Lugo). A familia residía na rúa da Tafona, nº 3 de Santiago.

Estudou bacharelato no Instituto de Santiago, cun expediente moi notable.

Na Universidade compostelá estudou Medicina entre 1921 e 1928, con matrícula gratuíta, acadando cualificacións salientables. Obtivo o grao de licenciada o 28 de xaneiro de 1931.

Tamén os seus irmás Francisco e Luís dedicáronse ás profesións sanitarias. Luís<sup>139</sup> foi practicante e Francisco<sup>140</sup>, ao igual que M<sup>a</sup> Pilar, estudou Medicina na US e traballou no Hospital Clínico, a partir de 1910, baixo as ordes dos catedráticos de Patoloxía médica e Patoloxía cirúrxica, doutores Miguel Gil Casares e Francisco Romero Molezún.

### **Dolores Lorenzo Salgado<sup>141</sup>**

dolores lorenzo salgado nace o 12 de novembro de 1905. como noutras ocasións tanto a data como o lugar de nacemento non están perfectamente claras xa que na documentación aparece como nacida en león e, sen embargo, no seu expediente aparece

---

<sup>138</sup> AHUS: leg. 740, exp. 5.

<sup>139</sup> AHUS: leg. 740, exp. 4.

<sup>140</sup> AHUS: leg. 740, exp. 2.

<sup>141</sup> AHUS: leg. 752, exp. 2.

unha certificación na que consta nacer o día 10 de novembro en lugo, polo que sería galega de nacemento. é filla de manuel lorenzo e de luísa salgado, naturais de ourense e veciños de lugo.

Realiza o exame de ingreso na Escola Normal de Mestras de Lugo en 1921 obtendo a cualificación de aprobado e cursa o bacharelato dende 1921 a 1925, examinándose de varias materias na E.N. de Lugo e outras no Instituto de Santiago.

Estuda na Facultade de Ciencias de Santiago (sección Química) dende 1925 a 1930 cun expediente salientable. Consta tamén realizar as materias de Debuxo xeométrico de primeiro e segundo curso. Ademais estuda ao mesmo tempo Química e Farmacia.

Realiza o exercicio de reválida (grao de licenciada) o 6 de maio de 1931, obtendo a cualificación de sobresaínte.

O 14 de xullo de 1939, solicita traslado de expediente á Facultade de Farmacia de Madrid. Será unha das cinco primeiras mulleres galegas que publican na revista *Anales de la Sociedad Española de Física y Química* nun momento no que o número de publicacións por parte de mulleres na revista procedía fundamentalmente da Universidade Central e so outras cinco mulleres publicaban dende as universidades periféricas.

Publica en *Anales de la SEFQ*, xunto con Isidro Parga Pondal, en 1930, un traballo titulado “*Sobre la presencia de la Magnetita y de la Ilmenita en las arenas de las playas gallegas*”, enviado dende o Laboratorio de Química Analítica da Facultade de Ciencias de Santiago.<sup>142</sup>

A pesar de publicar en *Anales*, Dolores Lorenzo non chega a ser socia da SEFQ.

O traballo citado anteriormente será tamén publicado no *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* e relacionado no *Chemical Abstract* (Leonardo, 2010, páx. 16) baixo o título “*Magnetite and ilmenite on The northwest coast of Spain*”.

Sería a primeira docente en Ciencias, xa que foi nomeada como profesora auxiliar o 15 de setembro de 1930 para a materia de Química técnica a proposta do profesor Zurimendi.<sup>143</sup>

A súa irmá Luisa, formouse na Escola Superior de Maxisterio de Madrid e foi profesora da Escola Normal de Santiago.

---

<sup>142</sup> *Anales de la SEFQ* (1930), pp. 353-357.

<sup>143</sup> Ver: AHUS Libro A-109 de Actas de la Facultad de Ciencias 1904-1935, p. 291.

## Natividad Mejuto Larrauri<sup>144</sup>

Natividad Mejuto Larrauri naceu o 6 de setembro de 1910 en Santiago. Era filla de Juan Mejuto Tomé, avogado, e Juana Larrauri Marquínez, ambos naturais e veciños desta mesma cidade.



Figura 43. Natividad Mejuto

Natividad estudou bacharelato no Instituto de Santiago, linguas francesa e alemá e tamén dous cursos de debuxo na Escola de Artes de Santiago.

Realizou estudos superiores na Facultade de Química a partir do ano 1928, acadando un brillante expediente académico. Sería bolsa da facultade de Ciencias no ano 1932 xunto con Daniel Rodríguez García e Francisco Ugalde. En 1934 iría ao *Instituto Nacional de Física y Química*, para facer un curso de formación.

Natividad aparece no ano 1935 asinando un artigo sobre ácidos xunto ao profesor Calvet no Boletín de la Universidade de Santiago de Compostela.<sup>145</sup>

É presentada como socia á *Sociedad española de Física y Química* (SEFQ) por Fernando Calvet e Alvarez Zurimendi en 1931. Publica na revista *Anales* da Sociedade varios artigos, todos eles en colaboración con Calvet e dende o Laboratorio de Química orgánica da Facultade de Ciencias de Santiago. Traballaba xuntamente con Concepción Carnero dado que os traballos que publican son continuación uns dos outros. En 1932 aparece en *Anales* “*Las Dioxinas I-3. III. La condensación del p-nitroanisol con el formaldehido y el mecanismo de formación de la 6-nitro-benzo-1,3-dioxina*”. En 1934 aparece un novo traballo desta serie titulado “*La condensación del ácido p-hidroxibenzoico con el formaldehido a baixa temperatura. Las dioxinas I-3 (VI)*”. “*La obtención de la (alfa-beta)-Nafto-1-3-Dioxina, y su Estudio comparado con el éter metilénico cíclico del peri-dioxi-naftaleno. Las dioxinas-I-3(V)*”, publicado en 1935. En

<sup>144</sup> M<sup>a</sup> de la Natividad Mejuto Larrauri, AHUS: leg. 845, exp. 8.

<sup>145</sup> *La Condensación del ácido p-Hidroxibenzónico con el Formaldehido, a baja temperatura: las dioxinas I-3, VI / por M<sup>a</sup> Natividad Mejuto e Fernando Calvet. Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela. Ano 7, nº. 23 (1935) ; pp. 167-183.*

1936 publícase en *Anales* o último traballo de Natividad Mejuto titulado “*La condensación del cloral con el ácido salicílico*” de novo en colaboración con Fernando Calvet.

Todos estes traballos serán tamén publicados no *Chemical Abstracts* o que indica a gran calidade científica da investigación que se estaba a realizar na universidade de Compostela, por mulleres, naqueles anos.

En 1933 será ela, xunto con Concepción Carnero, a que presente a Isaura Usero na SEFQ e xunto con Carmen Zapata, presentará a Elvira Durán na mesma sociedade.

Aínda que con data de 10 de abril de 1935 o seu expediente é remitido á universidade de Madrid, non chegou a incorporarse. Por problemas de saúde, abandonou a súa carreira investigadora.

#### **Mª Rosario Aida Méndez Miaja**

Aida naceu o 17 de xuño de 1930, en Compostela. Seu pai apelidábase Méndez Azcárate. Tiña dous irmáns: Antonio e Mario.

A súa tese de doutoramento “*Contribución al estudio de los alcaloides en los Adenocarpus*”, presentada en xuño de 1956 e dirixida por Ribas Marqués, foi unha das primeiras lidas na Facultade de Ciencias de Santiago (Bermejo, 1995: 507).

En 1963 traballa no *Instituto Nacional de Química y Física*, no edificio *Rockefeller*. Tamén traballaría no Instituto de produtos lácteos de Arganda del Rey, do CSIC.

Aparece no *BOE* nº 103, de abril de 1991 o seu nomeamento para o Instituto de Estudos Avanzados das Illas Baleares, en Palma de Mallorca.

Autora moi prolífica no ámbito de Bibliometría en España. Entre outros publicacións: “*Directrices fundamentales para la normalización de revistas científicas: recomendaciones destinadas a autores, directores y editores*” (1991), “*Dinámica de la investigación multidisciplinar sobre nuevos materiales en España. Un análisis bibliométrico*” (1993).

### **M<sup>a</sup> Concepción Moar Vázquez<sup>146</sup>**

Esta alumna, natural de Santiago de Compostela, naceu na rúa Virxe da Cerca nº 11, o día 8 de decembro de 1907. Era filla de María Vázquez y Arias Carbajal e de José María Moar Fandiño, profesor de Historia na Escola Normal de Santiago de Compostela. Foi profesora da Escola Normal no ano 1930 na materia de matemáticas.

Realizou estudos de Medicina en Santiago entre 1932-36 e 1939-41. As cualificacións do seu expediente son moi variadas. Solicitou o título en outubro do ano 1941.

En 1968 acredítase como mestra especialista en Ciencias (*BOE* nº 272 de 12 de novembro de 1968).

### **Fernanda Monasterio Cobelo<sup>147</sup>**

Naceu en 1920 en Madrid. Era filla e neta de militares, por parte paterna, e orixinarios de Madrid. A liña materna era galega. Ao pouco de nacer a nena, seu pai, Fernando Monasterio, foi destinado a Ferrol e toda a familia marchou con el. Fernanda estudaría a ensinanza primaria nesta cidade.

Anos máis tarde os Monasterio regresarían a Madrid, e Fernanda seguiría estudos de ensinanza secundaria en réxime de internado nun colexio de relixiosas. Fixo bacharelato no Instituto San Isidro no ano 1936. Durante a GC trasladanse en moitas ocasións xa que o pai estivo destacado en Teruel, Valencia e Barcelona. Finalmente exiliáronse do país pasando primeiro a Francia e logo a México.

Dende cativa mostrou interese nos estudos médicos e durante a GC axudou a un médico. A familia permaneceu en México pero a moza decidiu regresar para realizar o seu desexo, matriculándose na Universidade de Santiago no curso 1938-39, examinándose na convocatoria de agosto. Continuou na Universidade Central e para pagar os estudos facía traballos como enfermeira. Obtivo o título de Medicina e Cirurxía en 1944. De seguido fixo a súa tese de doutoramento, titulada “Los síntomas depresivos

---

<sup>146</sup> AHUS: leg. 870, exp. 20.

<sup>147</sup> AHUS: leg. 874, exp. 9.

en la acromegalía” que foi dirixida por Gregorio Marañón. Este ilustre doutor sabía que Fernanda tiña capacidades para a docencia universitaria e pensaba que en España non conseguiría facer carreira, así quen a animou persoalmente a emigrar a América do Sur.



**Figura 44. Fernanda Monasterio**

En 1952 chegou a Bolivia para dar clases de Fisioloxía na Universidade de Cochabamba. Mentre a súa familia mudouse de México a Arxentina, así que dous anos máis tarde desprázase á Universidade de Cuyo (Mendoza) impartindo a mesma materia e ademais exercendo como clínica. Nesta cidade trabaría relación con dous médicos galegos exiliados: Baltar e Sánchez Guisande.

Trasladaríase de Cuyo a Bos Aires, traballando na Universidade de Bahía Blanca primeiro e na Universidade Nacional de La Plata despois, intervindo moi directamente na creación da Facultade de Psicoloxía. Sería directora do departamento de Psicoloxía nesta Facultade entre 1959 e 1964, dirixindo tamén o Instituto de Psicoloxía.

En 1968, aproveitando un ano sabático, regresou a España onde se instalou, pero non se incorporou á Universidade. En 1988 foi elixida presidenta da Asociación de Médicos Escritores e Artistas, da que formaban parte, entre outros Ramón y Cajal, Gregorio Marañón, Rof Carballo, Laín Entralgo, etc. Faleceu o de 29 de novembro de 2006.

A súa biblioteca foi doada pola súa herdeira Ruth Feldman á Universidade Autónoma de Madrid.

## **Concepción Otero Carreira<sup>148</sup>**

Naceu o 22 de maio de 1913. Filla de Augusto Otero Martínez e Luisa Carreira Botana, naturais e veciños de Santiago, Rúa do Hórreo 3 e Santo Antonio 3, respectivamente. Non consta profesión.

Cursou estudos de Medicina entre 1930 e 1939 en Santiago, obtendo boas cualificacións. No ano 1940 trasladouse a estudar a Madrid.

No seu exercicio escrito para o exame de grao de licenciatura en Medicina, celebrado en Santiago en outubro de 1941, desenvolveu os temas: “*Consideraciones generales sobre la profilaxis de las enfermedades infecciosas*” e “*Diagnóstico y tratamiento de la angina de pecho*”.

Foi unha das primeiras docentes da Facultade de Medicina, concretamanete como «axudante de Anatomía con Echeverri, en 1943» (Gurriarán, 2006: 537).

Un irmán seu, José Antonio, fixo estudos de “Practicante” entre 1930 e 1931.

## **Dolores Palmeiro Valcarce<sup>149</sup>**

Naceu o 9 de novembro de 1913 en Pol (Lugo). Seu pai era Antonio M<sup>a</sup> Palmeiro Pérez, natural de Mosteiro (Pol) e súa nai era Herminia Valcárce Luna, natural da aldea de Montecubeiro no concello de Castroverde (Lugo).

O pai de Dolores, de profesión mestre nacional, con escola en Luaces, era sindicalista afiliado á UXT e foi fundador da *Sociedad de Trabajadores de la Tierra de Pol y sus Contornos*. Escribía artigos para o xornal *La Voz de la verdad* (1910-1936). O seu fillo José, tamén era mestre. Ambos morreron «paseados», o pai o 25 de xullo de 1936 e o irmán o 14 de outubro de 1937.<sup>150</sup>

Dolores fixo estudos de Medicina na US entre os anos 1929 e 1936. Con data do 17 de xaneiro de 1936 trasládase á Facultade de Medicina de Valladolid, segundo figura no

---

<sup>148</sup> Concepción Otero Carreira, AHUS: leg. 969, exp. 7.

<sup>149</sup> AHUS:, leg. 988, exp. 10.

<sup>150</sup> <http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/12258/> e <http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/13648/>

informe médico gardado no seu expediente: «por padecer unha infiltración pnéumica de tipo indurativo, o que xustifica a recomendación facultativa da súa permanencia nun clima *ad hoc*. Creo neste caso, un dos más aconsellables, Valladolid».

No notable traballo de María Jesús Souto Blanco figura unha ficha sobre Dolores Palmeiro na que consta que tamén ela sufriu represión política, sendo encarcerada en Lugo o 26 de agosto de 1937 e liberada, tras pago dunha multa, o 18 de febreiro do ano seguinte.<sup>151</sup>

Efectuou prácticas de cirurxía menor durante dous anos na clínica do Hospital Provincial de Santiago con José Carrero Nine, profesor auxiliar de Anatomía e Técnica anatómica na Facultade de Medicina. A práctica era necesaria para obter título de practicante.

#### M<sup>a</sup> del Portal Panisse Ferrer

María del Portal Emiliana Panisse Ferrer naceu na Coruña o 11 de outubro de 1914. Tanto ela como as súas irmás, M<sup>a</sup> del Pilar e M<sup>a</sup> del Carmen fixeron o bacharelato no Instituto coruñés e tamén tamén as tres cursaron estudos na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago: María del Portal no período 1931-36, M<sup>a</sup> del Carmen entre 1939-43 e M<sup>a</sup> del Pilar só no curso académico 1934-35.

Unha vez rematada a carreira volve á cidade herculina onde realiza estudos de Maxisterio e exerce a docencia en diversos centros privados. Outra irmá súa, Adela, tamén era mestra.



Figura 45. M<sup>a</sup> del Portal Panisse

<sup>151</sup> Ver: <http://www.lugo.es/cs/represion/listado.jsp>

Casou co seu compañeiro de facultade Enrique Ríos Suárez<sup>152</sup>, que estudou Ciencias con moi boas notas, rematando a carreira na convocatoria de xaneiro de 1936. Trala Guerra Civil, Enrique cursa 2º, 3º, 4º e 5º de Farmacia, no ano académico 1939-40. Isto facíase grazas á convocatoria duns cursos especiais, chamados «cursos abreviados» creados para alixeirar e apurar as licenciaturas dos mozos que combateron no bando franquista e dos seus familiares. Estes cursos convocáronse durante os dous anos seguintes ao remate da GC. Varios coñecidos profesores estudaron así as súas carreiras.

Ao pouco tempo da voda, celebrada en 1941, volven a Santiago e Maruxa atopa traballo como mestra nun centro privado e seu home traballa nun posto de axudante na Universidade. Neses anos naceron os seus descendentes: Adela, Mª del Carmen e Enrique. A súa irmá, Mª del Carmen, tras a validación do seu título académico, matricúlase na Facultade de Farmacia, rematando estes estudos en 1949. Tres anos máis tardes, Mª del Portal fará o mesmo, rematando en 1957.

Enviuvou case ao tempo de abrir farmacia na rúa de Fonseca en Santiago. A historiadora Encarna Otero bautiza a Maruxa como a «boticaria da liberdade» polo sopro de ar que supuxo para as mulleres compostelás xa que «saltando as regras impostas polo goberno, comercializa na súa botica calquera tipo de anticonceptivo sen receita médica».<sup>153</sup> Morreu en Compostela no ano 2001.

Consérvase na Biblioteca Nacional un libro publicado pola súa irmá Mª del Carmen, de título *Aceites y grasas de animales marinos*, publicado en Pontevedra no ano 1959. Mª Carmen foi profesora numeraria de Ciencias Naturais do Centro de Ensinanza Media e Profesional Almirante Salvador Moreno de Marín.

### **Mª de la Paz Parada Pumar<sup>154</sup>**

Mª de la Paz naceu o 23 de febreiro do ano 1905 en Canedo, Ourense, no seo dunha familia liberal. Seu pai, Abelardo Parada, era veterinario, ao igual que o fora seu avó, e era sobriña do pintor Parada Justel.

<sup>152</sup> AHUS: leg. 1195, exp. 8.

<sup>153</sup> Consello da Cultura Galega, Álbum de Mulleres, <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=490>

<sup>154</sup> María de la Paz Parada Pumar, AHUS: leg. 994, exp. 5.

Logo de facer o bacharelato no Instituto de Ourense, indicoulle a seu pai o seu desexo de estudar Medicina en Madrid, e o pai retouna: «Iso é por medo a Cadarso», díxolle en relación ao profesor de Anatomía, que tiña sona de especialmente ríxido coas cualificacións dos seus alumnos. «Cando aprobes con Cadarso, poderás ir estudar a Madrid» (Gurriarán, 2006: 233-34) sentenciou.

Fixo os dous primeiros anos da carreira en Santiago (1923-1925), obtendo notas de sobresaínte (2) e matrícula de honra (4), incluída a do propio profesor Rodríguez Cadarso.«En las clases era la única mujer, entre sesenta matriculados [...] pero en

Madrid, no éramos muchas más, cuatro conmigo».<sup>155</sup> Trasladárase a Madrid no curso 1925-26, estando aloxada catro cursos na Residencia de Señoritas. Entrou neste centro de elite da man do doutor López Enríquez, médico galego que estaba de profesor axudante de Oftalmoloxía da Facultade de Medicina da Universidade de Madrid, quen logo sería cuñado do seu marido: «Éramos cien chicas, los sábados íbamos al teatro, no nos dejaban salir de noche, sólo a las americanas, había mucho control [j] en la Facultad estuve con don Juan López Suárez, que daba prácticas en la clínica de Patología de San Carlos» (*ibid.*).

**Figura 46. Paz Parada na revista Auriens. 2005**

Durante a súa estadía en Madrid acudiría aos Laboratorios de Bacterioloxía e Seroloxía (Paulino Suárez) e o de Anatomía Microscópica (Luis Calandre), da *Residencia de Estudiantes*, co fin de ampliar coñecementos nestas materias. Especializouse en Medicina e Cirurxía e, ao mesmo tempo, tamén en Laboratorio de Análises Clínicas. Entre os seus compañeiros estaban o Padre Arrupe e o futuro Nobel Severo Ochoa.

---

<sup>155</sup> Ver: <http://consellocultural.gal/album/Theme/bio.php?id=64&album=aj>.

En 1929, pouco despois de finalizar a carreira aos 24 años de idade, Paz Parada se casa con Julio Freijanes Malingre (Ourense, 1899-1991), quen estivera de bolseiro en América, na Fundación Rockefeller de Nova York.

Marcharon a Lleida nese mesmo ano, ata 1932, pois Freijanes gañara unhas oposiciones de Inspector de Sanidade. Paz daquela montara un laboratorio de Análises Clínicas na cidade catalá. Logo se asentarían en Lugo, cidade onde o seu marido obtivera praza. Durante a GC seu home, que estaba de Inspector Provincial de Sanidade, foi represaliado. Tivo unha suspensión de emprego e soldo de medio ano e logo estivo case un ano desterrado en Astorga, acusado de ser amigo de Marcelino Pascua, que fora Director Xeral de Sanidade, con quen estivera de Secretario, segundo Paz Parada, e por «exteriorizar» ideas de esquerda (Gurriarán, Álbum de Mulleres)

Despois da guerra se estableceron en Ourense, logo de cumplir a sanción. Paz, que sería a primeira muller inscrita do Colexio Provincial de Médicos, rexiu un laboratorio privado de Análises Clínicas ata a súa xubilación. Seu marido, que tiña unha consulta de Pediatría, ostentou a Xefatura Provincial de Sanidade desde 1942 ata a súa xubilación en 1969. Paz tivo cinco fillos. No seu centenario recibiu homenaxe do Colexio Oficial de Médicos de Ourense, saíndo na portada do boletín *Aurensis*. Xa centenaria, dona Pacita, como era coñecida popularmente, morreu en Ourense en 2005, onde ten unha rúa co seu nome no barrio de Ponte Pelamios.

### **M<sup>a</sup> Inmaculada Paz Andrade**

Naceu en Pontevedra o 14 de novembro de 1928. En 1947 iniciou estudos superiores na Facultade de Ciencias de Santiago. De seguida dedicouse á investigación, doutorándose en Ciencias Químicas (1963) pola USC.

Ampliou estudos como bolseira de investigación na Universidade de Manchester (Reino Unido), co catedrático de Química física Henry Skinner, e no *Institut de Microcalorimétrie et de Thermogénese* do CNRS de Marsella, xunto ao seu director o profesor Eduard Calvet. Foi a introdutora da microcalorimetria en España, da que é un referente mundial. Realizou traballos sobre termodinámica aplicada, estudos calorimétricos e determinacións de calor específico de sólidos e de líquidos. Obtivo o

*Certificat de Études Aprofondies en Thermogénèse* na Universidade de Marsella e a validación da carreira de Ciencias en Francia. Coordinou e dirixiu a equipo que elaborou o sistema experto para predicir o perigo de incendios forestais en Galicia (Grupo THOR). Tamén foi *Visiting Research Professor* do departamento de Química da Universidade de Manchester.

Esta destacada investigadora foi unha adiantada: a primeira muller nomeada profesora adxunta interina (hoxe profesora titular) da Facultade de Ciencias da USC, a primeira muller profesora adxunta por oposición, a primeira muller encargada de cátedra da facultade de Ciencias, a primeira profesora agregada da Facultade de Química e a primeira catedrática da facultade de Física, sendo unha das impulsoras da creación deste centro compostelán. Foi directora do Departamento de Física Fundamental da Facultade de Ciencias (1964-1970 e 1972-1974) e directora do Departamento de Física Aplicada da Facultade de Física, da USC (1986-1992).

Tivo que fazer fronte a unha morea de atrancos pola súa condición de muller e ante a presión pensou en retirarse, como ela mesma conta

Ser muller e competir na universidade é moi duro. En 1973 competín cun colega por unha praza. Crucificáronme, lisa e simplemente. Ao final retireime porque non resistín a presión. As ideas políticas tamén xogaron un papel importante. Sufrín unha tremenda depresión e a miña primeira idea foi fuxir de semellante inferno, cambiar de profesión, pero o profesor Skinner, da Universidade de Manchester, pedíume que me fose para alí. Regresei completamente curada e fortalecida para loitar contra os elementos. Fui catedrática en Manchester antes que en España. Sabía que se aquí me volvían facer unha faena o meu destino era irme cara a alá, onde o tiña todo. Magníficos equipos, estupendo ambiente e moita consideración. Non necesitaba máis. (Ucha, 7 de febreiro de 2011).

Dirixiu máis de trinta teses de doutoramento e ten máis de duascas publicacións científicas, sobre os temas centrais da súas investigacións: influencia dos procesos térmicos utilizados pola industria para a conservación de produtos pesqueiros, interaccións proteínas-surfactantes de interese farmacéutico, estruturas dos complexos órgano-metálicos dos metais de transición. Pola súa capacidade é referente nas mellores revistas da especialidade. En agosto 1994, *The Journal of Chemical Thermodynamics* (a

máis prestixiosa revista da especialidade) editou un número especial no seu honor, incluíndo a súa biografía científica.



**Figura 47. Ada Paz Andrade**

M<sup>a</sup> Inmaculada é socia fundadora do Comité Permanente da International Conference of Thermodynamics of Solution of Non-Electrolytes, presidenta do Grupo Especializado de Termodinámica das Reais Sociedades Españolas de Física e de Química (1990-2003), presidenta da Sección de Galicia da Real Sociedade Española de Física (dende 1992), presidenta do Consello Presidencial de Eurostar Science (The European Society for Thermal Analysis, Calorimetry, Thermodynamics and Reactivity), con sede en Basilea, Suíza (dende 1992), presidenta de honra do Grupo Especializado de Termodinámica (dende 2003), socia de honra da Real Sociedad Española de Física (dende 2003) e da Academia de Ciencias Exactas, Físico-Químicas y Naturales de Granada.

Concedéuselle a medalla da *Real Sociedad Española de Física* (1992), o Premio Galicia de Investigación Científico Técnico Antonio Casares e Rodrigo (1999) e o Premio Maria Wonenburger (2007).

Dende 1999 é profesora emérita na USC.

## Marina Peña Bouzas<sup>156</sup>

Naceu en Viascón-Cotobade (Pontevedra) o 9 de abril de 1914. Filla de Manuel Peña Rey, médico especialista en Obstetricia e Xinecoloxía, que foi director do Hospital Provincial de Ourense ata a súa destitución e detención no inicio do golpe de Estado de xullo de 1936.

En 1929 matricúlase na Facultade de Farmacia de Santiago, rematando en 1933. Nese ano parte cara a Madrid a completar os seus estudos e se aloxa na Residencia de Señoritas.



Figura 48. Tarxeta de Marina Peña do Servizo de Migración

Parece que militou no Partido Galeguista pois aparece asinando un manifesto aparecido no xornal ourensán *La Región*, o 25 de xullo de 1933, do que inserimos un extracto.<sup>157</sup>

<sup>156</sup> Marina Peña Bouzas, AHUS: leg. 1.036, exp. 16.

<sup>157</sup> As asinantes son: Josefina Bustamante de Otero Pedrayo, Emilia Blanco de Monjardín, Milagros Rodríguez de Cuevillas, Celia Bouzas de Peña Rey, Juana Somoza de G. Salgado, Socorro R. de Guedé, Isabel Algarra de Ramón, María del Carmen Fernández de Risco, Mercedes Docampo, Felisa Morais, María Teresa Cortón, Carmela Salgado, Catalina López Cid, Manuela Ventura, Rosa Docampo, Carmen G. Rodríguez, Pura González, Marina Peña Rey, Esther Peña Rey, Maruja G. Quiroga, Victoria González Quiroga y Maruja G. Gándara.

[...] Enrolándonos baixo da bandeira de Galiza pra defendernos o que é máis achegado e querido, imos aportar a nosa vontade, o noso entusiasmo, a obra dos que queren erguer a Patria galega á altura da que é merecente.[...] Como mulleres e como galegas, a nosa misión ten que ser de paz [...] Chamamos moi especialmente ás mulleres, o voso corazón de fillas e de nais, pola lembranza dos antergos e polo porvir dos nosos fillos, polo noso fogar, pola nosa tradición, pola nosa cultura, pola nosa fala, pola nosa prosperidade colectiva, pola paz social, vinde a nós. Pra todas o noso saúdo cordial (Ourense, Día de Galicia, 1933).

Xunto co seu home, o médico Luis Fanjul Álvarez-Santullano, e a súa filla de catro anos María, tomaría o camiño do exilio, chegando a Veracruz no buque *Monterrey* o día 14 de xullo de 1941, segundo o *Rexistru Nacional de Extranxeros en México*.<sup>158</sup> Fanjul fundou, xunto con Blas Cabrera, o Laboratorio Labys (Pérez Pena, 2005: 267), onde traballou o resto da súa vida.

Morreu en México D. F. no ano 2002.

#### Eugenia Pereira Rodríguez<sup>159</sup>

Naceu no Carballiño (1895) como filla de Purificación Rodríguez, comerciante, e de César Pereira Munín, avogado e fillo de notario, quen rapidamente recoñece á nena. Estudou bacharelato nas Carmelitas de Ourense.

A primeira referencia que temos dela na Universidade de Santiago é como alumna libre na convocatoria de agosto 1918 na Facultade de Ciencias, no curso preparatorio e a partir dese ano faría os estudos de Farmacia, licenciándose no ano 1921. No exame realizado o 30 de setembro de 1921 para o premio extraordinario do grao de licenciatura de Farmacia, que se conserva



Figura 49. M<sup>a</sup> Eugenia Pereira

<sup>158</sup> Ver PARES ES. 28005. AGA, sinatura dixital AGA, RIEM, 074, 079.

<sup>159</sup> M<sup>a</sup> Eugenia Pereira Rodríguez, AHUS: leg. 1.044, exp. 16.

no seu expediente, tivo que defender os temas de “Estudio de botánica e farmacoloxía das plantas da orde das leguminosas”, “Aceites medicinais: procedementos para a súa

preparación; ensaio previo do aceite implicado” e “Estudo dos viños medicinais: recoñecemento e valoración dos materiais empregados, aparatos e detalles prácticos; identificación e valoración dos viños medicinais”. Aínda que Barrreiro Fernández (1991: 188) cita que a primeira licenciada en Farmacia pola Universidade de Santiago fora Eugenia Pereira Rodríguez, do Carballiño, en 1922, con anterioridade, a Condesa de Campo Alange atopou unha licenciada que fixera a mesma carreira en Santiago, entre 1880 e 1890: Monserrat Carrera (Laffite, 1964:166-168)

**Figura 50. “Solident” branqueador dental de Laboratorios Pereira**

Debemos indicar que a nosa busca desta alumna nos diferentes arquivos resultou infrutuosa.<sup>160</sup>

Durante o período de 1921 a 1923 examínase das materias que lle faltan para acadar a licenciatura en Química, con extraordinarias cualificacións, realizando ese mesmo ano o exame de grao en Ciencias, sección de Química, cun tribunal examinador presidido por Álvarez Zurimendi e actuando como secretario Parga Pondal. Os exercicios versan sobre Alcoholes e Teorías do núcleo bencénico obtendo a cualificación de sobresaínte. Tamén lle será concedido o premio extraordinario de licenciatura.

Doutouse en Química na Universidade Central cunha tese que tiña por título “*Investigación y valoración de la sílice en los tejidos orgánicos animales*”.<sup>161</sup> Tamén obtivo o doutoramento en Farmacia.

<sup>160</sup> De calquera maneira, como xa falamos noutro capítulo deste traballo, Monserrat era un deses nomes no século XIX e principios do XX (como Trinidad ou Cruz), empregado como masculino, quedando reservada para as mulleres a forma composta María Monserrat. Na actualidade só se usa como forma feminina.

<sup>161</sup> Archivo Histórico Nacional, UNIVERSIDADES, 6001, Exp. 2. A tese aparece no arquivo de tese inéditas da Universidade Complutense de Madrid coa sinatura T 2349.

María Eugenia será a primeira licenciada galega que goce dunha bolsa da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago (1923) para ampliar estudos no estranxeiro, concretamente estaría na *École Nationale Supérieure de Chimie* de Burdeos estudiando enoloxía co profesor Richard. A bolsa foille concedida :

*Teniendo en cuenta el brillante expediente académico de la interesada, la importancia del tema objeto de los trabajos que piensa realizar y los conocimientos tanto científicos como del idioma del país a donde desea realizar sus estudios, La Junta acuerda por unanimidad concederle la pensión (3.250 pesetas) con las condiciones prescritas para estos casos.* (Gurriarán, 2003: 325).

O seu interese era mellorar os procesos de vinificación, con aplicación a Galicia, pois seu pai tiña terras de viño e adegas na ribeira do Avia. Na Facultade xa tiña experimentado na obtención de lévedos a partir de cepas autóctonas, para o posterior emprego na elaboración de viño, segundo ela: obtendo moi bons resultados, tal como sinala na solicitude á JAE para obter a consideración de bolseira.<sup>162</sup> Temos que valorar o sistema que tiña esta facultade para a concesión das bolsas, pois, todos os que optaban, normalmente, se levaban á Xunta de Facultade, e, con debate previo, se elixía ao máis idóneo, por calidades, contrariamente do que se facía noutras facultades, que se lle daba un procedemento de trámite.



**Figura 51. Pasta dentífrica do laboratorio de Eugenia Pereira**

<sup>162</sup> En instancia de 15 de outubro de 1923 (expediente persoal nº 112/230, AREM/JAE). Rodríguez Míguez e Rodríguez Villar (2003: 176) engaden que tamén estivera como bolseira no Instituto Pasteur, onde se desprazara en compañía do seu irmán, por indicación familiar, para «preservar» a súa condición feminina.

Entre 1908 e 1934 a JAE concedeu 121 becas a mulleres, 64 delas mestras ou profesoras de Normais (Mancebo, 1999).

En 1922, xunto con Fernando Calvet ingresarán na SEFQ presentada polo seu mestre García Banús e por Del Campo.

No seu expediente aparece unha Memoria presentada á *Sociedad Española de Higiene* sobre “*Aplicación del cloro en la depuración bacteriológica de las aguas potables de Madrid*” para optar ao Premio do Conde de Coello.

Tras obter por oposición unha praza de Xefa do Laboratorio Químico da Aduana de Barcelona, se asentará na cidade condal ata a súa xubilación. Nesta cidade tamén rexentaría unha farmacia e un laboratorio, Pemur, no que comercializarían antibióticos e artigos cosméticos, cremas e betúns para o calzado, e produtos para droguerías, sendo os primeiros fabricantes españoles de deterxente líquido.<sup>163</sup> Máis tarde aparece como titular do Laboratorio Pereira en Casteldefells.<sup>164</sup> Morreu en Barcelona o 27 de xaneiro en 1984.<sup>165</sup>

#### Perez Carnicero, Amparo

Alumna natural de Santibañez de Vidriales na provincia de Zamora, filla dun garda civil. Estudou na Facultade de Medicina de Santiago nos cursos académicos de 1925 a 1927. Leu a tese de doutoramento na Facultade de Medicina da Universidade Central, no ano 1934, que leva por título: “*Piramidón, su farmacología y terapéutica clínica*”, lida nun tribunal presidido por Varela Radío.



Figura 52.  
Amparo Pérez Carnicero

<sup>163</sup> Na actualidade a farmacia está rexentada pola súa filla.

No Museo da Farmacia Catalá aparece un producto deste laboratorio registrado co nome de Soldent (un pó blanqueador dental) no que se pode observar o nome de Pereira ao redor da tapa (fotografía).

<sup>164</sup> Na Colección de Concordia Farmaceútica de Cataluña aparece unha especialidade nova, as “Pildoras circasianas” rexistradas o 16 de novembro de 1923 por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Eugenia Pereira indicadas para anemias por déficit de ferro, estados de ferropenia sen anemia manifesta (ferropenias larvadas), anemias hipocrómicas de embarazo e lactación, atrofia e insuficiente desenvolvemento das glándulas mamarias, nerviosismo, fatiga e depresión mental nas menopáusicas, apatía, trastornos da función dixestiva, convalecencias...”.

<sup>165</sup> Fonte: <http://sgl.xunta.es/pioneras.html>.

Fixo estudos sobre “Espasmolisis de la función polialcohólica”, sobre “glicerina” e “glicerofosfato sódico”, sobre “anestésicos locais e raquianestesia”, os que publicou diferentes artigos en revistas médicas e na revista *Archivos del Instituto de Farmacología Experimental* do CSIC

Foi profesora axudante de clases prácticas, dende 1935, e profesora auxiliar de Farmacoloxía na Facultade de Medicina de Zaragoza; colaboradora na Cátedra de Farmacoloxía na Facultade de Medicina de Madrid e axudante da Sección de Farmacoloxía do Instituto de Farmacoloxía Experimental do CSIC, despois.

Asistiu a numerosos congresos e reunións científicas españolas e noutros países, sempre en relación coa Farmacoloxía e a Terapéutica.

Casou co profesor Benigno Lorenzo Velázquez, decano durante moitos anos da Facultade de Medicina da Universidade Complutense de Madrid, co que tivo dous fillos. Sabemos que por circunstancias familiares non pudo optar á cátedra de Farmacoloxía, especialidade da que seu marido era catedrático.

Foi nomeada Académica Correspondente Honoraria da Real Academia de Medicina o 8 de outubro de 1987. Faleceu en febreiro de 1994




Figura 53.  
Tese de Amparo Pérez Carnicero

### Celsa Pérez Moreiras<sup>166</sup>

Celsa Pérez Moreiras naceu en León o 25 de decembro de 1912, filla de Arturo Pérez natural do Ferrol e de Celsa Moreiras, natural de Canedo (Ourense).

Ingresou na Universidade de Santiago en 1928, licenciándose Farmacia no ano 1932. Logo de trasladar o expediente a Madrid en 1935, aparece traballando no Instituto de

<sup>166</sup> Celsa Pérez Moreiras, AHUS: leg. 1.069, exp. 20.

Patología Médica do Hospital General de Madrid, dirixido por Marañón, publicando a carón deste destacado endocrinólogo dous traballos sobre vitaminas e metabolismo muscular.<sup>167</sup> Na capital madrileña aloxaríase na Residencia de Señoritas. Sería profesora da Facultade de Farmacia da USC, onde xa aparecía no cadro docente no ano 1933 como axudante de clases prácticas da materia de Técnica Física. Aparece nunha publicación sobre análise química dos queixos galegos xunto a Aniceto Charro Arias.<sup>168</sup> Tamén colaborou xunto a el no Instituto de Estudios Regionales, no Laboratorio de Bromatoloxía, do SEG. Sería socia da SEFQ en 1935, presentada por Collazo e Pérez Vitoria.



**Figura 54. Biblioteca da Residencia de Señoritas.**

**Arquivo do Instituto Internacional-Legado Eulalia Lapresa**

Durante a guerra prestou servizos na Farmacia Militar de Santiago. Formou parte do SEG. Casou co avogado Ignacio Sancho Rosa. Morreu en Madrid o 28 de xullo do 2010.

<sup>167</sup> Estes traballos aparecen en Archivos de Medicina, Cirugía y especialidades, nº 38, de 1935, en Gaceta Médica Española, febreiro de 1936 e en Medicina Española, nº 13, xaneiro de 1940.

<sup>168</sup> Charro Arias, A. e Pérez Moreiras, C. “*Composición química de los quesos gallegos*”, Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela.- Año 7, n. 23 (1935); p. 241-245.

### **Gumersinda Margarita Peteiro Vázquez<sup>169</sup>**

Naceu en Compostela o 26 de abril de 1902. Seus pais, Evaristo Peteiro e Concepción Vázquez Tobal, eran tamén naturais desta cidade.

Estudou Farmacia entre 1922 e 1928. Hai no seu expediente unha solicitude de matrícula gratuita «por pobre», na que consta que seu pai era bedel da Facultade de Ciencias da US. É a súa procedencia humilde, motivo da súa inclusión nestes percorridos vitais.

Gumersinda Margarita obtivo o seu título de licenciada o 11 de outubro de 1928.

### **María Piñeiro Estrella<sup>170</sup>**

María de la Esclavitud Piñeiro Estrella, natural de Santiago, naceu o 24 de abril de 1899.<sup>171</sup> Seu pai, Santiago Piñeiro Barro, natural de Pontedeume, era mestre de instrución primaria. Súa nai, Consuelo Estrella Cabana, era de Ferrol. A familia residía en Compostela, na Porta da Pena nº 7.

Iniciou estudos universitarios no ano 1920 aparecendo no rexistro de Ciencias (selectivo) e ao ano seguinte na Facultade de Medicina. O seu expediente académico é moi bo. Está rexistrada como a primeira muller do Colexio Médico da Coruña (1932).

Tiña un irmá, Santiago, que iniciou estudos tamén de Medicina en Santiago pero non aprobou ningunha materia polo que non continuou cos mesmos.<sup>172</sup>

---

<sup>169</sup> AHUS: leg. 1084, exp. 6.

<sup>170</sup> María Piñeiro Estrella, AHUS: leg. 1.093, exp. 10.

<sup>171</sup> Citada en Luís Rodríguez Míguez e Alejandra Rodríguez Villar (2003): “La mujer en los estudios médico-sanitarios en la Universidad de Santiago en el siglo XX”, en Evolución de la Medicina en el siglo XX, Ourense, Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia/Caixanova.

<sup>172</sup> Santiago Ramón Benito Piñeiro Estrella, AHUS: leg. 1.093, exp. 11.

### **M<sup>a</sup> Basilisa Piñeiro Piñeiro<sup>173</sup>**

Naceu o 12 de maio de 1906 en Ponte Caldelas (Pontevedra). Seu pai era Basilio Piñeiro Rodríguez, natural de A Lama, labrego e súa nai era Eugenia Piñeiro Cabirta, natural da aldea de Caritel en Lourizán, tamén labrega. É o único caso rexistrado no que aparece ocupación da nai.

M<sup>a</sup> Basilisa estudou Ciencias na US entre os anos 1923-1928, obtendo o título con data 28 de xuño de 1928.

Filgueira Valverde cita a esta muller (entre outras) en *Da miña universidade nos anos vinte* (1980) no que fala das «mociñas fidalgas».

### **Poza Juncal, Luz<sup>174</sup>**

Era filla de Joaquín Poza Cobas, libreiro e impresor republicán e masón de Pontevedra, dirixente do partido Radical-Socialista na cidade do Lérez e máis tarde membro da Unión Republicana. A nai de Luz é Pilar Juncal Berduya, irmá dun dirixente do Partido Radical (cuñado do propio Lerroux). Os Poza Juncal eran nove irmás: Joaquín, Hernán, Laureano<sup>175</sup>, Fausto, César, Pilar, Dorotea, Luz e Carmen.

Iniciou os seus estudos de selectivo en Ciencias na US en 1922

### **Emilia Rodríguez Freire<sup>176</sup>**

Emilia naceu en Compostela o 26 de xullo de 1914, filla dun matrimonio de noieses, sendo seu pai zapateiro. A familia residía no nº 12 da rúa da Caldeirería. Estudou Medicina con boas notas, entre 1929-1931, e despois dessa data non sabemos nada máis

---

<sup>173</sup> AHUS: leg. 1096, exp. 8.

<sup>174</sup> AHUS: leg. 1.120, exp. 3.

<sup>175</sup> Ver Elisa Díaz Riva

<sup>176</sup> AHUS: leg. 1234, exp. 7.

dela. Seu irmán Jesús tamén fixo estudos e Medicina (1934-36) perdéndose despois as súas pegadas.<sup>177</sup>

Outra irmá, Dolores, cursou a carreira de Ciencias (1939-1943) con media de notable, licenciándose en decembro de 1940.<sup>178</sup>

### Dolores Ríos Suárez<sup>179</sup>

Dolores Concepción Inés Ríos, alumna tamén de orixe compostelá, naceu o 31 de decembro de 1906. Seu pai era José Ríos Fernández, xornaleiro natural de Santa Marta de Ortigueira (Lugo) e súa nai era Concepción Suárez Pascual, natural de Calo, no concello de Teo (A Coruña). O seu avó materno, de oficio industrial, aparece como residente en Santiago, na rúa Tras do Pilar, nº 6.

Dolores estudou na Facultade de Ciencias entre os anos 1927 e 1942. En realidade rematou coas materias científicas en 1931, pero non se examinou das materias de inglés (dous anos) e debuxo lineal (certificado expedido pola Escola de Artes e Oficios Artísticos) ata 1941, por iso non puido presentarse ao exame de grao de licenciatura ata 1942.

Aínda que na partida de nacemento aparece o pai como xornaleiro, nunha solicitude de matrícula gratuita de 1929, indícase que José Ríos era suboficial retirado (saxento) do Rexemento de Infantería de Zaragoza e que vive en Santiago no domicilio do pai deste. Estas solicitudes dirixidas ao decano da facultade para a concesión de matrícula gratuita para a súa filla, aparecen nos anos 1928, 1929 e 1930, e nelas alégase condición de pobreza e indicando que debe manter a 7 fillos, dos que seis estudan en centros oficiais: Universidade, Instituto de Segunda Ensinanza e a Escola Normal de Mestres. Son estes fillos, ademais da que nos atinxen a nós: José, Carmen, Enrique, Ramón, María e Amalia. Aparece ademais a indicación de que os seus ingresos non pasan das 4000 pesetas anuais.

Respecto dos irmáns de Dolores, xa falamos de Enrique na biografía de M<sup>a</sup> del Portal Panisse. O se irmá José, nacido en 1903, ten unhas cualificacións sorprendentes pois

---

<sup>177</sup> AHUS: leg. 1234, exp. 8.

<sup>178</sup> AHUS: leg. 1234, exp. 9.

<sup>179</sup> AHUS: leg. 1195, exp. 7.

obtivo sobresaínte e matrícula de honra en tódalas materias do bacharelato. Entre 1921 e 1924 fixo o servizo militar en infantería como cabo e logo retoma os estudos, licenciándose en Medicina en 1931.<sup>180</sup>

Pola súa parte María Ríos, nacida en 1919, estudou na Facultade de Ciencias entre os anos 1939 e 1943. No seu expediente hai un escrito asinado por Antonio Eleizegui López, decano da Facultade de Farmacia e capitán xefe do Laboratorio de Farmacia Militar de Santiago, no que se certifica que esta alumna prestou servizos voluntarios neste laboratorio durante os anos 1937 e 1938.<sup>181</sup>

Tamén Ramón Ríos, fixo estudos na Universidade santiaguesa, estando matriculado en Medicina no período 1930-36. As dúas materias pendentes para obter o grao de licenciado, aparecen como aprobadas «Orde de 25 de novembro de 1937» no curso 1937-38.<sup>182</sup>

#### **Eloísa Rivadulla Álvarez<sup>183</sup>**

Eloísa Cristina de la Concepción Margarita –chamada familiarmente Lilita- naceu na parroquia de Osedo, no concello de Sada (A Coruña) o 26 de xaneiro de 1911. Era filla de Benito Rivadulla Pascual, natural de Meirás (A Coruña), que era de profesión comerciante e de Eloísa Álvarez Nieves, natural de Celanova (Ourense).

Iniciou estudos de Medicina en Santiago no ano 1930, concluíndo os mesmos no ano 1940. O seu expediente universitario é moi bo.

Cubriu plaza vacante do Seguro Obrigatorio de Enfermidade en Chantada como de especialista en Pediatría (BOE nº 191 de 10 de xullo de 1951)

Esta estimada pediatra da nome a un dos colexios de Chantada, inaugurado en 1978.

---

<sup>180</sup> AHUS: leg. 1195, exp. 9.

<sup>181</sup> AHUS: leg. 1195, exp. 10.

<sup>182</sup> AHUS: leg. 1195, exp. 11.

<sup>183</sup> AHUS: leg. 1197, exp. 6.



**Figura 55.** Eloísa Rivadulla ocupa a quinta posición dende a esquerda.

### **M<sup>a</sup> de la Concepción Rof Carballo**

Naceu na Coruña en 1913. Filla de Juan Rof Codina, afamado veterinario e Inspector de Xeral de Hixiene e de Micaela Carballo.

Estudou bacharelato no Instituto de Santiago. Cursou estudos de Farmacia e de Física en Santiago, Madrid e Barcelona. Socia da SEFQ en 1932 presentada por Sancho y Gómez Caamaño.

Traballou no Instituto Nacional de Física e Química (1934-36), na sección de Química-física. Tras a Guerra Civil seu pai foi desterrado varios anos a Tenerife.

Doutorouse en Farmacia en 1971 co traballo “Biografía y labor docente de Francisco Carbonell y Bravo” na Universidade de Barcelona e foi docente de Historia da Farmacia nesta mesma institución, no departamento de Historia da Farmacia e Lexislación Farmacéutica.

Publicacións: *La Terapéutica a través de las explicaciones de cátedra de Ignacio Ameller* (1970); *Iniciación a la docencia química en Barcelona. Siglo XVIII: Francisco Carbonell* (1973); *Biografía y labor docente de Francisco Carbonell y Bravo* (1975); *Terapéutica oxipática* (1980). Tamén é autora da tradución do italiano do texto de Iginio Bonadeo “Cosméticos extracutáneos: cosmetología estética e higiene. Química,

*química física y técnica de preparación de productos para la cosmética de cabellos, barba, vello, uñas, emuntorio cutáneo”* (1964). Faleceu en 2014

### **Josefa Ron Noya<sup>184</sup>**

Josefa Angela Ron Noya naceu en Santiago o 1 de maio de 1910. Era filla de Josefa Noya Gamallo, de Santiago de Compostela e de Francisco Ron Mato, natural de Toques, A Coruña, de profesión comerciante.

Josefa iniciou os seus estudos na Facultade de Farmacia en 1928 e obtivo o grao de licenciada con data 28 de xuño de 1932, coa cualificación de sobresaínte.

Durante a Guerra Civil, colaborou no Laboratorio de Farmacia Militar de Santiago, xunto coas súas compañeiras Marisa Lema e Ramonita Vaamonde.



**Figura 26. Foto do persoal do Laboratorio de Farmacia Militar de Santiago (1937)<sup>185</sup>**

<sup>184</sup> Josefa Ron Noya, AHUS: leg. 1291, exp. 10.

<sup>185</sup> [http://culturagalega.gal/albumdaciencia/imaxes/thumb\\_600\\_CharroAriasAniceto2.jpg](http://culturagalega.gal/albumdaciencia/imaxes/thumb_600_CharroAriasAniceto2.jpg)

Foi nomeada auxiliar de clases prácticas de Química inorgánica da Facultade de Farmacia da US, en 1940.<sup>186</sup> En outubro de 1942 aprobou a praza de ingreso no Corpo de Inspectores Farmacéuticos Municipais.<sup>187</sup> Doutorouse en Farmacia en 1948, co traballo “*La Refractometría de las leches de vaca en Galicia y su valor en la investigación del aguado de las mismas*”, dirixida por Aniceto Charro Arias. Foi axudante de Análise na Facultade de Farmacia da US entre 1949 e 1954 e profesora adxunta de Análise química en 1954-1955 (Maiz, 1964: 157).

Autora de diversas publicacións, entre elas: “*Crioscopia de las leches de vaca en Galicia y su valor en la investigación del aguado de las mismas*”, en *Anales da RSFQ*, 1949; “*Determinación del índice de refracción de los aceites comestibles y medicinales mediante el microscopio*”, *Anales de Bromatología*, (1952); “*Nueva aportación a la determinación del índice de refracción de los aceites, mediante el microscopio*”, *Congreso Hispano Portugués de Farmacia*, (1952); “*Determinación de la creatinina en la leche de vaca y sus aplicaciones a la investigación de orina en la misma*”, *Anales de Bromatología* (1954).

#### M<sup>a</sup> Gloria Ruibal Amor<sup>188</sup>

O gusto de seus pais polos nomes compostos queda patente na partida de nacemento de María de la Gloria Segunda Constantina que naceu no mesmo ano ca súa irmá pero o 20 de decembro e noutra localidade, Barro (Pontevedra).

Iniciou os seus estudos superiores na Universidade de Santiago en 1926 acadando o título de licenciada en Farmacia en 1931 e o de licenciada en Química en 1936. Tamén aparece como alumna de Medicina, obtendo o grao de enfermeira en setembro de 1937. No seu expediente reflíctese a realización de prácticas durante un ano no Gran Hospital de Pontevedra, co doutor Marinot Iglesias.

---

<sup>186</sup> BOE, nº 163 de 1940, p. 4029.

<sup>187</sup> Ver: <http://www.boe.es/datos/pdfs/BOE/1942/298/A08541-08541.pdf>.

<sup>188</sup> M<sup>a</sup> Gloria Ruibal Amor, AHUS: leg. 1302, exp. 3.

Casou co militar Francisco García Moreno e tivo dúas fillas. M<sup>a</sup> Gloria Ruibal abriu unha farmacia nunha céntrica rúa santiaguesa que rexenta na actualidade unha das súas fillas.

### **Francisca Leonor Sampedro Costas**

Natural de Gondomar, Pontevedra. Iniciou estudos superiores na Facultade de Farmacia da US, en 1947. Dende o curso de 1949, no que fixo traslado de matrícula para Medicina, seguiría estudos nesta facultade, finalizando en 1952.

Exercía a Medicina na localidade de Viveiro como médico de familia. Tiña dous irmás Juan José, traumatólogo e Francisco Javier, xinecólogo e docente na USC.

Aparece nunha nota de prensa do ano 2000 que recolle unha homenaxe do Colexio Oficial de Médicos da provincia de Lugo aos catro médicos que se xubilaron nese ano. Faleceu o 25 de maio do ano 2014, na Coruña.

### **Ruth Selbmann Kummer<sup>189</sup>**

Ruth Selbmann era de nacionalidade alemá, sendo o seu lugar de nacemento Pforzheim, en Badem. Temos noticias dos Selbmann dende que o seu cabeza de familia, Albert Selbmann, a primeiros do século XX abrirá unha clínica odontolóxica en Vilagarcía, como consta en varios anuncios de prensa da época.<sup>190</sup> O señor Selbmann era membro da Sociedade de Odontólogos de España e da Vereins Deutscher Dentisten.

Ida Ruth estudou Medicina na Universidade compostelá durante os anos 1924 a 1932. De seguido, trasladou o seu expediente á Universidade Central para -continuando a tradición familiar- licenciarse en odontoloxía, en 1928, sendo así unha das primeiras mulleres odontólogas con titulación universitaria en España. Na capital española estivo aloxada na Residencia de Señoritas. Voltou a Alemaña para perfeccionar a súa formación e aló casou cun profesor universitario, tamén dentista de apelido Lindner. De novo en Vilagarcía, abriría unha clínica propia en 1929.

---

<sup>189</sup> AHUS: leg. 1382, exp.12.

<sup>190</sup>Ver: [http://www.lavozdegalicia.es/arousa/2010/01/24/0003\\_8247747.htm](http://www.lavozdegalicia.es/arousa/2010/01/24/0003_8247747.htm)

e [http://www.patrimoniovilagarcia.com/la-industria-metalurgica-en-carril\\_ws94632.wsbl](http://www.patrimoniovilagarcia.com/la-industria-metalurgica-en-carril_ws94632.wsbl)




Figura 57. Anuncio na prensa da clínica de Ruth Selmann

Ao iniciarse a Guerra Civil, marchou a Sudamérica, chegando a Arxentina no barco *Sierra Córdoba*. Instalouse en Bolivia, onde nacerían os seus dous fillos: Ruth e Jorge.<sup>191</sup> En 1949 regresou cos seus pequenos, de novo, a Vilagarcía, onde traballaría na súa clínica ata a xubilación en 1980.

### Concepción Senín Quintela<sup>192</sup>

Esta alumna compostelá era filla natural de Mercedes Senín, filla a súa vez de Josefa Senín Quintela, natural de Melide. Naceu no nº 1 da Praza de Fonseca o 12 de abril de 1905. Realizou estudos de Farmacia entre 1922 e 1927, obtendo o título o 27 de xullo de 1927. Estudou Enfermeiría no curso 1936-37, examinándose e obtendo o título o 3 de maio de 1937. Fixo as prácticas na Clínica de Infancia de Santiago co profesor Gumersindo Fontán Maquieira. Conchita Senín sacou tamén o título de mestra na Escola Normal de Santiago, en 1934, na primeira promoción mixta. Aínda que tiña o primeiro posto, cando a chamaron para escolller praza, o alumno que ocupaba o terceiro posto escolleu en primeiro lugar. Ante «este manifesto atropelo, formula a correspondente protesta», protesta que non foi atendida, sendo destinada provisionalmente a escola de Santa Cruz de Montaos, en Ordes. En canto quedou vacante praza en Santiago, solicitou de novo posto nesta cidade pero novamente llelo denegaron.

<sup>191</sup> Dos irmáns Lindner Selmann, Ruth é bióloga e Jorge odontólogo. Este último foi docente en Odontoloxía da USC (xubilado no ano 2010).

<sup>192</sup> Expediente AHUS: leg. 1383, exp.15.

Casou cun farmacéutico, Miguel Requena Arabí, e abriron despacho de botica no Cantón do Toural, en Compostela. Esta farmacia pasou a mans da súa filla, Mercedes.

### Sara Soto Noya<sup>193</sup>

Nace o 23 de xuño de 1913 en Santiago, filla de León Soto Armesto, médico da Marina Mercante, e de Dolores Noia, residentes en Santiago.

Estuda por oficial o bacharelato no Instituto Nacional de 2ª Ensinanza de Santiago de 1924 a 1930 cun expediente salientable. Ingresa na Facultade de Ciencias de Santiago, sección Química, estudiando de 1930 a 1935 e realiza os exames correspondentes ao grao de licenciatura que versan sobre os glaciares, tipos e accións xeolóxicas o exame de xeoloxía e sobre as Leis de Newton e os campos gravitacionais e eléctricos ou de física. Non constan as notas dos exames nin a cualificación do Grao no seu expediente. Sen embargo, debido ao seu status social, na hemeroteca aparece unha nota de sociedade louvando a licenciatura da «sra. Sara Soto».

Aparece nos libros de actas no curso 1935 como profesora axudante de clases prácticas na materia de Complementos de Física a proposta do catedrático Álvarez Zurimendi.

Casa con Zoilo Méndez, natural de Córdoba, a quen coñeceu como estudiante de Farmacia en Santiago e, despois de varios anos, marchan a vivir a Córdoba onde Zoilo monta unha farmacia. Segundo a súa filla, Sara Méndez, Sara Soto colabora na farmacia do seu home, pero non traballou na súa licenciatura.

Morreu o 15 de maio de 2003.



Figura 58. Retrato de Sara Soto Noya

<sup>193</sup> Sara Soto Noya: AHUS: leg. 1418, exp. 2.

## **Francisca Surós Forns (1906-1991)<sup>194</sup>**

Francesca Surós naceu en Barcelona en 1906. Era mestra en exercicio cando decidiu estudar Medicina, matriculándose na Universidade catalá no período de 1928 a 1931.



**Figura 59. Francisca Surós**

Trasladou o seu expediente a Santiago no curso académico 1931-32 e logo volveu a Barcelona, acadando a súa licenciatura en 1936-

Durante a GC foi directora do Fogar de Nenos Enfermos “Ignasi Iglesias”. Represaliada ao rematar a guerra, impedíronlle o exercicio da súa profesión durante un tempo.<sup>195</sup>

Morreu en decembro de 1991.

## **Clemencia Torres Caplanne<sup>196</sup>**

Clemencia Magdalena Antonia Torres Caplanne naceu en Madrid o 22 de febreiro de 1915. Era filla de Clemencia Caplanne Barraque, natural de Bayonne (Francia) e de Antonio Torres Escariz, natural de Jerez de la Frontera e de oficio escribinte.

Cursou estudos de Medicina entre 1931 e 1936, continuando tras a GC na convocatoria de 1938 ata reamatar no ano 1940. En 1950-51 matriculouse en Farmacia dalgunhas das materias necesarias para completar esta carreira e, en 1958, examinouse da materia que lle faltaba e así obtivo tamén o título de farmacéutica. Tres irmás seus tamén fixeron estudos superiores en Santiago, dous deles, José e Adolfo, en Ciencias.

<sup>194</sup> Francisca Surós Forns, AHUS: leg. 1433, exp. 22.

<sup>195</sup> Consérvase a súa ficha no *Centro Documental de la Memoria Histórica* coa sinatura: DNSD-Secretaría, Fichero, 64, S0194287.

<sup>196</sup> Clemencia Torres Caplanne, AHUS: leg. 1.363, exp. 19.

### **Isaura Usero Souto<sup>197</sup>**

Naceu no Carballiño (Ourense) o 10 de setembro de 1913. Era filla de Isaura Souto Alanís, natural do Carballiño e de José Usero Fojo, natural de Cedeira (A Coruña) e de «profesión fondista»(mesoneiro).

Estudou o bacharelato nos Institutos de Lugo e A Coruña entre os anos 1923 e 1929.

Matricúlase na universidade santiaguesa en 1929 para cursar estudos na Facultade de Ciencias. En 1935 remítense o seu expediente á Universidade Central pero non se examinará, rematando a súa formación en Compostela no curso de 1939-40.

Natividad Mejuto e Concepción Carnero, auxiliares de clases prácticas na Facultade de Ciencias, presentarán a Isaura Usero na *Sociedad Española de Física y Química* no ano 1933.

Tras revisión de expediente é rehabilitada na docencia en 1942 (*BOE* nº 124 de 4 de maio de 1942).

Aparece como opositora a cátedra de ensino secundario en 1949 (*BOE* nº 343 de 9 de decembro de 1949). Obterá a cátedra de bacharelato da materia de Física e Química en 1980 (*BOE* nº 18 de 21 de xaneiro de 1980)

### **Ramona Vaamonde Fernández<sup>198</sup>**

Naceu o 28 de abril de 1907 en Santiago de Compostela na Rúa do Preguntoiro nº 23. Seu pai era o doutor Joaquín Vaamonde Rodríguez, un prestixioso médico compostelán, considerado pioneiro da Radioloxía en Galicia, natural da cidade de Lugo. Estaba casado con Manuela Fernández y Fernández, natural de Santiago. Os avós paternos de Ramona eran Carlos Vaamonde Puga, natural de Mahón, Illa de Menorca, e Dolores Rodríguez Novoa, natural de Amoeiro, Ourense. Avós maternos o catedátrico da US,

---

<sup>197</sup> Isaura Usero Souto, AHUS: leg. 1486, exp. 1.

<sup>198</sup> Ramona Vaamonde Fernández, AHUS: leg. 1.487, exp. 16.

Marcial Fernández Iñiguez, natural da parroquia de Lema no concello de Arzúa e de Adelaida Fernández Garrido, natural de Santiago.

Segundo consta no expediente, Ramona cursou estudos de Farmacia (1925-29) cun expediente moi salientable pois das 14 materias das que constaba a carreira obtivo cualificación de sobresaínte e honor en 12. No exame para a obtención do grao defendeu os exercicios de “Estudo da cera” e “Inflorescencia”. Acadou premio extraordinario na licenciatura.

En 1937 examínase de enfermeira (16 de abril de 1937) obtendo a cualificación de sobresaínte. Foi unha das colaboradoras do Laboratorio de Farmacia Militar de Santiago durante a GC, onde se preparaban medicamentos antisépticos, analxésicos, vacinas, material para curas, etc.

Na tese de doutoramento en Farmacia, publicada en 1957, obtivo a máxima cualificación, o traballo levaría por título: “*Sobre el metabolismo de los ácidos nucleicos de las bacterias*”, sendo o seu director Benito Regueiro.

Seus irmáns tamén estudaron en Santiago: Jesús (n.1902) estudou Farmacia; Joaquín (n.1909), Medicina e José (n.1910), tamén Medicina.<sup>199</sup>

Traballou como axudante de clases prácticas de Microbioloxía dende 1952 a 1956. Foi nomeada profesora adxunta da cátedra de Microbioloxía no ano 1956.

En 1961 aprobou a oposición que a designaba como profesora adxunto cunha gratificación anual de 18600 pesetas. Dende 1967 sería a docente encargada da materia de Microbioloxía e Técnica microbiolóxica e no mesmo ano é nomeada profesora agregada de Parasitoloxía.

---

<sup>199</sup> Jesús: leg. 1.487, exp. 12, Farmacia (1928-1934); Joaquín: leg. 1.487, exp. 13, Medicina (1925-1933), con cualificación de matrícula de honra en tódalas materias da carreira; José: leg. 1.487, exp. 14, tamén Medicina, con moi bo expediente.

Legajo 1487

Número 14

# UNIVERSIDAD LITERARIA DE SANTIAGO

## Facultad de

Superior y  
erroneo

**Expediente personal** del alumno Dona Ramona Paamonde Fernández, natural de Santiago provincia de Coruña que nació en 28 de Abril de 1907 formado con arreglo a la disposición 8.<sup>a</sup> del art. 82 del reglamento general administrativo.

CURSOS	ASIGNATURAS	CALIFICACION EN EL EXAMEN DE	
		JUNIO	SEPTIEMBRE
Grado de Bachiller en el Instituto de Santiago con alegro al n.º D. 10 marzo 1917. Titulo por este Universidad en 9 Octubre 1925			
	<u>En esta Universidad</u>		
1.925-926	Geología Botánica Zoología Minería física Mineralogía y Geología	Notable Sobresaliente y Honor Sobresaliente y Honor	Aprobado
1.926-927	Botánica descriptiva Luminica inorgánica	Sobresaliente, Honor Sobresaliente y Honor	
1.927-928	Botánica descriptiva Luminica inorgánica	Sobresaliente, Honor Sobresaliente, Honor	
1.928-929	Ciudadanía y agricultura Luminica orgánica Higiene	Sobresaliente y Honor Sobresaliente y Honor Sobresaliente y Honor	
1.929-930	Química general Química práctica	Sobresaliente y Honor Sobresaliente y Honor	
El 10 de Junio de 1.930 cursé los ejercicios del grado de Bachiller en Farmacia, habiendo obtenido las calificaciones de Sobresaliente			
En 29 de Septiembre de 1.930, obtuve preciosas opiniones el Premio extraordinario de la Facultad de Farmacia			

**Figura 60.** Expediente de Ramona Vaamonde no AHUS

Dedicada á investigación, publicou: “*Influencia de la composición del medio de cultivo sobre la acción enzimática de las bacterias*” (en colaboración co doutor Regueiro). Comunicación ao IV Congreso de Bioquímica de Viena.

“*Estudio sobre el metabolismo de los ácidos nucleicos de las bacterias: I. Relación entre crecimiento y contenido en ácidos nucleicos de bacteias en caldo común*” (en colaboración co doutor Regueiro). II “*Metabolismo de los ácidos nucleicos de Escherichia coli en medio sintético*”. III “*Actividad enzimática específica de filtrados de Escherichia coli y Sarcina lútea sobre ácidos nucleicos*” (en colaboración co dr. Regueiro).

En setembro de 1975 detectou prontamente a presenza do virus do cólera, evitando así unha epidemia. Publicou, xunto a Jesús Simal, o libro “Prácticas de bromatología”, en 1983. Xubilouse en 1977.

#### Olimpia Valencia López<sup>200</sup>

Olimpia Valencia López naceu en Baltar, provincia de Ourense, o 14 de decembro de 1898. A súa familia marchou a Vigo en 1910, onde sempre residiría. Era a única filla de Anacleto Valencia Lama, un industrial da hostelería que disfrutaba dunha situación acomodada, e de Teresa López Mandianes.

Na Academia Minerva de Vigo preparouse para se presentar por libre aos exames de Bacharelato e Maxisterio. Mais, como non lle gustaba a docencia, preferiu estudar Medicina, decisión que foi respectada pola súa familia pero peor acollida por moitas das súas amizades, por consideraren que non era unha carreira axeitada para mulleres. En 1918 realiza o curso selectivo e xa en 1919 ingresa na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago. Nestes anos, como facían as escasas alumnas doutras facultades santiaguesas, o tempo transcorría nunha vida austera, dedicada só ao estudio e con breves paseos de lecer pola Ferradura. Tivo como profesores a Novoa Santos, Gil Casares e Romero Molezún<sup>201</sup>. En 1925 converteuse na primeira muller galega en obter

---

<sup>200</sup> Olimpia Valencia López, AHUS: leg. 1495, exp. 13.

<sup>201</sup> “...y guardo de ellos un magnífico recuerdo” declararía en entrevista ao periódico Faro de Vigo (20-XI-71)

a licenciatura en Medicina. O seu expediente académico inclúe, como xa dixemos antes, dezanove matrículas de honra dun total de vinte e catro materias e premio extraordinario de licenciatura.

A Olimpia Valencia teríalle gustado ficar na clínica do doutor Gil Casares, onde se trataban enfermidades do pneumotórax (pulmonares), mais neste caso por presións familiares (naquel tempo non se xulgaba oportuno que as mulleres tratasesen como profesionais médicas a pacientes varóns) e tamén por influencia dos catedráticos, que pensaban que tiña que dedicarse a cuestións relativas á maternidade, inclinouse pola especialización en Xinecoloxía. Trasladouse a Madrid para preparar a súa tese de doutoramento, “*Variaciones de la colesterina en relación con la anestesia quirúrgica*”, baixo a dirección do acreditado catedrático de Obstetricia Recaséns. A memoria leuse en 1930.

En Madrid instalouse durante tres anos na Residencia de Señoritas da rúa Fortuny, que dirixía María de Maeztu, onde chegou recomendada por don Ramón Menéndez Pidal e por Armando Cotarelo Valledor, e onde tamén vai exercer outras funcións para gañar unha bolsa co fin de custearse a estancia (Gurriarán, 2003: 184). No curso 1926-27 imparte clases de cultura xeral ás residentes. No seguinte curso é nomeada médica titular do *Instituto Escuela*, institución docente experimental xurdida do entorno da Junta para la Ampliación de Estudios (JAE).

O 23 de febreiro de 1928 estableceu clínica en Vigo e deuse a coñecer cunha placa na porta e cun anuncio na prensa:<sup>202</sup> «*Olimpia Valencia. Especialista en enfermedades de la mujer*». Nun principio tivo moitas dificultades para que lle recoñecesen a súa condición de «médico», mais pouco a pouco foi gañando prestixio profesional.

A JAE concedelle, en 1930, a consideración de bolsa para visitar durante un mes clínicas xinecolóxicas en Alemaña e Suíza para investigar no tema da súa tese. Nese mesmo ano María de Maeztu escribelle unha carta de recomendación a Juan Negrín que formará parte do tribunal da tese desta médica:

---

<sup>202</sup> a cidade recibiuna «[...] con grande curiosidade. Os periódicos me dedicaron atención e recibí numerosas cartas de galegos residentes en Cuba, Brasil e a Arxentina felicitándome pola miña decisión» (*Faro de Vigo*, 20 de novembro de 1971).

Me permito recomendarlle co maior interese á Sra. Olimpia Valencia que presentou a súa Tese de doutoramento e será xulgada nestes días. Esta señorita estudou na Residencia e dende hai uns anos exerce a súa carreira en Vigo con grande competencia. Teño moito interese por ela pois é unha excelente moza intelixente e traballadora; entrégoa, polo tanto á súa solicitude (*Archivo de la Residencia de Señoritas*, carta de María de Maeztu a Juan Negrín. Madrid, 3 de novembro de 1930).

Muller de inquietudes culturais, vinculada a Galicia, tivo relación con varios recoñecidos intelectuais e galeguistas, como Paz Andrade, Álvaro de las Casas ou Fernández Mato. Aceptou encabezar en xuño de 1931 un chamamento de apoio aos candidatos galeguistas da provincia de Pontevedra e outro en xuño de 1936 a prol do si

no Plebiscito do Estatuto Galego, ámbolos dous documentos estaban asinados só por mulleres. En febreiro de 1937 foi detida e pasou catro días no cuartel da Garda Civil acusada de pertencer ao Partido Galeguista (acusación que ela negará) e de ter trato con xente de esquerdas. Os bos informes sobre o seu comportamento e un «donativo» conseguiron que saíse en liberdade. Os anos seguintes foron de gran dureza: acusada de «roxa», moitas persoas deixaron de ir á súa consulta, situada na rúa do Príncipe nº 11. Na década de 1940 conseguiu entrar na Seguridade Social xubilándose da práctica pública na década de 1960.



**Figura 61. Olimpia Valencia na súa consulta**

Nas *Primeras Jornadas Médicas Gallegas*, celebradas na Coruña do 19 ao 25 agosto de 1929 con grande éxito de asistencia de congresistas e grande repercusión social e no ambiente médico científico galego, presentou unha comunicación en relación co tema da súa tese. En 1934 fixo unha comunicación na Academia de Vigo (“*La mujer gallega ante el homenaje a Paz Pardo*”).

Nunha entrevista realizada polo xornal Faro de Vigo, deixá clara a súa loita pola igualdade das mulleres:

Aínda agora, eu intento dicir ás mozas o importante que é a independencia profesional e persoal, a defensa dos ideais, aínda que ben sei que os homes de hoxe seguen sen aceptar totalmente ás mulleres que son en verdade independentes, non as que o aparentan. Pero o máis importante é manterse fidel a unha mesma a pesares de todo e de todos. (Faro de Vigo, o sete de decembro de 1986).

Tamén foi fundadora e posteriormente socia de honra da *Academia Médico-Quirúrgica* de Vigo e da Alianza Francesa desta cidade.<sup>203</sup>

Olimpia seguiu a traballar con máis de oitenta anos na súa consulta particular, na liña dunha vida austera dedicada á profesión e ao estudo. Foi recoñecida sempre pola súa elegancia persoal, discreción e calidade humana. Morreu no verán do ano 1987. O Concello de Vigo deu o seu nome a unha rúa en 1998.

#### **Ascensión Vidal Piazuelo<sup>204</sup>**

Petra Ascensión Vidal Piazuelo naceu en Puebla de Hijar (Teruel).<sup>205</sup> Estudou Bacharelato no Instituto Cardenal Cisneros de Madrid, estudos que remataría coa cualificación de sobresaínte. Iniciou estudos superiores na Facultade de Farmacia de Santiago no ano 1915, trasladándose con posterioridade a Madrid. Traballou en 1924-25 e 1928-29 (Magallón, 2011: 97) no Laboratorio de Análise Química da Facultade de Farmacia da Universidade Central que dirixía José Casares, realizando investigacións sobre química capilar. Concedéuselle no ano 1985 a medalla Carracido da Real Academia Nacional de Farmacia.

---

<sup>203</sup> Ver a biografía de Carmen Pérez País publicada na web do Consello da Cultura Galega

<sup>204</sup> Ascensión Vidal Piazuelo, AHUS: leg. 1.569, exp. 19.

<sup>205</sup> Vidal Piazuelo, Petra Ascensión, AHN: UNIVERSIDADES, 6274, Exp.5.

### **M<sup>a</sup> de los Dolores Vielva Otorel<sup>206</sup>**

Naceu o 12 de marzo de 1910 en Palencia. Seu pai, Julio Vielva de Cós, aparece na partida de nacemento da súa filla, como empregado. Estudou Farmacia entre 1929 e 1940, con matrícula gratuítia pois, segundo consta no seu expediente, eran 8 irmás. Súa irmá María del Carmen (Palencia, 1902) licenciouuse en Filosofía e Letras na Universidade Central en 1923, gañou a praza de Lingua e Literatura do Instituto de Ferrol en 1928, e posteriormente exercearía a docencia no Instituto Infanta Beatriz de Madrid e no instituto Murillo de Sevilla.

O 22 de xuño de 1949 aparece unha solicitude para o nomeamento desta muller como a primeira académica da Institución Tello Téllez de Meneses, dependente do CSIC. Nese momento M<sup>a</sup> del Carmen Vielva era xa catedrática do Instituto Murillo de Sevilla.

### **M<sup>a</sup> del Carmen Zapata y Zapata<sup>207</sup>**

Natural da Coruña, naceu o 19 de febreiro de 1911, filla de Manuel Zapata Vidal, natural de Vejoy, propietario e de Elvira Zapata Bono, da Coruña e residentes na rúa Panaderas nº 13, desta cidade. Súa filla rexistrouse cos nomes de M<sup>a</sup> del Carmen Andrea Gabina. Estudou o bacharelato no Instituto da Coruña.

Logo estudou na Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago entre 1928 e 1935. Ingresou como socia da SEFQ en 1929 sendo presentada por Zapata Zapata e Nogareda Doménech. Entre os anos 1928 e 1930 estudou na Facultade de Farmacia as materias precisas para acadar tamén esta licenciatura.

«Logo de rematar a carreira sería profesora do *Instituto-Escuela* en Madrid» (Gurriarán, 2006: 571).

---

Quixería engadir unha consideración final a estes percorridos vitais. Entre estas mulleres universitarias, atopamos que a maternidade e os coidados da familia, romperon en moitos casos carreiras profesionais, se é que en algúns momentos se tiñan iniciado. María

---

<sup>206</sup> AHUS: leg. 1575, exp. 3.

<sup>207</sup> AHUS: leg. 1613, exp.5.

Freire Garabal, unha das primeiras médicas, que contaba ademais cun expediente salientable, non chegou a exercer para dedicarse ao coidado da súa familia (era a irmá maior). Carreiras científicas prometedoras quedaban paradas tras do matrimonio como no caso de Sara Soto ou tras a maternidade como Antonia Barrera Ramallo. Observamos que aquelas que conseguiron distinguirse no mundo científico eran solteiras ou casadas sen descendencia (Olimpia Valencia, Antonia Ferrín, Jimena Fernández de la Vega, Ramona Vaamonde, Fernanda Monasterio, Ada Paz-Andrade, ou Tarsy Carballas). Entre estas más destacadas só dúas tiveron fillos, M<sup>a</sup> Antonia Gunther e Ángeles Alvariño, e ambas desenvolveron parte ou toda a súa carreira científica no estranxeiro.

Como indica Tarsy Carballas

as compañeiras que forman a súa propia familia acostuman seguir facendo 'moitos más esforzos' na súa vida que os compañeiros casados. En pleno século XXI as responsabilidades familiares seguen recaendo maioritariamente nas mulleres e os fogares das científicas non son a excepción. Non só o día a día é más complicado se hai que asumir o peso do coidado dos fillos, senón que as estanzas no estranxeiro de varios meses, unha parte indispensábel nun currículum científico, poden resultar moito más complicadas e mesmo levar a renunciar ao avance profesional (*Mulleres galegas*, 2008: 3).<sup>208</sup>

Por todas estas mulleres que me precederon e grazas ás que hoxe en día son unha cidadá que goza de case os mesmos dereitos que os varóns, me reivindico e me reivindicaré sempre *feminista*.

---

<sup>208</sup> Mulleres Galegas é unha publicación do Sindicato de Traballadores do Ensino de Galicia STEG. Pódese consultar en:

[http://www.steg.gal/muller/propostas\\_didacticas/actividades\\_steg\\_muller1.pdf](http://www.steg.gal/muller/propostas_didacticas/actividades_steg_muller1.pdf)

**ANEXO I MATRICULADAS EN MEDICINA**





**Táboa I. Alumnas da Facultade de Medicina da USC 1910-1960 alfabética**

<b>apelidos</b>	<b>nome</b>	<b>natural de</b>
1. Abellás Rodríguez	Aurora	Tamallancos Ourense
2. Aguirre Gallastegui	Mª del Rosario	Santander Santander
3. Alborés Núñez	Mª Isabel	Gondomar Pontevedra
4. Alejos-Pita Contreras	Magdalena	Madrid Madrid
5. Álvarez Aguilar	Isabel	Madrid Madrid
6. Álvarez Besada	Emma	Tui Pontevedra
7. Álvarez Moreno	Mª Concepción	Pontevedra Pontevedra
8. Álvarez Veras	Irene Lucía	Ourense Ourense
9. Angulo Gómez	Mª de los Angeles	A Coruña A Coruña
10. Antigue Delgado	Julia Mª	Arecibo Porto Rico
11. Ares Posada	Mª del Carmen	Lourenzá Lugo
12. Areses Pérez	Josefina	Pontevedra Pontevedra
13. Arriba Peral	Mª Argentina	Xixón Asturias
14. Avila Bustillo	Blanca Mª	Viana Ourense
15. Baca Reixach	Carmen	Igualada Barcelona
16. Balseiro Castiñeiras	Marina	Viveiro Lugo
17. Basañez Villabeitia	Eloísa	Las Arenas Biscaia
18. Bernaola Valle	Mª Begoña	Navarra
19. Blanco Pérez	Mª Visitación	Maceda Ourense

20. Blas Armada	Socorro	Ceredo	Pontevedra
21. Blas Orbán	Carmen	Pereiro de Aguiar	Ourense
22. Bobillo Ledo	Consuelo	Xinzo	Ourense
23. Bouzas Pérez	Mª Luisa	Baiona	Pontevedra
24. Bouzo Santiago	Mª Teresa	Ourense	Ourense
25. Buceta Mouriño	Francisca	Vilagarcía	Pontevedra
26. Calviño Méndez	Amparo	Santiago	A Coruña
27. Canosa Demassi	Dorothea	Newburgh (New York)	USA
28. Carrera Ferreira	Zita Teresa	Lisboa	Portugal
29. Castiñeira Puente	Otilia	Monforte de Lemos	Lugo
30. Castresana Peciña	Mercedes	Vitoria	Álava
31. Chacartegui Saenz de Tejada	Mª del Rosario	Guernika	Biscaia
32. Clavero Maestre	Mª Ascensión	San Sebastián	Guipúzcoa
33. Clavero Maestre	Mª del Coro	San Sebastián	Guipúzcoa
34. Clavero Maestre	Mª de los Dolores	San Sebastián	Guipúzcoa
35. Colom Delgado	Lydia	Lares	Porto Rico
36. Conde Cid	Mª Ana	Allariz	Ourense
37. Crespo Blanco	Mª del Amparo	Lugo	Lugo
38. Dans Boado	Rosario	Oza dos Ríos	A Coruña
39. Davila Estévez	Dolores	Ribadavia	Ourense

40. Díaz Alemany	M <sup>a</sup> Elena	Oviedo	Asturias
41. Díaz Muinelo	M <sup>a</sup> de las Nieves	Lugo	Lugo
42. Díaz Muinelo	Graciela	Lugo	Lugo
43. Díaz-Faes Fernández	Caridad	Oviedo	Asturias
44. Díez Fernández	M <sup>a</sup> de la Estrella	Oviedo	Asturias
45. Domenech Cruz	Sara Esther	San Xoán	Porto Rico
46. Dono Fernández	Francisca	Pontevedra	Pontevedra
47. Ema Berenguer	Concepción	Santander	Santander
48. Escudero Cendrón	Luisa del Carmen	Ribadavia	Ourense
49. Espías Andrés	M <sup>a</sup> Josefa	Zamora	Zamora
50. Esquete López	Casilda	Santiago	A Coruña
51. Feliz Rey	M <sup>a</sup> de los Angeles	A Coruña	A Coruña
52. Fernández Calvete	Alicia	Ortigueira	A Coruña
53. Fernández Calvete	M <sup>a</sup> Gloria	Ortigueira	A Coruña
54. Fernández Cascallar	M <sup>a</sup> Luisa	Pontevedra	Pontevedra
55. Fernández Coleto	M <sup>a</sup> Josefa	Córdoba	Córdoba
56. Fernández de la Vega Lombán	Elisa	Vegadeo	Asturias
57. Fernández de la Vega Lombán	Jimena	Vegadeo	Asturias
58. Fernández Feliberti	Isabel	Caguas	Porto Rico
59. Fernández Martínez	Carmen	A Coruña	A Coruña
60. Fernández Martínez	Ofelia	A Habana	Cuba

61. Ferreira Frontera	Luisa	Aguadilla	Porto Rico
62. Fraga Iribarne	Carmen Luisa	Vilalba	Lugo
63. Freire Garabal	Maria	Santiago	A Coruña
64. Gallego Tabarés	M <sup>a</sup> de los Angeles	Ourense	Ourense
65. García Cimadevila	Gloria	Santiago	A Coruña
66. García Díaz	M <sup>a</sup> de los Angeles	Puerto de Santa María	Cádiz
67. García Mariño	M <sup>a</sup> Vicenta	Lisboa	Portugal
68. García Martínez	M <sup>a</sup> Antonia	Moreda de Aller	Asturias
69. García Rodríguez	M <sup>a</sup> Asunción	Fonsagrada	Lugo
70. Gasalla Rivero	M <sup>a</sup> de la Paz	Lugo	Lugo
71. Gasalla Varela	Antonia	A Coruña	A Coruña
72. González y González	M <sup>a</sup> del Pilar	Los Llanos Tenerife	Sta. Cruz
73. González Mosquera	Olinda Beatriz	Ferrol	A Coruña
74. Gulín Vila	Marina	Taboadela	Ourense
75. Herranz Rodríguez	M <sup>a</sup> del Pilar	Porriño	Pontevedra
76. Herrero Astorga	Milagros	Campazas	León
77. Hevia Rodríguez	Margarita	Mieres	Asturias
78. Hontoria García Ortiz	M <sup>a</sup> Luisa	Villarobledo	Albacete
79. Iglesias Losada	M <sup>a</sup> Luisa	Monforte	Lugo
80. Jackson Santana	Fredeswinda	Yabucoa	Porto Rico

81. Janeiro Salas	Olga	México	México
82. Jiménez Rodríguez	Julia Teresa	Bogotá	Colombia
83. Lago Núñez	Mª del Pilar	Vigo	Pontevedra
84. Lago Padín	Mª Blanca	Vilagarcía	Pontevedra
85. Laufer Wainfeld	Lily		Venezuela
86. Lledías Ferro	Mª Teresa	Ferrol	A Coruña
87. López Castañón	Mª Argentina		
88. López Cotarelo	Maria	Taramundi	Asturias
89. López Espino	Olga	Las Palmas	Gran Canaria
90. López López	Mª del Consuelo	Cerdido	A Coruña
91. López Somoza	Mª del Pilar	Santiago	A Coruña
92. Lorenzo Santamaría	Rosa	Ribadavia	Ourense
93. Lumbreiras Llaury	Juana	Minas de Horcajo	Ciud. Real
94. Martín Castro	Mª del Carmen	Vigo	Pontevedra
95. Martínez Casado	Carmen	Baena	Córdoba
96. Martínez García	Amparo	Vigo	Pontevedra
97. Martínez Martínez	Salustiana		
98. Martorell Suárez	Guillermina		Cuba
99. Mauríz Fernández	Mª Enriqueta	Cacabelos	León
100. Medina Fuentes	Lydia Beatriz		Porto Rico (USA)

101. Mesa Pérez	Ana M <sup>a</sup>	Ourense	Ourense
102. Míguez Mosquera	M <sup>a</sup> del Pilar	Pontevedra	Pontevedra
103. Milagro Marrero	Patria	Barranquitas	Porto Rico
104. Milio Bugueiro	Purificación	A Coruña	A Coruña
105. Millarengo Bellón	Benigna	Neda	A Coruña
106. Miranda Siragusa	Carmen Teresita	Bayamón	Porto Rico
107. Miyar Villarrica	M <sup>a</sup> del Carmen	Villaviciosa	Asturias
108. Moar Vázquez	M <sup>a</sup> de la Concepción	Santiago	A Coruña
109. Monasterio Cobelo	Fernanda	Madrid	Madrid
110. Montes de Celis	Ana M <sup>a</sup>	Madrid	Madrid
111. Moreno Castillo	Aurelia	Oxford	Inglatera
112. Moreno Ruíz Aguirre	Carmen		
113. Moure Martín	M <sup>a</sup> del Carmen	Pontevedra	Pontevedra
114. Muiños Esparza	Luisa Fernanda	A Coruña	A Coruña
115. Negrón Rivera	Nora	Santurce	Biscaia
116. Nestal Álvarez	Aurora	Mieres	Asturias
117. Nogueira Santana	Obdulia	Sandiás	Ourense
118. Nogueira Santana	Nieves	Sandiás	Ourense
119. Noguerol Eyré	Fernanda	Chantada	Lugo
120. Novo Fernández	M <sup>a</sup> Luisa	Madrid	Madrid
121. Novoa Seijo	M <sup>a</sup> del Carmen	Cea	Ourense

122. Núñez Coello	Nieves	Maceda	Ourense
123. Ocampo Otero	M <sup>a</sup> Teresa	Redondela	Pontevedra
124. Ortiz Casares	Joaquina	Paredes de Nava	Palencia
125. Otero Carreira	M <sup>a</sup> de la Concepción	Santiago	A Coruña
126. Otero Suárez	María	Santiago	A Coruña
127. Palmeiro Valcarce	Dolores	Pol	Lugo
128. Parada Pumar	M <sup>a</sup> de la Paz	Ourense (Canedo)	Ourense
129. Páramo González-Tablas	M <sup>a</sup> del Socorro		
130. Pardo García	Eloísa	A Coruña	A Coruña
131. Pérez Barcia	Esther	Miño	A Coruña
132. Pérez Carnicero	Amparo	Santibañez de Vidriales	Zamora
133. Pérez Covelo	Benilda	Ortigueira	A Coruña
134. Pérez de Juan	M <sup>a</sup> Luisa	Ourense	Ourense
135. Pérez Martín	Ramona	Marín	Pontevedra
136. Pérez y Pérez-Batallón	M <sup>a</sup> Carmen	Lugo	Lugo
137. Perille Romero	Eulogia	Ferrol	A Coruña
138. Piñeiro Estrella	María	Santiago	A Coruña
139. Plaza Piñeiro	Petra	Madrid	Madrid
140. Ponte Canosa	Matilde	A Coruña	A Coruña
141. Porrata-Doria Sabater	Judit	Guayama	Porto Rico

142. Porto Vázquez	M <sup>a</sup> del Carmen	Santiago	A Coruña
143. Posse Ruiz	M <sup>a</sup> del Pilar	Bilbao	Biscaia
144. Prieto Álvarez	Dolores	Palacios del Sil	León
145. Puga Noguerol	Mercedes Esther	Ourense	Ourense
146. Quintana Rodríguez	Concepción	Barcelona	Barcelona
147. Ramallo Rodríguez	Josefa	Santiago	A Coruña
148. Ramos Jordan	Viola	Ponce	Porto Rico
149. Rielo Valcarce	M <sup>a</sup> Paz	Pol	Lugo
150. Rivadulla Àlvarez	Eloísa	Chantada	Lugo
151. Rivera Criado	M <sup>a</sup> Leonor Araceli	Luyego de Somoza	León
152. Roca Jolonch	Teresa	Barcelona	Barcelona
153. Rodríguez Bugallo	Dolores	Pontevedra	Pontevedra
154. Rodríguez Díaz	M <sup>a</sup> Luz	Ferrol	A Coruña
155. Rodríguez Ferraces	M <sup>a</sup> Berta	Ourense	Ourense
156. Rodríguez Freire	Emilia	Santiago	A Coruña
157. Rodríguez Mondelo	Blasinda	O Bolo	Ourense
158. Rodríguez Pazos	M <sup>a</sup> de la O Julia	Santiago	A Coruña
159. Rodríguez Rodríguez	América	Canedo	Ourense
160. Rodríguez Sampedro	Francisca		
161. Rodríguez Sánchez	M <sup>a</sup> de los Ángeles	A Coruña	A Coruña
162. Rodríguez Vila	M <sup>a</sup> del Carmen	Lugo	Lugo

163. Rubira Bastos	M <sup>a</sup> de los Dolores	Vigo	Pontevedra
164. Sampedro Costas	M <sup>a</sup> Leonor Francisca	Viveiro	Lugo
165. Sánchez Borrajo	Gloria	Ourense	Ourense
166. Sánchez Díaz	Blanca Matilde	Murcia	Murcia
167. Sánchez Ocaña	Emiliana M <sup>a</sup>	Ondarroa	Biscaia
168. Sánchez Pazos	María	Ourense	Ourense
169. Santamaría Zapatero	M <sup>a</sup> Dolores	Pola de Siero	Asturias
170. Santos Santos	Julita	Valdevimbre	León
171. Santos Vázquez	Amelia de los	A Coruña	A Coruña
172. Seara Vázquez	M <sup>a</sup> del Pilar	Allariz	Ourense
173. Seijo Mosquera	Mercedes	Pontevedra	Pontevedra
174. Selbmann Kümmer	Ida Ruth	Pforzheim	Alemania
175. Seoane Rodríguez	M <sup>a</sup> Dolores	Barbadás	Ourense
176. Sepúlveda Sosa	M <sup>a</sup> Indalecia		Porto Rico
177. Silva Serén	M <sup>a</sup> Teresa	Cobas (Meaño)	Pontevedra
178. Sotelo Rodríguez	M <sup>a</sup> Teresa	Rairiz de Veiga	Ourense
179. Soto García	Isolina	Cenlle	Ourense
180. Suárez Menéndez	M <sup>a</sup> Rafaela	Trubia	Asturias
181. Surós Forns	Francisca	Barcelona	Barcelona
182. Torres Caplanne	Clemencia	Madrid	Madrid
183. Torres Rivera	Elsa Iris	San Sebastián	Porto Rico

184. Touza Pérez	Celia	Pobra de Brollón	Lugo
185. Troncoso Rozas	Mª de la Asunción	Vigo	Pontevedra
186. Valcarce Quiroga	Eugenia	Samos	Lugo
187. Valencia López	Olimpia	Baltar	Ourense
188. Valverde Alonso	Isabel	Vigo	Pontevedra
189. Varela Feal	Evangelina	Ferrol	A Coruña
190. Vázquez de Parga	Mª del Rosario Santamarina		
191. Vázquez Domínguez	Mercedes	Cariño (O Seixo)	A Coruña
192. Vázquez Martul	Mª Mercedes	Villamartín de Valdeorras	Ourense
193. Vázquez Navarro	Mª del Pilar	Monterroso	Lugo
194. Vázquez Vázquez	Mª Obdulia	Carballido	Lugo
195. Viana Conde	Mª del Carmen	Vigo	Pontevedra
196. Vicente Campo	Yolanda Margarita	San Juan	Porto Rico
197. Vidal Adán	Antonia	Boborás	Ourense
198. Vidal Fernández	Mª de la Consolación	Vigo	Pontevedra
199. Vila Pumarega	Matilde	Vigo	Pontevedra

**Táboa II. Alumnas de Medicina 1910-1960 cronolóxica**

apelidos	nome	Natural de	curso	
1. López Cotarelo	María	Taramundi	Asturias	1912-14
2. Fernández de la Vega Lombán	Jimena	Vegadeo	Asturias	1913-19
3. Fernández de la Vega Lombán	Elisa	Vegadeo	Asturias	1913-19
4. Valencia López	Olimpia	Baltar	Ourense	1919-25
5. Fernández Cascallar	Mª Luisa	Pontevedra	Pontevedra	1920-26
6. Piñerio Estrella	María	Santiago	A Coruña	1921-32
7. Freire Garabal	María	Santiago	A Coruña	1921-36
8. Noguerol Eyré	Fernanda	Chantada	Lugo	1922-25
9. López Somoza	Mª del Pilar	Santiago	A Coruña	1922-28
10. Parada Pumar	Mª de la Paz	Ourense	Ourense	1923-25
11. Álvarez Veras	Irene Lucía	Ourense	Ourense	1924-26
12. Iglesias Losada	Mª Luisa	Monforte	Lugo	1924-30
13. Selbmann Kümmer	Ida Ruth	Pforzheim	Alemaña	1924-32
14. Pérez Carnicero	Amparo	Santibañez de Vidriales	Zamora	1925-27
15. Álvarez Besada	Emma	Tui	Pontevedra	1925-30
16. González y González	Mª del Pilar	Los Llanos	Santa Cruz de Tenerife	1926-27
17. Aguirre Gallastegui	Mª del Rosario	Santander	Cantabria	1927-28

18. Martínez Casado	Carmen	Baena	Córdoba	1927-31
19. Clavero Maestre	Mª del Coro	San Sebastián	Guipúzcoa	1927-32
20. Plaza Piñeiro	Petra	Madrid	Madrid	1928-29
21. Páramo González-	Mª del Socorro			1928-29
Tablas				
22. Martín Castro	Mª del Carmen	Vigo	Pontevedra	1928-29
23. Martínez Martínez	Salustiana			1928-29
24. Castresana Peciña	Mercedes	Vitoria	Álava	1928-30
25. Clavero Maestre	Mª Ascensión	San Sebastián	Guipúzcoa	1928-32
26. Clavero Maestre	Mª de Dolores	San Sebastián	Guipúzcoa	1929-30
27. Fernández Coleto	Mª Josefa	Córdoba	Córdoba	1929-30
28. Ema Berenguer	Concepción	Santander	Cantabria	1929-32
29. Palmeiro Valcarce	Dolores	Pol	Lugo	1929-36
30. Rodríguez Freire	Emilia	Santiago	A Coruña	1930-31
31. Bouzo Santiago	Mª Teresa	Ourense	Ourense	1930-32
32. Crespo Blanco	Mª del Amparo	Lugo	Lugo	1930-32
33. Puga Noguerol	Mercedes Esther	Ourense	Ourense	1930-33
34. López López	Mª del Consuelo	Cerdido	A Coruña	1930-34
35. Álvarez Aguilar	Isabel	Madrid	Madrid	1930-36
36. Otero Carreira	Mª Concepción	Santiago	A Coruña	1930-38
37. Rivadulla Álvarez	Eloísa	Chantada	Lugo	1930-39
38. Chacartegui Saenz de Tejada	Mª del Rosario	Guernika	Biscaia	1931-32

39. Surós Forns	Francisca	Barcelona	Barcelona	1931-32
40. Díez Fernández	Mª Estrella	Oviedo	Asturias	1931-32
41. Vázquez Domínguez	Mercedes	Cariño	A Coruña	1931-39
42. Fernández Martínez	Carmen	A Coruña	A Coruña	1931-39
43. Lago Núñez	Mª del Pilar	Vigo	Pontevedra	1931-40
44. Torres Caplanne	Clemencia	Madrid	Madrid	1931-40
45. Sánchez Borrajo	Gloria	Ourense	Ourense	1931-40
46. Rodríguez Pazos	Mª de la O Julia	Santiago	A Coruña	1932-33
47. Calviño Méndez	Amparo	Santiago	A Coruña	1932-33
48. Ramallo Rodríguez	Josefa	Santiago	A Coruña	1932-34
49. Moar Vázquez	Mª Concepción	Santiago	A Coruña	1932-41
50. Perille Romero	Eulogia	Ferrol	A Coruña	1933-34
51. Gulín Vila	Marina	Taboada	Ourense	1933-35
52. Ferreira Frontera	Luisa	Aguadilla	Porto Rico	1933-36
53. Pardo García	Eloisa	A Coruña	A Coruña	1933-36
54. Conde Cid	Mª Ana	Allariz	Ourense	1934-36
55. Santos Santos	Julita	Valdevimbre	León	1934-36
56. Sánchez Díaz	Blanca Matilde	Murcia	Murcia	1934-42
57. Viana Conde	Mª del Carmen	Allariz	Ourense	1934-43
58. Martorell Suárez	Guillermina		Cuba	1935-36

59. Sepúlveda Sosa	M <sup>a</sup> Indalecia		Porto Rico	1935-36
60. Baca Reixach	Carmen	Igualada	Barcelona	1935-40
61. Monasterio Cobelo	Fernanda	Madrid	Madrid	1938-39
62. Rodríguez Sánchez	M <sup>a</sup> de los Ángeles	A Coruña	A Coruña	1938-40
63. Hontoria García Ortiz	M <sup>a</sup> Luisa	Villarobledo	Albacete	1938-41
64. Ocampo Otero	Teresa	Redondela	Pontevedra	1939-40
65. Pérez Barcia	Esther	Miño	A Coruña	1939-40
66. Soto García	Isolina	Cenlle	Ourense	1939-40
67. Novoa Seijo	M <sup>a</sup> del Carmen	Cea	Ourense	1939-41
68. Carrera Ferreira	Zita Teresa	Lisboa	Portugal	1939-41
69. Buceta Mouriño	Francisca	Vilagarcía	Pontevedra	1939-41
70. Nogueira Santana	Obdulia	Sandiás	Ourense	1939-42
71. Roca Jolonch	Teresa	Barcelona	Barcelona	1939-42
72. García Cimadevila	Gloria	Santiago	A Coruña	1939-42
73. Ponte Canosa	Matilde	A Coruña	A Coruña	1939-43
74. Nogueira Santana	Nieves	Sandiás	Ourense	1939-43
75. Troncoso Rozas	M <sup>a</sup> Asunción	Vigo	Pontevedra	1939-44
76. Pérez de Juan	M <sup>a</sup> Luisa	Ourense	Ourense	1939-44
77. Herrero Astorga	Milagros	Campazas	León	1939-44
78. Vázquez Navarro	M <sup>a</sup> del Pilar	Monterroso	Lugo	1939-45

79. Gasalla Rivero	M <sup>a</sup> de la Paz	Lugo	Lugo	1939-45
80. Blanco Pérez	M <sup>a</sup> Visitación	Maceda	Ourense	1939-46
81. Vidal Fernández	M <sup>a</sup> Consolación	Vigo	Pontevedra	1939-46
82. Ortiz Casares	Joaquina	Paredes de Nava	Palencia	1939-46
83. Moreno Ruíz Aguirre	Carmen			1940-41
84. Milio Bugueiro	Purificación	A Coruña	A Coruña	1940-41
85. Davila Estévez	Dolores	Ribadavia	Ourense	1940-47
86. García Díaz	M <sup>a</sup> Angeles	Puerto de Santa María	Cádiz	1941-42
87. Sánchez Pazos	María	Ourense	Ourense	1941-43
88. Seoane Rodríguez	M <sup>a</sup> Dolores	Barbadás (Sobrado do Bispo)	Ourense	1941-43
89. Basañez Villabeitia	Eloísa	Las Arenas	Biscaia	1941-44
90. Avila Bustillo	Blanca M <sup>a</sup>	Viana	Ourense	1942-45
91. Rodríguez Mondelo	Blasinda	O Bolo	Ourense	1942-45
92. Touza Pérez	Celia	Pobra de Brollón	Lugo	1942-45
93. Rodríguez Rodríguez	América	Canedo	Ourense	1942-46
94. Gallego Tabarés	M <sup>a</sup> de los Angeles	Ourense	Ourense	1942-46
95. Areses Pérez	Josefina	Pontevedra	Pontevedra	1942-47

96.	Moure Martín	M <sup>a</sup> del Carmen	Pontevedra	Pontevedra	1942-48
97.	Fernández Calvete	Alicia	Ortigueira	A Coruña	1942-49
98.	Lumbreras Llaury	Juana	Minas de Horcajo	Ciudad Real	1942-50
99.	Valcarce Quiroga	Eugenia	Samos	Lugo	1942-50
100.	Castiñeira Puente	Otilia	Monforte de Lemos	Lugo	1942-53
101.	Sánchez Ocaña	Emiliana M <sup>a</sup>	Ondarroa	Biscaia	1943-44
102.	Espías Andrés	M <sup>a</sup> Josefa	Zamora	Zamora	1944-45
103.	Angulo Gómez	M <sup>a</sup> de los Angeles	A Coruña	A Coruña	1944-48
104.	Jiménez Rodríguez	Julia Teresa	Cartagena	Colombia	1944-58
105.	Arriba Peral	M <sup>a</sup> Argentina	Xixón	Asturias	1945-46
106.	Feliz Rey	M <sup>a</sup> Angeles	A Coruña	A Coruña	1945-51
107.	Fernández Calvete	M <sup>a</sup> Gloria	Ortigueira	A Coruña	1945-51
108.	Rodríguez Díaz	M <sup>a</sup> Luz	Ferrol	A Coruña	1946-47
109.	Santos Vázquez	Amelia de los	A Coruña	A Coruña	1946-47
110.	Santamaría Zapatero	M <sup>a</sup> Dolores	Pola de Siero	Asturias	1946-52
111.	Bobillo Ledo	Consuelo	Xinzo	Ourense	1947-48
112.	Rubira Bastos	M <sup>a</sup> Dolores	Vigo	Pontevedra	1947-48
113.	Montes de Celis	Ana M <sup>a</sup>	Madrid	Madrid	1947-51

114.	Janeiro Salas	Olga	México	México	1947-53
115.	Rielo Valcarce	Mª Paz	Pol	Lugo	1947-58
116.	Alejos-Pita Contreras	Magdalena	Madrid	Madrid	1948-49
117.	Rivera Criado	Mª Leonor Araceli	Luyego de Somoza	León	1948-49
118.	García Mariño	Mª Vicenta	Lisboa	Portugal	1948-50
119.	Lago Padín	Mª Blanca	Vilagarcía	Pontevedra	1948-50
120.	Sampedro Costas	Mª Leonor Francisca	Viveiro	Lugo	1948-52
121.	Abellás Rodríguez	Aurora	Tamallancos	Ourense	1948-55
122.	Rodríguez Bugallo	Dolores	Pontevedra	Pontevedra	1948-55
123.	González Mosquera	Olinda Beatriz	Ferrol	A Coruña	1948-57
124.	Rodríguez Sampedro	Francisca			1949-52
125.	Prieto Álvarez	Dolores	Palacios del Sil	León	1949-58
126.	Millarengo Bellón	Benigna	Neda	A Coruña	1949-58
127.	Vila Pumarega	Matilde	Vigo	Pontevedra	1950-51
128.	López Castañón	Mª Argentina			1950-51
129.	Miranda Siragusa	Carmen Teresita	Bayamón	Porto Rico	1950-52
130.	López Espino	Olga	Las Palmas	Gran Canaria	1950-56
131.	Dono Fernández	Francisca	Pontevedra	Pontevedra	1950-56
132.	Seijo Mosquera	Mercedes	Pontevedra	Pontevedra	1950-57

133.	Gasalla Varela	Antonia	A Coruña	A Coruña	1950-57
134.	Colom Delgado	Lydia		Porto Rico	1951-52
135.	Pérez Covelo	Benilda	Ortigueira	A Coruña	1951-52
136.	Rodríguez Vila	Mª del Carmen	Lugo	Lugo	1951-53
137.	Torres Rivera	Elsa Iris	San Sebastián	Porto Rico	1951-58
138.	Vicente Campo	Yolanda	San Juan	Porto Rico	1952-54
		Margarita			
139.	Fraga Iribarne	Carmen Luisa	Vilalba	Lugo	1953-54
140.	Díaz-Faes	Caridad	Oviedo	Asturias	1953-55
	Fernández				
141.	Balseiro	Marina	Viveiro	Lugo	1953-57
	Castiñeiras				
142.	Blas Orbán	Carmen	Pereiro de Aguiar (Sabadelle)	Ourense	1953-58
143.	García Martínez	Mª Antonia	Moreda de Aller	Asturias	1953-60
144.	Bernaola Valle	Mª Begoña		Navarra	1954-55
145.	Medina Fuentes	Lydia Beatriz		Porto Rico	1954-56
				(USA)	
146.	Seara Vázquez	Mª del Pilar	Allariz	Ourense	1954-57
147.	Ares Posada	Mª del Carmen	Lourenzá	Lugo	1954-58
148.	Lorenzo	Rosa	Ribadavia	Ourense	1954-60
	Santamaría				
149.	Quintana	Concepción	Barcelona	Barcelona	1954-60
	Rodríguez				

150.	Díaz Muinelo	M <sup>a</sup> Nieves	Lugo	Lugo	1955-56
151.	Núñez Coello	Nieves	Maceda	Ourense	1955-57
152.	Dans Boado	Rosario	Oza dos Rios	A Coruña	1955-60
153.	Moreno Castillo	Aurelia	Oxford	Inglaterra	1955-60
154.	Nestal Álvarez	Aurora	Mieres	Asturias	1955-60
155.	Milagro Marrero	Patria	Barranquitas	Porto Rico	1956-57
156.	Ramos Jordan	Viola	Ponce	Porto Rico	1956-57
157.	Suárez Menéndez	M <sup>a</sup> Rafaela	Trubia	Asturias	1956-57
158.	Díaz Muinelo	Graciela	Lugo	Lugo	1956-57
159.	Laufer Wainfeld	Lily		Venezuela	1956-58
160.	Otero Suárez	María	Santiago	A Coruña	1956-58
161.	Herranz Rodríguez	M <sup>a</sup> del Pilar	Porriño	Pontevedra	1956-60
162.	Valverde Alonso	Isabel	Vigo	Pontevedra	1956-60
163.	Díaz Alemany	M <sup>a</sup> Elena	Oviedo	Asturias	1957-58
164.	Porrata-Doria Sabater	Judit	Guayama	Porto Rico	1957-58
165.	Vázquez de Parga Santamarina	M <sup>a</sup> del Rosario			1957-60
166.	Miyar Villarrica	M <sup>a</sup> del Carmen	Villaviciosa	Asturias	1957-60
167.	Vázquez Vázquez	M <sup>a</sup> Obdulia	Carballido	Lugo	1957-60
168.	Blas Armada	Socorro	Cerdeiro	Pontevedra	1957-60
169.	Posse Ruiz	M <sup>a</sup> del Pilar	Bilbao	Biscaia	1957-60

170.	Porto Vázquez	M <sup>a</sup> del Carmen	Santiago	A Coruña	1957-60
171.	Muiños Esparza	Luisa F.	A Coruña	A Coruña	1957-60
172.	Alborés Núñez	M <sup>a</sup> Isabel	Gondomar	Pontevedra	1957-60
173.	Martínez García	Amparo	Vigo	Pontevedra	1957-60
174.	Jackson Santana	Fredeswinda	Yabucoa	Porto Rico	1957-60
175.	Silva Serén	M <sup>a</sup> Teresa	Cobas (Meaño)	Pontevedra	1957-60
176.	Negrón Rivera	Nora	Santurce	Biscaia	1959-60
177.	Novo Fernández	M <sup>a</sup> Luisa	Madrid	Madrid	1959-60
178.	Pérez Martín	Ramona	Marín	Pontevedra	1959-60
179.	Pérez y Pérez-Batallón	M <sup>a</sup> Carmen	Lugo	Lugo	1959-60
180.	Rodríguez Ferraces	M <sup>a</sup> Berta	Ourense	Ourense	1959-60
181.	Varela Feal	Evangelina	Ferrol	A Coruña	1959-60
182.	Míguez Mosquera	M <sup>a</sup> del Pilar	Pontevedra	Pontevedra	1959-60
183.	Domenech Cruz	Sara Esther	San Xoán	Porto Rico	1959-60
184.	Esquete López	Casilda	Santiago	A Coruña	1959-60
185.	Hevia Rodríguez	Margarita	Mieres	Asturias	1959-60
186.	Vidal Adán	Antonia	Boborás	Ourense	1959-60
187.	Mesa Pérez	Ana M <sup>a</sup>	Ourense	Ourense	1959-60
188.	Mauríz Fernández	M <sup>a</sup> Enriqueta	Cacabelos	León	1959-60
189.	Sotelo Rodríguez	M <sup>a</sup> Teresa	Rairiz de Veiga	Ourense	1959-60

190.	Fernández Martínez	Ofelia	A Habana	Cuba	1959-60
191.	Escudero Cendrón	Luisa del Carmen	Ribadavia	Ourense	1959-60
192.	Canosa Demassi	Dorothea	Newburgh (New York)	USA	1959-60
193.	Bouzas Pérez	Mª Luisa	Baiona	Pontevedra	1959-60
194.	Antique Delgado	Julia Mª	Arecibo	Porto Rico	1959-60
195.	Álvarez Moreno	Mª Concepción	Pontevedra	Pontevedra	1959-60
196.	Vázquez Martul	Mª Mercedes	Villamartín de Valdeorras	Ourense	1959-60
197.	García Rodríguez	Mª Asunción	Fonsagrada	Lugo	1959-60
198.	Fernández Feliberti	Isabel	Caguas	Porto Rico	1959-60
199.	Lledías Ferro	Mª Teresa	Ferrol	A Coruña	1959-60



**ANEXO II MATRICULADAS EN FARMACIA**





Táboa III. Alumnas Farmacia 1910-1960 alfabética

apelidos	nome	natural de		curso
1. Abad Fernández	Mª del Milagro	Xixón	Asturias	1954-60
2. Abal Mieites	Mª del Carmen	A Pobra do Caramiñal	A Coruña	1939-42
3. Abeledo Cortizas	Amelia	Monfero (Vilachá)	A Coruña	1934-41
4. Abelleira Fernández	Manuela	Muros	A Coruña	1954-60
5. Acero Berdasco	Elisa	Salas (Villazón)	Asturias	1939-42
6. Acuña Sánchez	Mª Teresa	Viana do Bolo	Ourense	1951-60
7. Adán Martínez	Africa	Logroño	A Rioxa	1943-47
8. Aguado Casado	Rafaela	Tabara	Zamora	1929-34
9. Aguiar Aguiar	Josefina Mª	Mondoñedo	Lugo	1946-55
10. Aguirre Oyarbide	Mª del Rosario	Mazagoitia	Navarra	1956-60
11. Aisa Pemán	Mª Luisa	Erla	Zaragoza	1939-41
12. Alarcón Cortés	Pilar	Granada	Granada	1958-60
13. Alarma Cruz	Elisa	A Coruña	A Coruña	1947-52
14. Alarma Cruz	Enriqueta	A Coruña	A Coruña	1947-53
15. Alberde de Pedro	Rosa Mª	Nova York	Estados Unidos	1949-56
16. Albisu Mendiola	Mª Teresa	Legazpi	Guipúzcoa	1952-58

17.	Albor Cernadas	M <sup>a</sup> Amelia	Santiago de Compostela	A Coruña	1946-47
18.	Alcántara Parreño	M <sup>a</sup> del Carmen	Almendralejo	Badajoz	1955-60
19.	Alcántara Parreño	M <sup>a</sup> Purificación	Almendralejo	Badajoz	1953-58
20.	Alcaraz García	Carmen	Valencia	Valencia	1946-47
21.	Alcubilla de Diego	Teresa	Hoyales de Roa	Burgos	1957-59
22.	Aldavó Pineda	Herminia	Artesa de Segre	Lérida	1959-60
23.	Alejandro Torres	M <sup>a</sup> del Carmen	Torre de Don Miguel	Cáceres	1950-58
24.	Alfaya García	Aurea	Redondela	Pontevedra	1939-40
25.	Alija Pintos	M <sup>a</sup> del Carmen	Puente Domingo Flórez	León	1949-51
26.	Aller Rodríguez	Ángela	Grandas de Salime	Asturias	1950-54
27.	Alonso Bedate	M <sup>a</sup> Luz	Tiedra	Valladolid	1957-59
28.	Alonso Beltrán	M <sup>a</sup> del Pilar	Arcos de Jalón	Soria	1951-56
29.	Alonso Blanco	M <sup>a</sup> Luisa	La Felguera	Asturias	1947-55
30.	Alonso Blanco	M <sup>a</sup> Rosa	La Felguera	Asturias	1948-58
31.	Alonso Blanco	M <sup>a</sup> Angeles	Xixón	Asturias	1941-49
32.	Alonso de Celada Soto	Ana M <sup>a</sup>	Santander	Cantabria	1940-46
33.	Alonso de la Huerga	Segunda	Pobladura del	Zamora	1946-55

Valle

34.	Alonso de Lama	Mª del Socorro	Villalbarba	Valladolid	1935-36
35.	Alonso Fariña	Alicia			1935-36
36.	Alonso Fernández	Mª del Carmen			1928-29
37.	Alonso García	Julia Margarita	Ourense	Ourense	1943-46
38.	Alonso Martínez	Mª de las Mercedes	A Guarda	Pontevedra	1939-42
39.	Alonso Martínez	Mª Rosa	Crecente	Pontevedra	1931-36
40.	Alonso Mateos	Mª Asunción			1949-50
41.	Alonso Muriedes	Dolores	Santander	Cantabria	1958-59
42.	Alonso Nart	Rosario	Oviedo	Asturias	1929-32
43.	Alonso Pascual	Gloria	Aranda de Duero	Burgos	1947-53
44.	Alonso Pérez	Mª Victoria	Sanxenxo	Pontevedra	1939-40
45.	Alonso Portela	Mª Asunción	A Guarda	Pontevedra	1941-44
46.	Alonso Valdés	Lucía			1945-50
47.	Alonso Villarino	Mª del Carmen	Ferreira	Lugo	1943-50
48.	Álvarez Alonso	Mª Josefa	Celanova (Casardeita)	Ourense	1939-40
49.	Álvarez Álvarez	Inocencia	Crecente	Pontevedra	1946-47
50.	Álvarez Arias	Marina	San Xoán do Campo	Lugo	1949-55

51.	Álvarez Arias	Mª del Carmen	Teverga	Asturias	1958-60
52.	Álvarez Carregal	Mª del Carmen	Padrón	A Coruña	1948-58
53.	Álvarez Carreño	Antonia	Ponferrada	León	1945-50
54.	Álvarez de Castro	Leocadia			1943-44
55.	Álvarez de la Guerra	Mª del Carmen	Oviedo	Asturias	1940-47
56.	Álvarez de Pedro	Rosa			1948-49
57.	Álvarez del Valle	Mª Angeles	Manzaneda	Asturias	1940-45
Cifuentes					
58.	Álvarez del Valle García	Aurora	Cervera de Pisuerga	Palencia	1952-59
59.	Álvarez Díez	Consuelo	Santander	Cantabria	1948-54
60.	Álvarez Egocheaga	Mª Concepción	Valdés (Trevias)	Asturias	1955-59
61.	Álvarez Fernández	Josefa	Torre de Babia	León	1950-56
62.	Álvarez Franco	Araceli	Trobajo del Camino	León	1940-46
63.	Álvarez García	Rosario	Moreda de Aller	Asturias	1949-57
64.	Álvarez González	Mª Concepción	Santiago de Compostela	A Coruña	1940-58
65.	Álvarez Lamelas	Ana	Xunqueira de Espadañelo	Ourense	1957-60
66.	Álvarez Mancha	Concepción	Guareña	Badajoz	1924-26
67.	Álvarez Martín	Basilisa	Oviedo	Asturias	1956-60

68.	Álvarez Martínez	Salomé	Huergas de Babia (Cabrillanes)	León	1939-40
69.	Álvarez Murias	Mª del Rosario	Castropol	Asturias	1956-58
70.	Álvarez Obaya	Mª Elisa	Villaviciosa	Asturias	1951-60
71.	Álvarez Pérez	Mª Paz	Almaraz de la Mota	Valladolid	1950-56
72.	Álvarez Sánchez	Ana			1956-57
73.	Álvarez Torres-Pintos	Juana	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1935-42
74.	Álvarez Varela	Mª Sofía	Monterroso	Lugo	1946-55
75.	Álvarez y Álvarez	Emilia	Pontedeva (Trado)	Ourense	1928-33
76.	Álvaro Zaballos	Mª Gloria de	Cabrillas	Salamanca	1959-60
